



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 15

Sesión Plenaria
7 de febreiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Texto lexislativo

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación (09/PL-000002 doc. núm. 1969)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24, do 03.12.2016

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 26, do 07.12.2016

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 46, do 17.01.2017

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 54, do 27.01.2017

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 58, do 02.02.2017

Punto 2. Comparecencias en pleno

2.1 1130 (10/CPP-000001)

Da Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

2.2 1131 (10/CPP-000002)

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 15, do 16.11.2016

Punto 3. Mocións

3.1 4149 (10/MOC-000010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo de financiamento autonómico prevista para o ano 2017 (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2294, publicada no BOPG nº 32, do 21.12.2016 e debatida na sesión plenaria do 24.01.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

3.2 4173 (10/MOC-000011)**Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David, e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector lácteo (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1334, publicada no BOPG nº 21, do 29.11.2016 e debatida na sesión plenaria do 24.01.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

3.3 4174 (10/MOC-000012)**Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a prevención da violencia de xénero nas escolas (Moción a consecuencia da Interpelación nº 2491, publicada no BOPG nº 43, do 12.01.2017 e debatida na sesión plenaria do 24.01.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

3.4 4186 (10/MOC-000013)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Fermín**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia (Moción a consecuencia da Interpelación nº 1044, publicada no BOPG nº 18, do 23.11.2016 e debatida na sesión plenaria do 24.01.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

Punto 4. Proposicións non de lei en Pleno**4.1 647 (10/PNP-000038)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre o impulso polo Goberno galego dun plan inicial de reversión do copagamento farmacéutico, así como o establecemento dun calendario de medidas para a súa eliminación, de xeito progresivo, para os doentes do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 10, do 09.11.2016

4.2 744 (10/PNP-000056)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****López Crespo, Carlos Enrique, e tres deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a adecuación dos coeficientes reductores da idade de xubilación ás características da actividade marítimo-pesqueira de Galicia.

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 10, do 09.11.2016

4.3 2254 (10/PNP-000202)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materia do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como o V Convenio colectivo único

Publicación da iniciativa, BOPG nº 32, do 21.12.2016

4.4 2397 (10/PNP-000220)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa causa iniciada por mariñeiros pertencentes á asociación Long Hope nos tribunais de Noruega para o recoñecemento do seu dereito a percibiren dese Estado as súas pensións de xubilación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

4.5 3015 (10/PNP-000263)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos depósitos de pneumáticos usados existentes en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

4.6 3410 (10/PNP-000293)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David**

Sobre as modificacións que debe introducir o Goberno galego no Decreto 37/2006 para evitar a precariedade laboral na que se atopa o persoal contratado para o Servizo de prevención e defensa contra os incendios forestais por tres meses ao ano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

4.7 3551 (10/PNP-000298)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia, e Díaz Villoslada, Juan Manuel**

Sobre a avaliación polo Goberno galego dos investimentos e as infraestruturas xudiciais en Galicia, así como a execución na súa totalidade, no ano 2017, do Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

4.8 3563 (10/PNP-000300)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles, e seis deputados/as máis**

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego diante do Concello co fin de adoptar as medidas necesarias para evitar o peche do Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

Punto 5. Interpelacións

5.1 1318 (10/INT-000046)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón, e trece deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en materia de pobreza enerxética

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

5.2 1429 (10/INT-000053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a política do Goberno galego en materia de emprego público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 21, do 29.11.2016

5.3 3797 (10/INT-000134)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coas dificultades das familias para o pagamento do recibo da luz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 4246 (10/POPX-000013)

Pontón Mondelo, Ana Belén

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Sobre a defensa polo Goberno galego dos intereses de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

6.2 4273 (10/POPX-000014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da recente evolución das implantacións da industria auxiliar do automóbil en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

6.3 4277 (10/POPX-000015)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación co incumprimento dos prazos e trazados dos novos accesos ferroviarios a Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 3467 (10/POP-000408)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das medidas baralladas polo Goberno central en relación coa situación das persoas afectadas pola comercialización de préstamos hipotecarios coa inclusión de cláusulas chan

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.2 3602 (10/POP-000422)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego dos problemas detectados no funcionamento da estación depuradora de augas residuais en probas de Ribeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.3 2891 (10/POP-000304)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Fernández, Raúl, e tres deputados/as máis

Sobre as consecuencias da anulación da licenza de obras de uso hoteleiro no castelo de Monterrei no contrato de explotación con Paradores de España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.4 3674 (10/POP-000433)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca, e dous deputados/as máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non realizar en período non lectivo as obras que se están a levar a cabo no CEIP Ramón de la Sagra da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.5 3478 (10/POP-000425)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e cinco deputados/as máis

Sobre evolución dos datos da enfermidade gripal no inverno 2016-2017 en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 48, do 19.01.2017

7.6 4247 (10/PUP-000048)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as razóns da demora do Goberno galego na substitución das agullas facilitadas polo Sergas para a administración de insulina aos doentes afectados pola diabetes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

7.7 2790 (10/POP-000283)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia para atender as familias obxecto dun desafiuzamento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

7.8 3531 (10/POP-000413)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción, e catro deputados/as máis**

Sobre as intencións da Xunta de Galicia respecto da concertación de prazas na Rede pública de residencias e centros de día creada pola Deputación Provincial de Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 53, do 26.01.2017

7.9 4276 (10/PUP-000050)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación, ata os doce meses, do período de contratación subvencionable, nas subvencións dirixidas ás entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social preceptoras da Risga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

7.10 4233 (10/PUP-000047)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas e axudas que está a impulsar o Goberno galego para a vertebración do sector lácteo.

Publicación da iniciativa, BOPG nº 58, do 02.02.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor presidente comunica que non se xustificaron inasistencias. (Páx. 13.)

Proposta de alteración da orde do día

A señora Pontón Mondelo solicita a palabra e intervén para propoñer a inclusión dun novo punto na orde do día, con base no artigo 73.1 do Regulamento, proposta á que se suman tamén os GG. PP. de En marea e dos Socialistas de Galicia, cuxo contido sería unha comparecencia urxente do Goberno en relación cos danos dos temporais e as medidas que se van adoptar ante esta cuestión. (Páx. 13.)

Votación da proposta de alteración da orde do día

Votación da proposta de alteración da orde do día, por iniciativa dos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En marea: rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 13.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha reordenación do debate dalgúns puntos da orde do día. (Páx. 13.)

Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación. (Punto primeiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a este ditame que se manteñen para o seu debate en pleno. (Páx. 14.)

Presentación do ditame: Sr. presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos (Losaada Álvarez). (Páx. 14.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 16.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 19.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 23.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 32.), Sra. Rodríguez Rumbo (S) (Páx. 33.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 35.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx. 38.)

Votación dos textos lexislativos

Votación das emendas números 1 e 3 a 56 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das emendas números 1 a 11, 13 a 22 e 24 a 37 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación das emendas números 1 a 31 e 33 a 37 do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 34 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación: *aprobado por 39 votos a favor, 34 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 41.)

Comparecencia da Sr. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 41.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 50.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 53.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 56.) e *Sr. Trenor López (P)*. (Páx. 59.)

Réplica do Goberno: *Sra. Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 63.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 66.) *Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG)* (Páx. 66.), *a señora Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 68.), *o señor Sánchez García (EM)* (Páx. 70.), *o señor Trenor López (P)* (Páx. 72.) e *a Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 73.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo de financiamento autonómico prevista para o ano 2017. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 76.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 82.) e *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 83.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 86.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

Comparecencia da Sr. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. Conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 87.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 96.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 100.), Sr. Cal Ogando (EM) (Páx. 104.) e Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 107.)

Réplica do Goberno: Sra. Conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 110.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 115.) Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 115.), a señora Pierres López (S) (Páx. 117.), o señor Cal Ogando (EM) (Páx. 119.), o señor Fernández Prado (P) (Páx. 121.) e a Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 123.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quintero Araújo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector lácteo. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 126.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 130.), Sr. Pérez Seco (S) (Páx. 131.) e Sr. González Vázquez (P) (Páx. 132.)

Nova intervención do señor Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 134.)

Moción do G. P. de en Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a prevención da violencia de xénero nas escolas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 135.)

Intervención do grupo autor da moción: Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 136.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 141.) e Sr. Fernández Gil (P). (Páx. 143.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 145.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 147.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Losada Álvarez (S)*. (Páx. 147.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 151.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 152.)
e *Sr. Fernández Prado (P)*. (Páx. 154.)

O señor Losada Álvarez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 156.)

Votación das mocións

O señor presidente, na primeira das mocións, anuncia a solicitude da votación por puntos, separando o primeiro punto do resto dos puntos, nos que está incluída a transacción á que chegaron os grupos parlamentarios. (Páx. 157.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo galego de financiamento autonómico previsto para o ano 2017: *rexeitado por 14 votos a favor, 58 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 1, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo galego de financiamento autonómico previsto para o ano 2017: *aprobado por 53 votos a favor, 19 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector lácteo: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a prevención da violencia de xénero nas escolas: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que deben levar a cabo en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia: *rexeitada por 33 votos a favor, 39 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 159.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun plan inicial de reversión do copagamento farmacéutico, así como o establecemento dun calendario de medidas para a súa eliminación de xeito progresivo para os doentes do Sergas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 159.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 160.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 164.) e *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 165.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 167.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 169.)

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Imos dar comezo á sesión.

Bos días. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento* e non procedemos á súa lectura. Non se xustificaron inasistencias.

Proposta de alteración da orde do día

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

¿Si? ¿Para que quere a palabra, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señor presidente.

Señorías, como sabe, o artigo 73.1 establece que a orde do día do pleno pode ser alterada por acordo deste, por proposta do presidente ou por petición de dous grupos parlamentarios ou dunha quinta parte dos membros da Cámara. No día de onte os tres grupos que estamos na oposición solicitamos unha comparecencia urxente do Goberno da Xunta en relación cos danos dos temporais e as medidas que se van adoptar ante esta cuestión. Era unha comparecencia urxente na que cremos que era importante que neste Parlamento se lle dera resposta a unha situación que tivo graves consecuencias no noso país. Entendemos que esta non ten por que substanciarse no día de hoxe, senón que mesmo podería ser mañá, pero parécenos lóxico que, xa que está reunida a Cámara do Parlamento, deamos resposta ás preocupacións que están detrás destas catro paredes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Entendo que xa hai un pronunciamento por parte dos tres grupos que a solicitaron. Some-temos a votación a alteración da orde do día.

Votamos si ou non á alteración da orde do día.

Votación da proposta de alteración da orde do día solicitada polos GG. PP. do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a proposta.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa orde do día do pleno, na que temos algunhas alteracións que teño a ben comunicarlles a todas as súas señorías.

Comezaremos co debate do texto lexislativo. Xa comentei isto cos portavoces, pero é bo que o coñezan todos os deputados. Logo do texto lexislativo, haberá a primeira comparecencia, que é a do conselleiro de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio; logo debaterase unha primeira moción; suspenderemos ata a tarde; e continuaremos na sesión da tarde coa segunda comparecencia, que é a da conselleira de Infraestruturas e Vivenda. Debateremos o resto das mocións, en concreto tres mocións, votarémolas e, dependendo de como discorra o pleno, debateremos unha proposición non de lei. Este é o esquema que temos para o día de hoxe.

Entón, comezamos co primeiro punto.

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, o señor Losada Álvarez.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Losada Álvarez): Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Presentación do Ditame sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Este proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 3 de decembro de 2016. A Mesa do Parlamento, na reunión dese mesmo día, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos.

Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentaron cadansúas emendas á totalidade, que foron cualificadas o 30 de decembro de 2016 e rexeitadas na sesión do pleno do 16 de xaneiro de 2017.

Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario Popular formulou 65 emendas; o Grupo Parlamentario de En Marea, 37; o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 37; e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 56 emendas, que foron cualificadas o 16 de xaneiro de 2017.

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do día 18 de xaneiro de 2017, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, titular, dona Paula Prado del Río, suplente, don Martín Fernández Prado; polo Grupo Popular de En

Marea, titular, don Antón Sánchez García, suplente, don José Manuel Lago Peñas; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, titular, dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, suplente, don Abel Losada Álvarez; e Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, titular, dona Noa Presas Bergantiños e suplente dona María Monserrat Prado Cores.

Nas reunións do 20 e 23 de xaneiro de 2017 a Ponencia estudou o texto articulado do Proxecto xunto coas emendas presentadas e rematou o informe, que contén as recomendacións que lle fixo á Comisión consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular, excepto as números 50 a 58 bis, que foron transaccionadas, e en aceptar a número 12 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Elaboráronse dúas emendas transaccionais, unha coa emenda número 2 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra coa emenda número 23 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Por maioría, recomendouse tamén a aprobación dun texto transaccionado elaborado coas emendas números 50 ao 58 bis do Grupo Parlamentario Popular.

A Comisión, reunida o 30 de xaneiro de 2017, aprobou por maioría o informe da Ponencia. O texto do ditame que se somete a debate e votación nesta sesión plenaria consta dunha exposición de motivos, seguida de 93 artigos, seis disposicións adicionais, unha disposición transitoria, cinco disposicións derogatorias e cinco disposicións derradeiras.

O articulado agrúpase en catro grandes títulos: o título primeiro, referido a medidas fiscais; o segundo, relativo a medidas administrativas; o terceiro, á ordenación do sistema do transporte público regular de pasaxeiros; e o cuarto, ás medidas provisionais de ordenación urbanística.

O título I, dividido á súa vez en varios capítulos, establece modificacións na normativa que regula os tributos propios e os tributos estatais cedidos. O título II regula aspectos diversos das seguintes materias: función pública, medidas financeiras, procedemento administrativo, economía e industria, agricultura, innovación, mar e servizos sociais.

O título III está dedicado ao réxime de competencias, ao transporte público regular de uso xeral, á integración e coordinación de servizos nunha rede de transporte e ao réxime económico e tarifario dos servizos de transporte.

O título IV establece varias disposicións xerais e regula o procedemento de aprobación dos instrumentos provisionais de ordenación urbanística. Péchase o texto normativo con diversas previsións contidas nas disposicións adicionais, transitoria, derogatorias e derradeiras.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Pasamos, polo tanto, á rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, a defensa das emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bo día.

Antes de máis, quero trasladar o pesar —imos chamarlle así— do meu grupo porque non se tivese a ben aceptar a proposta dos grupos da oposición de modificar a orde do día para facer unha breve reseña que está agora a realizar a propia radio pública deste país. Agora mesmo, hai cinco casas en Guntín que se manteñen sen luz, levan cinco días sen luz, hai dez casas en Navia de Suarna e hai casas e parroquias tamén na Estrada que levan, xa digo, cinco días sen luz. Vou trasladar tamén o que estaba recollendo agora mesmo a radio pública en relación coas palabras dunha veciña: «Estásenos acabando a paciencia a todas, e entendemos que este goberno debería dar explicacións de que é o que está a acontecer no noso país a día de hoxe». (*Aplausos.*)

Non é un problema única e exclusivamente de se teñen ou non cumprido as eléctricas cos protocolos despois do temporal. E recollo tamén as palabras dunha veciña onte na televisión pública; xa digo que non é ningún cartaz propagandístico senón a propia televisión pública, onde se recoñecía que co que non se cumpre é coa limpeza dos tendidos eléctricos, e que, polo tanto, cando vén o temporal o lóxico é que as árbores que tiñan que ser taladas previamente caían enriba do tendido. É absolutamente vergoñento que un país produtor de enerxía excedentaria, exportador de enerxía eléctrica, teña a veciñanza cinco días sen luz, nalgúns casos ao lado de tres encoros, como aconteceu na localidade de Touro.

Centrándonos xa un pouco máis no tema que nos acolle hoxe, que é a Lei de medidas fiscais e de acompañamento, a Lei de medidas fiscais e administrativas, máis coñecida como «Lei de acompañamento», eu creo que esta Cámara é coñecedora xa da opinión que nos merece ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego esta norma. Nós somos contrarias absolutamente, tanto no fondo como na forma, ao uso que o Partido Popular fai desta medida legal, dunha banda porque cremos que non se poden modificar até 21 leis —e repito, ata 21 leis— pola porta de atrás sen que se produza un debate parlamentario ordinario, sosegado, que inclúa non só esta Cámara —repetímolo xa en varias ocasións, tanto neste pleno como na Comisión—, e sen que se teña en conta a opinión dos propios colectivos afectados por esas modificacións legais. E, doutra banda, porque consideramos que o Goberno do Partido Popular dalgunha maneira está a emendarse a si propio nesta Lei de acompañamento. ¿E por que dicimos que se emenda a si propio nesta medida legal? Porque se están, dalgunha maneira, a modificar leis que nalgúns casos nin sequera chegaban ao ano en vigor. Algunhas delas nin sequera foran aprobadas hai un ano, noutros casos superan por uns poucos meses o ano da súa entrada en vigor. E é unha lei que a súa natureza está prevista para modificar de maneira puntual aquelas disposicións legais que precisen, dalgunha maneira, ser modificadas cunha visión orzamentaria.

O que vemos nesas 21 normas que son reformadas nesta Lei de acompañamento é que non se cumpre con esta premisa. Por exemplo, refórmase a lei que regula o réxime de transporte colectivo. Foi aprobada en abril de 2016. Nin sequera pasaron doce meses desde a súa entrada en vigor. Fora daquela reformada despois de que lles invalidara a xustiza o intento de reforma do ano 2011. Daquela, a tramitación fora por vía de urxencia, en lectura única; agora nin sequera se cumpre con estas premisas. Reforman o reformado para non sabemos moi ben que, porque seguimos coas mesmas empresas concesionarias, algunhas delas —xa llelo

lembramos aquí na anterior sesión plenaria— acusadas por ter agredido con accións psicoterroristas a Nélica Pisco, no ano 2009 —e non o digo eu, díxoo inspección de traballo—, e outras témolas agora lanzando advertencias de que abandonarán o servizo porque din que non lles é rendíbel, como o caso da compañía Arriva na liña que conecta A Mariña e Ferrol.

Vostedes reforman sen diálogo e os problemas seguen enriba da mesa, porque o que precisa este país a respecto do réxime que regula o transporte colectivo na Galiza é repensar o mapa do propio transporte e desprezar o servizo de maneira eficiente, mais garantindo o acceso ao mesmo por parte do conxunto da poboación, nomeadamente aquelas persoas que viven no rural.

Outro exemplo de reforma exprés que atopamos nesta Lei de acompañamento é a Lei do solo, que data de febreiro do ano pasado. Daquela dicíase que era unha lei de futuro. Xa vemos que a vostedes o futuro pouco lles dura e veñen decididas a parchear a través desta lei de acompañamento os problemas que foron xurdindo despois da nulidade do PXOM de Ourense, e tamén, como se nos indicaba na propia comisión, do PXOM de Vigo. Iso si, sen avais técnicos nin órganos consultivos, nin a Comisión Superior de Urbanismo, nin os concellos, nin a Fegamp, senón a través dunha redacción absolutamente apresurada; mudanza coa que dan por boas cuestións, ademais, declaradas ilegais xudicialmente. Póñanse como queiran, na comisión xa se nos retrucaba esta apreciación, pero é así.

Co mesmo proceder actuouse coa modificación da Lei de montes, unha lei aprobada no ano 2011 —tamén é verdade, esta duroulles algo máis— e que agora mudan sen consultar o sector, nin sequera o Consello Forestal; unha reforma na que se modifica mesmo o concepto de lei de monte, que xa vemos que ten un fondo calado orzamentario, e, de paso, xa que estaban vostedes metidas en fariña, liberalizan o sector da biomasa derogando o decreto que limitaba a 10 megavatios a capacidade destas plantas. ¿Que ten a vir isto cos orzamentos? Nada. ¿Que é o que se busca con esta modificación? Abrir a veda, barra libre, señorías, para os cultivos enerxéticos, principalmente o eucalipto nitens.

A limitación que estaba fixada a respecto da potencialidade das plantas de biomasa no Decreto 14/9/2008 que vostedes liquidan agora viña determinada por un modelo cuxo obxectivo era pular polo aproveitamento da materia prima dispoñíbel, principalmente froito do desbroce dos montes, mais tendo en conta a sustentabilidade do proceso; para que nos entendamos todas: impedir o asentamento no noso país dun modelo de produción eléctrica baseado no modelo das grandes térmicas mediante, neste caso, os cultivos enerxéticos; é dicir, fuxir do modelo: plantar-queimar-plantar; plantar-queimar-plantar.

En comisión o Partido Popular chamábase á calma ao resto de forzas políticas dicindo que non ía proliferar o eucalipto na Galiza porque a Xunta viña de fixar a prohibición de plantar esta especie no 10 % do territorio do noso país, que debe de ser, aproximadamente, a superficie que ocupa a montaña oriental, na que, por certo, por altitude os eucaliptos xa non se dan.

O eucalipto ocupa a día de hoxe unha cuarta parte da superficie arborada de Galiza —non son os datos do Bloque Nacionalista Galego, son os datos do Ministerio de Agricultura Español, que está lonxe de ser de Adega—, máis de 250.000 hectáreas entre A Coruña, Lugo e

Pontevedra, sen contar coas case 40.000 de repoboación con novos exemplares; unha cifra que sitúa a Galiza por diante de Australia, paradoxalmente, do territorio do que é orixinaria esta especie, porque, segundo o Inventario forestal nacional —nacional de España—, se sitúa a cifra de eucaliptos no noso país en 80 millóns de unidades. Xa estamos lonxe de ser ese país do millón de vacas do que nos falaba Manuel Rivas, e pasamos a ser o país dos 80 millóns de unidades en eucaliptos.

Para facer unha comparativa para nos entender —porque eu, ademais, son da xeración da imaxe, e necesitamos moito contido visual para ver a magnitude das cousas—, o número de hectáreas que a día de hoxe ocupan como superficie territorial as explotacións de gando e de leite é de 230.000. Temos máis monte e eucaliptos que terra para pastorear vacas de muidura no noso país. ¿Parécelles normal? A nós, non.

Miren vostedes, que ollan sempre para outro lado, con todo, eu convídoas a que ollen, aínda que sexa única e exclusivamente de esguello, para Portugal. Sei que vostedes están máis escoradas cara á Meseta, pero de cando en cando poden mirar para o outro lado e ver o que acaba de aprobar o Goberno portugués onte: unha conxelación da forestación con eucaliptais até 2030 e iniciar un proceso progresivo de reforestación con árbores autóctonas, principalmente carballo e sobreira, entre outras. É unha medida, por certo, baseada nun decreto aprobado polo anterior goberno da dereita portuguesa. Iso chámase ter un plan, pero ter un plan lonxe dos intereses de Ence —por certo, enerxía e celulosas—. Velaí onde radica o interese, entendemos nós, por liberalizar a biomasa. Iso é por dar cumprida vontade a unha planta que prevé instalarse en Curtis e que xa estivo intentando aumentar a capacidade de produción enerxética, alén da limitación fixada polo decreto que agora se tumba.

Isto son apenas algunhas das cuestións que se recollen na Lei de acompañamento, alén da reforma da Lei de acuicultura, a regulación do xogo, os criterios que rexen a relación entre o Consorcio e os concellos ou a situación laboral do persoal público. Até 21 normas reformadas pola porta de atrás, de maneira opaca e por un procedemento que será moi legal pero pouco ou nada transparente. E non é que o diga eu, o Bloque Nacionalista Galego ou a oposición, é que o di mesmo a Asociación Profesional de Letrados do Consello Consultivo de Galiza, ao fío dunha reforma incorporada tamén nesta Lei de acompañamento e que prevé a desaparición deste corpo. De novo unha decisión que nada ten a ver —concordarán comigo— cos orzamentos e da que se lles advirte por parte dos propios letrados de que, se a aprobar, poderían estar a incorrer nunha —e abro aspas— «patente ilegalidade».

Alá vostedes co botón no que poñen o dedo dentro dun anaco. Nós témolos claro: imos votar en contra desta Lei de acompañamento —repito— por unha razón de fondo, pero tamén por unha razón de forma, porque nin este é o procedemento a seguir na reforma de 21 leis nin moito menos estamos de acordo co que nesta Lei de medidas fiscais e administrativas se recolle.

Pola miña banda, máis nada de momento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señores e señoras deputadas.

Hoxe neste pleno por fin imos votar esta Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, esta Lei de acompañamento. Vai ser aprobada, como vos gusta facer as cousas a vós, aos do Partido Popular, exercendo a vosa maioría absoluta.

A verdade é que si, sempre nos recordades a vosa maioría absoluta, que, en realidade —e xa se dicía onte—, non é máis que un 47,53 %, fronte a un 46,31 %, pero, aínda así, tedes a maioría para facelo, cos vosos votos. (*Aplausos.*) Pero é unha forma de facelo bastante peculiar, posto que non nos dades opción á oposición a poder ter tempo para coñecer en profundidade cada un dos temas que imos aprobar. Nós temos que documentarnos, posto que non somos expertos en todas as materias que vós nos presentades aquí. E, como sabedes, queremos facer un debate serio, non vimos aquí nin a pasar o tempo, nin, como dicía unha compañeira miña, a esgotar minutos parlamentarios. Queremos falar dos temas que nos traen, pero tamén necesitamos asesorarnos, buscar información contrastada e darlles audiencia aos interesados en cada unha das materias, e non vos olvidedes que con este trámite modificades 21 leis.

Vós queredes evitar o preciso debate no trámite parlamentario non respectando a pluralidade deste arco parlamentario. Queredes evitar as nosas aportacións, que son lexítimas e que, ademais, deben ser tidas en conta. E queredes evitar, sobre todo e fundamentalmente, a participación dos axentes económicos e sociais implicados en cada unha das reformas destas 21 leis que vostedes modifican.

Eu xa sei o que nos van dicir. Vannos dicir que é legal; e si, repito, e xa o dixen na comisión, é legal, pero vostedes mesmos manteñen que non é o recurso lexislativo máis axeitado. Polo tanto, non entendemos que sigan a manter este feito, este xeito de gobernar. E non atopamos nin unha soa razón pola que se deba facer cun trámite de urxencia, aínda que no anterior pleno se nos falaba de imperiosas necesidades para a súa aprobación.

A verdade é que cada vez que sae o presidente da Xunta ou calquera dos conselleiros do Partido Popular nos falan en todos os debates parlamentarios, en todas as declaracións que fan aos medios de comunicación, de diálogo coa oposición, de man tendida á oposición e de chegar a acordos. Pero a proposta de diálogo do Partido Popular é que vostedes propoñen e nós aceptemos sen réplica. Iso non é diálogo, iso non é man tendida, iso é imposición e sometemento, e nós, neste lado de aquí, non estamos dispostos nin a que nos sometan nin a que nos impoñan nada. (*Aplausos.*) Desde logo, imos rechistar.

Non vou volver recordar o que di o propio informe da Asesoría Xurídica Xeral para este proxecto, posto que xa o lin na anterior intervención, pero si vou dicir soamente a última frase: «*Puede afectar en cierta manera al ejercicio efectivo del derecho a la participación política de los poderes estatutarios*». Polo tanto, eles tampouco están moi de acordo con esta forma de gobernar.

Incluso esta forma, este xeito que teñen de facer as cousas, vai en contra das propias leis que vostedes aproban coas súas maiorías absolutas. Aínda non hai un ano, o 15 de febreiro,

publicouse a Lei de transparencia e bo Goberno, polo tanto, aínda non hai un ano da súa vixencia, e xa esa mesma lei a publican. É verdade, públicana no DOG, cólgana no Portal de Transparencia, pero despois non a cumpren. Nesta lei, na propia exposición de motivos, no seu apartado 2, e vou ler textualmente, di: «No ordenamento xurídico estatal xa a propia Constitución prevé como unha obriga a regulación do acceso cidadán a determinada información administrativa. Ao mesmo tempo, o dereito fundamental á participación nos asuntos públicos, enunciado no artigo 23, non se debe entender limitado, como dicíamos, ao dereito de sufraxio, senón á capacidade da cidadanía de ser un actor fundamental no seguimento, no control e na vixilancia das actividades dos poderes públicos.» É a súa lei, cúmprana.

Isto non é forma de falar de diálogo, nin de man tendida, nin de transparencia. Isto soamente é un lavado de cara. O compromiso coa transparencia vai moito máis alá dunha mera declaración de intencións. Por certo, onte mesmo na prensa era noticia: Galicia é unha das catro comunidades que recorta o seu nivel de transparencia, colocándose en quinto lugar, empezando por abaixo; é dicir, o número 13 de 17, segundo o índice da organización Transparencia Internacional España. E indica, ademais, que a peor puntuación a consegue na categoría de contratacións, convenios, subvencións e custos do servizo. E na área de transparencia, ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas ten a segunda peor nota. Polo tanto, os da oposición tan desencamiñados non debemos ir cando lles pedimos maior transparencia e que non só aproben as leis, senón que o demostren con feitos.

Volvemos recalcar —e xa o falamos tamén na comisión— que non existen, no documento polo menos que se nos entregou, os informes necesarios por parte das distintas consellerías respecto das modificacións que propoñen, e non hai os informes de impacto económico, aínda que vostedes digan que están. Vólvoles recomendar ler os informes da Asesoría Xurídica que forman parte do documento que se nos entrega, e alí tamén o manifestan. Impiden, como dicía antes, a participación dos sectores afectados, e vólvoos remitir ao informe da Asesoría Xurídica, que non vou volver ler, pero alí dío clarísimamente.

Polo tanto, insistimos, os socialistas non atopamos ningunha razón de peso que xustifique o emprego desta excepcionalidade. Entrégannos un documento con 92 artigos e 15 disposicións. Modifican 21 leis, leis tan importantes como pode ser a Lei de augas, emprego público, vivenda, saúde, montes, servizos sociais, minaría, transportes e portos. En fin, unha vintena delas.

Se entramos xa no que son as emendas parciais presentadas polo noso grupo, nós presentamos 37 emendas, emendas que meditamos, estudamos e consensuamos, a pesar da urxencia do trámite parlamentario e da crítica que lle seguimos a facer, pero incorporamos nas nosas emendas as aportacións e peticións solicitadas polos sindicatos, polo corpo de letrados do Consello Consultivo, polo Colexio Oficial de Biólogos ou pola Asociacións de Taxis, entre outros.

E, miren, entrando xa na primeira emenda, presentamos unha emenda ás medidas fiscais no capítulo I, de tributos cedidos. O único que vos pediamos era que se estendera esa dedución no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a adquisición de vivenda habitual ao resto das familias que teñan escasos recursos. Vós propoñedes: para menores de 36 anos, discapacitados e familias numerosas. E non entendemos cal pode ser a razón para que non se poidan beneficiar desta pequena achega as familias

que teñen menos recursos económicos, e tendo en conta, ademais, que o alcance da propia medida é bastante cativo.

Medidas administrativas, función pública. Os socialistas propoñemos unha serie de modificacións e supresións, para evitar que se modifique de forma substancial a Lei de emprego público de Galicia sen a preceptiva negociación e o necesario debate parlamentario. Non estamos de acordo en que se empregue esta lei para modificar leis que regulan materias de carácter xeral sen que teñan unha relación estrita co ámbito orzamentario ou o ámbito financeiro.

As nosas emendas intentan obrigarvos —ou facervos pensar— a que tedes que cumprir o convenio colectivo para o persoal laboral da Administración galega, esquecido durante oito anos, e a convocar a Mesa de funcións en todas as categorías, tal e como recolle o convenio. Dende o Grupo Socialista descoñecemos a intención real destas medidas; o único que pretenden, parece, é atomizar o servizo e crear persoal en diferentes categorías coas mesmas funcións, creando unha nova categoría denominada «persoal de servizos xerais».

É bastante curioso que na comisión 3ª o Partido Popular nos explica que o contido deste capítulo de Función Pública recollía os acordos acadados coas centrais sindicais sobre o persoal do Consorcio de Servizos Sociais e coas cuadrillas de extinción de incendios forestais para regularizar a súa situación, e que recibiran e negociaran coas centrais sindicais estes aspectos. Ben, pois a nós parécenos bastante curioso, e non debe de ser exactamente así, porque, se non me equivoco, aínda onte había unha manifestación diante deste edificio. Debe de ser a terceira que temos, a terceira manifestación, á parte das que houbo tamén nas cidades galegas. Polo tanto, o persoal laboral, o do Consorcio do Benestar ou as cuadrillas de extinción de incendios forestais non deben de estar tan contentas, e non deberon ser recollidas todas as súas propostas.

En realidade, o único que aceptan é unha emenda do Partido Popular, a número 20, que é de adición do artigo 17 *bis*, no que o único que fan é reproducir o disposto na propia lei. É dicir, hai unha lei, acéptase unha emenda que remite á lei, pero logo vostedes non a cumpren. É dicir, novamente aproban as leis para lavar a cara, non para cumprilas. Vostedes son uns artistas en facer que fan, pero a verdade é que non fan nada.

No capítulo V, de economía e industria, nós presentabamos unha emenda simplemente na composición do Consello Galego de Comercio. E a única proposta que poñiamos era darlles participación aos axentes económicos e sociais; é dicir, un representante designado polas organizacións empresariais máis representativas do sector comercial e outro polas centrais sindicais con máis representación en Galicia. Non sería tan difícil que aceptaran esta emenda.

No capítulo VI, agricultura, na sección 1ª, montes, realmente queremos clarificar a definición de técnico competente en materia forestal. Non lle vexo nada raro para que puideran admitir esta emenda.

No capítulo VII, innovación, contratación pública de innovación, o único que pedimos é maior transparencia cara ao Parlamento facéndonos coñecedores dos resultados tanto en investimento como nos retornos obtidos no sector público. Polo tanto, tampouco parece que teña nada raro para que vós non poidades aprobar esta emenda.

E o artigo 63 simplemente pedimos que se suprima, posto que nós entendemos que este aspecto xa está regulado nas propias leis sectoriais.

Capítulo IX, servizos sociais, réxime de cofinanciamento nos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou ente que o substitúa en colaboración cos concellos e mancomunidades. Na nosa emenda de modificación o que pedimos é que se recolla o carácter voluntario das entidades locais para adherirse ao Consorcio. A contestación que se nos deu na propia Comisión é que nós iamos en contra do que nós mesmos aprobamos na Fegamp. Non, é que non é exactamente así. As condicións de partida non son iguais e, polo tanto, os convenios non teñen por que ser iguais. Que se adhiran libremente aqueles concellos que estean de acordo, pero hai outros concellos —e coñezo algún, créame que os coñezo ben— que cos seus propios fondos construíron eses centros residenciais. Polo tanto, non me parece lóxico que a contribución sexa exactamente a mesma. Polo tanto, haberá que estudar cada unha das peculiaridades. E, evidentemente, aprobouse un acordo marco, pero os convenios teñen que ser firmados por ambas as partes e contando coa voluntariedade das dúas partes.

No título IV, medidas provisionais de ordenación urbanística, aquí si, aquí chegamos a unha transacción co Partido Popular. E neste sentido é a única que é aceptada, a verdade é que é todo o título IV; claro, había intereses, pero bueno. Os socialistas presentamos aquí unha emenda ao conxunto do título co obxecto de que se poidan establecer medidas provisionais de ordenación urbanística naqueles supostos en que a declaración de nulidade de todo ou parte dun instrumento de planificación urbanística municipal ou dun decreto polo que se suspende a vixencia desta planificación urbanística por sentenza firme non queden desamparados. É dicir, garantir a seguridade xurídica tanto aos axentes económicos como aos axentes sociais. Creo que esta emenda era absolutamente necesaria para solucionar un problema de importancia capital naqueles concellos en que teñen anulado o seu instrumento de planificación urbanística. E non sería lóxico que voltaran a un instrumento anterior que moitas veces —ou case sempre— non contempla as peculiaridades e os cambios sociais e económicos que se teñen nese momento. Polo tanto, nese sentido, grazas.

Disposición adicional segunda, vehículos autorizados para a prestación de servizos de transporte. A verdade é que aquí non vou parar porque vós recollestes unha emenda presentada polo Partido Popular que é practicamente textual á que nós presentabamos.

Disposición adicional cuarta, integración do corpo de letrados no Consello Consultivo. Nós aquí tamén presentamos unha emenda porque non entendemos que nun corpo tan pequeno haxa unha lei aprobada por vós hai pouquiño máis de dous anos e sen saber as razóns que vos levan a esta modificación. Por un lado, suprimir o corpo de letrados do Consello Consultivo, que pasa a integrarse no corpo de letrados de Administración xeral, e pasan a ser de libre designación. E, por outra banda, a secretaría xeral xa non será exercida...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...por un funcionario, pasando a ser un alto cargo —si, remato, presidente—. Nós pedimos a supresión desta disposición. Aquí tamén nos dirán que

recibiron e negociaron co corpo de letrados, pero onte estaba inundada a prensa de noticias nas que os letrados criticaban a reforma do Consello Consultivo aludindo a que non reforzaban a súa independencia, salvo que vostedes entendan que cunha libre designación non se reduce a independencia do dito corpo.

Ben, como terei ocasión na réplica de seguir coa nosa exposición, entendemos que non é a mellor forma e, polo tanto, estamos totalmente en contra de que se traia esta lei e deste xeito.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

O Partido Popular, pese a que en 2009 lle pedía ao —segundo eles— incapaz e pasivo Goberno bipartito a comparecencia de Touriño para falar dos cortes de luz debidos ao temporal, mostra unha vez máis a súa verdadeira cara e nega a comparecencia do señor Feijóo, a pesar de que son tan incapaces, ineptos e pasivos, parece ser, como o era o Bipartito daquela, posto que os efectos dun temporal e doutro foron parecidos ou semellantes, só que oito anos despois de goberno do Partido Popular. Non pasa nada. Xa se anuncia, para tratar de acalar a indignación da xente, expedientes ás eléctricas, para tratar de calmar os ánimos da xente, que tivo que estar catro días sen luz, que tivo que buscarse a vida para as máquinas de respirar, para as máquinas de muxir..., para todo. Ben, ¿e quen lle abrirá expediente á Xunta de Galicia cando nos expedientes informativos se descubra que o que pasou non foi cuestión de catro días? Foi cuestión de que durante todos estes anos a Xunta de Galicia e a Dirección Xeral de Industria non cumpriron a súa obriga de vixiar que Unión Fenosa, a distribuidora, mantivera as liñas e utilizara os plans de investimento polos que cobra 800-900 millóns de euros anuais para facer un correcto mantemento das liñas. ¿Ou quen lle abre un expediente ao Partido Popular que, coas leis, permitiu que Fenosa subcontratase, externalizase e precarizase os traballadores que fan ese mantemento? Claro, porque para Fenosa, para sacar beneficios, está moi ben despedir xente e só contratar a xente por días dependendo das necesidades, pero cando se nota é cando pasa algo así, e pasa o que pasa. Terceiromundista, señores do Partido Popular, terceiromundista.

Ben, e volvemos coa Lei de medidas fiscais e administrativas. A frase do debate da Lei de medidas fiscais e administrativas deuna a señora Prado, que dixo nunha entrevista a un xornal que «*no es la mejor técnica legislativa, pero es legal*». Bueno, é legal, para vostedes xa é un mérito que sexa legal; para vostedes xa é un mérito, evidentemente, pero non é a mellor técnica lexislativa. (*Aplausos.*) Tamén é legal que estea o señor Arsenio Fernández de Mesa no Consello de Administración de Rede Eléctrica cobrando 150.000 euros, pero é unha vergoña. (*Aplausos.*) É indecente. (*Aplausos.*) Pero xa sabemos que o Partido Popular é incompatible coa corrupción. Tampouco lles dá moita vergoña, é un dos máis. Xa colocaron o home de Dolores de Cospedal neste mesmo consello de administración de Rede Eléctrica. Como pagamos todos, os amantes do libre mercado todos en consellos de administración que dependen de decisións das administracións públicas, eses amantes do libre mercado.

Como o Partido Popular tamén é incompatible coa corrupción, imos falar neste caso das emendas que presentamos á reforma que intenta facer pola porta de atrás o Partido Popular e o señor Rueda nesta Lei de acompañamento do Consello Consultivo, do señor Costa Pillado; Costa Pillado, imputado na Operación Cóndor. Todo se entremezcla aquí nestas cuestións onde hai relacións: Operación Cóndor, sistema de transportes —que tamén se modifica nesta lei, de tapadillo tamén—, as conversas que había entre Raúl López, o empresario de Monbús, e o presidente do Consello Consultivo, Costa Pillado, para ver como era o mellor xeito de entrarlle ao señor Rueda para reformar a Lei de transporte público. Non nos escandalicemos, para iso servían as botellas de Vega Sicilia, para que este señor, Raúl López, puidese ter unha relación de confianza con determinados personaxes que aprobaban leis que ao final acababan beneficiándoo. Iso é así, está tipificado dende o 2010 no 422 do Código penal e non pasa nada. E este señor en comisión dixo que el non sabía nada diso. Ao día seguinte foi testificar ao xuíz. ¡O presidente do Consello Consultivo mentindo no Parlamento de Galicia! O presidente do Consello Consultivo admitindo que falaba con este empresario, e este empresario, nas gravacións deste sumario, quería que todos os ditames que tiveran algún problema pasasen polo Consello Consultivo porque tiña seguridade ao 99 % de que lle ía saír ben —e iso non o invento eu—. E, entón, tráenos unha proposta de reforma do Consello Consultivo para eliminar o corpo de letrados, para pasalos ao corpo xeral da Xunta de Galicia, nun contexto de enfrontamento deste señor cos funcionarios, porque este señor dende que chegou non respectou a independencia de criterio destes funcionarios. E para o Consello Consultivo un dos requisitos e características principais do seu labor é a independencia. Este é o motivo polo que dende o seu nacemento conta cun corpo de funcionarios propio, o corpo de letrados, e iso non é casualidade. Por iso nós fixemos emendas, para garantir a independencia do Consello Consultivo. E por iso vostedes fan unha reforma de parte do señor Costa Pillado, en vez de exixir a súa dimisión, porque non pode seguir estando á fronte dun organismo que merece outro prestixio. E vostedes póñense de parte e en contra dos funcionarios para facer unha reforma que dende o noso punto de vista rebaixa a independencia deste órgano. Exixan a dimisión deste señor, este señor non pode seguir sendo presidente do Consello Consultivo máis.

Señor Rueda, se esta reforma foi idea súa, foi moi mala idea, vai por moi mal camiño. A vostede xa lle dixen que vostede e o señor Feijóo non están imputados porque están aforados, pero este señor está imputado polo mesmo que lle pasou a vostede: recibir durante varios anos botellas de Vega Sicilia. Eles están imputados e vostede non porque está aforado. E durante estes anos que vostedes recibían botellas de Vega Sicilia de máis de 600 euros o seu goberno tomou decisións que favoreceron as empresas que llelos regalaban. Eses son feitos. Non sei se iso merece unha explicación ou non merece unha explicación. Dende o noso punto de vista e de hixiene democrática, si que a merece, señor Rueda.

Ben, a hixiene democrática, a transparencia e a participación... bueno, como xa dicía, é legal pero non é a mellor técnica lexislativa —dándolle a volta á frase da señora Prado—. ¿E que se mete dentro destas 20 modificacións lexislativas? Pois nada máis e nada menos que moitas cuestións transcendentais, estruturais e de fondo que nada teñen que ver cos orzamentos. ¿Para que o fai o Partido Popular? Bueno, pois para que non se saiba, para ocultar e para solucionar problemas concretos dunha serie de fracasos que o Partido Popular durante os trinta anos que leva gobernando tivo en cuestións como a ordenación do territorio, a aposta por un sector forestal creador de valor e de emprego, etc. E para iso utiliza esta lei, porque é o

medio que ven máis opaco para que non se vexan as súas vergoñas. Por unha parte —e xa o temos reiterado—, unha Lei aprobada, a 2/2016, do solo de Galicia. Lembramos as comparecencias, lembramos os discursos da conselleira e do conselleiro aspirante —frustrado— á alcaldía de Santiago de Compostela de que se tiña que acabar iso, de que se reformase a Lei do só unha vez cada ano; como pasou coa Louga —once anos ou doce de vixencia, dez modificacións da Louga—. Tíñase que acabar o de que se fixese unha modificación por ano. Pois xa batemos o récord, dúas modificacións por ano levan vostedes. E todo a golpe de sentenza xudicial, todo a golpe de improvisación; o que demostra unha total falta de planificación, falta de proxecto, falta de reflexión e falta de respecto ás sentenzas xudiciais cando non lles conveñen. Claro, falta de respecto absoluto.

O detonante da primeira modificación foi a anulación do Plan xeral de Vigo. Fíxose unha modificación que non se circunscibía a Vigo, que abría a porta a que iso se fixese en todos os concellos de Galicia, cando había figuras normativas xa aprobadas, legais e máis garantistas que daban unha solución aos problemas concretos de Vigo. Nós propuxemos que se fixese a través da figura do Plan sectorial de incidencia supramunicipal. O Partido Popular aprobou unha modificación naquel momento. A sentenza que anula a ordenación urbanística provisional de Ourense, aprobada polo señor Feijóo, polo Goberno do Partido Popular, ante un plan xeral de ordenación municipal anulado, foi o detonante de que vostedes nesta lei de medidas fiscais e administrativas introduciran unha nova modificación da Lei do solo de facto; aínda que non sexa xuridicamente unha modificación, é unha modificación de facto.

E o que fan é, unha vez máis, unha escapada cara adiante que non garante seguridade xurídica nin garante unha mellor planificación para o país, garante seguir no mesmo camiño que levamos todos estes anos: primeiro vai a realidade e despois a lei viste a realidade. A lei urbanística non serve para planificar o país, para planificar o solo, a lei urbanística serve para despois parecerse á realidade.

Pero miren como improvisa o Partido Popular que na lei onde este grupo presentou 138 emendas se anula o artigo 96 da Louga, que era de suspensión do planeamento e de aprobación de ordenacións urbanísticas provisionais. Vostedes non a quixeron aprobar hai un ano e agora vólvena resucitar, só que en peor, porque non é certo que o plan anterior, señora Rodríguez Rumbo, se suspenda, o plan obsoleto, non. O plan non se suspende. E mentres o artigo 96 era unha medida cautelar para que non houboese desmáns de desarrollismo deste país... Que o problema non é a falta de desarrollismo e expansión urbanística, é ao contrario, a expansión irracional. Era unha medida cautelar, e isto é, en cambio, unha medida para eludir o cumprimento de sentenzas para poder facer ese modelo desarrollista que vostedes defenden, sen ter que adaptarse, nin sequera segundo o artigo 89, á Lei 2/2016, do solo de Galicia.

Pero vostedes tamén fan modificacións transcendentais na Lei de montes, cando hai un ano nos vendían que estaban falando co sector e nós lles dicíamos: para facer un modelo forestal neste país non hai que falar só co sector forestal, hai que falar cos gandeiros, cos agricultores, hai que falar con moita máis xente porque é unha cuestión que afecta todo o país e que se interrelaciona con moitos outros sectores. Bueno, pois desta vez vostedes nin co sector nin con ninguén. Vostedes meten nunha lei de medidas fiscais e administrativas reformas como a ampliación da superficie que se pode reforestar. ¿Vostedes cren que se hai un proceso de re-

flexión conxunto neste país para ter un modelo forestal integrado no noso modelo agrogandeiro a solución ou a idea que saia de aí vai ser que necesitamos máis superficie forestal?, ¿nun país que ten os dous terzos xa de superficie forestal?, ¿nun país que perde superficie agraria útil e onde os gandeiros necesitan base territorial para poder ser competitivos, para poder subsistir nesta xungla? Non, este país non necesita iso. Non hai ningún técnico —ningún técnico honesto que non traballe para Ence— que diga que o problema deste país é que non hai suficiente superficie forestal. O problema deste país é a calidade da superficie forestal que hai, e que vostedes, por certo, non conseguiron en tantos anos de goberno mellorar, e se non miren para as sofor, sociedades de ordenación e fomento forestal. ¿Canto levan? O 0,01 % da superficie forestal como moito, un fracaso absoluto, e vostedes erre que erre.

É a mellora da calidade da superficie, non a ampliación da superficie. Pero xa sabemos para que intereses traballan, para Ence; para Ence, e hai que repetilo unha e outra vez, outro exemplo máis da súa política de portas xiratorias. Carlos del Álamo, ex conselleiro de Medio Ambiente da Xunta, no Consello de Administración; Isabel Tocino, ex ministra de Medio Ambiente, no Consello de Administración. E vostedes colaboraron para darlles unha prórroga de setenta anos máis cando levaban nos programas electorais que querían trasladar Ence da ría de Pontevedra. Mentiron unha vez máis, ¡mentiron unha vez máis! (*Aplausos.*)

Mentiron e colaboraron incluso para deixarlle a última palabra da aprobación desa prórroga a Ence, que condiciona a todo o sector forestal do país, ao Estado, cando antes a tiña a Xunta de Galicia. Esa cuestión de ceder soberanía en asuntos que son tan importantes para este país tamén debía darlles vergoña, como tamén lles debía dar vergoña mentir nos programas electorais.

Ben, pois vostedes meten isto de tapadillo: máis superficie e máis barra libre para todo tipo de especies. Na Lei de montes hai tres modelos orientativos para ordenar o monte, de máis a menos rigoroso, de máis a menos importante. Non lles chegaban, agora crean unha especie de código de boas prácticas, coma nos bancos. Modelo forestal...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...orientativo. ¿Quédanme 52 segundos?

O señor PRESIDENTE: Pero só lle dixen que vaia rematando.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

Modelo forestal orientativo. ¿Que quere dicir iso? Que, por decreto, a Xunta de Galicia vai poder aprobar este modelo forestal orientativo, por decreto, sen ter que pasar polos trámites que pasan os outros instrumentos de ordenación para meter todo tipo de especies. Xa sabemos por que modelo forestal apostan vostedes, e o que temos é o que reflicten as cifras. Hai pouco o propio sector sacaba unhas cifras: Galicia representa o 50 % das cortas do Estado español. ¿Sabe canto representa en facturación? O 13 %. Boten as contas: moita cantidade, pouca calidade, pouco emprego, pouca facturación, pouca riqueza queda no país; é un modelo totalmente empobrecedor.

Vostedes tamén meten modificacións do emprego público aquí que afectan gravemente o persoal laboral temporal. Están manifestándose constantemente. Non deben estar moi de acordo. Están defendendo os seus dereitos, que vostedes lles pretenden furtar, pretenden mandalos á rúa sen indemnizacións, etcétera, etcétera.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Nós pedimos tamén que se derroque xa a Lei 1/2012, que tamén anulaba dereitos básicos dos traballadores e que, en teoría, era unha medida provisional mentres durase a crise. Se xa non hai crise, señor conselleiro de Economía, ¿por que non derrogan xa esta lei, que reduciu os dereitos dos traballadores? Temos que lamentar tamén que o único acordo ao que chegaran o Partido Popular e o Partido Socialista... Lamentamos que o Partido Socialista chegue a un acordo co Partido Popular para seguir co mesmo camiño da ordenación do territorio, do urbanismo deste país. Gustaríanos que eses grandes acordos quedasen reservados para darlle borrón e conta nova...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...á política que se veu desenvolvendo na Lei do solo deste país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Chegamos hoxe á recta final da Lei de medidas fiscais para o ano 2017, unha lei que, a pesar das críticas recibidas, resulta ser un instrumento eficaz, xa que introduce algunhas modificacións lexislativas que resultan absolutamente necesarias para cumprir lexislación básica estatal, para cumprir sentenzas ou mesmo para facer efectivos determinados acordos co persoal público.

Señor Sánchez, na técnica lexislativa hai instrumentos máis eficaces que outros, mellores que outros, pero todos son absolutamente válidos. Hai xuristas que prefiren abusar de decretos, hai quen prefire abusar de lexislación... Bueno, iso non é criticable. O Tribunal Constitucional xa lles dixen que se ten manifestado sobre as leis de acompañamento e ten dito que é unha lei ordinaria e que, como tal, pode entrar a regular calquera materia, non ten ningunha expresamente asignada. E, como vostedes saben, porque vostedes gobernan nalgúns comunidades autónomas, nesas comunidades autónomas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, porque Podemos goberna en Aragón, Podemos goberna en Valencia, e, sen non gobernan, alí onde apoian os gobernos, tamén votaron a favor destas leis de acompañamento. Entón, o primeiro que hai que ter en política, señor Sánchez, é coherencia; señora Rodríguez, é coherencia,

porque, claro, vostedes veñen aquí criticar a Lei de acompañamento e en comunidades como Cantabria modificaron 15 leis a través da Lei de acompañamento, PSOE, Podemos e PRC. En Aragón modificaron 31 normas, ¡31, señora Rodríguez! Bote as mans á cabeza, porque vostede subiu aquí absolutamente indignada e resulta que en Aragón, PSOE, Podemos, Izquierda Unida e a Chunta Aragonesista aprobaron unha lei de acompañamento que modifica nin máis nin menos que 31 normas. Ou na Generalitat, 23 normas, e o Partido Socialista votou a favor na Generalitat. Ou na Comunidade Valenciana. Explíquenlle ao señor Ximo Puig ou a Mónica Oltra que é unha absoluta barbaridade modificar 32 normas. Estes son os das *Champions league* da Lei de medidas fiscais. (*Aplausos.*)

Por iso, señorías, resulta non só importante, senón imprescindible ser coherentes en política. Eu xa sei, señora Rodríguez, que vostedes teñen moitísimas dificultades dentro do Partido e que non é o mesmo o partido en Valencia, que o partido en Andalucía, que o partido en Galicia, e mesmo dentro de cada comunidade autónoma teñen dúas, tres ou catro liñas argumentais. Pero sería bo que fosen un pouco coherentes.

Despois de dous meses de traballo nesta lei, despois de analizala, estudala e despois de ter debatido sobre ela, de ternos reunido cos sectores afectados, de ternos reunido cos representantes sindicais dos empregados e empregadas públicas, nós recolleamos tamén nas nosas emendas suxerencias e recolleamos tamén algunhas delas en forma de emenda, e, se non, tamén chegamos a acordos. Logo falaremos desa indignación que ten o Partido Socialista sobre chegar a acordos ou sobre pasar o rodillo, porque, claro, a señora Rodil mesmo na comisión na que debatemos o informe de ponencia chegou a dicir que estaba encantada de ter debate, que nesta lei, polo menos, había debate. Señora Rodil, vostede nin sequera consumiu os 15 minutos que tiña hoxe no pleno, e no debate da comisión dixo que tivera debate esta lei, e agora veñen criticar, precisamente, que non houbo debate nesta lei. Bueno, pois, moi ben, eu creo que todas as cuestións que se introducen nesta lei foron suficientemente debatidas e, ademais, explicadas, como tamén recoñeceu o señor Sánchez en comisión, que dixo que agradecía moito as explicacións que se lle deran sobre algunhas cuestións sobre as que el tivo dúbidas. Pero eu vexo, señor Sánchez, que vostede, a verdade, é que despexou moitas dúbidas no debate parlamentario dende o 3 de decembro, que entrou a lei, ata hoxe, porque vostede, cuestións que plantexou no debate á totalidade hoxe non as plantexou, e creo que é porque as ten o suficientemente claras e porque había cousas nas que vostede tiña dúbidas, e, unha vez pasados os traballos de ponencia e os traballos de comisión, chegou á conclusión de que eran modificacións absolutamente necesarias.

Aprobamos nesta lei unha baixada de impostos no rural. A señora Rodríguez pedía, nunha emenda ao Partido Socialista, que tamén se incluíse a cuestión para familias con poucos recursos económicos. Ben, está aí o señor Leiceaga. El pódelle explicar, o señor Leiceaga —non agora, pero despois—, que non é a imposición indirecta o lugar idóneo para introducir circunstancias propias da imposición directa, que iso se regula en impostos como o IRPF. Esa circunstancia xa existe como elemento accesorio, xa que esta debe terse en conta nos tributos directos que graven bases impositivas de carácter xeral. Seguro que o señor Leiceaga concorda comigo nese asunto. Aquí trátase de fixar poboación no rural e de favorecer que determinados colectivos teñan unha serie de exencións para instalarse no rural.

En materia forestal, señora Rodil e señor Sánchez, que vostedes son moi críticos con este tema, non houbo ningún cambio de política. A Administración non fomenta a plantación de eucaliptos. Hai máis de vinte anos que non hai axudas para esta árbore. Sempre tivo máis demanda esta plantación que calquera outra especie porque é rendible e revaloriza rapidamente os terreos. O Parlamento de Galicia, como vostedes saben, instou o Goberno galego para que regule a plantación de nitens, e así a normativa establece que só poderá plantarse eucalipto nitens naquelas áreas nas que existen orientacións silvícolas para eucalipto aprobadas; onde non as hai só poderá aprobarse a través dun plan de ordenación de recursos forestais. En todo caso, os criterios para a revisión do Plan forestal de Galicia, elaborados polo sector, inclúen que as plantacións de eucalipto deben regularse en canto á súa ampliación. E, dende o punto de vista da estratexia forestal, é importante manter as producións de piñeiros evitando riscos dun excesivo monocultivo de eucalipto nitens. ¿Quedoulle claro, señora Rodil? Porque, claro, é que aquí vostedes veñen, falan, falan, e despois... *(A señora Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, mire, os nosos intereses son os intereses dos gandeiros, das gandeiras, das familias e das persoas que viven no rural e que traballan no rural. E si, se a xente do común —esa da que vostedes tamén tanto falan, da xente do común— pensara que o Partido Popular está máis cos intereses de Ence, señor Sánchez, e non cos intereses desa xente que planta e desa xente que ten pequenas plantacións forestais, non votarían o Partido Popular maioritariamente como teñen feito o 25 de setembro. E vostedes saben que, se vostedes tiveran tanta razón e os intereses do Partido Popular foran os de Ence, a xente non é nin ignorante, nin é un pobo alienado, e a xente vota o que cre que defende mellor os seus intereses, e neste caso é o Partido Popular. *(Aplausos.)*

Criticaron tamén que recolleramos na lei un acordo da Fegamp, nin máis nin menos que da Fegamp, sobre o réxime de cofinanciamento dos servizos prestados polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar. Non podemos aceptar as súas emendas porque esas emendas van en contra do acordo asinado coa Fegamp. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero, vamos ver, señora Noela, ¿vostede ten a verdade absoluta? ¡Como que non é verdade! Pero lea vostede o acordo —despois pásollo, está colgado na páxina web—. Sería interesante que vostede lera antes de vir aquí alterarse tanto. *(Aplausos.)* Non se preocupe, non se preocupe se vostede... E ademais a Fegamp non está gobernada tampouco polo Partido Popular. Hai que recordar que o presidente da Fegamp é do Partido Socialista. Ou sexa, poden falar con el se é do seu club, clan ou liña ideolóxica, pachista ou...

O señor PRESIDENTE: O de «clan» ímolo retirar, señora deputada.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, si, perdón, señor presidente, se molesta, non hai ningún problema. Aquí podemos escoitar «corrupción», o «partido da corrupción», pero non podemos dicir que hai un clan, que dentro do Partido Socialista hai clans. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Non, pois liñas ideolóxicas distintas. Grazas, pola corrección, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, despois a lei tamén concreta cuestións que permiten cumprir compromisos de goberno, como é o que afecta a miles de persoas, como o proceso de funcionarización do persoal laboral, que favorecerá a súa estabilidade laboral e profesional, concretamente do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais e do Consorcio de Igualdade, froito dos

acordos cos representantes sindicais. Cuestión esta que tamén foi cabalo de batalla dos grupos da oposición, pero sorprendentemente todos os grupos da oposición votaron en contra da emenda 20 do Partido Popular, de engádega, ao artigo 17, que dicía concretamente: «Negociacións coas organizacións sindicais. Cando as decisións da Administración ditadas en aplicación das potestades de organización recoñecidas no presente título produzan consecuencias que teñan repercusión sobre as condicións de traballo dos empregados públicos recollidos no artigo 153 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, procederá a negociación destas condicións coas organizacións sindicais de acordo co disposto na indicada lei». E vostedes votaron en contra de chegar a acordos cos representantes sindicais. ¿De que me está falando, señora Rodríguez, cando sobe a esta tribuna e di que o Partido Popular fai as cousas pola porta de atrás, sen as aportacións dos sindicatos...? ¡Pero se vostedes acaban de votar en contra desta emenda, que o que pide é que se negocie coas organizacións sindicais aquelas cuestións da lei que afecten e que produzan repercusións sobre as condicións de traballo dos empregados públicos!

Señora Rodríguez, vostede acaba de ser moi crítica na súa intervención coa falta de diálogo do Partido Popular. Resulta sorprendente, porque, mire, a nosa maioría absoluta quedou nas urnas, e aquí o que levamos amosado dende o principio da lexislatura é vontade de diálogo. Eu xa lles dixen en comisión que eu me alegraba moito de empezar a lexislatura chegando a acordos, moi importantes, sobre todo, en materia de violencia de xénero e en materia de igualdade, algo absolutamente impensable na lexislatura pasada cando vostedes votaban en contra ou non aceptaban nin unha soa emenda, nin chegaban a un acordo co Partido Popular porque preferían un titular que dixera: «O Partido Popular vota en contra da igualdade», «O Partido Popular non acepta esta iniciativa de violencia de xénero». ¿Por que? Porque vostedes eran os que intentaban manipular estas cuestións. Vostedes utilizaron a igualdade como arma arroxadiza política. Eu alégrome de que agora non o fagan.

Pero, mire, pola nosa parte non hai rodillo, señora Rodríguez, non hai rodillo. Porque, mire, ¿que emendas nos atopamos nesta lei? Das 130 emendas que presenta a oposición, 83 son de supresión, que vén sendo unha emenda á totalidade pero vía emendas parciais. Ben, o 64 % das emendas son de supresión. Nós non temos vontade de pasar o rodillo, pero o que non imos permitir tampouco é que vostedes intenten pasar o rodillo vía emendas parciais. Teñan unha alternativa, fagan unha proposta alternativa. Non a fixeron, a alternativa súa era supresión.

Outras catro piden manifestamente asuntos ilegais. A Marea, invadindo as competencias estatais en materia de dominio público marítimo-terrestre, o Bloque contravindo a lexislación básica sobre consellos de administración do sector público ou o Partido Socialista introducindo actores nas autorizacións comerciais que veñen vetados pola normativa europea. Tampouco o podemos aceptar. Non se trata de evitalas, señora Rodríguez, é que non podemos aceptar cuestións que contraveñen outras lexislacións.

E outras sete pídennos mudar textos que, como xa lles dixen, veñen pactados polos interesados, como é o pactado coa Fegamp ou o pactado cos empregados e empregadas públicas para a funcionarización dos empregados públicos do Consorcio e do Servizo de Prevención de Incendios.

Outras 15 emendas viñan intimamente ligadas á materia impositiva, impostos que vostedes queren poñer á cidadanía. E nós xa lles dixemos no debate de onte, e repítolelo no debate de hoxe, que non estamos dispostos a seguir subíndolles os impostos á xente. A xente xa o está pasando bastante mal como para seguir subíndolles os impostos. Son vostedes, e vostedes son cómplices porque uns propoñen e outros vótanlles esas iniciativas.

Entón, gustaríame que me dixera, señora Rodríguez, qué aportacións do PSdeG non tivemos en conta. Porque, mire, quitando as emendas de supresión, as ilegais, as que entraron fóra de prazo... Porque vostede falou aquí dunha cuestión moi importante, que foi o acordo ao que chegamos en materia de urbanismo. En materia de urbanismo, señora Rodríguez, vostedes presentaron nove emendas fóra de prazo. E o Partido Popular negociou con vostedes esas emendas a pesar de entrar fóra de prazo. ¿E agora acúsanos de falta de diálogo, señora Rodríguez? *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Miren, nós si que tiñamos afán de construír e por iso negociamos esa cuestión tan importante que foi o título IV. Aquí non hai rodillo, porque na regulación das medidas provisionais de ordenación urbanística nós estamos preocupados por cidades como Vigo. Vostede falou de Ourense. Pero, mire, Ourense ten redactado todo o plan xeral. Só o ten pendente de aprobación. ¿E que fixo o señor Caballero dende hai quince meses? ¡Nada! A sentenza que tumba o Plan xeral de Vigo é de outubro de 2015, e ata o día de hoxe non fixo nin un só papel sobre...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o novo plan xeral. E esta regulación o que favorece é que, alí onde haxa intereses xerais, se poida favorecer a creación de emprego, que haxa proxectos xa iniciados, e non prexudicar os cidadáns e as cidadás de Vigo, señora Rodríguez. E a verdade é que, despois de todo o seu discurso aquí de falta de diálogo, menos mal que nos dá as grazas. Se nos dá as grazas, será porque lle favorece algo ao señor Caballero en Vigo esta nova regulación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non tanto en Ourense, que vostede sabe que non ten maioría absoluta e ten moitas dificultades para sacar un novo plan xeral o alcalde de Ourense. *(Murmurios.)* Pero o alcalde de Vigo, que ten unha macromaioría absoluta, xa podía ter feito e refeito o novo plan xeral. Porque hai unha parte importante do Plan xeral de Vigo que, como vostede sabe, xa está feita, e nin sequera moveron un papel. Pero, bueno, dos quince minutos que vostede estivo aquí dedicou un escaso minuto a falar desa cuestión que favorece as persoas que residen na cidade máis grande de Galicia; e tamén a outros concellos que poidan ter dificultades porque sexa...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...tumbado un plan xeral.

Sigo no seguinte turno.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, na rolda para definirse sobre as emendas, ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, graciñas.

Se todo o que ten que dicir, señora Prado, a respecto do Bloque Nacionalista Galego é que eu non gasto os meus tempos de intervención, mire, nós temos por costume falar cando temos algo que dicir. Outras persoas estarán encantadas de escoitarse a si mesmas aquí, rum, rum..., (*Aplausos.*) dando voltas coma unha peonza. Eu creo que se pode ser clara e ser concisa, e pode gastarse o tempo que sexa necesario para mostrar un punto de vista, unha opinión ou un posicionamento político sen ser necesario moitas veces estar aquí cansando o persoal.

En relación de se é a Lei de medidas fiscais e administrativas un instrumento eficaz, a min non me cabe a menor dúbida de que é eficaz a reforma das 21 leis que se incorpora nesta lei de acompañamento. Élles eficaz. Non sabemos a que intereses responde, que é algunha das cuestións que eu formulaba na miña primeira intervención. Porque eu reitero: ¿que ten que ver, de verdade, o decreto que limitaba os megavattios de produción en biomasa cos orzamentos? ¿Que ten que ver? ¿Cal era a urxencia? ¿Cal era o interese? ¿A quen motiva este tipo de liberalizacións e o establecemento destas barras libres? Porque, se o que se pretende é implantar un novo modelo de produción enerxética a través da biomasa, pois tráíano aquí e debatámolo por vía ordinaria. Vostedes van ter 41 escanos igualmente para aprobar os seus propios plans. Nós o que cremos é que se queren coar pola porta de atrás determinadas medidas que lles estorban. ¿Que se nos dixo na comisión a respecto desa norma? Que non se aprobara nin un só megavatio desde o ano 2008 ata hoxe pola vía da biomasa. E claro, ¿que lles dixeran eu daquela? Claro, é que vostedes recuperaron ou recuncaron no Goberno da Xunta de Galiza desde o ano 2009. Entón, se non hai nin un só megavatio por biomasa neste país será porque vostedes non fixeron nada máis que suprimir agora un decreto que, xa digo, o único que procuraba era limitar e frear a posíbel especulación a través de cultivos enerxéticos. Porque sabemos perfectamente neste país o que é a sobreexplotación dos recursos sen máis interese que a propia especulación con eles.

Fálasenos dos impostos no rural. Eu vólvolle repetir o mesmo: ninguén decide quedar a vivir nunha aldea ou nunha parroquia do rural mirando a declaración da renda, senón os servizos públicos aos que ten acceso. Díxenllo facendo referencia ao grao de pediatras que existen no rural. Eu, cando vou pensar onde vou vivir, vou poñendo enriba da mesa se teño acceso a un médico, se as miñas crianzas van poder ir a unha escola pública, cantos quilómetros van ter que facer e se existen ou non, por exemplo, redes de transporte colectivo para unha mobilidade acaída. Non vou pensando en se vou tributar máis ou menos cando merque unha casa. Dixémosllo daquela: a fórmula para conseguir fixar poboación no rural pasa, primeiro, por garantir o acceso en igualdade de condicións a todos os servizos públicos e, despois, por obter rendementos do noso traballo. O que non pode ser é que esteamos producindo no rural carne, do tipo que sexa, ou leite ou calquera produto hortofrutícola e que nos custe cartos producir, que non teñamos acceso a uns rendementos que nos poidan permitir ter unha vida digna. Todo o mundo quere pagar impostos para ter acceso a servizos fundamentais. O que queremos é vivir con dignidade do noso traballo, vivamos na Ribeira de Piquín, no Courel ou en Manzaneda. (*Aplausos.*) ¡É que é triste, é moi

triste! ¡E que se veña vender como a medida estrela! De verdade, temos catro anos por diante. Eu sei que non van recuar. Así que, un ano antes de que acabe a lexislatura, que alguén traia aquí un informe de canta xente quedou vivindo no rural ou foi vivir directamente ao rural grazas a eses supostos tributos cero. Díxenllelo noutras ocasións: non pagarán os impostos que se pagan directamente na Xunta de Galiza, pero «o catastrazo» pagámolo todos no rural, (*Aplausos.*) por alpendres, por galpóns, por galiñeiros, por invernaoiros ou por piscinas que eran ilegais, que tamén é certo que saíron á luz con aquelas maravillosas fotografías dos drones que, xa digo, non diferenciaban un galiñeiro dun alpendre para gardar a leña. Despois, claro, pasamos cinco días sen luz, principalmente nas parroquias do rural, e aquí non vén nin o tato a dar explicacións. Pero, iso si, non pagamos impostos. ¡Home, un pouco de seriedade, un pouco de seriedade! A forma de fixar poboación no rural pasa precisamente por garantir unha calidade de vida digna, e iso son servizos fundamentais, transporte colectivo e luz eléctrica, luz eléctrica, que é o básico incluso para sacar auga dos pozos, como pasa en moitos casos ao longo do noso país.

Quédame moi pouco tempo. Eu simplemente volvo emendar a súa visión do diálogo. Teñen unha visión do diálogo que é unha rúa de sentido único. É dicir, o diálogo aquí pasa por que nós nos acomodemos á súa opinión. E nós —díxenllelo xa en varias ocasións— non vimos aquí a darlles xabón, vimos a amosar unha posición política diferente e un proxecto político antitético do Partido Popular. Nós non imos transitar con opinións como as que se formulan ou as que se recollen nesta Lei de medidas fiscais e administrativas, que, dunha banda —xa llelo dixen antes—, non ten nada que ver cos orzamentos e que, doutra, o único que pretende é dar acomodo a determinados intereses coa reforma de ata 21 normas, ata 21 normas que nada teñen que ver nin coa fiscalidade nin cos orzamentos deste país.

Nós non imos votarlles a favor nin imos plantexar ou formular as nosas emendas de acordo cos intereses do Partido Popular. Nós defendemos un proxecto político alternativo para este país...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...e é o que facemos nas emendas e nas nosas exposicións.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¿Sobre as outras emendas?

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, nós imos apoiar —xa o fixemos as outras veces— as emendas que presentan o resto das forzas da oposición. Primeiro, por esa vontade de diálogo e de querer escoitarmos ao resto de forzas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Vou empezar por onde remataba, e é na disposición adicional cuarta, na integración do corpo de letrados do Consello Consultivo. Insisto en que nós entendemos que esta disposición adicional non é máis que quitar do medio aquilo que é molesto. Nós pedimos que se retire esta disposición, e ademais pedimos neste Parlamento o cesamento do presidente do Consello Consultivo (*Aplausos.*) por poñer en tea de xuízo a independencia deste órgano, facéndolle un dano irreparable. Está investigado por presunto tráfico de influencias no marco da operación «Cóndor» e ten unha sentenza en contra do xulgado por alterar as condicións dos funcionarios de forma irregular —condenan o Consello Consultivo—. Polo tanto, esta disposición só é para quitar obstáculos no camiño, para que poidan atopar o camiño llano.

Ben, entrando no resto das emendas que nós temos presentadas, na disposición adicional sexta, na Axencia Galega de Industria Forestal —que tamén debatemos na Comisión—, nós non entendemos cal é a razón que leva a empregar desta maneira, nesta lei de acompañamento, unha disposición adicional para crear unha axencia. Non entendemos a présa, esa falta de negociación e esa falta de diálogo, queremos saber por que e para que. É darlle á industria forestal un enfoque economicista e produtivista, non tendo un fundamento racional en termos económicos para a súa creación. Nós mantemos que o sector primario é un sector estratéxico e fundamental para Galicia e, polo tanto, exiximos que se priorice e que se garanta a sostibilidade medioambiental do medio rural fronte a esa explotación exclusivamente economicista. Non entendemos o sector forestal como unha materia prima unicamente para nutrir a industria.

Tamén solicitamos unha nova disposición adicional sexta bis, xa que, no mesmo sentido do que expoñía no capítulo I, da función pública, a pesar do que vostedes din de que chegaron a acordos, chegaron a negociación, eu sigo vendo manifestacións, sigo vendo que os sindicatos e os representantes sindicais nos seguen presentando escritos e nos seguen dicindo que non se están recollendo e non se están garantindo os seus dereitos. Polo tanto, nós nesta disposición o que pedimos é abrir unha mesa de negociación para determinar o calendario de funcionarización do persoal laboral, as escalas que é necesario crear e o cronograma.

Solicitamos tamén a supresión da disposición transitoria primeira, que vén acaída co Consello Consultivo de Galicia, e na disposición derogatoria primeira solicitamos a supresión desta disposición que derroga un decreto no que se regula o procedemento de autorización das instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir da valoración enerxética da biomasa forestal primeira. Non entendemos cal é o motivo para que iso se faga. Parécenos que pode ser abrir unha porta ao establecemento de grandes plantas de biomasa.

E solicitamos, por último, a supresión da disposición derradeira terceira, que é tamén a modificación do Consello Consultivo.

A verdade é que me resulta curioso na súa intervención, señora Prado del Río, que nos diga que nós non somos congruentes e que non votamos igual no resto das comunidades, e fainos unha comparativa con Valencia. A verdade é que Dios nos libre de que nós fixeramos esa comparativa para o que supuxo o goberno do Partido Popular en Valencia, porque entendemos que o Partido Popular de Galicia non é igual, e esperamos que así sexa. (*Aplausos.*) Polo tanto, as comparativas non son moi acaídas neste caso.

Dicíame que no artigo 1, na de poucos recursos, vostedes nos falan do IRPF. Pero, mirade, aquí o único que ten que haber é vontade, non se trata de IRPF. Vós poñedes uns condicionantes para poder acceder a este tipo de dedución. Ese condicionante nas mesmas condicións podédelo abrir a máis familias. Polo tanto, esa explicación que vostede me dá sobre o IRPF creo que non é acaída para esta emenda que nós lle presentamos.

No caso do artigo 20, vostede di que non o aprobamos. É que xa lle dixeran na miña intervención que ese artigo 20 é un lavado de cara. Iso xa está na lei, non fai falta que o poñan alí, non fai falta en absoluto, iso xa está contemplado na lei. Polo tanto, non están aportando nada novo, absolutamente nada.

E tamén nos dicía, respecto da do capítulo IV, que foi cunha presentación fóra de prazo. É verdade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perdón, si, refírome ao título IV. É verdade, xa lle dei as grazas. Pero, mire, vostedes tamén presentaron unha corrección de erros e nós non puxemos ningunha obxección, e nesa corrección de erros en realidade o que presentaban eran dúas novas emendas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

E pronúnciese sobre as emendas dos outros grupos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Remato.

Polo tanto, nós, evidentemente, non imos votar a favor, por todo o que aquí expuxemos e o que temos falado. E, evidentemente, si que imos votar a favor das emendas presentadas polo resto dos grupos da oposición.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Eu vou comezar por defender o dereito da señora Prado a falar de clans no Partido Socialista, porque, se se prohíbe falar de clans no Partido Socialista, séntase un precedente moi grave, e nós non poderíamos falar do clan ourensán...

O señor PRESIDENTE: Eu digo o de clan porque «clan» vén dunha familia moi [...] e non era exacta a concepción nese momento. Non todo vén do tronco da mesma familia, porque nese caso coñezo a señora Blanco, por iso lle dixeran que non era exacto...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostede coñece mellor os troncos das familias do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: «Clan» é que vén dun tronco único dunha familia, dunha procedencia. Neste caso, como non era exacto, porque coñezo o caso, non me parece que fose exacto. É igual, é unha digresión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vale, vale. O presidente, que non sei se é do clan ourensán ou non...

O señor PRESIDENTE: Non, de ningún.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ... ¿vai estar corrixindo as inexactitudes dos que falan?

O señor PRESIDENTE: Non, é simple brincadeira.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ¡Ah!, pero no Regulamento non vexo en ningún sitio que vostede poida corrixir as inexactitudes de quen fala.

O señor PRESIDENTE: Dei unha opinión, non corrixo nada.

Prosiga.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pero claro, a señora Prado despois xa dixo: «É que nós temos que aguantar que falan de corrupción...». Eu defendo o seu dereito a falar de clans e, por favor, defenda o meu a falar de corrupción. Porque facerlle oposición ao Partido Popular sen dicir «corrupción» é un pouquiño difícil, ¿non? (*Aplausos.*)

Non entro a discutir nunca a legalidade da Lei de medidas fiscais e administrativas, señora Prado. Contesto ao que eu lle digo. Eu estou citando a súa frase. Vostede dixo que non era a mellor técnica lexislativa e eu pregunteille por que non utilizaron a mellor técnica lexislativa. Porque di vostede: «É que presentan emendas de supresión...». Non, vostedes presentan unha lei de supresión do debate. Nós o que facemos coas emendas de supresión en cuestións transcendentais —que non son todas, en cuestións transcendentais que cremos que non deben ir nunha lei de acompañamento porque furta o debate— é que estamos dicindo que, se se quere modificar dun xeito importante a Lei do solo, hai que facer un procedemento ordinario, hai que debater esa modificación con informes, con tempo suficiente e falar diso con xente que entenda diso. Iso é o que estamos dicindo. Se se modifica a Lei de montes, se se vai afondar máis no modelo que causa empobrecemento e despoboamento do rural —do que despois falaremos—, pois eu creo que hai que debatelo cun proceso lexislativo ordinario para dar lugar a un debate máis produtivo, máis participativo e mellor. E vostedes, en cambio, o que queren é ocultalo, queren ocultalo, porque vostedes isto non o poden vender fóra. É que vostedes están apostando por un modelo forestal que só beneficia a Ence.

Vostede falaba de impostos cero no rural. Onte o señor Tellado falou da maior rebaixa fiscal da historia. Que eu saiba, aquí hai unha única medida de rebaixa fiscal, que é esa, chamada «impostos cero no rural», ou para compra de vivenda, que ten no informe económico e financeiro unha cuantificación por parte do Partido Popular de 2,4 millóns de euros. A transcendencia desa medida son 2,4 millóns de euros de 10.000 millóns de euros de orzamento. E esa é a gran medida estrela para frear o despoboamento do rural. ¿Que tal lles foron as políticas que implementaron ata o de agora contra o despoboamento rural?, ¿foron ben, señora Prado? Vostedes, coas súas políticas ¿fearon o despoboamento no rural? Porque xa levamos varias lexislaturas onde o señor Feijóo inicia dicindo que vai ser a lexislatura do rural,

que o primeiro que vai facer é falar co sector lácteo. Estamos vendo que os datos non lle dan a razón, os datos non lle dan a razón. Cada vez sae máis xente do rural para vivir onde poida ter servizos que debería ter no rural.

Se queren fixar poboación no rural, deixen de recortar servizos. Empecen a facer políticas integrais para que a xente poida vivir no rural. Deixen de exterminar sectores produtivos. Fagan políticas para que xurdan outros sectores produtivos e exploren outro tipo de actividades primarias. Fagan leis pensando no conxunto, e non como nesta lei, que meten a modificación das granxas industriais porcinas para eliminar en 27.000 núcleos deste país as distancias mínimas que exige o Estado por cuestións sanitarias. E entón, claro, se vostedes meten industrias porcinas nunha lei e despois, por outro lado, alguén vai vender que hai que fomentar o turismo rural, pois malamente casan as dúas cousas, ¿verdade? E así temos que queremos fomentar o turismo rural pero despois calcamos unha granxa de industria porcina pegada ás casas. Porque nesta lei, tamén no artigo 60 se mete de tapadillo iso. Nos núcleos que non chegan a 100 habitantes non se terán por que respectar as distancias contidas na lexislación básica. E iso ¿que significa? Os que non chegan a 100 habitantes son 27.000 núcleos. Claro, e vostedes falan dunha medida que son 2,4 millóns de euros, que, como xa se dixo aquí, comparado co que subiu o IBI... A recadación do IBI neste país dende que goberna o señor Feijóo: 200 millóns de euros, un 50 % de incremento do IBI neste país. E despois vostedes din que non soben os impostos. Evidentemente, non os soben depende a quen, depende a quen non lle soben; á maioría si que llos subiron, en taxas, etc., en todo o que afecta a xente.

Despois xa me explicará a min as cousas que non me quedaron claras durante os debates de tramitación desta lei. Porque se non falei de máis cousas é porque non me deu máis tempo. O presidente non aplica moito a flexibilidade e eu teño que escoller qué cousas digo.

O señor PRESIDENTE: É o que me faltaba por oír.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Pero non me quedou nada claro por que vostede nunca contestou as cuestións fundamentais que lle plantexei da Lei do solo. Non me contestou por que os plans, os plans anulados —calquera plan: parcial, plan xeral, de ordenación urbanística provisional— de calquera concello, feitos a medida... Por certo, a vostede sáelle o subconsciente de vez en cando, e vostede dixo que o Partido Socialista...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...aprobaba isto e tiña este acordo porque cría que beneficiaba a Abel Caballero. E, claro, vostedes fan isto porque cren que beneficia a Jesús Vázquez, esa é a súa concepción.

O señor PRESIDENTE: Remate xa. Remate.

Sobre as outras emendas...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, sobre as emendas, señor presidente.

Imos apoiar as emendas dos outros grupos da oposición e opoñernos a este [...] (Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento da Cámara, retírase a expresión do Diario de Sesións) democrático que pretende perpetrar o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non hai atraco. Iso queda retirado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, lea hoxe un xornal do sur de Galicia no que hai un titular que di: «*Galicia lidera la subida de la recaudación fiscal entre los grandes patrimonios*». ¿Sabe por que Galicia é a comunidade autónoma que máis recada en patrimonio? Porque grava os ricos en época de crise. *(Aplausos.)*

Señor Sánchez, cando un partido non ten ideas nin propostas alternativas, acode ao insulto, ás cuestións persoais, a criticar a corrupción. Pero, mire, iso xa non é orixinal. Orixinal sería que vostedes, fronte a críticas políticas, responderan con argumentos políticos e con propostas para resolver os problemas da xente. Porque vostedes están máis preocupados por resolver os seus problemas internos que por resolver os problemas dos galegos e das galegas.

Mire, señora Rodríguez, se non lle gusta que falemos de Valencia, pois falemos de Cantabria, falemos de Aragón, falemos da Generalitat, todas con leis de acompañamento que modifican 15, 20 ou 30 leis.

Señora Rodríguez, o señor Abel Caballero, presidente da Federación Española de Municipios e Provincias e alcalde da cidade máis grande Galicia está investigado. Se vostede hoxe pide aquí o cesamento das persoas investigadas, pídao tamén para o señor Abel Caballero. Porque o que non se pode facer é pedir para uns e non para outros. *(Aplausos.)*

Miren, para acabar xa o capítulo este da corrupción que tanto lles preocupa, señor Sánchez, ten aí ao seu compañeiro, o señor Villares. Eu recoméndolle que lea as entrevistas que fai o seu compañeiro na prensa, porque ao mellor ilustra un pouco sobre algunhas cuestións. O 16 de decembro de 2016: «*Villares cree que el aforamiento no impediría que la jueza siguiera investigando. Ha considerado que el aforamiento, esta figura, se trata de una garantía procesal y no de un privilegio*».

Eu preguntome, señor Sánchez: ¿que beneficios levaron os empresarios que lle regalaron Vega Sicilia e Moët & Chandon á señora Yolanda Díaz? Iso aínda non o explicaron, señor Sánchez. E tamén algún día explicarán o das festas de cumpreanos que tantas dolores e quebradeiras de cabeza lles poden estar dando, como no Concello de Santiago, no que tamén teñen o seu corralito de corrupción. Non se preocupe, no Concello de Santiago xa teñen o seu propio corralito de corrupción.

Mire, sobre os letrados do Consello Consultivo, o que tanto lles preocupa, o que fai a lei é ampliar...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o abano de recursos humanos, xa que van poder contar non só cun pequeno corpo de sete letrados adscrito ao Consultivo, senón con calquera letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

A señora Rodil dicía que isto era ilegal. Señora Rodil, eu confío moitísimo no criterio dos letrados do Parlamento de Galicia, e estou segura de que, se estiveramos aprobando algo ilegal ou inconstitucional, nos terían advertido diso. Igual que o tería advertido o informe xurídico da asesoría sobre esta lei.

A actual lei xa contempla a posibilidade de que un terzo das prazas sexan ocupadas por letrados da Xunta. Sempre estiveron na RPT do Consello Consultivo como LD, non é ningunha novidade. E parece que ser letrado da Xunta de Galicia por oposición —e unha oposición bastante dura, por certo— é un demérito para este órgano. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Vilán, que vexo que ten vostede ganas de falar, mire... *(Murmurios.)* Si, non, non..., que a deixen falar no seu grupo, e entonces debatemos. Mire, dos sete letrados que ten o corpo do Consello Consultivo, catro están en comisión de servizos, catro. ¿Sabe con que se nutren eses catro? Con letrados da Xunta de Galicia. Así que xa estarán cometendo agora mesmo unha irregularidade.

Claro, entón, o que ten que ser autónomo e independente é o órgano do Consello Consultivo. Vostedes non poden poñer en cuestión aquí a independencia dos letrados da Xunta de Galicia. É un absoluto erro, é unha absoluta barbaridade. Porque, miren, a independencia do órgano está absolutamente garantida. Estamos ante unha reorganización de recursos humanos, e non se pode minusvalorar a capacidade e profesionalidade de todo un corpo de letrados e letradas para defender a outro dun determinado órgano.

Señora Rodil, mire, o rural é fundamental en Galicia. E vostedes non deberían de utilizar o rural como arma arrojadiza política. Xa utilizaron a igualdade, e agora déronse conta e están intentando mudar a súa forma de actuar en relación co tema da igualdade. Xa mudarán en relación co tema do rural.

Miren, a baixada de impostos e os impostos cero no rural é unha boa medida. No último ano 2016 houbo 8.000 transaccións exentas de impostos no rural.

Non me dá tempo a falar de todo, pero en materia de vivenda, señor Sánchez, vostede irá a explicarlles alí a San Paio de Navia por que presentan unha emenda de supresión para impedir que os residentes en vivendas adquiridas polo IGVS no ámbito desta actuación sexan incompatibles coa nova ordenación. Porque agora o que se pretende con esta lei é que esas persoas poidan acceder a unha vivenda no mesmo sitio. O mesmo que pedían no ofimático da Coruña. ¿Lémbrese, señor Sánchez? Pois é o que estamos recollendo agora na lei. E vostedes pretenden suprimilo, coa complicidade do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Agardo que llelo vaian explicar alí a San Paio de Navia.

Remato, señor presidente.

Hoxe aprobamos unha lei que mellorará as condicións profesionais de case 4.000 empregados e empregadas públicas, dando estabilidade e mellores condicións laborais. Melloramos os servizos no rural, como a mobilidade, e coa redución impositiva favorecemos tamén o asentamento poboacional. Melloramos a política forestal resolvendo os problemas de moitas persoas que teñen plantacións no rural, e tamén pretendemos potenciar o sector da biomasa, que favorecerá a creación de emprego. Damos máis oportunidades, no sector da acuicultura, aos bateiros e ás explotacións experimentais. No eido dos servizos sociais, favorecemos a creación do expediente social único electrónico, cunha repercusión clara na atención ás persoas que máis o necesitan. E coa lei favorecemos o investimento en I+D+i, máis innovación e máis coñecemento.

Señorías, estamos aquí para resolver os problemas dos galegos e das galegas, e para facilitar a creación de emprego.

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

A señora PRADO DEL RÍO: Para facer unha Galicia máis próspera e máis competitiva, (*Murmurios.*) e a Lei de medidas pon os medios para conquistar estes obxectivos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 1 e 3 a 56 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas números 1 a 11, 13 a 22 e 24 a 37 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas números 1 a 31 e 33 a 37 do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, non incorporadas ao ditame da comisión.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo..

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos, por último, o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas, se fora o caso, que neste caso non é.*

Votación do Ditame emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 34.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este ditame.

O señor PRESIDENTE: *Pasamos ao punto 2 da orde do día, que se corresponde co de comparecencias en Pleno.*

Comparecencia da Sr. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: *Ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): *Moi bo día.*

Comparezo ante esta Cámara, por petición propia, para explicar as principais liñas estratégicas que esta consellería, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, vai levar adiante nos próximos catro anos. O que expoñerei hoxe é só unha mostra do gran compromiso que temos dende a Xunta de Galicia coas políticas do medio ambiente e da ordenación do territorio. Sendo sincera, coido que non vou ter tempo suficiente para expoñer todo o que queremos levar de aquí ata o ano 2020. Este período no que nos atopamos inmersos, e que ten como horizonte o ano 2020, nós concibímolos como a lexislatura que aposta decididamente polo natural, polo verde e polo azul; en definitiva, polo que define Galicia, a Galicia natural e única. Como saben, atopámonos nun momento que nós consideramos

histórico en canto ao que ten que ver coa conciencia da cidadanía, que está a medrar día a día. E, por suposto, debemos e queremos aproveitalo. Non podemos quedar inmóbiles ante esta oportunidade que se nos abre.

É un momento no que Galicia debe dar un paso adiante para conseguir converterse nun referente medioambiental e sostible dentro da Unión Europea. Galicia non pode nin quere quedar atrás. O obxectivo das nosas políticas ao longo dos vindeiros catro anos é precisamente que Galicia non quede atrás, que converxa coas rexións europeas máis avanzadas nesta materia, na materia de medio ambiente, e que tamén nos próximos anos poidamos situarnos de líderes destas medidas.

Temos feito moito nos últimos anos no eido da protección do medio ambiente, na ordenación responsable do territorio. Pero cremos que debemos seguir avanzando, e por iso nos marcamos retos ambiciosos que situamos como eixos principais desta actuación que levaremos adiante de aquí ao ano 2020, que son os piares sobre os que rexerán e sobre os que xirarán as políticas que encabzaremos dende esta consellería, que son os seguintes: a posta en valor do patrimonio natural de Galicia, a loita contra o cambio climático, o xiro cara á economía circular, acadar no cen por cento das nosas augas que sexan de boa calidade —con especial atención ao saneamento integral das rías da nosa comunidade— e unha valorización dos nosos ríos, e, por último, a aposta pola paisaxe e a ordenación sostible do territorio.

Ao longo desta comparecencia expoñerei as principais novidades, medidas e recursos que a Consellería vai deseñar, vai poñer en marcha e executar ao longo desta legislatura en todos e cada un dos ámbitos que acabo de citar.

Comezamos esta legislatura cun novo e ilusionante reto, que é avanzar máis aínda, se cabe, na protección, na conservación e na divulgación do noso patrimonio natural. Así, marcamos a nosa folla de ruta para os vindeiros catro anos, que ten un firme compromiso, que é protexer e enxalzar os valores que representa o patrimonio natural da comunidade. Por iso xa é unha realidade que a día de hoxe exista na nosa comunidade unha rede de parques naturais, unha medida que foi no seu momento pioneira e que ten como obxectivo aproveitar as sinerxías destes seis espazos naturais. A partir de agora afondaremos na súa consolidación. Somos totalmente conscientes do enorme potencial turístico, social e económico que ten o noso patrimonio natural, e por iso queremos aproveitar todos estes usos e potencialidades.

Galicia ten un patrimonio natural que non está o suficientemente ben ponderado, polo que traballamos para solventar esta situación e dar a máxima difusión a esta riqueza sen perder un ápice dos valores do noso patrimonio. Con este obxectivo presentamos recentemente, hai pouco —en xaneiro, en concreto—, un plan de promoción e posta en valor do patrimonio natural de Galicia, e fixémoslo na feira internacional máis importante de turismo, que é Fitur. Trátase do primeiro plan deste tipo que se leva a cabo na nosa autonomía, e que abranguerá actuacións de aquí aos próximos catro anos. Serán 29 as actuacións específicas que desenvolveremos, cun presuposto de 4 millóns de euros. Supón ademais, a presentación de Galicia baixo unha nova marca: «Galicia, natural e única». E sostense nun piar básico, que é a identificación dos 17 espazos imáns da nosa comunidade, que son aqueles que están máis recoñecidos polos galegos e tamén polos turistas.

En concreto estes 17 espazos imán son: o Parque Nacional das Illas Atlánticas, a praia das Catedrais como monumento natural, tres dos espazos da Rede Natura —en concreto, Carnota, Monte Pindo, Ribeira Sacra, Canóns do Sil e mesmo O Courel—, as seis reservas da biosfera que temos na nosa comunidade e os nosos seis parques naturais.

Este plan leva aparelladas medidas novidasas, como é o deseño de paquetes turísticos específicos para estes espazos, ou tamén como pode ser a posta en marcha dun pasaporte natural —algo semellante á Compostela— para que os nosos parques inviten os visitantes a coñecer os restantes espazos naturais.

Por outra banda, a nosa firme aposta polo patrimonio natural inclúe a actualización da lei que rexe a protección e que estaba obsoleta dende hai dezaseis anos. Xa demos o primeiro paso. Foi a semana pasada, no último Consello da Xunta, cando se deu luz verde ao Anteproxecto de lei de patrimonio natural de Galicia. O que queremos con esta lei, con esta nova lei, é levar a cabo unha protección dun xeito transversal do patrimonio natural galego, e tamén da súa biodiversidade. Entre as principais novidades que introducimos, destaca a creación, por exemplo, dunha nova figura, que é a «microreserva natural», e a posta en marcha do catálogo de hábitats en perigo de desaparición. A previsión que manexamos é que no seguinte período de sesións podamos remitir este novo texto a esta Cámara para a súa tramitación e posterior aprobación.

Ao longo desta nova lexislatura tamén continuaremos cunha aposta forte e decidida pola Rede Natura 2000, pola súa ampliación, co fin de completar o sistema de áreas protexidas da nosa comunidade. Actualmente Galicia contempla o 12 % do seu territorio como un territorio de Rede Natura. Con esta medida compatibilizaremos o cumprimento das obrigas comunitarias coa actividade socioeconómica das zonas que se inclúen na Rede Natura 2000, e isto situará a Galicia na media das rexións atlánticas, nas que a porcentaxe da superficie de Rede Natura se atopa actualmente ao redor do 15 %. O noso obxectivo é dar un paso adiante na ampliación destes espazos protexidos, preservando e mellorando o estado de conservación dos hábitats e especies de interese comunitario.

Nesta liña de acción, tamén acometeremos algo que aínda nunca se fixo: a elaboración dos plans reitores de uso e xestión de todos os parques, en concreto dos seis parques naturais e mesmo do Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Esta lexislatura —como fixemos cos parques naturais— tamén quere facer unha nova aposta e crear, constituír, a Rede Galega de Reservas da Biosfera. A creación desta rede permitirá facilitar reunións e actuacións conxuntas das seis reservas da biosfera que a día de hoxe ten a nosa comunidade, co obxectivo obviamente de intercambiar experiencias e coñecementos.

O proxecto de decreto polo que se creará esta rede neste momento atópase na súa fase final de tramitación, polo que prevemos aprobalo no primeiro trimestre deste ano. Pero, ademais, levaremos a iniciativa para acadar a declaración pola Unesco da reserva da biosfera doutra nova reserva na nosa comunidade que queremos que sexa e estamos a impulsar: a Ribeira Sacra.

Nos vindeiros catro anos tamén centraremos os nosos esforzos na loita contra o maltrato animal e o abandono animal. Levamos xa un ano traballando neste texto, no texto da lei,

un documento que xa foi presentado, debatido con todas as asociacións animalistas da comunidade e mesmo tamén estatal. Así, nese mesmo mes, a Lei de protección e benestar do animal será aprobada como proxecto de lei polo Consello da Xunta. Seguidamente remitirémola a esta Cámara, co obxectivo de iniciar a súa tramitación parlamentaria e que sexa aprobada, e, unha vez que sexa recibido o visto bo do Parlamento, procederemos tamén —importante— a desenvolver o regulamento que a desenvolva e que estará listo no prazo máximo dun ano.

Trátase dende o noso punto de vista dunha lei ambiciosa e dunha lei que busca responder ás sensibilidades sociais en materia de protección dos animais. Entre os seus obxectivos principais está avanzar cara ao sacrificio cero, a través da promoción de adopción de animais abandonados, aloxados nos centros de acollida, fomentando a súa tenza responsable; loitar contra o abandono animal, xa que queremos que Galicia sexa unha comunidade libre de abandonos; e loitar contra todo tipo de maltrato.

A norma será só un paso máis na nosa aposta pola protección dos animais e irá acompañada de medidas que completarán e tamén que reforzarán esta lei, como, por exemplo, a posta en marcha dunha campaña de esterilización de animais que permita minorar o número de animais abandonados mediante o control reprodutivo das poboacións, ou mesmo tamén unha liña de axuda —a primeira liña de axuda— de fomento de actuacións para a protección e benestar destes animais de compañía por parte dos concellos, é dicir, para os concellos e para as asociacións protectoras.

Señorías, como creo que saben, outro dos grandes retos aos que se enfrenta a nosa sociedade no seu conxunto —non só única e exclusivamente Galicia— é a loita contra o cambio climático. Estamos ante a primeira xeración que está a palpar as consecuencias do cambio climático en primeira persoa, pero tamén estamos ante unha xeración que será a última que terá a oportunidade de facer algo por cambialo. Estou convencida de que non é algo que deba preocupar só aos departamentos responsables das políticas medioambientais, senón que ten que ser unha prioridade para todos, porque o futuro depende de todo o que poidamos facer hoxe e da fronte que poidamos facerlle hoxe.

O Cumio do clima en París do pasado ano deixou claro que non podemos perder nin un minuto máis, que temos que combater contra o cambio climático con todas as ferramentas que teñamos entre todos nós ao noso alcance, e tamén foi o Cumio de Marrakech —recentemente celebrado— o que, como conclusión final, impulsou a loita contra o cambio climático dicindo e constatando que era imparabile e irreversible.

Practicamente todos os países do mundo están de acordo e Galicia, evidentemente, non pode nin quere quedar atrás. Cómpre deixar á marxe neste debate as cores políticas, necesitamos comprometer nesta loita todos os grupos políticos e todas as administracións, e nese pacto traballarei e traballaremos intensamente, e, de forma especial, temos que ser quen de incluír as empresas e as entidades privadas e o conxunto da sociedade e que cada un dos cidadáns e cidadás teña en conta que cada pequeno esforzo conta. Temos que seguir concienciando e sensibilizando a sociedade, non só dos perigos que entraña o cambio climático, senón das oportunidades que nos ofrece a loita contra el.

A nosa Consellería ten feito do cambio climático un eixo esencial para o presente pero tamén para o futuro. Proba diso é a recente creación dunha dirección xeral, que se chama de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que centrará os seus esforzos nesta materia. E, así, o primeiro de todo é que neste mesmo ano 2017 dende esa dirección xeral creárase a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, na que fixaremos as grandes liñas de acción na loita fronte ao cambio climático. Será unha folla de ruta que incorporará —como non pode ser doutra maneira— a consideración de cambio climático na xestión territorial e que levará aparellada a elaboración dun mapa de coñecemento de cambio climático.

Este mapa vai permitir identificar todos os axentes implicados nesta loita e mesmo —o máis importante— definir as liñas de acción de observación, de mitigación e de adaptación a este fenómeno. Todo este traballo, no que participarán todos os axentes implicados, permitirá que a nosa comunidade poida contribuír de forma coordinada, realista e eficiente a combater as causas que alimentan o cambio climático. A elaboración desta importante estratexia permitiranos fixar esas liñas de actuación que temos que levar ao longo prazo, pero tamén as que temos que afrontar —si ou si— nun futuro próximo. Somos ambiciosos con esta estratexia e queremos converter a nosa comunidade nunha referencia a nivel europeo.

De forma complementaria, tamén dende esta consellería temos que marcar outra folla de ruta importante que é a Estratexia galega de sustentabilidade e economía circular, centrada en crear unha economía eficiente, unha economía sustentable, baixa en emisións de carbono. Esta novidosa estratexia basearase principalmente nun esquema de economía circular enfocada a un consumo que cubra o ciclo de vida de todos os produtos. O noso obxectivo é impulsar un consumo que sexa informado pero tamén que sexa responsable. Ademais, a estratexia incluírá medidas de mellora de contorno empresarial, prestando especial atención ás pemes. Entre estas actuacións destaca o fomento das tecnoloxías e métodos de deseño ecolóxico. Comezaremos a elaborar a Estratexia galega de sustentabilidade e economía circular neste mesmo ano 2017, e será un documento que terá vixencia os próximos oito anos.

Neste contexto de loita e toma de medidas contra o cambio climático, dende a Consellería implantaremos unha ferramenta que nos permitirá calcular a pegada ecolóxica de Galicia e que nunca ata o de agora se tiña calculado. Consideramos que a pegada ecolóxica é o indicador máis axeitado para avaliar a eficiencia e a eficacia das accións derivadas das políticas medioambientais que se desenvolvan na nosa comunidade. Esta ferramenta tamén nos permitirá medir o impacto do cambio climático nos ecosistemas galegos, avaliar a eficacia destas medidas que se tomen e que se vaian tomar para combater este fenómeno e elaborar modelos de simulación de posibles escenarios de evolución do cambio climático.

E, por último, nesta loita contra o cambio climático que poñemos en marcha, temos tamén que dotarnos dos mellores instrumentos que nos axuden a afrontalo da mellor maneira posible. ¿E que mellor que empregar de forma máis eficiente todos os medios dos que dispoñemos dende a Administración autonómica? E por iso queremos crear o Centro Tecnolóxico de Medio Ambiente de Galicia, que será froito da combinación de dous organismos, para nós imprescindibles, que apostan decididamente pola investigación e pola innovación, como é Meteogalicia e tamén o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia. En conxunto, as dúas estruturas crearán unha unión que pode ser un referente no campo da investigación meteoro-

lóxica e mesmo tamén no campo do medio ambiente. A posta en marcha deste centro pioneiro permitirá implantar un modelo de xestión integrado e eficiente, compartindo datos e información, mellorar as súas sinerxías e incrementar a actividade investigadora e de innovación.

Pero neste escenario de compromiso e de loita contra o cambio climático unha parte imprescindible a realizar tamén é unha aposta firme por unha xestión dos residuos moderna e eficiente. Temos que seguir avanzando non só nos catro erres tradicionais —na redución, na reutilización, na reciclaxe e na recuperación—, senón noutro concepto multiterrre que ten que incluír: repensar, redeseñar, refabricar, reparar, redistribuír, etc. A economía circular é hoxe a única opción de futuro, baséase na premisa de converter os residuos en recursos e vai permitir que a eficacia e a eficiencia se convertan na clave no uso dos recursos, tal e como anuncia unha destas sete iniciativas emblemáticas da Estratexia Europa 2020.

En Galicia temos dado pasos importantes para achegarnos á economía circular e seguirémolos dando de aquí ao ano 2020. E para iso actualizaremos a Norma ambiental galega sobre a avaliación ambiental e residuos e tamén desenvolveremos un plan, que xa está aprobado, que é o Plan de residuos industriais 2016-2022, que conta con 19 millóns de euros e 108 medidas.

Neste punto non podo nin quero deixar de lembrar a xestión que se está facendo de residuos urbanos en Galicia, onde temos un referente internacional. E fálolles unha vez máis, señorías, de Sogama, á que están adheridos voluntariamente o 94 % dos concellos da nosa comunidade e que representa un modelo de empresa pública solvente, eficiente e sostible, e tamén un modelo en continuo proceso de mellora. Boa proba diso é a ampliación que se está a levar adiante agora —a ampliación da planta—, onde se van destinar 29 millóns de euros para permitir aumentar a súa capacidade nun 81 %. Deste xeito, Sogama estará en condicións de tratar de forma óptima todo o lixo doméstico producido na nosa comunidade, todo. Así mesmo, multiplicará por catro a súa aportación á reciclaxe, acadando o 12 % de reciclaxe material recomendado pola Unión Europea, ao mesmo tempo que diminuírá en gran parte o depósito en vertedoiro, buscando chegar ao vertedoiro técnico denominado cero. Esta mellora fará posible que Sogama consolide o seu liderado en España e que se converta nunha das plantas máis grandes e eficientes de Europa e tamén das máis baratas.

Ademais, compatible con esta tecnoloxía, farase un investimento para poñer en marcha a planta de compostaxe industrial de Areosa, onde se procesarán dun xeito industrial 15.000 toneladas anuais procedentes de grandes produtores como mercados, colexios, centros comerciais, hospitais... Esta instalación permitirá obter cada ano entre 3.000 e 4.000 toneladas de compost de boa calidade e reunirá os requisitos necesarios para que ese compost poida ser finalmente utilizado na agricultura sen restricións. Está previsto que as obras de ampliación desta planta de Sogama comencen xa no mes de xuño e se estendan ata decembro de 2018, de tal xeito que a actuación sexa unha realidade no ano 2019. Pola súa banda, a planta de compostaxe entrará en funcionamento ao longo deste mesmo ano.

Outro dos obxectivos esenciais absolutamente prioritarios para esta lexislatura é a finalización do Plan de saneamento das rías galegas. Mesmo o presidente da Xunta, na sesión de investidura, deixou claro o noso compromiso nesta materia, e así o reiterarei eu mesma na comparecencia de orzamentos desta consellería. Ao longo dos próximos catro anos comple-

taremos o saneamento integral das rías. Así, no horizonte 2020 estará concluída toda a planificación do saneamento dependente da Xunta de Galicia e todas as infraestruturas estarán ou executadas ou en servizo. Como poden imaxinar, cumprir este compromiso require dun importante esforzo orzamentario, que a nosa Consellería seguirá acometendo ano a ano.

Para este ano non só blindaremos o incremento que xa fixemos en Augas de Galicia o ano pasado, cando o seu orzamento medrou un 16,7 %, senón que volvemos asumilo, e de novo volve superar os 100 millóns de euros. Case a metade deste orzamento, un total de 46,7 millóns de euros, van estar destinados á planificación e execución de novas infraestruturas hidráulicas. E ata o remate da lexislatura en total destinaremos 131 millóns, dos 655 que compoñen o Plan hidrolóxico da demarcación Galicia costa, para sanear as nosas rías e para cumprir ese obxectivo xa anunciado polo presidente da Xunta.

Destacarei os principais investimentos en materia de saneamento nas nosas rías que se van levar adiante nos próximos catro anos. Será a ría de Pontevedra, onde investiremos 47,3 millóns de euros; en Arousa, onde executaremos case 23 millóns de euros; en Ferrol, onde investiremos 7,2 millóns de euros; na ría do Burgo, onde xa mesmo están licitados 6 millóns de euros, que rematan o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia con esa ría; en Ares-Betanzos, onde investiremos 12,7 millóns de euros; en Vigo, onde executaremos preto de 6 millóns de euros; ou en Foz, onde investiremos 8 millóns de euros. Destaquei as rías máis destacadas.

Na vindeira lexislatura seguiremos impulsando tamén algo importante, que é o pacto local da auga, coa finalidade de contar cun sistema homoxéneo para as infraestruturas hidráulicas de Galicia. Isto conseguírase a través de dous eixos de actuación.

A potenciación do pacto local, un foro no que participamos as administracións que temos competencias en augas, e no que se consensúan as liñas estratéxicas para a súa xestión, porque queremos darlle un impulso definitivo a este pacto. E para iso, eu mesma lle propoñerei ao presidente da Fegamp e aos das deputacións os asinamentos dun convenio. A finalidade é consensuar entre todos os criterios para a colaboración financeira e técnica da Xunta para o desenvolvemento das competencias municipais en materia de saneamento e abastecemento. Tamén se pretende poñer as bases para lograr unha política de recuperación de custos que sexa homoxénea en toda a comunidade autónoma, tal e como indica a directiva comunitaria e tal e como exige a utilización de fondos europeos nestas infraestruturas.

O segundo eixo é a implantación dun sistema tecnolóxico que mellore a eficacia, a eficiencia na xestión destas infraestruturas hidráulicas, un sistema que permitirá unha xestión energeticamente máis eficiente e un mantemento sostible destas instalacións e un modelo aproveitando a aposta pola ecoinnovación.

Nestes catro anos tamén impulsaremos algo que dende o noso punto de vista tampouco está o suficientemente ben ponderado a día de hoxe, que é a posta en valor dos nosos ríos. Este obxectivo conseguíremolo a través de dous eixos de actuación principalmente. Así, se Galicia é a comunidade dos mil ríos —tal e como dicía Cunqueiro—, consideramos que ben merece ter un departamento dedicado en exclusiva a eles. E, por iso, crearemos o Observatorio de

Ríos, de carácter permanente, cuxa función será orientar as políticas e as actuacións que levemos a cabo dende as diferentes administracións en relación cos ríos. Ademais, permitirá avaliar aspectos ambientais e ecosistémicos destas medidas e a posta en valor social destes espazos naturais.

Actualmente estamos a redactar un borrador de decreto polo que se creará este instrumento, e neste observatorio terán presenza distintas administracións da Xunta de Galicia, confederacións hidrográficas, representantes da sociedade civil, como asociacións ecoloxistas, Federación Galega de Pesca ou mesmo tamén representantes do ámbito académico, como son as universidades e os centros de investigación.

En segundo lugar, e partindo do traballo realizado para a redacción do Plan hidrolóxico, elaboraremos un plan marco director da actuación para a xestión de todas as concas fluviais, no que se tentará compatibilizar o aproveitamento sostible destes recursos e o respecto e conservación da natureza. Este plan redactarase baixo a supervisión directa deste observatorio e facilitará a aplicación das políticas rexionais que se desenvolvan a través del. Isto permitiranos levar a cabo unha actuación completa e global sobre os nosos ríos, protexer os seus cauces, os seus caudais e tamén as súas especies.

Nos vindeiros catro anos tamén seguiremos traballando arreo para avanzar na protección e na posta en valor da nosa paisaxe. Temos que ter en conta que a calidade da paisaxe é un excelente indicador do grao de desenvolvemento da nosa sociedade. A súa boa xestión e ordenación son un factor a ter en conta para a competitividade dun territorio. É dicir, que unha paisaxe ordenada e de calidade incide directamente sobre unha comunidade dende o punto de vista económico, turístico, ambiental, cultural e social. Porque á fin e ao cabo isto é algo que nos define a todos nós.

Neste eido, e de cara a esta nova lexislatura, estamos traballando xa na que será a primeira estratexia de infraestrutura verde de Galicia. O seu obxectivo é crear unha rede de espazos naturais e seminaturais, planificados estratexicamente, para ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos. A estratexia será multifuncional e transversal, integrando numerosas políticas sectoriais e territoriais, e falo de agricultura, de enerxía, de cambio climático, de biodiversidade, de urbanismo, de mobilidade, de paisaxe.

O primeiro paso para o seu desenvolvemento será a posta en marcha dun sistema de infraestrutura verde na área metropolitana da Coruña, que permitirá ao sistema urbano e periurbano evolucionar cara a maiores cotas de sostibilidade. Esta área reúne as condicións idóneas para abarcar unha grande variedade de hábitats; falo de hábitats litorais, fluviais, urbanos, bosques, espazos naturais protexidos, reserva da biosfera, patrimonio cultural, que conviven cunha elevada densidade de poboación e un notable desenvolvemento económico.

Toda esta aposta pola paisaxe ten que ir unida, sen dúbida ningunha, a un urbanismo responsable. E, de feito, un dos espazos máis importantes da nosa consellería dende o ano 2009 tense centrado precisamente na elaboración dun novo modelo de marco normativo para urbanismo, un modelo que tivo o seu punto álxido na aprobación a principios do ano 2016 da Lei do solo de Galicia, pero tamén na aprobación do que sería o primeiro regulamento que

desenvolve unha Lei do solo na nosa comunidade, e é que, en apenas seis meses, este goberno foi quen de aprobar un regulamento da Lei do solo.

Un traballo que contou tamén con varios fitos que quero destacar, como foi a aprobación no ano 2011 das Directrices de ordenación do territorio; como foi tamén a aprobación do Plan de ordenación do litoral, que establece un novo modelo de urbanismo nas zonas costeiras; ou mesmo como é o avanzado desenvolvemento no que se atopa xa o atlas da paisaxe, co seu catálogo e as súas directrices, ou mesmo tamén a guía de cor e materiais que estamos a desenvolver da man do Colexio de Arquitectos de Galicia.

E unha vez realizada a nova regulación integral urbanística coa Lei do solo, que aprobamos o ano pasado, e co seu regulamento, debemos renovar —e niso traballaremos dende xa— a lexislación de ordenación do territorio, que leva obsoleta vinte anos de vixencia. Este é un dos nosos principais retos para esta lexislatura, e a súa tramitación, como dicía, iniciárase neste ano.

Ademais, nos vindeiros catro anos continuaremos este labor no eido urbanístico con outras medidas clave, como é a aprobación das normas básicas, como o Plan básico autonómico, que se aprobará a finais deste ano; elaboraremos os plans básicos municipais, unha figura que vai destinada directamente aos concellos de menos de 5.000 habitantes que non teñan planeamento xeral e que voluntariamente soliciten esta figura; tamén redactaremos as normas técnicas de planeamento, que permitirán unificar criterios técnicos para que sexa máis fácil a elaboración dos PXOM, a cartografía e tamén os conceptos urbanísticos xerais. E estas normas serán unha ferramenta práctica a modo de manual ou libro de estilo de planeamento e código de sinalización para os concellos.

E nestes catro anos elaboraremos tamén os plans territoriais integrados, que será un instrumento básico para unha ordenación do territorio a un nivel supramunicipal.

En definitiva, señorías, dende a Xunta estamos a traballar con determinación para consolidar a nosa comunidade como un referente de conciencia e de respecto polo medio ambiente. E ese continuará sendo o noso principal reto durante os vindeiros catro anos. Son completamente consciente de que para cumprir este obxectivo é preciso contar coa implicación de toda a sociedade galega, de todos os grupos que compoñen este Parlamento, de todas as administracións, dos axentes sociais, da iniciativa privada en xeral.

De feito, o pasado mes de decembro, na miña comparecencia con motivo da presentación dos orzamentos do ano 2017, lancei xa o guante aos grupos políticos —e volvo lembralo unha vez máis— e trasladei o meu firme compromiso de traballar para acadar un pacto medioambiental. Hoxe reitero unha vez máis ese compromiso: buscar o consenso, porque é unha cuestión que nós entendemos de vital importancia para todos.

Sei que cada día que pasa a implicación dos galegos e das galegas co medio ambiente é maior. Todos os que vivimos en Galicia sabemos da riqueza natural da nosa terra, das nosas paisaxes, dos nosos ríos e rías, do aire, dos nosos ceos; sabemos todo iso. Xunto á nosa cultura, é, se cabe, o que nos define como galegos, o que nos distingue e o que nos fai únicos. Pro-

texer, conservar e poñer en valor esa riqueza é un desafío que temos a obriga de afrontar e de superar con éxito.

Como lles dicía ao principio da miña intervención, atopámonos nun momento clave para acadar un nivel real e global de desenvolvemento sostible, un desenvolvemento que permita o aproveitamento dos recursos, da calidade e do benestar das xeracións actuais, pero, ao mesmo tempo, que non poña en risco e que garanta o seu disfrute para as xeracións futuras.

É o momento de aceptar e, sobre todo, é o momento de superar ese reto, de estar á altura do que se pide de todos nós, e asegúrolles que Galicia vai estar á altura.

Moitas grazas, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moitas grazas e moi bo día.

Isto do final de que Galicia vai estar á altura sóame un pouco raro, e tamén toda esta retahíla, esta lista longa de plans e estratexias que nos lanzou hoxe aquí, que, en todo caso, o que demostran é que vostedes gobernaron durante oito anos e teñen aínda moitos deberes por cumprir.

Ben, en realidade, vostede o que utiliza aquí é unha serie de slogans, de fórmulas, expresións, que supoño que lle darán no seu gabinete, que queda bonito isto de falar de Galiza natural e única, de verde, de azul, de economía circular, de sustentabilidade, de paisaxe... Ben, todo iso soa ben, pero, debaixo desa camuflaxe, debaixo desa maquillaxe, dese decorado, pois hai a realidade. A realidade, para o BNG, a realidade é o que demostra, eu creo que tamén a súa intervención o veu demostrar, porque se puxo moitos deberes, quero dicir que non os fixo, é un fracaso estrepitoso da política ambiental e de ordenación do territorio.

Vostede dixo que querían dar un paso adiante para converterse nada máis e nada menos que en líderes, en referentes mundiais neste ámbito. Nós o que vemos é que están dando constantemente pasos para atrás. Desde logo, nos slogans e nestas fórmulas, aparentemente bonitas, ¿non?, isto da economía verde e azul pode soar ben, pero, en realidade, o que temos é unha realidade máis ben marrón, ¿non?, a realidade marrón dos vertidos que van todos os días ás nosas rías. Algo cheira a podre na Consellería de Medio Ambiente.

E vostedes, vostedes falan, vostedes falan de sustentabilidade (*Aplausos.*) e dunha economía baixa en emisións de carbono, falan de economía circular, e eu preguntome que é iso da economía circular. Vostede falou aquí de economía circular, pero eu non sei se será tamén economía circular a que practican con Fernández de Mesa, a das portas xiratorias, a de circular desde a Administración á empresa privada e cobrar grandes soldos de 150.000 euros por

practicar a economía circular das portas xiratorias; todo iso, desde logo, é moi legal, pero é moi indecente.

E falan vostedes de cambio climático, e dunha estratexia galega sobre o cambio climático e enerxía 2050 —para bastante lonxe—, e, en cambio, teñen auténticas factorías do cambio climático, da que falaremos despois, como por exemplo Sogama. É un discurso absolutamente tramposo, din unha cousa e fan completamente a contraria.

Pois ben, eu o que quero facer aquí é unha descrición da realidade que temos no país, fronte a ese discurso enganoso que fixo vostede. O que temos é dous grandes buracos negros, dous grandes pozos negros, que son auténticos sumidoiros de diñeiro público, que son as rías, as augas das rías, e que son os residuos, Sogama; eses son dous grandes buracos negros; falaremos despois diso.

Teñen tamén unha grande desfeita: a da paisaxe. Vostede falou do patrimonio natural, do potencial turístico que ten a paisaxe, que ten o verde, que ten a natureza, e iso queda moi bonito, pero a realidade, o que di, por exemplo, o Plan director de turismo —o seu propio Plan director— é que a grande ameaza que ten o turismo, unha das grandes ameazas que ten é precisamente a deterioración da paisaxe e do patrimonio; a deterioración da paisaxe e do patrimonio, por exemplo, no caso da paisaxe, coa maior agresión que se cometeu neste país nas últimas décadas, que é o que se fixo co monte co proceso de eucaliptización; iso tamén é ir a favor do cambio climático.

Vostedes fixeron unha política forestal e agora van aínda potenciala e incentivala a favor do monopolio enerxético e pasteiro, vanlle dar un golpe definitivo ao noso monte con esa barra libre á biomasa, que acaban de aprobar e que vai promover a proliferación de cultivos enerxéticos. ¿Como queren coidar a paisaxe? ¿Como queren ter unha paisaxe que sexa un espello para fóra? ¿Como queren promocionar a nosa paisaxe con estas actuacións?

E, despois, en terceiro lugar, unha gran chapuza xurídica, que é a da Lei do solo. Vostede falou aquí do regulamento que aprobaron en seis meses, pero o que vimos é que, no tempo récord de menos dun ano, xa cambiaron tres veces esta lei. Ao que si se aplican ben, por iso —supoño— o da economía circular, é a usar a lexislación urbanística e ambiental para favorecer intereses privados. Xa o fixeron coa Lei de costas, coas autorizacións ambientais integradas. Intentárono con Ence. Por certo, non o van conseguir, con Ence non o van conseguir, porque non lles imos permitir que fagan ese cambio da lei, non llelo imos permitir. O tema aínda está aberto e imos dar desde logo esa batalla. Agora tamén o están facendo con Elnosa, con reunións secretas para permitir tamén a continuidade de Elnosa na ría de Pontevedra. Así é como vostedes coidan as rías, é así como coidan as rías, esa é a súa economía azul.

Eu creo que ao que teñen realmente que aplicarse é a desenvolver a normativa en materia de urbanismo e ordenación do territorio, como as Directrices de ordenación do territorio, a todos os plans territoriais integrados, porque vostede falou aquí outra vez diso, pero estes instrumentos levan aprobados cinco anos, case cinco anos, e aínda non desenvolveron esta normativa.

Faláballes de dous grandes pozos negros, de dous sumidoiros de cartos, que eran as nosas rías e o tema do lixo, por certo, que levan consumidos centos de millóns de euros e a situación das rías vemos a que é. Vostede ten dito nalgunha comparecencia que levan investido mil millóns de euros. ¿Cantos? Seiscentos millóns de euros. Ben, pois se investiron seiscentos millóns de euros nestes oito anos e as rías están na situación crítica que están, desde logo son moi malos xestores, son moi malos xestores porque a súa eficiencia desde logo non é boa. Porque realmente estamos vendo os datos que teñen as rías de caída de emprego, de caída de produtividade, baixada do 93 % da produción de berberecho, do 28 % da da ameixa, perda do 41 % dos postos de traballo, ameaza de sancións da Unión Europea polo estado da ría do Burgo, polo estado da ría de Arousa, polo de Pontevedra, pola depuradora de Vigo, etc., etc.

Pero o peor non é que teñamos esa espada de Damocles das sancións europeas, o problema é a xente que vive das rías e que non pode traballar pola situación na que están. Polo tanto, pedímoslle unha política de rexeneración integral das rías que implique todas as administracións e todos os departamentos da Xunta, que deixen de actuar como compartimentos estanco.

E voulle falar da outra grande fábrica do cambio climático que é Sogama, que vostedes presumen que é o mellor sistema do mundo e realmente é un sistema que está demostrado que é obsoleto, que é do pasado, que está esgotado, que é custoso, que ten grandes custos económicos, pero sobre todo grandes custos ambientais e sociais, que é ineficiente, que é altamente contaminante, que é produtor de CO₂, polo tanto de cambio climático, e que só favorece esa economía circular da incineración: Gas Natural pon o gas para sacar o lixo e Fenosa benefíciase da súa incineración.

Esa é a súa economía circular, que, ademais, incumpre o propio plan de residuos da Xunta, incumpre o Plan marco estatal de residuos, incumpre a directiva europea de residuos, que fixa claramente unha xerarquía que pasa pola prevención, primeiro, a reutilización despois, o reciclado en terceiro lugar, outras formas de valorización en cuarto lugar, onde se inclúe a valorización enerxética, é dicir, a queima, a incineración, e por último a eliminación en vertedoiro. Polo tanto, están aplicando vostedes a cuarta e a quinta opción. E iso non vai permitir cumprir co obxectivo da reciclaxe do 50 % antes de 2020. Vostedes o que aplican é unha fuxida cara adiante.

Acaba de dicir vostede que invisten 32 millóns na ampliación da planta. Ben, realmente voulle dicir canto invisten. Vostedes acaban de asinar un macrocontrato de ampliación da planta de Cerceda por 332 millóns de euros, en quince anos, 332 millóns de euros, e outro macrocontrato para o transporte por 158 millóns de euros; polo tanto, case 500 millóns de euros nos próximos quince anos para alimentar ese monstro ineficiente e contaminante que é Sogama e para impedir o que está no propio Plan de residuos, que é a separación en orixe da materia orgánica, que é o 42 % do lixo, que vostedes pasean por todo o país para despois queimalo en Sogama.

Realmente, ¿é eficiencia —para vostedes, que presumen tanto de eficiencia no uso dos recursos e no gasto— facer contratos de case 500 millóns de euros para seguir con ese erro que é Sogama? Nós desde logo temos unha alternativa; no segundo turno da intervención

farémolle as nosas propostas para unha estratexia integral pola sustentabilidade e o cambio climático, pero estamos dando exemplo de que temos unha alternativa.

Ofrecémolle tamén a experiencia de goberno que temos para levar a cabo unha alternativa, un sistema complementario ao de Sogama, baseado na reciclaxe, na reciclaxe doméstica, co compromiso da xente, na reciclaxe comunitaria, co compromiso da xente. Iso é reducir custos económicos, pero sobre todo custos sociais e custos ambientais, e coas plantas de compostaxe territoriais que vostedes tamén teñen incluídas, por certo, no seu Plan de residuos e que non aplican. Hai unha experiencia que está funcionando, que é a da Deputación de Pontevedra, que llela ofrecemos como acordo para facer un novo plan en todo o país.

Polo tanto, o que lles pedimos é que menos plans, menos estratexias, menos documentos e máis deberes para facer xa. Póñanse a traballar e, sobre todo, o máis importante é que convertan a Consellería nunha consellería de primeira, non como é agora, unha consellería menor, unha consellería secundaria...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BARÁ TORRES: ...sen iniciativa política e sen eficacia, como puxen de exemplo en cantidade de investimentos que non dan resultado.

Polo tanto, ofrecémolles as nosas propostas, a posibilidade de chegar a acordos, pero cunhas condicións tamén, porque nós temos propostas alternativas que cremos que se deben levar a cabo para que realmente esta consellería sexa —como digo— central na acción de goberno e sexa parte fundamental dun proxecto de desenvolvemento e de modernización do país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente, bo día.

Bo día, señora conselleira.

Vostede subiu aquí pedindo máis tempo para falar do medio ambiente e a verdade é que é curioso cando acaba de votar a favor da Lei de medidas, que lle quita toda a competencia sobre o ámbito forestal; viu pasar vostede así a Axencia de Industriais Forestais por diante de vostede dende a Consellería de Medio Rural á Consellería de Economía e Industria; votou a favor desa pasada dun sitio a outro sen dicir vostede absolutamente nada. Isto, unido a que non ten ningún tipo de competencias sobre o Plan de contaminación mariña por razóns de accidentes, porque sabe vostede —xa mo dixo— que estaba na Consellería do Mar, a que o seu orzamento é absolutamente raquíptico e a que ten executado vostede en setembro de 2016 nin sequera o 45 % do orzamento do ano 2016, conselleira, con todos os respectos e

con todo o meu cariño, vai pasar de ser a Consellería de Medio Ambiente a unha conselleira de cuarto ambiente ou de cuarto de ambiente, como siga facendo méritos neste Parlamento.

A verdade é que chama a atención que vostede veña aquí darnos un titular, que é o titular dunha nova Lei de patrimonio natural, pero hai un ano, o 26 de xaneiro, vostede comparecía aquí, recién nomeada conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, pode ser que porque Ence acababa de recibir os seus sesenta anos de regalo para poder continuar en Lourizán, cando vostede viña aquí o día 26 de xaneiro poñía como titular para os medios de comunicación unha nova Lei de protección animal. Pasou máis dun ano e seguimos a esperar por esta nova Lei de protección animal. Pode ser, quizais, conselleira, que esta nova Lei de patrimonio natural, que o outro día o presidente anunciaba como titular e vostede hoxe anuncia como titular, teña que esperar outro ano máis para poder entrar algún día nesta Cámara, sobre todo porque, por exemplo, vostede di que vai elaborar un catálogo de hábitats en perigo de desaparición, unha lista de especies silvestres en réxime de protección especial, pero levamos dende 2008 sen un plan de xestión do lobo, sabendo, ademais, que as mandas de lobo aínda foron identificadas o ano pasado, no ano 2016. Levamos toda a legislatura pasada pedíndolle un novo plan de xestión do lobo, non o fan, pero, iso si, van facer un catálogo de hábitats en perigo de desaparición e unha lista de especies silvestres en réxime de protección especial.

Pode ser que vostede pase a ser a conselleira de cuarto de ambiente, pero a verdade é que dende o Grupo Parlamentario Socialista imos pedir que lle dean un premio, a vostede e á señora Paula Prado, ás dúas; que lle dean un premio, unha silla cunha letra na Real Academia Galega, polos seus eufemismos. Vostede utilizou tantas palabras que soan tan ben, dende que Galicia é verde e azul ata que vai conseguir unha estratexia multifuncional e transversal, que foi unha palabra que a min, de verdade, unha expresión que me chegou ao corazón.

Exactamente igual que a señora Paula Prado fala de que é reorganización dos recursos humanos que o presidente do Consello Consultivo estea investigado por facer informes á carta, que por obter unha sentenza que condena ao Consello Consultivo por facer, segundo o propio xuíz do Xulgado do Contencioso número 1 de Santiago, informes e acordos torpes e inxustificadas, e por modificar o corpo de letrados do Consello Consultivo para nomealos a dedo. De verdade que vostedes, as dúas, merecen un premio por parte da Real Academia Galega, (*Aplausos.*) un sillón para cada unha das dúas.

Conselleira, a verdade é que non hai moita diferenza entre o que vostede nos contou o ano pasado e o que nos conta este ano. A diferenza está en que nós faciamos unhas preguntas o ano pasado e esas mesmas preguntas podemos facelas exactamente igual este ano. Pasou un ano e as preguntas son as mesmas, sen respostas.

Naquel momento vostede volvía de París e un mes despois de aterrar dicíanos que xa estaban nesa estratexia contra o cambio climático. ¿Onde está, conselleira? Seguimos a esperar, vese que en París non deu demasiado a viaxe, ou a viaxe non deu só para falar do cambio climático, e estamos a esperar pola súa estratexia.

Na xestión de residuos é verdade que para vostedes Sogama é ese modelo, eu xa non diría internacional, referente internacional como nos di vostede, senón incluso un re-

ferente interestelar, polo ben que funciona. Pero é que xa llo dixen no seu día na Comisión de Orzamentos, conselleira. Na súa memoria do orzamento vostede di, nas súas conclusións, que Sogama implica: insuficiente información sobre xeración e recollida de residuos, elevada porcentaxe de impropios na recollida selectiva da bolsa amarela e orgánica. ¿Para que van servir unha nova planta de recuperación de envases e unha nova planta de compostaxe, proxectadas o ano pasado, das que non sabemos aínda nada de nada, se non se fai recollida selectiva e se vostedes non invisten de verdade na recollida selectiva do lixo, e que vostedes recoñecen que, efectivamente, non se fai? ¿Para que imos facer plantas novas sen previamente non investir na recollida selectiva? E nesa memoria vostede recoñece que hai unha elevada dispersión territorial que non fai aconsellable un modelo único de xestión. Pois xa me contará que é Sogama se non é un modelo único de xestión.

Conselleira, é necesario ou que borre no ano que vén dos seus orzamentos, da súa memoria, estas tres conclusións da diagnose de Sogama, ou se non, de verdade, que non sei que leva feito neste ano, neste ano e nos case trinta anos que levan vostedes gobernando, porque a xestión do lixo en Galicia maioritariamente con esas maiorías absolutas é responsabilidade dos gobernos do Partido Popular.

Hai un novo Plan de xestión de residuos industriais, conselleira. E no novo plan, 2016-2022, dise expresamente que non son necesarias novas infraestruturas de tratamento no período de vixencia do plan, pero vostedes queren instalar, queren autorizar a instalación dun novo vertedoiro de residuos industriais en Lousame. Explíquenos por que, conselleira.

Di vostede —volvo a Sogama— que é un modelo de perfección, pero que Sogama transporta o seu lixo fundamentalmente en camións, non a través do ferrocarril; os camións contaminan e, ademais de transportar lixo, fundamentalmente o que transportan é auga, e vostede está moi preocupada pola auga —acaba de dicir—.

Sogama é solvente, segundo vostede. Efectivamente, é solvente, porque seguimos mantendo esa suba do 25,5 % que os cidadáns estamos a pagar, porque segue en vigor a disposición adicional 21 da Lei de orzamentos do ano 2013. Vostede é tanto conselleira de cuarto de ambiente que nin sequera foi capaz de presionar para que esa suba se elimine dunha vez por todas da Consellería, da súa Consellería.

Está preocupada vostede pola auga, conselleira. Pero ¿cantas infraestruturas novas para saneamento e abastecemento se teñen feito —que prometía vostede o ano pasado— dende o ano pasado ata hoxe? Ningunha. ¿En Pontevedra? Ningunha. ¿A EDAR de Poio? Seguimos a esperar. ¿A EDAR do Souto, en Santiago? Non sabemos nin sequera cal é o proxecto. E a EDAR de Ribeira que, polo visto, é un exemplo, ten recibido 475 denuncias por problemas de salubridade derivadas das concentracións moi altas de sulfhídrico nas estacións de bombeo. Eu preguntolle se este é o seu modelo de depuración e saneamento. E, ademais, vostede tivo a desfachatez de votar onte en contra das emendas do Partido Socialista ao seu orzamento especificamente indicadas para sanear as rías.

Agardamos, conselleira, que lle dean a volta.

A verdade é que fala vostede desa rede de parques naturais. ¿Cantas veces se reuniron as xuntas de xestión dos parques naturais nestes últimos oito anos de goberno do señor Feijóo? ¿Sábeo vostede? Chéganme as mans, os dedos das mans, para computar cantas veces se reuniron. Pero vostede vaino arreglar cunha rede interestelar, igual que Sogama, para xestionar os parques naturais, para que sexan un destino turístico de Galicia.

Iso dá moito medo, conselleira. Os parques naturais e o parque nacional non teñen que ser só un destino turístico, senón obxecto de protección, a non ser que vostede pretenda facer unha ponte como aquela ponte á illa de Cortegada que un alcalde do seu partido pretendía facer para que a illa de Cortegada fose un mellor destino turístico e non un espazo específico de protección.

Pouco falou vostede de urbanismo sustentable, conselleira. A nova Lei do solo sabe vostede que non fixo nada máis que favorecer a liberalización do chan en Galicia. ¿Cantos plans se tramitaron dende o ano pasado, conselleira, dende que entrou en vigor a Lei do solo? ¿Ten vostede xa elaborado un plan básico autonómico, precisamente, para favorecelo?

Na ordenación do territorio, ¿canto lle dedican vostedes á xestión do planeamento dende o Instituto de Estudos do Territorio? ¿E que orzamento lle dedican á creación destes plans básicos? Absolutamente insuficientes, conselleira, e vostede sábeo. Para desenvolver as Directrices de ordenación do territorio non teñen nin plan elaborado nin en elaboración nin en fase de tramitación.

A verdade é que nos conta vostede aquí que un dos seus puntos é falar da economía circular. Pois, efectivamente, ese é un modelo económico, polo visto, que ten un principio básico que é tomar, facer e desechar, e iso é o que está facendo vostede coa Consellería de Medio Ambiente: tomala, facela e desechala.

Pola nosa banda, nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Decía a señora Vilán que a señora Mato estaba moi preocupada pola auga, pero está nuns estadíos moi iniciais de preocupación, porque aínda hai unha semana nos agasallaba cun titular espléndido: *la gente piensa que el agua que llega del grifo cae del cielo*. Entón, aínda nos falta moito para avanzar na preocupación pola auga, señora conselleira. Cae do ceo, a auga toda, tamén a que chega de Cecebre, tamén cae do ceo; empezamos co abc.

Ben, pois unha vez perdinme na comparecencia entre plans, estratexias, erres; non cumprimos cos catro erres que marca a directiva comunitaria na xestión de residuos e agora queremos ampliar os erres: repensar, ¿van repensar?, ¿van repensar, señora conselleira? Non sei, xa me perdín cos erres.

Moitas estratexias que se unha cousa demostran é que, despois de gobernar nesta última etapa oito anos e despois de gobernar trinta de trinta e cinco, aínda están empezando con

moitas estratexias, señora conselleira. Se en 2017 están pensando en facer unha estratexia de loita contra o cambio climático, chegan máis tarde que o primo de Rajoy. E van facer tamén plans hidrolóxicos, etc., etc.

Unha cousiña antes de que se me esqueza. ¿Pódeme contestar por que votou a favor de privatizar os terreos da Solana, do Hotel Finisterre, no Consello de Administración da Autoridade Portuaria? Xa que o outro día non veu contestar, pódeme contestar na seguinte réplica: ¿por que ten vostede interese en privatizar o litoral da cidade da Coruña? ¿Cre que é a mellor pre-campaña electoral que pode facer: privatizar o que é de todos os coruñeses e as coruñesas?

Pero falemos en serio, máis alá de plans, estratexias, falemos en serio. Loita contra o cambio climático, van empezar a facer unha estratexia. Falemos en serio. ¿Cales son os principais causantes dos gases de efecto invernadoiro neste país, señora conselleira?, se falamos en serio. Como viu o outro día, Galicia é a terceira comunidade autónoma de emisións contaminantes en fontes fixas, ¿verdade? As térmicas, o carbón, as industrias contaminantes, etc. ¿Que ten pensado facer acerca disto, señora conselleira?

Transporte, outro dos grandes causantes do efecto invernadoiro. ¿Que ten pensado facer, señora conselleira? ¿Ten pensado aquí tamén repensar? ¿Ten pensado repensar que durante todos estes anos vostedes apostaron por un sistema de transporte contraproducente para a loita contra o cambio climático, apostando polo transporte individual por estrada, apostando polas vías de capacidade como único xeito de comunicarse neste país? ¿Vostede sabe que iso é contraproducente para o cambio climático e que representa unha gran porcentaxe dos gases de efecto invernadoiro? ¿Que ten pensado facer? Iso é o que ten que vir contar aquí. Se estamos falando da loita contra o cambio climático e isto é unha cuestión transversal, fale diso.

Xestión de residuos. Falaba de aplicar a racionalidade na xestión de residuos. Xa o dixeron aquí, señora conselleira: ¿é racional transportar a materia orgánica por exemplo da comarca da Limia ata Cerceda, cando esa materia orgánica o 50 % cando menos é auga, para despois que sexa queimada esa auga? ¿Iso é racional? ¿Que ten pensado facer para acabar con iso? ¿Que ten pensado facer para tratar preto do lugar onde se producen estes residuos? ¿Que ten pensado facer? Porque, polo que vimos agora, só están falando de ampliar a planta pero non de descentralizar, e iso tamén vai en contra da loita contra o cambio climático.

Eu pídolle polo menos nesta lexislatura que cumpra cos catro erres, non quero máis, cos catro erres. Para reducir, para reutilizar, para reciclar, ¿que ten pensado facer, señora conselleira? ¿Que non fixeron ata o de agora? Porque vostede di que pretende multiplicar por catro a reciclaxe para chegar ao doce? Daquela non fai falta ser moi bo en matemáticas para saber que estamos no tres e que ¿cando é o ano que temos que ter o 50 % de reciclaxe? ¿No 2020? ¿Vostede vai cumprir cos obxectivos? Estamos no tres, Sogama recicla o tres. Sogama, cambio climático, este sistema non é un bo sistema para loitar contra o cambio climático, ¿que pensa facer?

Ou, por exemplo, xa que falamos en serio e non de flores e de concursos florais, sistema de distribución alimentaria. ¿Vostede sabe que Galiza importa todos os anos entre 900 e 1.000 millóns de euros de alimentos que veñen de fóra, por exemplo, que se descargan na Coruña,

soia para os gandeiros que non poden producir neste país o que comen as vacas? ¿Sabe iso? ¿Parécelle un dato menor que teñamos que importar 900 millóns de euros de alimentos de fóra? A min non, e vostedes acaban de aprobar unha Lei de acompañamento que promove o aumento de superficie forestal, que é precisamente un dos inimigos de que se recupere a superficie agraria útil para poder plantar aquí os insumos para os gandeiros galegos. Iso é falar en serio.

¿Pode marcar vostede un obxectivo de que neste país se reduza a dependencia alimentaria, por exemplo, para os gandeiros? ¿Pode falar coa súa compañeira, conselleira de Medio Rural, para que en catro anos poidamos reducir esa dependencia? ¿Ou iso é antigo? ¿Ou pensa que Francia, Alemaña ou Estados Unidos teñen esa dependencia alimentaria? Porque son capaces de dicir que *esto es muy antiguo*, pero é certo, traemos soia, traemos pensos para os gandeiros galegos que podiamos producir aquí e, mentres, temos as terras abandonadas. Iso é falar en serio da loita contra o cambio climático e vostedes aínda están empezando a redactar ou a pensar en redactar unha estratexia.

Saneamento das rías. Vostede vén aquí e relata unha serie de investimentos, pero vostedes non acaban de chegar. Levan oito anos nesta etapa e levan trinta de trinta e cinco neste país, ou vinte e nove de trinta e cinco —non sei—, e, de acordo co informe da Axencia Europea de Medio Ambiente, máis da metade das zonas de baño do Estado español con mala calidade atópanse en Galicia. O 87 %, segundo Intecmar, das zonas de marisqueo presentan contaminación fecal.

¿Que pasou aquí? Nós sabemos que entraron millóns e millóns e centos de millóns de recursos europeos para o saneamento das rías, pero, se actualmente este é o estado de saneamento das rías, a responsabilidade supoño, unha grande responsabilidade, será súa, ¿non?, señora conselleira. ¿E vostede non está disposta a repensar o modelo de saneamento que se implantou neste país ou non está disposta a facer unha análise honesta de que é o que fallou neste país para que as rías se atopen neste estado? Parece que non.

Porque non é só facer EDAR. É que vostede sabe que a situación na que se atopan moitos dos proxectos que custaron moitos millóns, como, por exemplo, en Ribeira, etc., en moitos sitios, é moi deficiente. E vostede falaba de reducir o consumo enerxético destas instalacións. Claro, pero é que vostedes levan moitísimos anos facendo unhas redes de colectores totalmente irracionais e aberrantes, e agora en moitos dos sitios que en teoría xa computan para ese obxectivo de sanear todo o país segue habendo fugas nos bombeos, segue habendo fugas nos colectores, etc., como, por exemplo, está pasando en Ribeira, grazas a unha xestión súa, non nosa; nós non gobernamos nin en Ribeira nin gobernamos na Xunta de Galicia.

Non se está a facer control, non se está a facer seguimento, estase a privatizar o control e o seguimento. Fale con calquera persoa, concelleiro de vilas ou persoa preocupada polo medio ambiente, que é o que lle pasa a unha persoa normal cando denuncia un vertido a un río, para que vexa o eficiente que é o sistema que vostedes teñen implantado para que funcione, para saber a orixe dos vertidos, para que funcione a sanción a quen produce os vertidos e para solucionar os vertidos. E a xente que se mete a denunciar iso é unha auténtica odisea e ás veces acaban sendo tratados como sospeitosos en vez de seren tratados como sospeitosos

quen fai o vertido.

Sogama, que non ten que ver coa loita contra o cambio climático. Vostede anunciou que se conxelaba o canon do lixo. Non: aplícaselle o IPC, señora conselleira, aplícaselle o IPC, non se conxela, ¿verdade? ¿E canto sobe o IPC? O 3 % vai subir, o 3 %. Entón, as contas é que hai tes anos vostedes subiron o 33 % o canon do lixo, baixaron un 10 % hai dous anos e agora subiron un 3 %; ou sexa, que en tres anos acaban de incrementalalo un 26 %. Esas son as contas, e despois aínda vén aquí vender que conxelan o canon.

Mire, para poder facer a xestión de residuos compatible coa loita contra o cambio climático, o que ten que romper o Partido Popular é coas súas relacións con Gas Natural Fenosa, porque vostedes tomaron todas as decisións para manter o negocio de Gas Natural Fenosa, e o negocio de Gas Natural Fenosa é vender o gas, co cal ten contratos millonarios con Sogama, e vender a electricidade a Sogama. Ese é o gran negocio, millonario, millonario, señora conselleira, con informes contrarios do Consello de Contas. E vostedes seguen mantendo un modelo que prioriza o queimar; canto máis se queima, máis negocio para Gas Natural Fenosa; canto máis se queima, mellor vai o negocio para Sogama, e, polo tanto, mal se pode loitar contra o cambio climático con este modelo.

Cambien o modelo se queren ser cribles...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...cando falan da loita contra o cambio climático.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Bos días, señorías.

Tamén bos días aos invitados que están na tribuna de arriba.

Bos días, conselleira.

A pesar de que é difícil poder sintetizar todo o que nos preocupa do noso medio ambiente, das rías, dos residuos, da protección dos animais e do patrimonio natural e tamén da ordenación do territorio, fixo vostede, conselleira, unha exposición exhaustiva, con moitas e importantes novidades que pensei que chamarían máis a atención dos grupos da oposición, pero dáme a sensación de que non estiveron a escoitar as súas propostas, as súas novidades, senón que viñan xa cun guión preescrito, que foi o que se dedicaron a expoñer dende esta tribuna.

Si, señora Vilán, dezaseis novidades contei eu da exposición da señora conselleira, e ademais seguramente que deixei algunha polo camiño, e vostede ignorounas completamente, abso-

lutamente todas. Vostede incluso aproveitou para falar do debate previo, porque resulta que non lle deixaron falar a vostede coa señora Paula Prado e tiña que arranxar esas contas. (Aplausos.)

Eu, francamente, conselleira, creo que vostede amosa o compromiso do Goberno que sustenta este grupo, o grupo maioritario da Cámara por mandato dos cidadáns, coas políticas medioambientais e ordenación do territorio, co mandato dos cidadáns, por moito que os moleste. E moi mal están se teñen que empezar a agregar os seus resultados, as súas porcentaxes de voto, para poder dicir que están tan só a un punto desta maioría. Non están vostedes a un punto desta maioría, vostedes están a un terzo desta maioría; vostedes teñen 14 deputados cando tiñan 18 na anterior lexislatura, e o noso grupo ten 41 deputados. Moi mal fan vostedes agregando o resultado do resto dos grupos.

Penso que hai certo consenso en que esta ten que ser a lexislatura da aposta decidida polo medio ambiente. Temos retos moi importantes sobre a conservación e o uso do noso patrimonio natural, sobre a mellora da calidade das nosas augas, sobre o avance da economía circular e a reutilización e o tratamento dos residuos, e tamén facer fronte ao cambio climático.

O que creo que non é un reto do medio ambiente, incluso que é unha falta de respecto a aquelas persoas que están preocupadas polo medio ambiente, é traer o debate local a esta Cámara. Non sei se porque ten vostede moi pouco que aportar sobre o medio ambiente ou se vostede pensa que se está a facer un favor a un alcalde que non conta coa confianza da súa cidade. Esta conselleira, pola contra, está aquí porque o Partido Popular ten o apoio e a confianza da maioría dos galegos e das galegas.

Que veña vostede, señoría, con problemas e conflitos artificiais que vostedes pretenden construír para desviar a atención, pois eu o que lle pido é que faga vostede unha reflexión sobre se pensa que o Concello da Coruña é o seu referente, se pensa que o Concello da Coruña é o modelo que temos que reproducir o resto das administracións. Unha administración que non foi quen de executar 52 millóns de euros, que sería o mesmo que se a Xunta de Galicia non executara case que dous mil millóns dos seus orzamentos, que non executara o gasto de emprego, que non executara o gasto de rehabilitación, de humanización das rúas, que non executara o gasto de servizos sociais.

Xa sei que vostedes van dicir que son vítimas do bloqueo. Pero, señoría, ¿que é o que fai vostede aquí?, ¿que é o que fixo vostede aquí? Intentou bloquear os orzamentos que se aprobaron onte, iso foi o que fixo vostede aquí. Vostede non fai aportacións, vostede fai iso que tan ben saben facer na miña cidade, que é a política do bloqueo. Bloquearon un centro de saúde no mercado de Santa Lucía, bloquearon o centro cívico de Catro Camiños, o edificio da Comandancia de Obras que conseguimos que fora cedido polo ministerio cedérono vostedes para facer un centro social de *okupas*, cedido, señoría, aos seus amigos. ¡Menuda forma tamén de privatizar o que é de todos! O que é público téñeno vostedes para os seus amigos, e cando falo de amigos sabe ben a quen me refiro, aos seus amigos arquitectos da Coruña.

E é de agradecer —volvendo ao tema que nos toca—, conselleira, que ante estes retos que temos como sociedade veña vostede a esta Cámara e compareza, a vontade propia, expli-

cando cal vai ser a resposta do Goberno a estes restos, e ademais que esta resposta sexa clara, concretando actuacións, concretando estratexias, concretando plans, incluso detallando o compromiso orzamentario con esas estratexias, con eses plans.

Como dicía, señorías, temos moitos retos por diante. Un deles é o de actualizar a nosa normativa sobre o patrimonio natural. A Lei do patrimonio natural de Galicia ten xa dezaseis anos e, como é lóxico, precisa unha posta a punto. Temos que harmonizar a política sancionadora, diso non din vostedes nada; temos que introducir novas figuras como as microrreservas, diso tampouco din nada; temos que prestar unha atención especial aos hábitats en perigo de desaparición.

Pero, señorías, a conselleira ofreceulles diálogo, ou dito doutra forma pediulles tamén a súa colaboración. É verdade que para que haxa diálogo ten que haber vontade por parte do grupo maioritario, pero non só iso. Ademais, por experiencia propia, podo dicirlles que os grupos maioritarios tamén queren ter esa vontade de diálogo, e quizais en maior medida. Miren, este Goberno, señorías, ten un mandato da cidadanía, a través dun programa electoral que foi apoiado por unha ampla maioría, pero tamén entendemos que iso pode ser enriquecido a través dos grupos da oposición. Pero non nos pidan que para chegar a acordos, que para facilitar ese diálogo, nós renunciemos ou desprezemos o mandato dos cidadáns. Temos un programa electoral que foi respaldado pola maioría dos cidadáns, e ese mandato pensámolo cumprir.

Temos tamén, por suposto, desde o noso grupo interese en seguir mellorando os instrumentos de xestión, ampliando, preservando e mellorando a conservación dos hábitats e especies de especial interese; en seguir ampliando a Rede Natura; en elaborar e aprobar os plans reitores de uso e xestión de todos os parques; e na posta en marcha da rede galega de reservas de biosfera. Pero tamén queremos prestar atención á repercusión importantísima que ten o noso patrimonio natural no ocio, no turismo e tamén na economía. Por iso intéresanos especialmente o ambicioso plan de promoción e posta en valor, que nos vai permitir nos próximos catro anos difundir ao máximo esta riqueza. E gustaríame que os grupos da oposición tamén falaran un pouco diso.

Temos espazos naturais que teñen unha proxección máis alá do ámbito conservacionista, e tamén nese ámbito, pero tamén máis alá; espazos que enriquecen a nosa identidade como galegos e galegas, espazos que nos unen e que nos enchen de orgullo. Falou a conselleira do Parque Nacional das Illas Atlánticas, falou tamén da praia das Catedrais, do monte Pindo, da Ribeira Sacra, dos canóns do Sil, das seis reservas de biosfera, das Fragas do Eume e do resto de parques naturais, O Courel e outros moitos máis. Señoría, este é un plan, é unha ferramenta para difundir e dar a coñecer o noso rico patrimonio.

Señorías, como acaba de dicir a conselleira, este mes aprobarase o Proxecto de lei de protección e benestar dos animais e iniciárase a súa tramitación parlamentaria. É unha lei que xa chega con importantes contribucións das organizacións de protección dos animais. PACMA, Libera, APADAN, Adopcións de Galicia, Infocircos e o Consello Galego de Veterinarios xa fixeron as súas alegacións, as súas aportacións a este texto. É unha lei cuns obxectivos penso que compartidos por case todos ou por todos os que estamos aquí: sacrificio cero e promoción da adopción e fomento da tenza responsable, loitar contra o abandono e

tamén loitar contra todo tipo de maltrato, incluídas as mutilacións por razóns estéticas. E nesta lei, como coa do patrimonio natural, esperamos que o paso pola Cámara enriqueza o texto e non derive nun debate estéril. Mire, señora Vilán, se non se aprobou xa é porque houbo eleccións e houbo que renovar esta Cámara; por iso agora o Consello da Xunta volve traelo. Puido non haber eleccións, vostedes seguirían tendo 18 deputados e seguramente que estarían vostedes moito máis contentos, pero non é así.

Conselleira, ten vostede razón: non podemos perder máis tempo, temos que combater o cambio climático con todas as ferramentas que están ao noso alcance, como ademais se nos recordou no Cumio de París e tamén no de Marrakech. Pensamos desde o noso grupo que foi un grande acerto a creación dunha Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que vai centrar e impulsar as políticas nesta materia; a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050; incorporar o cambio climático na xestión territorial; impulsar tamén a Estratexia galega de sustentabilidade ambiental e economía circular; crear o centro tecnolóxico de medio ambiente; e, por suposto, neste compromiso contra o cambio climático seguiremos apostando por unha xestión dos residuos moderna e eficiente. Porque, señorías, por moito que lles pese, en Galicia temos un referente internacional, que é unha empresa pública, solvente, eficiente e sostible, á que están adheridos voluntariamente o 94 % dos concellos, concellos do Partido Popular, concellos do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista e penso que tamén de Podemos. Pero non está feito todo, claro que non...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e por iso nós imos apoiar o continuo proceso de mellora nesta planta. Imos aumentar a súa capacidade nun 81 %, imos multiplicar por catro a súa aportación para a reciclaxe e, se aumentamos ademais o que reciclamos, imos reducir o depósito en vertedoiro, buscando chegar ao vertido cero. E sabemos que iso, señorías, non está a acontecer noutros modelos, pois incrementan o seu depósito en vertedoiro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TRENOR LÓPEZ: Ademais, claro que si, imos poñer en marcha unha planta de compostaxe industrial en Areosa, porque cremos que é compatible e que vai poder procesar 15.000 toneladas anuais procedentes de grandes produtores, que permitirá obter entre 3.000 e 4.000 toneladas de compost de boa calidade.

Xa para rematar, señorías,...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor. Non, remate xa, remate xa, estamos fóra de tempo.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...señorías, se temos que explicar a diferenza entre prezos con taxa e prezos correntes, imos mal, imos moi mal. Penso que iso é de primeiro de facultade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor, moitas grazas.

Réplica, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Boa tarde outra vez.

Tentarei darlles resposta ás intervencións dos representantes dos grupos parlamentarios que participaron nesta comparecencia para aclarar algunha das súas dúbidas e tamén para evidenciar —valla a redundancia— que os modelos son absolutamente distintos.

Señor Bará, para min o medio ambiente non é un slogan, e lamento profundamente que para vostede o sexa e que, polo menos, así o transmita na súa intervención. O medio ambiente é unha das pezas principais nas que a cidadanía, a sociedade no seu conxunto no día de hoxe e cada día está máis comprometida. E froito diso e do compromiso do presidente da Xunta de Galicia hai hoxe en día unha consellería en exclusiva dedicada non a fabricar slogans senón a desenvolver políticas que melloren a condición medioambiental.

Dicía vostede que tiñamos na nosa comunidade dous grandes buracos, e falaba expresamente da situación das nosas rías e mesmo tamén da situación de Sogama. A min gustárame aclarar aquí a postura, que non é política senón que é unha realidade, en torno ás rías e tamén en torno a Sogama, tal e como os distintos representantes parlamentarios faloron na súa intervención.

A primeira de todas, as rías, efectivamente foi un compromiso do Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009 mellorar a súa condición, o seu saneamento dende o principio. E temos que recordar, porque non é baladí, que o investimento neses anos, dende o ano 2009 ata o de agora, nas rías de Galicia é de 600 millóns de euros. E digo que non é baladí porque todos os que estamos aquí coñecemos ben as circunstancias económicas que acompañaron o noso país neses anos dende o ano 2009 ata o ano 2011.

¿Que foi o que conseguimos con este investimento? Pois conseguimos incrementar en oito puntos porcentuais a calidade das augas en bo estado; é dicir, pasamos do 70 % ao 78 % das masas de auga da nosa comunidade en bo estado. ¿Estamos satisfeitos? Non, non estamos satisfeitos, porque o 78 % non é o cen por cento. E por iso o novo Plan hidrolóxico da nosa comunidade ten investido e investirá de aquí ao ano 2020 uns 131 millóns, precisamente para acadar ese bo estado de todas as masas de auga das nosas rías. Con eses investimentos, señor Bará, que —como lle dicía— estarán executados ou executándose no ano 2020. Por certo, para falar do compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, onde obviamente en materia de saneamento e de abastecemento non é unha competencia exclusiva, que —como sabe ben— lles corresponde aos concellos. Polo tanto, que estean rematados os investimentos comprometidos pola Xunta de Galicia para a mellora do saneamento das rías vai ser unha realidade. Agora ben, os concellos, pola súa banda, tamén teñen que facer os seus deberes; non vale de nada non ter as redes separadas dentro do seu concello, aínda que teñamos as mellores depuradoras nas rías.

E falaba vostede tamén de Sogama. Pois si, efectivamente, sigo a defender ese modelo, ese modelo de xestión de residuos urbanos; un modelo, porén, respectuoso co medio ambiente,

por enriba de calquera dos indicadores medioambientais que vostede queira avaliar, sexa nas emisións de gases, mesmo tamén de reciclaxe. É a planta de tratamento de residuos urbanos da nosa comunidade, das tres que existen, que menos deriva a vertedoiro. Teño que recordar que as dúas plantas de residuos que existen na nosa comunidade, Nostián e Lousame nomeadamente, levan no vertedoiro entre o 50 % e o 60 % do que lles entra pola porta, e que aquí en Sogama ao vertedoiro se está a desviar o 25 % do que entra. Nela temos o firme compromiso, e por iso o investimento, de mellorar as nosas cotas de reciclaxe material, porque, evidentemente, tamén como os países europeos, sexa Alemaña, sexa Dinamarca, apostamos pola valorización enerxética, pero, sobre todo, apostamos por conseguir con ese investimento non só mellorar as nosas cotas de reciclaxe material senón reducir ata acadar o que se denomina «vertedoiro cero» tecnicamente, que é o noso obxectivo.

Podo non estar de acordo con vostede en todos os cualificativos que lle deu á xestión desta planta, o que si lle podo adiantar é que esta planta é absolutamente compatible —e de feito así o está a facer— con outro modelo do que vostede falaba, que é o modelo de compostaxe. Nós cremos que é un modelo compatible con Sogama. Tal é así que agora mesmo estamos investindo 3 millóns de euros precisamente para crear unha planta de compostaxe industrial —e digo e subliño industrial— procedente de residuos orgánicos que veñan de grandes centros produtores, precisamente para que veñan coa posibilidade de facer un bo compost, é dicir, que veñan ben separados.

Tamén estamos a apostar, e así o desenvolvemos, con seis mil composteiros particulares que temos distribuídos na nosa comunidade, porque cremos que é moi eficiente o compost de autoconsumo —por dicilo dalgún xeito—. E invítoa a que avalíe vostede a experiencia do compost comunitario, por exemplo, desenvolvida por unha deputación, a Deputación Foral de Guipúscoa, e despois de que avalíe vostede como lle foi a Guipúscoa, vostede mesmo falará. Dende logo, dende a Xunta de Galicia cremos que é perfectamente compatible e por iso estámolo a desenvolver.

Coa intervención da señora Vilán, a representante do Partido Socialista, ou do cuarto PSdG —como queira vostede, entre que somos cuarto de Medio Ambiente, por aí andamos—, agradézolle moitísimo a súa confianza na miña persoa e, sobre todo, a súa confianza nas miñas capacidades, porque agora quere que dende esta consellería se leven as competencias en materia forestal, se leven as competencias en materia industrial e forestal, se leven tamén as competencias da Axencia do Mar... ¡Home!, poderíamos avalialo, pero, dende logo, o modelo de estrutura da Xunta de Galicia xa está definido, e eu creo que é para dar resposta precisamente a cada un destes sectores dun xeito eficiente.

Dicía vostede que tampouco lle gusta o modelo de Sogama. Ben, pois tamén a súa formación política tivo a oportunidade de gobernar, efectivamente, e non fixo nada ao respecto; todo ao contrario: levaban ao vertedoiro daquela —cando gobernaba o Partido Socialista— case o 50 % do que entraba na planta de Sogama.

E di vostede: «e non están e están a contaminar continuamente». A ver, señora Vilán, fixemos un investimento —falaba o señor Bará diso— de transporte, precisamente para conseguir que no día de hoxe practicamente o 50 % do que se transporta de residuos á planta

de Sogama se faga por ferrocarril. Iso, evidentemente, fíxoo este Goberno.

E logo dicía vostede que non falabamos de urbanismo sustentable ou que non nos comprometíamos co urbanismo sustentable. ¡Home!, foron moitos os anos para poder garantir ter un novo texto actual, un texto que dea resposta ás necesidades en materia de ordenación do noso solo, sobre todo que protexa o rural e mesmo tamén a paisaxe. Pero o máis importante de todo é que garanta o desenvolvemento da ordenación municipal de todos os concellos.

E preguntaba vostede: ¿cantos plans se aprobaron? Cóllao con pinzas, porque a verdade é que non recordo exactamente se no ano pasado foron once ou foron dez, cóllao con pinzas; o que si recordo exactamente é que foron sesenta os que se aprobaron dende a nosa chegada no ano 2009. É dicir, máis dun 140 % de plans dos concellos, froito do traballo dos concellos, foron desenvolvidos da man da colaboración da Dirección Xeral de Urbanismo para o desenvolvemento da ordenación. Eu creo que iso é o suficientemente responsable, como é o feito tamén de levar adiante unha lexislación moderna que non só desenvolve leis senón que tamén desenvolve o seu regulamento, absolutamente esencial, que é pioneiro e o primeiro que se desenvolve na nosa comunidade.

Señor Sánchez, veño aquí como conselleira de Medio Ambiente e, polo tanto, dar resposta ás inquiredanzas e políticas do medio ambiente. E falaba vostede das térmicas, de carbón, de transporte, de «¿que vai facer vostede?». Ben, pois como a nós non nos gusta *ir al trum trum*, o que nos gusta é facer precisamente esa folla de ruta que vai ser a Estratexia da loita contra o cambio climático, onde definiremos que imos facer coas térmicas, que imos facer con transporte e onde o invito a que participe activamente porque a coñecerá. A estratexia terei que traela e quero traela a este Parlamento para que, evidentemente, na medida do posible se enriqueza.

E falaba vostede tamén dos vertidos e do saneamento das rías, pero sobre todo dos vertidos. ¡Home!, pois foi este Goberno quen foi quen, precisamente atendendo esas chamadas das que vostede falaba dos cidadáns, de inventariar o que antes non había —inventariar, só inventariar— os vertidos da nosa comunidade, que no día de hoxe están en nove mil, e dos que a porcentaxe é moi baixa e vertido non contaminante.

E continuando coa intervención do que queremos facer por diante. Dicía o señor Bará: «ponse vostede moitos deberes». ¡Home!, aínda queda por facer, obviamente non está todo feito, non para Galicia, para España e mesmo tamén para Europa. De feito, por iso hai unha estratexia evidentemente que marca obxectivos e por iso hai disposicións que se adaptan na lexislación estatal e na lexislación comunitaria. E dende a Xunta de Galicia queremos ter deberes, pero, sobre todo, queremos saber como facelos, e por iso marcar as follas de ruta para definir como desenvolver as nosas políticas ambientais.

E eu creo que fun —e gustaríame aclaralo— clara nas novidades que queremos desenvolver en adiante. Non había e non houbo un plan de promoción e posta en valor do noso patrimonio natural; non se preocupe, señora Vilán, seremos quen de protexelo e mesmo tamén de dinamizalo económica e socialmente. Non había e agora hai unha rede galega de reservas da biosfera, que está agora mesmo en tramitación e que permitirá que traballen en sinerxía.

Non había e haberá unha estratexia galega de cambio climático para fixar todas esas medidas que lle preocupan ao deputado Sánchez. E mesmo tamén non había e haberá unha estratexia galega de economía, de sustentabilidade e economía circular. Como non había tampouco o cálculo da pegada ecolóxica na nosa comunidade, que é unha ferramenta clave, que é a nosa radiografía, que é a maneira de dicirlle a Galicia e de medir con eficacia se as medidas que estamos tomando en materia medioambiental están a influír ou non no cambio climático. Non había e haberá un centro tecnolóxico de medio ambiente. E non había ninguén que empoderara os nosos ríos e haberá un observatorio de ríos, precisamente para avaliar en profundidade todas as políticas que poidamos desenvolver, e tampouco había un plan director para eses ríos. Como queremos tamén desenvolver a Estratexia de infraestrutura verde na nosa comunidade, precisamente unha rede de espazos naturais e seminaturais planificados estratexicamente para ofrecer unha ampla gama de servizos ecosistémicos, e mesmo tamén desenvolver os plans territoriais.

En definitiva, señoría, esta consellería, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, creada expresamente polo presidente da Xunta de Galicia para facer desta área non un slogan senón unha área primordial para a nosa consellería. Desde esta consellería ocupámonos de cumprir e de facer cumprir toda a lexislación en materia de medio ambiente, de ser consecuentes e ser comprometidos para non só cumprir coa palabra dada, con esa palabra dada que no día de hoxe nos ten colocados no Goberno, senón tamén, evidentemente, para mellorar as circunstancias que acompañan a nosa comunidade non só no presente senón tamén no futuro.

E por iso, polo respecto ao medio ambiente, porque queremos seguir fomentando o consumo responsable da auga, porque seremos quen de poñernos á cabeza da loita contra o cambio climático, porque avanzaremos nun urbanismo sustentable, dado que é vital ter un urbanismo sustentable para poder garantir o desenvolvemento económico e social da nosa comunidade, e porque queremos avanzar na protección da nosa paisaxe e do medio natural, este Goberno avanzará con esas follas de ruta e esas estratexias que queremos desenvolver nos próximos catro anos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Abrimos unha rolda especial de dúplica. *(Pausa.)*

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Si, moitas grazas.

Hai algunhas cuestións que me gustaría comentar a respecto da súa intervención, tanto da primeira como da segunda. Por exemplo, vostede falou dun plan director de patrimonio natural con vinte e nove actuacións e un investimento —crin entender— de 4 millóns de euros. Paréceme unha cantidade bastante escasa, pero, en todo caso, vostede xa nos explicará a que se vai dedicar.

Nós o que lle propuxemos xa no debate dos orzamentos, e tamén lle propoñemos aquí, é que se apliquen en ampliar a Rede Natura. Estamos no último posto do Estado en canto a espazos naturais protexidos, estamos no 12 %. Vostede comparouse con outras zonas, e eu dígolle que se comparen, por exemplo, con Asturias, que é realmente si un modelo a seguir en protección dos espazos naturais e en utilización turística tamén da natureza.

Falou vostede tamén na súa intervención da Lei de protección animal, e nós facémoslle unha proposta concreta: prohiban as touradas, (*Murmurios*.) e tramiten a proposición de lei que presentou o BNG neste Parlamento. Esa é unha medida efectiva e eficaz de protección animal.

Con respecto ás rías, a realidade é a que é, a realidade é que vostedes fixeron 600 millóns de investimentos, pero o sector marisqueiro e o sector pesqueiro están denunciando todos os días a situación crítica que teñen as nosas rías, e están aí as denuncias tamén da Unión Europea. O que lle pedimos é que en lugar da política de parches fagan unha política de rexeneración integral das rías onde impliquen o Goberno do Estado e tamén outros departamentos da Administración autonómica, e, sobre todo, que pelexen por ter as competencias en materia de costas, en materia de mar, en materia de augas, que é verdadeiramente o que nos dá capacidade para actuar neste ámbito.

Seguen vostedes erre que erre con Sogama, de aquí non se baixan. Realmente, eu creo que xa demostramos que é un sistema ineficiente, que é altamente contaminante, que é caro, que beneficia a empresas privadas e que incumpre —non me respondeu vostede a isto— o Plan marco estatal de residuos, que prevé a reciclaxe, a reutilización do 50 % dos residuos antes do ano 2020. E con este sistema non o van cumprir; xa llelo dicimos: non o van cumprir. Vostedes están metendo inxentes cantidades de diñeiro para seguir apostando por este sistema que non nos vai permitir cumprir eses obxectivos. E dígolles máis: vostedes no seu propio plan fixan que a produción de residuos na comunidade é de arredor dun millón de toneladas. Pois ben, a ampliación de Sogama vai no camiño e din que vai ter capacidade para tratar todo o lixo que se produce en Galiza, o cal quere dicir que vostedes non apostan pola compostaxe porque queren tratar polo sistema de Sogama, é dicir, polo sistema de incineración, todo o lixo que se produce en Galiza. Acaban de adxudicar contratos por 490 millóns de euros. Iso chámase dispendio, chámase despilfarro, chámase malgasto.

Nós propoñémoslles un pacto, un acordo contra o cambio climático que pasa polo cambio do modelo económico, do modelo social e do modelo ambiental, e que ten medidas concretas como, por exemplo, o cambio da política enerxética. Dicímoslles que acaben co veto, por exemplo, ás enerxías renovábeis e que lle poñan couto tamén ao monopolio eléctrico, pois xa sabemos onde nos leva, á parte das consecuencias que ten con respecto ao cambio climático.

Propoñémoslles tamén un cambio no modelo de mobilidade, que non é competencia da súa consellería, pero o Goberno ten que ter unha política integral contra o cambio climático, e a mobilidade é un elemento central nese sentido. E propoñemos que aposten por formas de mobilidade saudábel, sustentábel e segura, ademais doutro modelo de mobilidade nas estradas tamén que aposte polo transporte público, que aposte polo ferrocarril, que aposte polo ferrocarril de cercanías, e que asuman as competencias, que reclamen as competencias nesta materia.

Tamén lles propoñemos unha política alternativa á de residuos que están aplicando. Xa expliquei este tema creo que con suficiente amplitude.

Tamén lles propoñemos que desenvolvan unha política forestal e que desenvolvan unha visión multifuncional do monte. Iso tamén é loitar contra o cambio climático. Non o é favorecer a proliferación de cultivos enerxéticos e a barra libre á biomasa, pois iso ao que nos leva é a unha deterioración aínda maior da paisaxe e do monte galego. Tamén unha política distinta con respecto á biodiversidade e co incremento da superficie protexida e de ordenación do territorio, así como co desenvolvemento dos instrumentos de protección.

Polo tanto, se de verdade falan de diálogo e falan dun pacto, tería que ser tamén un pacto para acabar coa discrecionalidade no reparto de fondos públicos que vostedes aplican, por exemplo, cos orzamentos de Augas de Galicia, que xa denunciámos aquí. Se realmente van facer un pacto local pola auga empecen tamén por corraxir estas prácticas partidistas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E se queren un pacto, que sexa non un pacto para impoñer, para aplicar o R que realmente máis lles gusta a vostedes, que é o R do rodillo —ese é o R realmente que a vostedes lles gusta aplicar—. Se queren chegar a acordos aquí están as nosas propostas, aquí llelas deixamos. Realmente o que non imos facer é avalar políticas erradas contrarias ao sentido común e contrarias ao medio ambiente e que implican un gasto desmesurado.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, do que vostede nos acaba de contar eu voume centrar en tres cuestións, porque o debate foi moi longo e temos pouco tempo.

Fala vostede do cambio climático. E como para vostede Sogama é ese modelo que debe ser copiado internacionalmente, puxo vostede como exemplo varios países da Unión Europea, entre eles Alemaña, dicindo que Alemaña levaba moito á incineración. Pero hai un dato, conselleira, que vostede non nos conta, e é canto chega ás plantas e que tipo de lixo chega ás plantas de incineración alemás, e que cantidade de lixo e que tipo de lixo chega a Sogama para a súa incineración. Hai que ter en conta, ademais, que coa crise o nivel de consumo baixou e, polo tanto, o que entra en Sogama é moi distinto en cantidade do que entraba no momento do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño, precisamente porque habendo menos consumo hai menos cantidade que entra na planta de Sogama, e vostede sábeo ben.

Estaría ben que xa que instalaron seis mil composteiros en Galicia, por Galicia adiante, recoñeza vostede que facer un sistema integrado coas outras plantas que se encargan tamén de facer compost e que non son Sogama sería un bo sistema integrado para aplicar en Galicia.

E, conselleira, é que vostedes non fixeron ningunha liña de ferrocarril máis para que Sogama se poida beneficiar. É verdade que o 50 % chega a través de ferrocarril, é por algo moi sinxelo: porque A Coruña, Vigo, Pontevedra, Santiago e Ourense están conectadas con Cerceda a través do ferrocarril, e son as que máis consomen porque teñen máis habitantes. (*Aplausos.*) O resto —é moi sinxelo, conselleira— dos máis ou menos trescentos concellos de Galicia transporta o seu lixo a través de camións, non a través de ferrocarrís, porque non o teñen; non é que non se poidan desprazar só as persoas. Conselleira, eu utilizo o ferrocarril todos os días, e de verdade que dende Bande non hai ferrocarril. Dende Bande terá que haber un camiión que se traslade a Ourense, e desde Ourense irá a través dos ferrocarrís que, especificamente, ten Sogama para trasladar o lixo. Se vai vostede á estación aquí de Santiago, para un rato pola tarde e xa ve como pasan os vagóns, pero, dende logo, dende Bande seguro que non veñen.

Conselleira, onte mesmo saía unha noticia —e hoxe— que di que Bruxelas critica España porque dos vinte e oito países da Unión Europea somos o número 23 con ingresos máis baixos por fiscalidade ambiental. Critáncanos porque somos dos últimos pola cola por non ter unha estratexia global para eliminar as subvencións nocivas para o medio ambiente, porque non temos ningún imposto que grave máis as actividades contaminantes e as desincentive. Gustaríame saber se vostede está nesta mesma estratexia de Galicia, de ser o último da cola dos países da Unión Europea en aplicar impostos á contaminación sobre o medio ambiente. Estaría ben que vostede tome un café con conselleiro de Economía e Industria, e ademais de dicirlle que a Axencia de Industrias Forestais podería vir para a súa consellería, pois que lle diga tamén que tipo de impostos —e tamén co conselleiro de Fazenda— van impoñer sobre a contaminación ao medio ambiente, para deixar de ser o país 23 España —e pódelle contar tamén a Mariano Rajoy e ao seu primo—, que tipo de impostos se van impoñer para que non sexamos dos últimos da cola, «o derradeiro da ringleira» que se dicía nunha determinada época.

Fala vostede do bo estado ecolóxico das augas, conselleira, e que dende 2009 son prioritarias. ¿E que conseguimos? Pois conseguimos que a Unión Europea nos sancionase de novo —ese é o seu resultado— polo mal estado ecolóxico das nosas augas. Iso é o que conseguimos coa súa política de saneamento e de depuración.

Está ben que o seu modelo sexa o da EDAR de Ribeira, con —repito— 475 denuncias; non só o seu senón o do anterior conselleiro de Medio Ambiente, que prometía 3 millóns de euros para infraestruturas relacionadas coa EDAR de Ribeira. Ese é o seu modelo de saneamento e depuración, polo visto.

E remato con biodiversidade. Quedamos máis tranquilos porque nós criamos que podía ser que o debate non fose no Hórreo, senón que se trasladase a María Pita, coa intervención do voceiro do Partido Popular, pero que pode ser. Conselleira, como soaba o seu nome para a alcaldía da Coruña, pode ser que vostede teña un competidor que se instale en María Pita, e o que se quere instalar en María Pita veu hoxe aquí defender aquilo da Solana (*Aplausos.*) ...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vaia rematando.

A señora VILÁN LORENZO: ...—vou rematando, presidente—Por certo, o debate sobre a Solana está ben chegar ao Parlamento cando inicia a lexislatura, porque o debate sobre a Solana foi a semana pasada. ¡Lástima que vostede chegase xustamente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) nesta semana e neste pleno!

Quedamos tamén máis tranquilos porque dinos vostede, conselleira —e remato xa, presidente— que o observatorio sobre os nosos ríos xa non é que os faga máis sensibles, como a ría de Pontevedra, senón que vostedes os van empoderar. Pois de verdade que quedamos moito máis tranquilos. Non empoderan as mulleres, e só fai falta ver cantas conselleiras hai no seu Goberno e tantos conselleiros, pero empoderan os ríos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Antes de nada, darlle a benvida ao señor Trenor, a quen lle falta un pleno para chamarnos «bolcheviques». (*Risos.*) Falou, iso si, nun ton despectivo de *okupas*, non fala nun ton despectivo cando hai vinte mil vivendas baleiras na Coruña, ou trescentas mil en Galicia (*Aplausos.*), pero dos *okupas* si que fala en ton despectivo.

Falou dos meus amigos. Eu, por agora, non me avergonzo de ningún amigo que teño. Vostedes xa levan varios dos que renegaron, ¡eh! ¿Empezo a facer a lista dos amigos dos que renegaron? Hai un deputado do PP que non renega de Camps, que non renega de Gürtel, de Correa, de etcétera, (*Risos.*) ningún, ningún, non renega, vostede... Si, señor, é coherente, debían ser todos coma vostede, todos coherentes, e non reneguen dos que van caendo. ¿Renega de Bárcenas, vostede?

(*Un señor deputado exclama: ¡É que non o coñezo!*). (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, e deixen falar ao que está no uso da palabra.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...Como lle dicía, señor Trenor, eu non renego...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E vostede non se dirixa aos deputados. Silencio, ¡silencio!

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non renego de ningún amigo, coma vostedes que van deixando unha ringleira de amigos dos que renegan.

E, despois, do modelo do Concello da Coruña. Non, non, claro, o modelo do Concello da Coruña, ¿a quen se refire?, ¿ao modelo de Negreira, da Pikachu e de Julio Flores, señor Trenor? Dese si que non me sentiría moi orgulloso. Igual que en Compostela do modelo de Conde

Roa e dos outros dous alcaldes tampouco me sentiría moi orgulloso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Dos de agora, si.

Falaba de diálogo, señor Trenor, xa se ve, xa se ve que diálogo hai. Primeiro, xa se viu onte... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Tranquilos, tranquilos. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa se ve, xa se ve... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Señora Prado, xa falou bastante, ¡oh!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, garden silencio.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Xa se ve que diálogo houbo onte, xa se ve que diálogo hai hoxe, por dúas razóns:

Vostede acabou dicindo o de sempre: gañamos nós as eleccións e, polo tanto, non temos que incorporar ningunha suxerencia que poida facer a oposición. Iso díxoo vostede aquí.

E, por outro lado, tamén a señora conselleira, que non dixo nada, primeiro, porque, claro, o da Solana e o de votar a favor da privatización dos terreos dos coruñeses e as coruñesas hoxe non toca, porque non estamos para iso, foi o que dixo, que non estamos no ámbito adecuado para que vostede conteste. O outro día fixen unha pregunta, tampouco veu contestar. Non sei en que ámbito vai vostede contestar algunha vez por que votou a favor de privatizar os terreos dos coruñeses e das coruñesas, e que o explique, claro.

Pero é máis: veu facer unha comparecencia e fala de catro eixos. Un dos eixos é a loita contra o cambio climático, e cando se lle fala de cuestións transcendentales e concretas, vostede di que non toca porque hai que traer a estratexia aquí ao Parlamento. E entón aínda non temos ningunha contestación da conselleira sobre o sistema de mobilidade, sobre o sistema de xestión de residuos, sobre o sistema de distribución alimentaria, sobre a cuestión das térmicas, etc. Entón, ¿a que vimos aquí? Porque eu niso non fixen demagogia, eu falei das cuestións que son o 99 % das causantes dos gases de efecto invernadoiro, e vostede contestoume que xa virá a estratexia. Evidente, ou sexa, nese punto estamos. É dicir, cando veña a estratexia, 2017, ¿que fixeron ata o de agora? Porque xa sei que vostedes recortaron ata un 70 % das políticas ambientais, iso é certo. Pero vostede dirame que foi a crise, que houbo recortes de ingresos. Ben. Pero para facer unha estratexia para o loita contra o cambio climático non fan falta cartos, fai falta vontade, e vostedes levan oito anos de goberno, e aínda non teñen nin sequera esa estratexia, non teñen nin sequera o diagnóstico. Vostede vén aquí facer xogos florais.

A ver se entendín eu ben, e van ampliar a superficie da Rede Natura, polo que dixo. ¿Que pasou co Plan director da Rede Natura que aprobaron? ¿Por que nese momento non se ampliou a superficie e agora si? ¿Por que non se fixo caso ás recomendacións da Unión Europea naquel momento? Porque aquel Plan director da Rede Natura non incrementaba a superficie e aumentaba a desprotección das zonas en teoría protexidas.

Falouse aquí tamén do saneamento das rías. Ben, temos moitos exemplos de como funcionan vostedes con iso. A operación Frontino co señor Arias Cañete, sobrecustos nas estacións de-

puradoras. Pero aquí e en Ferrol, aquí en Ferrol déronlle 38 millóns de euros a Florentino, e estaban cobrándolle á xente a taxa de depuración e a auga saía sen depurar, ¡eh!, que tivo que vir o alcalde de Ferrol descubrir toda esa senvergoncería, ¿entende? Vostedes están cobrando taxas de depuración por non depurar. *(Aplausos.)*

En canto aos impostos, claro que si. ¿Sabe vostede cantos impostos por contaminación atmosférica recadaron o ano pasado?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Catro millóns e medio. Fronte a esas causantes do 70 % de gases de efecto invernadoiro, vostedes cóbranlles catro millóns e medio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Sánchez.

Rolda para o Grupo Parlamentario Popular, para o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Si, moitas grazas.

Señora Vilán, terá que explicarme vostede ben que é iso de que vostedes levaban o 50 % ao vertedoiro porque non había crise, e agora como había crise, ou como houbo unha crise, levamos a metade. É dicir, entón, incluso agora virán vostedes dicir que a crise esta provocou algún efecto positivo, polo menos no que é a xestión de residuos.

Pero, señora Vilán, vostede fai uns argumentos que custa moito entender, francamente; quizais porque vostede está obsesionada con algunhas cousas que é para facelo mirar. Mire, vostede está con quen é o responsable dun organismo ou o responsable doutro organismo, que se é un conselleiro, se é a conselleira ou se era da outra conselleira. Mire, olvídense xa, deixe o Bipartito, iso xa acabou; agora hai un Goberno, non hai dous; agora non hai que andar pelexándose polos organismos, non hai que provocar conflitos para que se coordinen os diversos departamentos da Xunta de Galicia, porque pertencen ao mesmo Goberno. Por iso lle digo: olvídense do Bipartito.

Señor Sánchez, se lle preocupa tanto a vivenda da xente que vive na miña cidade, executen o orzamento que teñen para vivenda, que foron incapaces de facelo, e executen tamén o orzamento para servizos sociais, para a xente que se queda sen vivenda, que tamén o deixaron sen executar. E despois de facer todo iso, súmense ao Plan de vivendas baleiras da Xunta de Galicia. E seguramente que con iso axudará moitísimo máis aquela xente que ten problemas de vivenda na miña cidade.

Señorías, como lles dixi a conselleira, atopámonos nun momento clave para conseguir alcanzar un nivel real e global de desenvolvemento sostible; un desenvolvemento que permita o aproveitamento dos recursos, a calidade e o benestar das xeracións actuais, pero que ao mesmo tempo non poña en risco e garanta o seu disfrute por parte das xeracións futuras.

Protexer, conservar e poñer en valor esas riquezas do noso patrimonio natural é un desafío que temos a obriga de afrontar e superar con éxito.

E ese é o obxectivo das iniciativas que lle relatou a conselleira, cuxas novidades son —estas son as que eu puiden extraer, pero seguramente que había moitas máis—: por primeira, contará cun plan de promoción e posta en valor do patrimonio natural; actualízase o marco normativo para a protección do noso patrimonio renovando a norma vixente de 2001; levará a cabo a ampliación da superficie da Rede Natura; poñerá en marcha a rede galega de reserva da biosfera, e traballará para que a Ribeira Sacra sexa declarada reserva da biosfera; aprobarase a Lei de protección dos animais e desenvolverase o seu regulamento; deseñará medidas para completar o novo marco normativo; vai poñer en marcha tamén a primeira estratexia galega do cambio climático e enerxía 2050, na que se reforzarán as principais liñas de actuación na loita contra este fenómeno e situarnos como un referente a nivel europeo; tamén fará a estratexia de sustentabilidade ambiental e economía circular; tamén implementará unha ferramenta que nos servirá para calcular a pegada ecolóxica en Galicia; creará o primeiro centro tecnolóxico de medio ambiente co que contará a nosa comunidade; completará no Horizonte 2020 o saneamento integral das nosas rías; mellorará a xestión e conservación dos nosos ríos, creando o observatorio de ríos permanente e elaborando un plan marco director de actuacións; mellorará a xestión homoxénea da auga buscando o impulso do Pacto local da auga a través da sinatura dun convenio coas administracións que participan nel.

E en relación coa ordenación do territorio desenvolverá a primeira estratexia de infraestrutura verde, empezando pola Área Metropolitana da Coruña; actualizará e renovará a Lei de ordenación do territorio, obsoleta tras vinte anos; poñerá en marcha medidas clave en materia urbanística, que completarán todo o traballo desenvolvido neste eido —o plan básico autonómico, os plans básicos municipais—, e redactará tamén as normas básicas de planeamento; ademais desenvolverá a rede de plans territoriais integrados.

Señorías, estamos empezando a lexislatura e teñen vostedes dúas opcións: colaborar, contribuir, respectar o mandato das galegas e dos galegos, ou, pola contra, obstruír e bloquear. Por agora apostaron vostedes por esta última opción, pero —como lles digo— estamos empezando a lexislatura e aínda poden incluso emendarse a si mesmos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Ten agora a rolda de dúplica a señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a señora Mato Otero.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Tentarei dar resposta tamén nesta última intervención non só do compromiso do Goberno, reincidirei nel obviamente, senón tamén nas dúbidas que plantexa o señor Bará.

Son catro millóns de euros, si, pero son para un plan de promoción do noso patrimonio natural, porque no que ten que ver cos investimentos que estamos a dedicar a mellorar as infraestruturas propias dos parques naturais, non ten nada que ver con este presuposto; son uns dous millóns de euros anuais os que estamos a destinar só única e exclusivamente aos parques naturais. Non lle teño o dato agora para dicirlle do resto dos espazos protexidos.

Falaba vostede de que collía o meu guante, ese guante que lle dicía de tentar chegar a un pacto. Eu pódolle garantir que avaliarei polo miúdo esas propostas —que di vostede que vai traer a este Parlamento— dese pacto neste caso contra o cambio climático.

Señora Vilán, non por incidir na intervención do deputado popular, pero obviamente o 50 % do que chega, sexan 100.000, sexan 400.000 toneladas, é o 50 %. O que digo é que entrara o que entrara o 50 % ía para o vertedoiro. Esa era a política que se desenvolvía en Sogama cando o Partido Socialista estaba á fronte do Goberno da Xunta de Galicia.

E logo falaba vostede tamén sobre que estabamos sancionados na nosa comunidade precisamente polo noso modelo de depuración. Non, aínda non estamos sancionados. De feito, temos a firme esperanza de que Santiago, Vigo e mesmo tamén Ribeira non teñan esa sanción da Unión Europea, precisamente porque fomos quen, a través do Goberno do Estado e, sobre todo, do investimento da Xunta de Galicia, de facer unha serie de infraestruturas e investimentos que no día de hoxe xa teñen substancialmente mellorado a calidade das augas, entre elas Ribeira.

E dicía vostede: «vostede aposta polo modelo de Ribeira». Teño a oportunidade de contestar mañá exactamente en concreto polo modelo de Ribeira. Eu aposto polo modelo de Vigo, por exemplo, que é o investimento máis grande en materia de depuración que fixo o Goberno da Xunta de Galicia endexamais. Por ese modelo aposto. E que teña que escoitar aquí neste Parlamento o modelo de Ferrol e que me poñan como exemplo o modelo de xestión en materia de saneamento do Goberno local de Ferrol, señor deputado Sánchez, ¡home!, a verdade é que debe informarse un pouquiño mellor, infórmese un pouquiño mellor. Porque o que leva ese concello e o que leva prexudicado ese concello, única e exclusivamente grazas á inactividade e, por suposto, a que non teñen presuposto, a ría de Ferrol..., porque dende hai máis de sete meses, en concreto dende xuño do ano pasado, está á disposición dese concello a conexión aos colectores que van garantir eliminar os vertidos que van directamente ao chou á ría, e que no día de hoxe está prexudicando o funcionamento da depuradora de Ferrol, ¡home! Ese, dende logo, pódolle garantir que non é o modelo que dende a Xunta de Galicia queremos levar. Xa que fala vostede con el, polo que vexo, pídalle que conecte xa dunha vez un investimento que non fixo el, que foi desenvolvido polo Estado e pola Xunta de Galicia, que o conecte xa, que quite xa os vertidos da ría, que poña á disposición eses colectores para que mellore o funcionamento da depuradora, que no día de hoxe non está a funcionar ben porque ao alcalde non lle dá a gana, ou non pode; tamén todo pode ser: que non lle dea a gana ou non poida.

¡Ah! e, por certo, pídalle que firme uns papeliños. Porque por culpa de que non firma uns papeliños non podo investir 7 millóns de euros en saneamento da ría, señor deputado Sánchez. Non podo investir 7 millóns de euros porque o alcalde de Ferrol non firma un papeliño. Fixémoslle o traballo, fixémoslle os informes, o único que ten que facer é firmar, e non é

quen de asinar para mellorar o estado do saneamento dunha ría. E logo di que lle preocupan as circunstancias nas que se atopa o sector marisqueiro. ¡Home!, pois se lle preocupa, que faga o que ten que facer: o primeiro de todo gobernar.

Mentres tanto dende a Xunta de Galicia seguiremos apostando —como lle dicía— por dar respostas ás políticas e ás necesidades que en materia de medio ambiente ten a nosa comunidade autónoma. No día de hoxe estamos ao principio dunha lexislatura, dunha lexislatura que ten colocado ao Partido Popular á fronte deste goberno. Dunha lexislatura onde, efectivamente, queremos levar adiante a nosa folla de ruta e a nosa estratexia: o primeiro de todo, na loita contra o cambio climático. Non veño aquí dicir cales van ser as medidas exactamente, senón dicir que tentarei traballar con todos os axentes sociais, con todas as entidades, coas universidades e mesmo tamén, evidentemente, con todas as administracións, os departamentos da Xunta de Galicia e as outras administracións, para escribir esa folla de ruta que vai ser a loita contra o cambio climático. Porque, evidentemente, queremos avanzar e queremos estar na cabeceira dese tren que ten que ser o compromiso das administracións en algo que non podemos e que é absolutamente irrenunciabile, e que dende a Xunta de Galicia xa estamos a levar.

E falaba de que longo o fiaba. Pois ata o ano 2050. ¡Home!, poderá vostede entender —supoño—, se está implicado no medio ambiente, que as circunstancias e a eficiencia das políticas medioambientais non se miden dun ano para outro.

E seguiremos avanzando, efectivamente, en levar adiante unha estratexia de sustentabilidade ambiental e fomentar a economía circular, para facer algo que é importante e que vai marcar as decisións da nosa política, que é coñecer a pegada que temos agora ecolóxica na nosa comunidade; tamén en poñer en marcha un centro tecnolóxico de medio ambiente; e, por suposto, avanzar nunha xestión que sexa máis eficaz dos residuos, nunha xestión que sexa sostible e tamén en mellorar a normativa ambiental.

Quero facer especial fincapé nunha defensa que estamos a levar adiante, que é a do noso patrimonio natural. Cremos que, se Galicia é un referente no seu patrimonio cultural, pode selo tamén no seu patrimonio natural. Por iso incrementaremos o espazo da Rede Natura e por iso seguiremos a avanzar na súa protección, conservación e posta en valor. Pero, porque cremos que para iso temos o recoñecemento de turismo sustentable, tamén por iso seguiremos desenvolvendo unha política de turismo, unha política económica e unha política social que conservándoo e preservándoo dinamice a nosa comunidade autónoma.

E mesmo tamén levaremos adiante distintas leis: a Lei do patrimonio natural; mesmo tamén a creación da Rede galega de reservas da biosfera; a Lei de protección animal, que entrará en breve neste Parlamento; e, por suposto, ese obxectivo no que o presidente da Xunta de Galicia está a traballar arreo dende o primeiro momento, dende o ano 2009, que é o saneamento das nosas rías.

Como dicía, o saneamento das nosas rías vai ser o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia, o primeiro compromiso, pero volvo incidir en que de nada serve que se poidan facer depuradoras se os concellos non fan os deberes; é dicir, se os concellos non exercen as súas

competencias en materia de saneamento mellorando expresamente as súas redes, se non de nada servirá.

E por iso queremos levar adiante unha negociación na que xa estamos traballando coa Fe-gamp precisamente para acadar ese pacto local da auga, que eu mesma proporei unha sinatura precisamente para poder definir entre todos nós e optimizar entre todos nós os investimentos públicos, que é diñeiro de todos os galegos, e, sobre todo, a recuperación dos custos destes investimentos públicos, porque así o di a directiva comunitaria e porque así o di a utilización de fondos comunitarios precisamente para facer estes investimentos.

E queremos poñer, en primeiro lugar tamén, os nosos ríos, esa Galicia que coñecemos todos como «a Galicia dos máis dos mil ríos», cun organismo que crearemos a través dun decreto, que será o observatorio dos ríos, onde falarán, participarán, debaterán e proporán distintas medidas estamentos como as universidades, as entidades e asociacións que traballan, viven ou disfrutan dos nosos ríos e, por suposto, todas as administracións.

E, ¿como non?, quero deixar para o final algo que é imprescindible para o desenvolvemento de toda a economía da nosa comunidade, que é o urbanismo; un urbanismo responsable, un urbanismo sustentable e, por suposto, a protección da súa paisaxe. Non pode haber ningunha dúbida de que dende o Goberno da Xunta de Galicia dende o ano 2009 se deron os pasos suficientes en materia lexislativa precisamente para non só protexer a nosa paisaxe, protexer tamén o medio rural, senón para desenvolver ese urbanismo responsable ao que todos apelamos. Iso foi froito de toda a lexislación, pero especialmente da aprobación da Lei do solo, do seu regulamento e do compromiso que a partir de agora nos próximos catro anos temos co desenvolvemento dunha nova Lei de ordenación do territorio, co desenvolvemento dos plans básicos, sobre todo os plans básicos municipais, e, por suposto, co desenvolvemento dos plans territoriais.

Pola miña parte nada máis, hoxe esbocei as liñas principais, que non todas, que quere levar adiante a Consellería de Medio Ambiente nos próximos catro anos, pero, evidentemente, este Parlamento é soberano e, polo tanto, terei a oportunidade de esmiuzar polo miúdo cada unha das accións que de aquí a catro anos desenvolveremos dende esta consellería.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo de financiamento autonómico prevista para o ano 2017

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): E agora pasamos ao debate da primeira das mocións, como foi comunicado á primeira hora, do Grupo Parlamentario dos Socialistas, por iniciativa de don Xoaquín María Fernández Leiceaga.

A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

(O G.P. Popular de Galicia, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación e de adición.

Débase substituír no texto da parte resolutiva da moción, así como engadir nela o seguinte:

<<1. Supresión do punto número 1 da Moción.

2. No punto 2 letra a) engadir ao final: “...no que respecta ao orzamento financiado con fondos propios”.

3. No punto 3 suprimir as letras b) e c).

4. No punto 4 suprimir a letra b).

Na letra d) engadir a palabra “máis” entre “participación” e “efectiva”.

5. No punto 5 na letra c) engadir tras “AEAT cooperará” a frase “dun xeito mais efectivo...”.

6. No punto 6 substituír o texto da letra b) polo seguinte texto:

“Debe reformularse a regulación da regra de gasto de xeito que se posibilite unha aplicación máis flexible ás comunidades cumpridoras cos criterios de déficit e débeda inferior á media das CC.AA.”.>>)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a moción ten a palabra o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días ou case boas tardes.

Esta moción é consecuencia da interpelación que substanciamos hai quince días. E eu creo que converxen nela dous debates que están tendo lugar neste Parlamento desde o inicio:

O primeiro ten que ver co modelo de financiamento do ano 2009, e aquí hai entre uns grupos e outros coincidencias e diferenzas. Nós cremos que as características do modelo son mellorables, por iso a proposta que recolle algunha das observacións que fixo o propio conselleiro na interpelación, no sentido de que, ademais de propostas concretas, deberíamos incorporar referencia a criterios máis xerais, e, por tanto, isto incorporámolo á emenda. É mellorable —xa digo— ese modelo nas súas características. Nós intentamos melloralo a través desas máis de vinte propostas concretas organizadas en varios bloques.

Os resultados globais do modelo do 2009, en termos puramente financeiros de recursos, son insuficientes a pesar de que se incorporaron a ese modelo entre o 2009 e o 2011 uns 11.600 millóns de euros adicionais. Entre outras cousas, porque houbo unha caída da recadación polo impacto da crise, moi aguda xustamente nese momento en que comezaba a implantarse o modelo. Porque o modelo carecía de mecanismos de estabilización e a crise impactaba directamente sobre as posibilidades de recadación das propias comunidades, pero tamén daqueles impostos centrais que financiaban despois as comunidades, e non había mecanismos

de estabilización adecuados. Pero tamén hai que recoñecelo así pola política fiscal do Goberno de España a partir do ano 2012, que fixo recaer o axuste sobre as comunidades autónomas nunha proporción moi superior á que representa o seu gasto no conxunto das administracións. Desde o 2011 ao 2015 —datos do propio Goberno— o déficit das comunidades autónomas redúcese case un setenta por cento, un 67 %, mentres que o da Administración central se reduce o 21 % no mesmo momento. O déficit redúcese moito máis, o axuste é moito maior nas comunidades autónomas.

E ademais hai que ter en conta que se aplican de forma extremadamente discutible, con escaso respecto á lealdade institucional, algúns elementos do modelo. Pois, por exemplo, cando o Goberno do señor Rajoy sobe o IVE, que un cincuenta e tantos por cento financia as comunidades autónomas, sen embargo estas non reciben un euro máis de recadación, toda a recadación adicional vai ao Goberno central porque, aínda que se incrementan as transferencias por IVE, estas dedúcese dos outros fondos, polo tanto, ao final, en termos netos, as comunidades non reciben nada.

E o terceiro elemento do modelo que estamos discutindo é a posición de Galicia. Aquí sabemos que desde o principio, desde o ano 2009, se mantén —ata o ano 2015 cando menos— a posición do Goberno actual da Xunta. A do Goberno no ano 2009 era que Galicia estaba mal tratada polo modelo, que era insuficiente. Nós non compartíamos este criterio. Galicia recibía arredor do 6,8 % —resumindo, case un 7 %— dos recursos totais, moi por riba da súa poboación; o modelo non tiña en conta, aínda que seguramente se pode mellorar e pode ser mellorado, factores como o avellentamento ou a dispersión, polo tanto, dicíamos: isto pode mellorarse, pero a posición de partida non é tan deficiente.

¿Que propoñemos na moción? Pois, primeiro, propoñemos mellorar as características do modelo. Xa digo, vinte propostas con abertura. Estamos dispostos a falar de como facer a mellor das formulacións para que poidamos sentirnos todos máis cómodos con esta proposta.

En segundo lugar, manter ou mellorar a posición de Galicia, e, polo tanto, que ese 6,8–7 % poida ser, cando menos, mantido, se non mellorado, á alza.

En terceiro lugar, queremos tamén que o importe global de fondos destinados as comunidades autónomas teña unha subida substancial a curto prazo e a medio prazo. E isto facémolo por varios motivos. Primeiro, porque representa recuperar o equilibrio roto pola evolución destes anos de crise no comportamento das distintas administracións, e, polo tanto, colocar ac ada unha nunha situación máis acorde coa das outras. O axuste recaeu demasiado sobre as comunidades autónomas. Temos que compensar este fenómeno incorporando agora, no momento que se discuten para todas as comunidades os recursos, incorporando algo adicional. Isto permitiría financiar mellor os servizos públicos básicos. Cando falamos do financiamento autonómico —hai que lembralo unha e outra vez—, falamos da sanidade, da educación, falamos da dependencia, falamos de infraestruturas básicas, falamos da xustiza, polo tanto, falamos de servizos básicos para a poboación. Dez mil millóns adicionais para o conxunto das comunidades, que é un 10 %, é unha cantidade asumible e, polo tanto, cremos que habería que facer este esforzo.

En terceiro lugar, tamén queremos que isto se faga porque é o que debe permitir a revisión do modelo de financiamento autonómico. Se non hai recursos adicionais, se é un xogo de suma cero, vai ser moito máis difícil que poidamos transformar as características do modelo de maneira que Galicia estea mellor tratada.

Isto non se vai conseguir, porque as comunidades que perdan en termos absolutos van ofrecer unha resistencia moito maior, e, polo tanto, é necesario lubricar —digamos— a revisión do modelo con algúns recursos adicionais que permitan que esta reforma se faga.

E por último, como ben saben na consellería —o director xeral estivo en Valencia hai pouco tempo—, outras comunidades autónomas tamén alí presentes reclaman incluso cantidades adicionais. Polo tanto, isto significa situarse en fase, non perder comba en relación coa reclamación doutras comunidades autónomas e entrar a discutir nunha situación máis equilibrada con outras.

E a miña pregunta, en vista da emenda que plantexan, é por que non están dispostos a apoiar esta solución, porque xustamente nese punto primeiro, onde discutimos estas cousas, vostedes o que din é que hai que suprimilo. Suprimir a referencia a incrementos de financiamento para todas as comunidades autónomas; suprimir a referencia tamén a manter, cando menos, a posición relativa de Galicia. E isto é chocante, deberían ser os primeiros interesados —porque están gobernando— en que isto sucedese, porque iso lle daría un escenario financeiro moito máis despexado para os próximos catro anos.

A verdade é que é sorprendente. Sobre todo cando desde a campaña, na investidura, o presidente da Xunta nos leva dicindo que Galicia si, que Galicia é o seu compromiso único, envólvese na bandeira de Galicia... ¡Pois este é o momento de pasar a proba do algodón! Se un se envolve na bandeira de Galicia, nos momentos en que se discuten os intereses centrais de Galicia, e o financiamento autonómico é un deles, é cando hai que facer un exercicio de galegitude efectiva e estar disposto a sacrificar, se se quere, a paz partidaria, as boas relacións dentro do partido, as boas relacións co Goberno de España, para dar un paso adiante e defender os intereses de Galicia.

Non é moi razoable que o presidente da Xunta queira evitar os roces, as friccións —non sei si con Montoro, non sei se coa vicepresidenta Sáenz de Santamaría, non sei si co señor Rajoy, ou con todos eles—, e permita que os intereses de Galicia non se coloquen no primeiro plano. Iso non é Galicia si, iso é Galicia depende, Galicia en función das circunstancias, Galicia en función dos interese partidarios. Iso non é poñer a Galicia no primeiro plano, iso significa deixar a bandeira de Galicia a un lado e optar por unha estratexia diferente.

Rectifiquen, e se rectifican, eu creo que conseguiremos un bo acordo para todos. Se non rectifican, evidentemente, teremos un problema, porque iso quere dicir que, máis alá da retórica, cando estamos discutindo recursos contantes e sonantes, as cousas cambian e as prioridades se establecen doutra maneira.

Esta é cuestión política central da moción. Isto é realmente o que estamos discutindo. Isto é o que vai definir se esta moción serve, efectivamente, para avanzar ou se queda nunha de-

claración ben intencionada, que eu creo que pode servir para reforzar, en todo caso, a posición de Galicia no debate, pero que queda —digamos— á metade de camiño do que poderíamos facer. Ese é o debate ao que eu lles emprazo que dean unha resposta positiva, porque podemos atoparnos todos nun punto de encontro que sexa beneficioso para os intereses de Galicia. É a súa responsabilidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Eu coincido en que estamos ante un tema fundamental. En primeiro lugar, porque estamos a falar, certamente, da sostibilidade do Estado de benestar, e eu incluso me atrevería a dicir que tamén da sostibilidade do sistema autonómico, do Estado das autonomías.

E precisamente por iso é fundamental que haxa certo consenso. Creo que na Conferencia de Presidentes —que tivemos ocasión de coñecer de primeira man a través da comparecencia do presidente da Xunta hai dúas semanas— se fixo un exercicio moi loable de acordos. Eu recordo que naquela conferencia de presidentes estaban sete presidentes de comunidades autónomas socialistas, que teñen todos eles acordos de Goberno ou ben con Cidadáns ou ben co equivalente ou o que representan nesta Cámara as Mareas. Cinco presidentes do Partido Popular que tamén están sostidos en catro casos con acordos con outras forzas políticas —a única excepción, como sabemos, de maioría absoluta no conxunto das comunidades autónomas é esta Cámara—, e había tamén dous presidentes nacionalistas: o de Canarias e o de Navarra, tamén con distintos acordos e coalicións.

Faltaban dúas comunidade autónomas, que expresan o problema que hai, historicamente, no financiamento autonómico, que é unha financiación asimétrica como consecuencia da aplicación do sistema foral que reconece a nosa constitución ás dúas comunidades históricas, e Cataluña, que, evidentemente, está nunhas circunstancias políticas que son de todos coñecidas. Pero o relevante é que houbo un acordo entre os presidentes apoiados polo Partido Socialista, por Podemos e polo partido Popular con respecto ao sistema de reforma do financiamento autonómico.

Estou tamén de acordo en que este é un tema fundamental para Galicia. Con base no que se aprobou na Conferencia de Presidentes, eu creo que podemos dicir que Galicia saíu moi ben parada das bases dese acordo. Nese acordo, quero recordar, o novo modelo de financiamento autonómico ten que fundamentarse nos principios de solidariedade, suficiencia, equidade, transparencia, corresponsabilidade fiscal e garantía de acceso dos cidadáns aos servizos públicos en función do custo efectivo dos mesmos, sen especificar que son servizos públicos fundamentais, senón que se refire a todos os servizos públicos, que é precisamente algo que

se incorpora á moción, principios que consideramos que son fundamentais, cos que estamos de acordo, e que reflicten —como dicía antes— un ambiente de consenso e un clima de consenso entre presidentes das máis variadas ideoloxías, por unha banda. E segundo, que o presidente de Galicia apoiou algo que é bo para o conxunto do sistema, pero que tamén é especialmente bo para Galicia.

Ese punto de partida tivo, como saben tamén, outro corolario, que foi a constitución dun comité de expertos. Algo que é novo tamén na reforma do sistema de financiamento autonómico, con presenza de representantes de todas as comunidades autónomas. Aquí demos un primeiro paso de desenvolvemento do acordo da Conferencia de Presidentes, co nomeamento dunha persoa que, se non a unanimidade, si concitou, precisamente pola súa calidade académica e pola súa independencia política, un certo grao de apoio específico do proponente desta moción.

Hoxe temos a oportunidade de volver darlle un pulo a ese clima de acordo, e facémolo a raíz da moción que presenta o Grupo Socialista, sobre a que quero dicir que estamos de acordo co fundamental, co 90 % do texto da moción. Nós introducimos algunhas emendas menores, con matices, por exemplo, no que se refire ao que pode significar o impacto do adianto das retencións, ou do traslado inmediato do sistema de retencións, aos impostos que xestiona o Estado, e como pode influír iso no que é o desenvolvemento do noso propio proceso orzamentario. Pero cremos que é posible un acordo nada menos que no que se refire á equidade e solidariedade plena do sistema, á estabilidade na prestación dos servizos públicos, á autonomía financeira, á lealdade institucional, á coordinación coa Administración do Estado e á sostibilidade no tempo do sistema, que son os puntos 2 a 6 da moción.

Sen embargo, efectivamente, temos un problema co punto 1. No punto 1 o que se establecen son compromisos de recursos no sistema, e mesmo se impón ou se suxire un resultado de recursos específicos para Galicia. Isto, evidentemente, racha co que vén da Conferencia de Presidentes, que hai un acordo sobre os principios e non hai un debate sobre os fondos que van ao sistema, que iso irá nunha segunda fase. Pero é que ademais resulta ata certo punto contradictorio que esteamos discutindo os principios que deben inspirar o sistema e, ao mesmo tempo, predeterminando os resultados da aplicación deses principios. Ou falamos de principios, ou falamos de cartos. Dalgunha maneira, poderemos votar nada máis que o punto 1 e pedir eses recursos, con independencia do sistema de financiamento autonómico, ou facemos unha negociación máis razoable, que é ver que principios deben inspirar o sistema, e despois, na segunda fase, cando se poña en marcha, evidentemente haberá que falar de recursos adicionais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Por iso nós somos optimistas en poder entablar un diálogo. A nosa vontade é apoiar os principios fundamentais que se incorporan con algún matiz; é dicir, os puntos 2 a 6 desta moción. En todo caso, tamén entendemos que o punto 1, se non o podemos apoiar, podería votarse á marxe, porque temos a oportunidade hoxe de continuar dando un bo sinal, que é que, alomenos nos principios que deben presidir o sistema de financiamento autonómico, para o ben do conxunto das comunidades autónomas e tamén de Galicia, hai un acordo nesta Cámara.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente. Moi bo día.

Hoxe, efectivamente, debatemos unha moción do PSOE sobre un aspecto importante en relación co financiamento e co futuro modelo de financiamento, e nese sentido eu quero ser moi clara: que o Bloque Nacionalista Galego non pode apoiar unha proposta que no fundamental o que quere é manter o actual sistema, que nos nega o dereito a poder administrar os nosos recursos e que, en definitiva, transita por un camiño errado e que nos condena, aos galegos e ás galegas, a repetir os erros do pasado.

Nós temos moi claro que para avanzar nun modelo de financiamento xusto non vale o café para todos; non nos vale tampouco este autonomismo ben entendido de negar as posibilidades do país. E desde logo cremos que, se Galiza saíu perdendo no pasado con este modelo de financiamento, vai seguir perdendo co mesmo modelo simplemente cuns retoques. Polo tanto, se se consolida aquí este acordo bipartidista, veremos como seguimos coa crónica dun novo fracaso que van pagar os galegos e as galegas.

Evidentemente, aquí hai unha responsabilidade do señor Feijóo, que neste tema nin está nin se espera. Non nos fixo, durante todos estes anos —a pesar de que hai tempo que se está falando da reforma do financiamento—, nin un só estudo serio e rigoroso sobre a situación do país. Negouse a que este Parlamento puidera ter unha comisión de estudo na pasada lexislatura, e a día de hoxe aínda non coñecemos a proposta do Goberno, o cal non deixa de ser un disparate en termos da iniciativa política.

Só vimos a Feijóo ir, sen ningún tipo de axenda nin reclamación, á Conferencia de Presidentes renunciando a ter un trato bilateral co Estado e sen ningunha proposta de país. O del é diluírse coma un terrón de azucre nese *café para todos* que —insisto— a nós nos sabe moi amargo.

A única proposta que fixo aquí pola mañá o señor Feijóo —ausente neste debate— foi dicir que quería pactar un representante nesa comisión técnica, e pola tarde chamarnos o conselleiro comunicándonos cal era a proposta e, polo tanto, dándonos un prato precociñado. E, insisto, a nós gústanos, en todo caso, participar na elaboración do resultado final.

Ademais, escollen a un representante nesa comisión que o que defende é que Galiza saíu beneficiada, ao longo destes anos, deste sistema de financiamento, e, polo tanto, nós cremos que, con ese punto de partida, nin estamos nunha boa estratexia negociadora nin, realmente, temos unha posición de forza, de intelixencia, que nos permita abordar ben ese debate.

O que é evidente é que isto non vai responder a unha decisión que tomen catro técnicos desa comisión, porque, se non, é mellor que dimitan os parlamentos, que non convoquen máis

Conferencias de Presidentes e que, desde logo, non nos conten o conto de que vai ser esa Comisión Técnica quen realmente vai decidir o futuro do sistema de financiamento.

Este é un debate puramente político, e nós seguimos insistindo: o mellor para Galiza é que teñamos ambición de país, que xestionemos os nosos recursos, que decidamos con eles como os queremos distribuír e, polo tanto, que teñamos unha autonomía real tamén no ámbito financeiro, e non unha autonomía que na práctica nos converte en xestores das decisións dos demais, que é o que se consolida, por certo, nesta moción.

A min, desde logo, paréceme que é evidente —á vista das dúas intervencións— que tanto o Partido Popular como o Partido Socialista comparten que a estrutura e o modelo no esencial está ben. Pero son sorprendentes tamén algunhas cuestións do debate.

Entrando no práctico, fálase de suficiencia do sistema. ¿Pero cal debería de ser a suficiencia do sistema? Por que en vez de liarnos con ponderacións e con variábeis non se asume que, en todo caso, o sistema debería de financiar o custo real das competencias que se están exercendo no noso país? Iso sería o mínimo que nós teríamos que exixir. Sen embargo, esta proposta —e parece que afecta tamén ao Goberno— non cobre nin tan sequera que se corrixa o déficit que ten o Estado no financiamento dos servizos públicos no noso país, e realmente a aportación que se fai é que Galiza reciba uns 879 millóns de euros máis, que non serven para cubrir o déficit da prestación de servizos públicos que ten o noso país.

Segundo os datos do ano 2014, e collendo tamén nos orzamentos liquidados da Xunta, vimos como o actual sistema de financiamento só lle achegou ao noso país 5.107 millóns de euros para servizos públicos fundamentais. Os datos da liquidación do orzamento dinnos que a Xunta gastou 6.217 euros; é dicir, hai un déficit de 1.110 millóns de euros. Pero este non é o peor dato. Se collemos a serie desde o ano 2009 ata o ano 2014, resulta que hai unha diferenza de máis de 10.000 millóns de euros, unha media de 2.000 millóns de euros menos do que estamos gastando no financiamento deses servizos esenciais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Polo tanto —e vou rematando—, desde o Bloque Nacionalista Galego o que non podemos é aceptar unha proposta que xa dicimos que consolida un déficit de 10.000 millóns de euros e que non nos dá unha autonomía real. E cremos que, se queremos autonomía e suficiencia, o mellor é que todos os impostos que se xeran no noso país ben polo que pagan as persoas, ben polo que pagan as empresas, os poidamos administrar nós, porque —insisto— é moito máis que as migallas que nos deixa este sistema de financiamento. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

En relación coa posición da moción que presenta hoxe o Partido Socialista, parece que con acordo substancial do partido do Goberno neste momento, facemos unha aclaración previa en relación coa posición de En Marea, e é que todo o debate sobre o novo sistema de financiamento ten que partir do recoñecemento a nivel de financiamento, a nivel financeiro, do noso status político-constitucional.

En primeiro lugar, o recoñecemento expreso de Galicia como nacionalidade histórica, o cal se traduciu e se traduce na súa expresión política na autonomía de carácter lexislativo, pero ten que ter un correlativo tamén no ámbito do financiamento e da política económica.

Non cabe unha autonomía lexislativa, non cabe unha autonomía autoorganizativa, sen autonomía económica; é dicir, a capacidade para desenvolver políticas económicas propias, para o cal se precisa un modelo de financiamento propio, suficiente e adecuado á autonomía política.

Non hai autonomía política sen autonomía de carácter económico para poder desenvolver políticas propias. Polo tanto, calquera outra circunstancia na que se pretenda envolver o debate do noso sistema de financiamento é un engano que non imos aceptar.

Nós, en consecuencia co carácter nacional de Galicia, imos defender un sistema que nos permita facer políticas propias de carácter tamén económico, non soamente de carácter lexislativo.

Esta declaración previa de carácter constitucional —que non é nova— leva isto ao restablecemento dun marco que pode ser ou ben arredor dunha facenda federal ou ben dunha facenda nun estado unitario descentralizado.

Nós cremos que o que corresponde é dotarnos dun sistema de financiamento acorde co primeiro, e non co segundo. E dado que o Estado reconece explicitamente —como dixen antes— o carácter nacional de Galicia e reconece tamén incluso, en relación con determinados territorios, a soberanía económica explícita en relación, por exemplo, co País Vasco e Navarra, é evidente que soamente poderá establecerse un sistema económico ou un sistema de financiamento que dure, que sexa estable, polo tanto, e que dea lugar tamén ao cumprimento dos principios constitucionais, se se fai conforme os principios dunha Facenda federal. Por iso o sistema que nós defendemos é ese, e, polo tanto, imos votar en contra da proposta conxunta do PP e do PSOE.

O PSOE veu aquí dicir que estamos ante un modelo que é mellorable. Non é que é mellorable, é reemprazable, polo tanto, debe ser reemprazado. E o feito de que non se fixese ata agora non quita para que non debamos de facelo agora. Se é o momento de falar, se é o momento de pactar, fagámolo, pero non nos encorsetemos cun modelo do *statu quo* existente que para nós é notoriamente insuficiente porque non cobre nin sequera coas expectativas constitucionais, sen necesidade de reforma de ningún tipo; non as cumpre. E iso dá lugar a que aquí se afirme tanto polo PP como polo PSOE que os recursos non son suficientes.

Son insuficientes. O modelo non garante a suficiencia, acábano de recoñecer os dous. E, se non garante a suficiencia, non garante a autonomía; nin a autonomía de carácter financeiro

nin a autonomía de carácter político do noso país. Polo tanto, para nós é inaceptable en todos os termos.

E non nos abonda a suma cero. Xa o dixo tamén aquí máis xente, pero nós queremos ser coherentes con iso e establecer un novo sistema de financiamento. E como non nos vale, nós sabemos que a única maneira de poder chegar a un acordo é a achega de máis fondos, de máis recursos, recursos que ata agora o Estado nos nega. O Estado segue dicindo: Hai esta parte para todos vós; repartide como queirades, nesa Conferencia de Presidentes.

Nós dicimos: non. Nós queremos que se abra tamén un aumento da capacidade tanto a nivel normativo, como a nivel recadatorio, como en definitiva a nivel da suficiencia dos recursos dos que nós carecemos e que ten pechados o Estado baixo chave. E a nós non nos vale ese sistema. Por iso, non apostamos por ningún dos sistemas acordado aquí entre o Partido Popular e o Partido Socialista.

Estamos de acordo nalgúns puntos de partida, efectivamente. En que existe un problema de recursos. Pero nosoutros debemos preocuparnos de aumentar os recursos do sistema mediante unha reforma fiscal, sen que se poida converter o Estado español nin os seus distintos territorios nun paraíso fiscal que acabe co Estado de benestar que existe. É necesario cumprir cos fins para os que nos dotamos da autonomía como pobo, e cumprir determinadas finalidades de garantía de dereitos fundamentais e garantía de dereitos sociais, para o cal necesitamos financiamento suficiente. Polo tanto, esa debe de ser a guía de parámetro para esa reforma: asegurar a suficiencia de recursos; asegurar un solo de ingresos para que poidamos desenvolver este tipo de políticas.

En segundo lugar, no nos abonda que os criterios formulados sexan o de xestión eficiente de recursos. É necesario pero non é suficiente, porque a autonomía política non é a autonomía administrativa.

Galicia non é un concello nin é unha deputación provincial, polo tanto non podemos aspirar única e exclusivamente a xestionar aquelas competencias que teñamos transferidas cos cartos que nos dean. Queremos poder facer políticas propias, de carácter económico, que é outro asunto da autonomía de carácter político e da autonomía de carácter lexislativo.

De nada vale a declaración de principios, a declaración de dereitos sobre o papel, se despois non temos capacidade financeira para poder levalos á práctica. E iso é o que nós queremos co noso sistema de financiamento; co sistema de financiamento alternativo ao que vostedes propoñen.

Para nós isto é, polo tanto, algo completamente insuficiente, e votaremos en contra.

Non podemos reducir o nivel do debate do novo sistema de financiamento simplemente a un alicatado sobre máis ou menos factores en relación coa necesidade de gasto. Temos que dar un nivel de máis altura, acorde coa altura do Estatuto Xurídico Constitucional do que estamos falando, e de cal é a posición do noso país en relación con isto.

E xa vou rematando.

O novo modelo de financiamento para Galicia debe de discutir, efectivamente, en sede parlamentaria os recursos que se destinan ao Estado de benestar, asegurando o cumprimento mínimo dos principios recollidos na estatutaria e na parte dogmática da Constitución, que foi baleirada de contido durante estes últimos anos coa escusa da crise, e que a nós non nos vale tampouco para seguir establecendo políticas deste estilo.

En segundo lugar, discutir entre todos os territorios —pero non imposto desde o ámbito do Estado, queremos un debate entre iguais— sobre que tipo de solidariedade se quere implantar.

En terceiro lugar, queremos poder discutir o grao de autonomía e o grao de soberanía fiscal. E queremos discutir tamén cales son as marxes de tal soberanía para evitar que se produza un proceso de descapitalización e un proceso de *dumping* fiscal con competencias á baixa, cun tipo de políticas neoliberais que nos impidan ter ingresos suficientes para poder facer políticas de redistribución de renda e de riqueza e, polo tanto, políticas económicas que se baseen e que teñan como frontispicio a mellora do benestar da nosa cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo autor da moción, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non me sorprende a posición do BNG, porque corresponde ao que están defendendo —digamos— durante estes días. A verdade é que eu creo que o modelo que propoñen é prexudicial para Galicia e significa sacrificar os intereses de Galicia no altar da súa ideoloxía.

Podemos discutir as interpretacións, pero non debemos discutir os datos. E os datos dinnos xustamente iso, e a partir de aí, deberíamos razoar e intentar chegar a un acordo entre todos.

Pero o peor de todo é que asumir ese modelo significaría situarse fóra do debate real e estar esperando que cheguen as promesas dun futuro absolutamente incerto. E nós, desde logo, non imos entrar nesa posición.

Sorpréndeme un pouco máis a posición de En Marea. Eu xa sei que hai dificultades para coincidir con nós e co PP, a pesar de que ao mellor queren facelo se o BNG está fóra. E iso é o que está detrás da súa posición.

Pero fíxense vostedes, resulta que cando falan de federalismo fiscal non se dan conta de que o español xa é un modelo de federalismo fiscal; que o sistema das comunidades autónomas que temos, no que, por certo, unhas comunidades autónomas teñen máis competencias que outras, e aquelas que son singulares de Galicia teñen un financiamento aparte, como corresponde, non vai exactamente pola vía do modelo. Por tanto, competencias heteroxéneas, financiamento heteroxéneo, iso xa existe, iso xa existe. Pero a ese modelo de comunidades autónomas, xustamente o modelo de financiamento autonómico se axusta perfectamente, e aos intereses de Galicia. E por unha cuestión política, por unha cuestión de non coincidir

con outros grupos políticos, pois vostedes están situándose nunha posición que é contraria aos intereses de Galicia.

Deberíamos de ser capaces entre todos, xustamente, de garantir a suficiencia, de apoiar a suficiencia. ¿Sabem que di o segundo punto da nosa proposta? “Garantir a suficiencia das comunidades autónomas nas provisións dos servizos, garantindo que, ao remate do primeiro período quinquenal de vixencia, as comunidades autónomas de réxime común poidan alcanzar, cos recursos dos modelos, a proporción media de gasto dos países da Unión Europea en sanidade, educación e política social.”

A iso é ao que están votando en contra. E están votando en contra de que as comunidades autónomas poidan participar das decisións sobre o IVE. E están votando en contra de avanzar na transformación dos tributos cedidos en tributos propios.

Se queren máis autonomía, esa é a forma de facelo, e iso está na nosa proposta. Por tanto, están votando en contra de todo iso.

E vou dedicar medio minuto, que é o que teño, simplemente a dicirlle ao Partido Popular que, en fin, a Conferencia de Presidentes fixo o seu papel, pero nós estamos noutro punto. Nesas xornadas de Valencia, o experto valenciano situou a reivindicación en 16.000 millóns; por tanto, as comunidades autónomas xa están niso. A cuestión que temos que elixir é: se nós queremos tamén participar nese debate e poñer unha cifra enriba da mesa que sexa realista, que sexa posible, ou non. E esa é a súa responsabilidade

En canto ás emendas, estamos dispostos a intentar transaccionar as que non afectan ao primeiro punto, e transaccionar o resto e intentar chegar a un acordo no tempo que teñamos até o debate e a votación das mocións pola tarde.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Suspendemos a sesión ata as catro e cuarto, 16:15; termo medio que non prexudica a ninguén.

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Iniciamos a sesión e retomamos o punto 2 da orde do día, que é o de comparecencias.

Comparecencia da Sr. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das liñas xerais de actuación do seu departamento

O señor PRESIDENTE: Para isto ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Moi boas tardes, señorías.

Comparezo hoxe, a petición propia, para dar conta das liñas xerais de actuación da Consellería de Infraestruturas e Vivenda nesta X lexislatura —para os catro anos que temos por diante— e para expoñer as principais medidas e programas que temos previsto impulsar nesta nova etapa, unha nova etapa na que comezamos a superar os efectos da crise económica e que confiamos que veña marcada pola recuperación e polo incremento progresivo da actividade económica e do emprego.

Anos que na consellería afrontamos con novos retos e con máis recursos: son 390 millóns de euros o orzamento do ano 2017, polo tanto, un incremento do 5 %, e recursos que queremos administrar con rigor, con seriedade e con responsabilidade para sacarlle a máxima rendibilidade social, cun dobre obxectivo co que vimos xa traballando dende hai anos: incrementar a calidade de vida dos galegos e, tamén, contribuír ao progreso económico. Dous eixes que guiaron a acción da consellería en anos pasados —é unha política para as persoas e para o impulso da competitividade económica—, dous piares que tamén serán o traballo de futuro.

Prioridade a todas aquelas medidas, polo tanto, máis urxentes dende o punto de vista social e, tamén, máis rendibles e eficientes. Xestionar con responsabilidade e facer máis con menos é o que aprendemos durante toda esta etapa da crise económica, e agora estamos a comprobar un cambio de ciclo que considero que xa é incuestionable; polo tanto, en termos de xestión pública, e co máximo respecto ás persoas que seguen padecendo os efectos da crise económica, eu creo que podó dicir que —despois dun longo período de asfixia— comeza a correr a brisa.

Polo tanto, esa liña que temos marcada, temos orzamentos, e foron aprobados no día de onte, temos Lei de medidas e unhas contas para a Consellería de Infraestruturas e Vivenda neste ano 2017 de 390 millóns de euros marcados cun carácter social, porque os esforzos orzamentarios están dedicados á vivenda e á mobilidade; polo tanto, dúas materias que garantan a calidade de vida dos galegos.

No eido da vivenda é onde imos poñer o foco, nos programas dirixidos a facilitar o acceso a unha vivenda, ás persoas e ás familias con maiores dificultades, medidas para loitar contra os desafiuzamentos, poñer todos os medios para paliar os desafiuzamentos e a exclusión residencial. Polo tanto, solucións reais a problemas reais con programas que temos en marcha, pero tamén con novos programas. E dentro dos programas que temos en marcha, temos as 12 medidas de loita contra os desafiuzamentos, que nos permitiron atender arredor de 1.150 familias; familias como as 264 familias que teñen adxudicado o bono alugueiro da Xunta de Galicia; por certo, o bono alugueiro que acabamos de publicar recentemente, ampliando o prazo e, tamén, ampliando os beneficiarios.

Novas actuacións que tamén temos previsto implantar no eido da vivenda, buscando sempre a colaboración de todos os axentes implicados: administracións, partidos políticos, entidades sociais e a sociedade en xeral.

Solucións que consideramos que, por suposto, teñen que vir acompañadas do camiño da colaboración, de sumar esforzos, e por iso este mesmo ano tamén crearemos o observatorio da vivenda; o observatorio da vivenda como un instrumento que facilite o acceso á información, que sirva de apoio á toma de decisións, que oriente as actuacións en materia de política de vivenda e que reflecta a realidade da vivenda en Galicia.

Outra medida importante en materia de vivenda, e novidosa, é o Programa rehaluga, un programa que vén complementar o Programa de vivendas baleiras, unha axuda que recibirá o propietario que se comprometa a incorporar a súa vivenda ao Programa de vivendas baleiras; programa que lles lembro que é unha iniciativa social pioneira en España, cuxo obxectivo é pasar dun conxunto de vivendas desocupadas a unha bolsa de vivendas sociais, da que xa forman parte 32 concellos de Galicia de diferentes cores políticas, Ourense e Santiago, por exemplo, e, por suposto, gustaríame que o resto das grandes cidades tamén se incorporaran, pois 7 concellos xa teñen operativo o programa e xa teñen vivendas incorporadas.

Programa rehaluga, polo tanto, que consiste en reducir ese número de vivendas desocupadas, en mal estado, e, polo tanto, dar resposta ás necesidades de vivenda, impulsando un pilar fundamental —que será nesta lexislatura— que será a rehabilitación.

Queremos apostar, polo tanto, pola rehabilitación como medida eficiente, como medida sostible e de futuro, para dar resposta ás necesidades de vivenda, porque teñen unha repercusión directa na mellora das condicións de vida dos habitantes das áreas e dos barrios das zonas onde queremos impulsar a rehabilitación.

Ten un valor engadido, polo tanto, para recuperar ese patrimonio construído e revitalizar eses pobos, ese núcleos, eses barrios do rural galego.

Ademais de actuar, tamén, por suposto, como factor dinamizador. Temos que saber que a rehabilitación é a ocupación que máis postos de traballo xera por euro investido. Son programas todos eles previstos no Plan RehaVita 2015–2020, e xa nese programa lle dabamos importante protagonismo á rehabilitación en 4 eixes, e será, polo tanto, tamén un eixe fundamental nestes catro anos.

O noso obxectivo é continuar fomentando as axudas xa existentes en materia de rehabilitación, pero tamén novas axudas: activar novas liñas como as axudas para a eficiencia enerxética. Xa publicamos a convocatoria para os concellos que poidan realizar este tipo de actuacións, con medio millón de euros, e proximamente impulsaremos novas obras de eficiencia enerxética nas vivendas de promoción pública da Xunta de Galicia, 3,3 millóns de euros, e tamén un novo programa para rehabilitar as antigas vivendas dos mestres.

Outra medida, tamén, de rehabilitación é o Fondo de Cooperación, 10 millóns de euros que destinaremos a préstamos sen intereses, sen xuros, para os concellos de menos de 50.000 habitantes, para recuperar esas edificacións dos seus cascos históricos e que poidan realizar calquera tipo de intervención de rehabilitación nas vivendas.

Tamén un programa de préstamos sen intereses a particulares, para que tamén realicen actuacións de renovación das súas vivendas, e faremos unha aposta clara tamén pola rehabilitación directa. A rehabilitación directa a través dun novo programa, o Programa rexurbe, no que concentraremos as obras de rehabilitación que realice directamente a Xunta de Galicia.

Neste Programa rexurbe o que temos previsto é crear os centros rexurbe, que serán oficinas xestoras de impulso da rehabilitación nesas zonas que queremos revitalizar. Teremos exemplos e abordaremos proximamente actuacións en Betanzos e, por suposto, en Lugo, Ourense e en Mondoñedo, con actuacións máis inmediatas.

Mención especial, tamén, eu creo que debe ter a nova lei de cascos históricos na que estamos a traballar —será a primeira lei destas características en Galicia—, que pretendemos que sexa un mecanismo para facilitar a recuperación e a rehabilitación dos núcleos antigos, das cidades e das vilas galegas.

Polo tanto, temos unha folla clara de ruta en materia de vivenda, e especialmente para reforzar a rehabilitación para o acceso á vivenda.

Por suposto, tamén apostaremos polo incremento do noso parque de vivendas, son máis de 3.100 vivendas propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo para alugueiro, e queremos dispoñer de máis vivenda pública, dar reposta á realidade social, e por iso tampouco esquecemos a promoción de solo residencial: o Parque Ofimático e tamén San Paio de Navia, Parque Ofimático na Coruña e San Paio de Navia en Vigo.

En San Paio de Navia realizamos hai pouco, o ano pasado, comezamos a oferta pública de adquisición de solo, 10 millóns de euros de mutuo acordo para conseguir terreo en San Paio de Navia e poder empezar a urbanizar.

En definitiva, na Xunta de Galicia promovemos unha política de vivenda encamiñada a mellorar e conservar o patrimonio construído, unha política de vivenda cara ás persoas para as persoas e para mellorar as condicións de vida dos galegos.

Outra liña de actuación que tamén influirá na calidade de vida dos galegos, por suposto, será a mellora da mobilidade. A mellora da mobilidade fomentarámosla con diferentes programas que poñeremos en marcha —que algún xa está posto en marcha—, con novos servizos e tamén novas infraestruturas, que potencien os desprazamentos a pé ou en bicicleta, polo tanto, apostando por unha mobilidade alternativa.

O transporte público. O transporte público ocupará, e de feito xa está a ocupar, boa parte do traballo da Consellería de Infraestruturas de Vivenda nesta lexislatura. Queremos que os galegos dispoñan dun transporte público competitivo, un transporte público eficiente, que dea resposta ás demandas e ás necesidades dos desprazamentos dos nosos veciños, por iso xa estamos a abordar a nova reordenación e planificación do sistema de transporte público de viaxeiros por estrada en Galicia, para mellorar unha materia na que aínda queda, por suposto, moito por facer, queda moito camiño por percorrer, e o que queremos é garantir unha mellora cobertura territorial de transporte por estrada no rural, coa incorporación dos sis-

temas de reserva, coa incorporación do transporte baixo demanda, polo tanto, ofrecendo un servizo moderno, eficiente e de calidade.

Polo tanto, estamos a falar de actualizar o sistema de transporte regular en autobús, adaptado á realidade actual, porque moitos dos servizos que se prestan a día de hoxe se basean en concesións de transporte regular adxudicados en diferentes momentos do século XX, e non se adaptaron, realmente, ao ritmo de transformación social e territorial de Galicia.

Polo tanto, o remate das concesións temos que velo, e estamos a velo, coma unha oportunidade para reestruturar de forma intensa o novo mapa de servizos de transporte por estrada en Galicia.

E estamos destinando xa 2,5 millóns de euros para a reformulación dese mapa, comezamos xa a desenvolver os primeiros traballos, temos iniciados os primeiros estudos, un novo mapa de servizos en seis ámbitos territoriais de Galicia; convocamos reunións con todos os concellos galegos, para informalos de todo o proceso de primeira man e trasladarlles o compromiso e a folla de ruta da Xunta de Galicia para implantar este novo mapa de servizos, a primeira fase en agosto de 2017.

Proximamente, seguiremos traballando para a introdución progresiva de novas solucións, a implantación definitiva do transporte á demanda, que queremos que estea implantando a finais do ano 2019, onde concretaremos e aprobaremos o novo plan de transporte público de Galicia, cos novos servizos e as novas tecnoloxías.

En definitiva, estamos a traballar, estamos a traballar para que esta sexa a lexislatura de reordenación de todo o transporte por estrada en Galicia.

Servizos a demanda, para dar a máxima cobertura no rural e para levar o autobús onde sexa preciso, ao lugar onde sexa preciso. E, paralelamente, tamén seguimos apostando por facilitar e abaratar, por suposto, o billete de autobús, os desprazamentos en autobús dos galegos. Aí está o Plan de transporte metropolitano, un auténtico plan social de transporte, que funciona en 5 áreas, e están adheridos 65 concellos. Polo tanto, aglutínase máis da metade da poboación galega neste Plan de transporte metropolitano, un plan social de transporte que lles permite aforros de ata 600 euros ao ano aos usuarios, que poden chegar, incluso, ata 1.000 euros en caso de aqueles usuarios que empreguen de xeito habitual o bus urbano.

Por darlles un dato de relevancia, o Plan de transporte metropolitano no ano 2006 permitiu bonificar 14 millóns de viaxes —billetes— en Galicia, na Coruña, Ferrol, Lugo, Santiago e Vigo; polo tanto, un incremento do 9 % con respecto ao ano anterior.

Este plan social de transportes reforzámolo coa Tarxeta xente nova, para que os menores de dezanove anos poidan utilizar o transporte metropolitano interurbano de forma gratuíta, e dende logo que ten gran acollida esa tarxeta de xente nova, xa son máis de 33.000 menores de dezanove anos os que teñen xa a tarxeta de xente nova.

Lonxe de conformarnos polo xa feito, seguiremos apostando por expandir este modelo, entender beneficios dos plans de transporte metropolitano a Ourense, Pontevedra. Por suposto, tamén ampliando máis concellos e coordinando este novo Plan de transporte metropolitano á redefinición do mapa de transportes no que estamos a traballar.

Polo tanto, por suposto que seguiremos traballando para que o Concello de Vigo se incorpore por fin ao Plan de transporte metropolitano de Vigo. Que o transporte urbano se incorpore, porque así se fará efectiva a súa incorporación e se fará efectivo que os veciños de Vigo e de toda a área de Vigo teñan as mesmas oportunidades e o mesmo transporte metropolitano de primeira que teñen os veciños, por exemplo, da Coruña.

Non me quero esquecer doutra liña, outra iniciativa da Xunta de Galicia —que é unha aposta polo transporte público— é o Plan de accesibilidade de autobuses ao centro da cidade da Coruña. Queremos telo implantado nesta primavera, estamos traballando para que así sexa, e unha vez teñamos rematadas esas actuacións duns 100.000 euros en diferentes paradas do centro da Coruña.

Un plan de accesibilidade que queremos implantar de forma dialogada, consensuada, e por iso o volvemos sacar de novo á información pública para introducir as achegas que consideren os concellos e tamén as empresas de transporte. É unha iniciativa na que o que queremos é optimizar o transporte público, darlle beneficios ao usuario e, polo tanto, evitar transbordos, tamén reducir tempo de percorrido e evitar a parada nas estacións de autobuses.

Estamos, polo tanto, convencidos de que todas estas medidas de transporte van supoñer unha revolución do transporte das liñas interurbanas mellorando o transporte de xeito efectivo, e, dende logo, que sexa máis atractivo. Porque, señorías, bueno, todos sabemos —e creo que todos pensamos— que os diferentes medios de transporte non teñen que competir entre si, teñen que complementarse entre si. E por iso unha iniciativa que queremos garantir, e na que estamos traballando, é nas estacións intermodais: eses nodos de transporte que garanten o transporte de calidade e, tamén, unha conexión sinxela dos diferentes modos de transporte.

Son asuntos que o propio presidente da Xunta falou e tratou co Ministerio de Fomento, co ministro de Fomento, onde se chegou a acordos importantes: facer a tramitación urbanística conxunta das estacións de ferrocarril, as estacións de autobuses integradas nun único proxecto e, polo tanto, a tramitación urbanística conxunta. E así esta mesma semana, de feito onte mesmo, iniciamos o procedemento para a intermodal de Vigo, o procedemento pola Lei 3/2016, a lei exprés para resolver a tramitación urbanística conxunta da intermodal de Vigo. E a semana que vén teremos as primeiras xuntanzas da comisión de seguimento para avanzar tamén nas intermodais de Ourense e Santiago.

Agardamos, tamén, poder pechar o acordo coa Coruña e, de modo paralelo tamén, seguir traballando, como estamos a traballar, no resto das estacións intermodais do resto das cidades galegas.

Intermodais eficientes, útiles, adaptadas ás necesidades dos galegos, e a previsión que temos é que este mesmo ano poidamos licitar as primeiras fases, as estacións de autobuses inte-

gradas nas estacións de ferrocarrís das estacións de Vigo, Santiago e Ourense. Para iso, por suposto, é imprescindible a colaboración dos concellos, porque estamos a falar de proxectos que requiren esforzo colectivo das tres administracións implicadas: Xunta de Galicia, concellos e tamén Ministerio de Fomento.

Na nosa opinión —eu creo que na opinión de todos— a intermodalidade é o transporte de futuro, polo tanto, é imprescindible adaptar as estacións á chegada do tren de alta velocidade.

O Ministerio de Fomento, como saben, comprometeuse o martes pasado co presidente da Xunta para traballar na finalización do AVE coa máxima celeridade. O ministro trasladou unha data da chegada do AVE que confirma que o bloqueo político sufrido no Estado ten consecuencias e tivo consecuencias. Saben que a data que fixou o ministro foi o terceiro trimestre do 2019, agradecemos concreción e transparencia para esa nova data, e que se traballe arreo para evitar que os efectos da parálise e do bloqueo político non afecten máis a chegada do AVE.

Valoramos tamén, positivamente, que o ministro de Fomento se comprometera a vir a Galicia cada tres meses para supervisar as obras en marcha, e, polo tanto, agradecemos ao ministro ese compromiso. E esa vontade tamén co compromiso renovado con outras actuacións, como a mellora ferroviaria a Lugo, como a mellora ferroviaria tamén a Ferrol —que foi un asunto que tratamos—, e tamén coa variante de Ourense e coa variante de Cerdedo. Estaremos atentos e vixiantes a estes compromisos renovados. E o importante, por suposto, é cando chega o AVE, pero para nós non é só tan importante cando chega o AVE, senón como, aínda máis importante eu creo que é como chega. Polo tanto, estaremos vixiantes de cando chega o AVE e como chega, que chegue canto antes e de forma segura.

E xa que falamos de infraestruturas que benefician a todos os galegos, creo que tamén falando da reunión da semana pasada confirmamos o interese do Goberno do Estado en que a Xunta de Galicia teña voz na toma de decisións sobre a AP-9. E esa comisión bilateral reunírase, polo tanto, por primeira vez no mes de febreiro, polo tanto, constituirase neste mes de febreiro, e a primeira xuntanza será neste mes de febreiro. Polo tanto, ábrese unha nova etapa na xestión desta infraestrutura estratéxica, e terá un efecto —eu diría— inmediato: a asunción por parte do Ministerio de Fomento da totalidade das bonificacións das peaxes O Morrazo e A Barcala. Eran 180 millóns de euros que de aquí ata o ano 2048, como consecuencia dese convenio do Bipartito, tiñan que pagalos o peto de todos os galegos. Pois dentro de moi pouco xa non pagarán os galegos, como estaba previsto no convenio Bipartito.

No Goberno galego non nos esquecemos da chegada do AVE, que suporá unha transformación, dende logo, no transporte aéreo; incidirá de forma substancial a chegada do AVE no transporte aéreo, polo tanto, hai que traballar por unha maior coordinación na xestión aeroportuaria. O certo é que non se pode coordinar a quen non se quere coordinar, moito menos se non se teñen competencias, e aínda moito menos se non se traslada a información que se solicita aos concellos en canto ás subvencións que realiza cada concello a compañías aéreas privadas. Nós apostamos por un acordo entre concellos, por un sistema aeroportuario forte e competitivo.

E o modelo a seguir para a Xunta de Galicia, dende logo, é a promoción turística en todas as súas vertentes: turismo industrial, turismo sostible, turismo cultural. E, dende logo, non apostamos por pagar con cartos públicos a compañías aéreas privadas, porque cantos máis pasaxeiros veñan a Galicia, máis competitivo será o sistema aeroportuario, e, polo tanto, as compañías aéreas baixarán os seus prezos. E cantos máis pasaxeiros veñan a Galicia, dende logo que máis desenvolvemento económico para Galicia. Polo tanto, esa é a nosa aposta, o noso modelo: a promoción turística en todas as súas vertentes.

Señorías, continuamos cos programas da consellería en materia de mobilidade, que tamén supoñen o desenvolvemento do Plan de seguridade viaria 2016-2020. Estamos a falar das infraestruturas verdes. As infraestruturas verdes son axendas peonís e ciclistas que supoñen fomentar os diferentes modos de transporte limpos e repectuosos co medio ambiente. O señor Bará pola mañá falaba de mobilidade alternativa para o cambio climático. Señor Bará, aquí temos o Plan de sendas de Galicia, que aposta por unha mobilidade alternativa, segura, sustentable e saudable. Hábitos saudables é ao que responde o Plan de sendas de Galicia, que prevé a execución de 170 quilómetros de novas sendas seguras, sustentables e integradas na paisaxe en Galicia. Este ano destinaremos máis de 10,5 millóns de euros, o que suporá un importante pulo ao desenvolvemento destes plans de sendas, destas obras planificadas.

A primeira fase saben que son 55 sendas en sete comarcas: Vigo, O Salnés, Santiago, A Coruña, Bergantiños, Ferrol e Terra Chá. Iniciamos a tramitación e a execución dos 39 quilómetros, e a día de hoxe están licitados e en obras 23 quilómetros e 9,2 millóns de euros. E continuaremos avanzando coa segunda fase do plan, que son 49 itinerarios, 45 quilómetros, nas comarcas de Lugo, Ourense, O Morrazo e Pontevedra. A previsión é ter os proxectos construtivos desta segunda fase este ano para avanzar seguidamente na licitación.

E na nosa aposta polas infraestruturas verdes, pola promoción de turismo, hai unha liña importante de actuación que estamos a levar a cabo nesta consellería —coa perspectiva e coa vista posta no Ano Xacobeo, no ano 2021—, a mellora da integración paisaxística dos camiños de Santiago. De entrada, na cidade de Compostela potenciar as oportunidades e os valores actuais dos camiños de Santiago para conseguir a excelencia da experiencia do peregrino. Unha iniciativa pioneira na que a Xunta de Galicia investirá 4,2 millóns de euros. Estamos a traballar conxuntamente co Concello de Santiago, e eu agardo que nas próximas datas poidamos asinar ese acordo que aprobamos xa no Consello da Xunta e que este ano —neste trimestre, a poder ser— poidamos avanzar na redacción dos proxectos construtivos, que principalmente se dan nos camiños francés, inglés e portugués.

No noso afán tamén de dotar os cidadáns de viais máis cómodos e máis seguros, dando prioridade á seguridade vial, na nosa planificación tamén está continuar co Plan de reforzos de firme do ano 2017, que está posto en marcha e que supón o desenvolvemento tamén do Plan de seguridade viaria 2016-2020. Iniciamos xa unha campaña para ese Plan de reforzos de firme 2017, cunha partida de 15,5 millóns de euros, o que nos permitirá actuar en preto de 700 quilómetros de vías autonómicas. A vindeira semana xa licitaremos as primeiras obras: tres melloras con 2,3 millóns de euros, nas seguintes datas seguiremos licitando os diferentes proxectos previstos neste Plan de reforzos de firme 2017.

Por suposto, tamén nesta lexislatura imos poñer especial énfase na vertebración do territorio, igualdade de oportunidades e mellora da competitividade de Galicia, logo de ter cumprido o noso obxectivo de que o 80 % da poboación estea a menos de 15 quilómetros dunha vía de altas prestacións. Isto grazas a que dende o ano 2009 incrementamos nun 66 % as vías de altas prestacións en plena crise económica con 210 novos quilómetros de vías de altas prestacións libres de peaxe. Continuaremos desenvolvendo novos eixes e aquelas actuacións máis urxentes, con maiores beneficios e maior rendibilidade social e económica.

Por poñerlles algún exemplo, podo falarlles da autovía do Morrazo, a maior infraestrutura viaria a día de hoxe en execución por parte da Xunta de Galicia, 55 millóns de euros: anualidade do 2017, 22 millóns de euros, e estará en plena execución a totalidade das obras este ano.

A vía Ártabra, na área da Coruña, tamén avanzaremos a súa conexión coa AP-9. E mañá mesmo iniciaremos o proceso de información pública deste proxecto de conexión da vía Ártabra coa AP-9 e poderán comprobar a aposta deste goberno porque sexa unha autovía libre de peaxe.

E tamén avanzaremos, proximamente, na conversión da autovía da VAC Nadela-Sarria. Esta mesma semana licitaremos a redacción do proxecto construtivo para esa primeira fase, para desdobrar a autovía Nadela-Sarria entre os enlaces da Pobra San Xiao e Sarria centro. E seguidamente, nas vindeiras semanas, por suposto que imos seguir vertebrando outras comarcas de Galicia como, por exemplo, Bergantiños, Fisterra e Soneira, coa licitación, tamén, do proxecto construtivo da autovía da Costa da Morte. Polo tanto, son algúns exemplos dos eixes de comunicación dos que verán resultados de forma inmediata.

Se as vías de comunicación representan un elemento esencial para a competitividade, tamén a posta á disposición de solo empresarial en condicións vantaxosas supón o incremento da actividade económica, do dinamismo económico; polo tanto, xerar emprego e riqueza en Galicia.

En 2015 puxemos un plan de incentivos, un plan de bonificacións de ata o 50 % nos parques empresariais de Xestur. Levamos adjudicados 730.000 metros cadrados de solo empresarial desde a posta en marcha deste plan, o que supón que supera preto dun 20 % o vendido conxuntamente nos anos 2007 e 2008, polo tanto, en anos previos á crise; o que supuxo un investimento inducido neses tres anos de 400 millóns de euros e máis de 10.000 postos de traballo.

Imos continuar con estes incentivos de ata o 50 % en parques empresariais e continuando con fórmulas pioneiras, como o dereito de superficie. Saben que é un canon simbólico con dereito a compra para facilitar a posta en marcha de novos proxectos industriais en Galicia, polo tanto, ofrecer facilidades e continuar poñendo á disposición dos emprendedores solo asequible de calidade —o obxectivo é xerar emprego, xerar riqueza—. E tamén nesta lexislatura crearemos, ademais, o observatorio de solo empresarial, que nos permitirá avaliar a evolución da demanda do solo e adaptar a planificación ás necesidades dos distintos axentes económicos. Polo tanto, tamén, algo polo que ademais apostamos, que é un crecemento sostible con criterios de crecemento sostible.

Tamén continuaremos, por suposto, desenvolvendo a PLISAN, o remate das obras dos sistemas xerais este ano e a prezos competitivos, que é como queremos comercializar o solo da PLISAN, 50 euros metro cadrado, os primeiros 100.000 metros cadrados, e tamén, por suposto, coa fórmula de dereito e superficie, é dicir, un canon simbólico con dereito á compra.

E, na provincia da Coruña. Na provincia da Coruña tamén este mesmo ano reactivaremos o polígono de Morás, 1,1 millóns de metros cadrados que ten o polígono de Morás, 600.000 metros cadrados eran parcelas lucrativas, destinaremos 18 millóns de euros para realizar todas as conexións externas, incluído o viario de acceso coa A-6 tamén á subestación eléctrica, e, por suposto, tamén con prezos bonificados e co dereito de superficie, ese canon simbólico con dereito á compra.

Vou rematando xa. Non quero rematar sen antes referirme ás novas responsabilidades da Axencia Galega de Infraestruturas. Saben que a nova Axencia Galega de Infraestruturas está a asumir obras doutros departamentos, de feito xa se lle están encargando a contratación e execución de centros sanitarios e centros educativos, xa se iniciaron o ano pasado coa ampliación do hospital de Burela. O obxectivo é claro, que os profesionais sanitarios se dediquen á sanidade, que os profesionais da educación se centren en acadar a excelencia educativa e que os profesionais da obra pública, como son o persoal da Axencia Galega de Infraestruturas, se centren en realizar as grandes obras públicas da Xunta de Galicia.

Remato xa, intentei trasladar e dar conta dos eixes centrais da consellería nestes catro anos. Media hora pouco abonda para falar de catro anos e de novos retos durante catro anos dunha lexislatura en materia de mobilidade, transporte, infraestruturas, solo empresarial e vivenda. Nas próximas intervencións intentarei afondar máis, aclarar, ou concretar, ou completar algunhas cuestións que me queiran vostedes trasladar.

Así que, pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Boa tarde, señora conselleira.

Non sei se é pola hora, pero a verdade é que me pareceu un discurso un tanto plano e con poucas novidades. A conselleira de Medio Ambiente pola mañá exhibiu aquí un montón de plans e de estratexias. Vostede trae poucas novidades, fala dalgún observatorio que pensan crear para este mandato, pero paréceme que é unha proposta, desde logo, pouco ambiciosa.

Efectivamente, nós falamos da importancia que teñen, por exemplo, as políticas de mobilidade e de alternativas de mobilidade para loitar contra o cambio climático, o que lamentamos é que vostedes actúen como compartimentos estancos, que teñan tan pouca permeabilidade entre as distintas consellerías e non se coordinen e cooperen máis entre

vostedes para desenvolver esas políticas ambiciosas e transformadoras que necesita o país, tamén no ámbito da mobilidade.

Falou vostede do transporte público por estrada, e téñolle que dicir que segue sendo unha asignatura pendente. E vostede coa súa intervención o que veu recoñecer aquí é que estiveron cinco anos cos brazos cruzados; é dicir, durante cinco anos estiveron varrendo para debaixo da alfombra, deixando o tema pasar, e agora véñennos con medidas improvisadas, con parches. Acaban de aprobar unha lei de medidas urxentes, xa a propia palabra o di: medidas urxentes, cando sabían dende hai cinco anos ou seis anos que se ía dar esta situación.

E na propia Lei de acompañamento, no seu título III, meten tamén a ordenación do sistema de transporte público regular de viaxeiros. Teñen —vimos obrigados despois de todo este tempo ao cumprimento dunha sentenza do Tribunal Supremo que anula esas prórrogas das concesións— que facerlle fronte, dalgunha maneira, á resolución dese cambalache cando prorrogaron as concesións metendo no mesmo lote o transporte escolar e o transporte público por estrada. E agora, claro, vostede teno que vender dalgunha maneira, e entón presentanos esta situación como unha oportunidade. Ben, non sei, ten que...

Realmente, non nos dixo vostede que pensan facer cando de aquí ao verán remate o prazo para buscarlles unha solución a todas esas concesións que as empresas xa dixeron que ían renunciar a seguir prestando. Non sei que plans teñen vostedes para resolver esta situación, sobre todo vailles prexudicar ás zonas do interior, aos pequenos concellos, ás vilas do país, que van quedar sen estas concesións, que son absolutamente deficitarias e que as empresas concesionarias non están dispostas a prestar nestas condicións.

Ben, vostedes, con este anuncio que fixeron dun plan e dunha nova oportunidade, dunha revolución no transporte, o que pretenden é gañar tempo, van facer estes estudos, e o que están realmente preparando é o terreo para o monopolio das grandes empresas, para acabar con todo ese tecido, con toda ese rede de pequenas empresas de transporte que hai no país, e para entregarlles as concesións do transporte público por estrada ás grandes empresas. O que van facer é acabar..., vai ter un impacto negativo porque van acabar con esa función social, tamén de dinamización económica, de creación de emprego que prestan todas estas empresas que temos no país.

Con respecto ao transporte á demanda, tampouco nos anunciou e adiantou nada, simplemente o anuncio de que en 2019 imos ter esta revolución do transporte. Eu o que lle pido é que se poñan, tamén, a traballar neste tema e que busquen solucións, pero que non teñamos que esperar catro anos para telas.

E falou vostede do transporte metropolitano, eu quérolle citar aquí o tema de Vigo, loxicamente, porque vostedes están utilizando este tema do transporte metropolitano de Vigo como arma arroxadiza, como para facerlle oposición a Vigo e á súa área metropolitana, para paralizar a área metropolitana de Vigo, cando este tema podía ter unha solución mediante o diálogo, mediante a negociación, mediante o acordo, ou, se quere, mediante o contencioso, pero non poden utilizar este tema para frear, para paralizar, para boicotear,

para poñerlle un veto, para facerlles oposición a outras administracións, como están facendo vostedes. Se teñen diferenzas de interpretación dese convenio, acláreno mediante o diálogo ou mediante o contencioso, pero non utilicen este tema para paralizar a área metropolitana.

Tamén nos falou das estacións intermodais, outro clásico, tampouco nos deitou moita luz sobre como van resolver todos os graves problemas que teñen estas infraestruturas nas cidades. Falou da tramitación da lei exprés, ¿non? É unha tramitación urbanística conxunta, pero hai aquí graves dificultades e graves problemas, tamén, de coordinación entre administracións, e téñolle que recordar, ademais, que vostede —xa a finais do ano 2015— anunciou o inicio das obras da intermodal de Vigo no ano 2016, e aínda estamos esperando que cheguen a un acordo o Ministerio de Fomento, vostedes e o Concello de Vigo sobre como van resolver tanto a estación do AVE, como a estación de autobuses, esas estacións intermodais, e por aí eu creo que hai unhas cousas raras polo medio que se están negociando, e algún pelotazo ou intento de favorecer intereses privados, establecendo un macrocentro comercial no centro de Vigo, facéndolle competencia ao comercio local; pero bueno, esta é a política que vostedes practican a respecto do comercio.

Non falou nada, por certo, das estacións das vilas, porque en Galiza haberá máis estacións de autobuses que as estacións intermodais das grandes cidades. Supoño que terán algún plan, tamén, algunha previsión, porque o que vemos por aí é unha citación, desde logo, que deixa moito que desexar.

Ben, do ferrocarril botamos de menos —á parte de botarlles a culpa ao empedrado, aos demais, porque vostedes nunca teñen responsabilidade de nada, a culpa é do bloqueo político no ano 2016— que non di por que executaron o 40 % ou menos do 40 % dos investimentos previstos en 2015; daquela non había bloqueo político, gobernaban vostedes en Madrid, e gobernaban en Galiza, e resulta que non executaron gran parte das infraestruturas previstas. Polo tanto, houbo atrasos, houbo adiamentos, houbo incumprimentos, houbo promesas incumplidas ao longo de todos estes anos que estiveron gobernando vostedes en Madrid e aquí, e vostedes calaban durante todo este tempo, calaron, outorgaron e aceptaron as políticas que se estaban desenvolvendo a este respecto.

Boto de menos, por certo, que non falase vostede nada do ferrocarril de cercanías, supoño que se desentenden desta cuestión, que non teñen ningunha previsión de realmente desenvolverla desde o Goberno galego, ou de exixirlle ao Goberno do Estado que desenvolva ese ferrocarril de cercanías, que é un instrumento, desde logo, necesario para ter un transporte público de calidade e deste século, como lle gusta dicir a vostede.

Ben, con respecto á rede viaria de estradas convencionais e de vías de alta capacidade, desde logo, nós defendemos un modelo de mobilidade alternativo, sobre todo pensando na rede convencional. Vostedes apostan polas grandes infraestruturas, polas vías de alta capacidade, e nós pensamos que lles hai que prestar moita máis atención ás vías convencionais, e, desde logo, temos que partir da asunción das competencias por parte do Goberno galego en materia de estradas, de tráfico e seguranza viaria; é fundamental contar con eses instrumentos para poder dirixir realmente toda esa política.

Tamén traballar na cooperación entre administracións facendo un pacto pola mobilidade, porque —como xa vostede dixo en anteriores ocasións— hai máis de 17.000 quilómetros de estradas no país e, desde logo, a Xunta de Galiza non é a titular da maioría delas; polo tanto, hai que articular unha política conxunta, deben vostedes liderar unha política de mobilidade, unha mobilidade sustentábel, segura e saudábel, priorizando, ademais, aquelas actuacións que teñan que ver coa conservación e mantemento, coa mellora da seguranza viaria, co calzado do tráfico e con esas alternativas de mobilidade saudábel.

E vostede veunos aquí presentar o Plan de sendas verdes, pero realmente parécenos que é unha política pouco ambiciosa, que é unha política moi tímida. Desde logo, a nós parécenos ben, pero non se vai resolver ou non se vai implantar unha política de mobilidade alternativa, de mobilidade segura, con actuacións como anunciou vostede aquí en 170 quilómetros.

Desde logo, parécenos que é pouco, deben aspirar a máis e deben aspirar a unha reestruturación, reordenación e reorganización de toda a rede viaria, e non só destas actuacións parciais en determinados tramos das estradas, que moitas veces nin sequera están conectados co resto da rede viaria.

En fin, con respecto á política de vivenda, algunhas ideas así rápidas. Eu creo que practican vostedes unha política de coidados paliativos, de parches, que atenden determinadas situacións que son situacións dramáticas, pero non actúan con previsión, non actúan con planificación e cunha política integral nesta materia. Nós pensamos que hai que actuar en varios ámbitos. Desde logo, con cambios normativos, con cambios lexislativos para facer unha política de vivenda diferente, con intervención pública no ámbito da vivenda, porque é un dereito básico que ten a cidadanía. Desde logo, temos que aspirar a que o sector público teña unha maior intervención neste ámbito, principalmente para mobilizar a vivenda baleira, para destinala ao alugamento, sobre todo a vivenda baleira que está en mans da gran banca da especulación financeira, que foi a que se aproveitou de toda esta situación de crise que estivemos ou que estamos a sufrir.

Tamén no ámbito da vivenda pública hai que promover máis construción de vivenda pública, e tamén vostede anunciou medidas a respecto da rehabilitación, e desde logo saudámolo, pero parécenos que os orzamentos que destinan, por exemplo, no ano 2017 pouco van dar de si para unha nova política de rehabilitación.

E, con respecto ao solo empresarial, desde logo, falounos aquí da PLISAN, que é a historia de nunca acabar. ¿Vostede vaille botar a culpa ao Bipartito despois de oito anos que levan gobernando de maneira seguida?, ¿vaille botar a culpa ao Bipartito? Pero a realidade é que a PLISAN está (*Aplausos.*) como está, levan oito anos sen ser capaces de sacar adiante este solo empresarial, que é fundamental para o desenvolvemento de toda a área sur da provincia de Pontevedra, e da área de Vigo, e que, ademais, está chegando xa demasiado tarde, porque estamos vendo como se está producindo sistematicamente, debido a esta carencia, carestía do solo empresarial nesta área...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...ou a deslocalización de empresas de automoción cara ao norte de Portugal, por falta de capacidade de atracción de novos proxectos, por falta de visión estratéxica, por falta de promoción dese solo empresarial.

Por tanto, en resumo, señora conselleira, desde o BNG defendemos e propoñemos, desde logo, outra mobilidade, unha mobilidade sustentábel, saudábel e segura, outra política de vivenda, unha política activa e proactiva, non unha política reactiva, como a que practican vostedes, unha política social e pola equidade.

E estas medidas pasan, desde logo, por exercer plenamente as competencias que temos que ter como goberno e como país en materia de estradas, en materia de ferrocarril de cercanías, por exemplo, en materia da AP-9, tamén, que temos que seguir reclamando esta competencia...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...plantándolle cara ao Goberno do Estado para exixir que esas infraestruturas se fagan en tempo e forma, e plantarlles cara tamén aos poderosos e á banca para acabar con esta situación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...por exemplo, no ámbito da vivenda.

Polo tanto, políticas ambiciosas, políticas valentes e políticas con liderado e con ambición de país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes a todas e a todos.

Hoxe, señora conselleira, veu expoñer as liñas xerais da súa consellería para esta lexislatura, e nós escoitámola con interese, abofé que si. ¿E que quere que lle diga? Que é moita ferreña para tan pouca pandeireta. (*Aplausos.*)

O que hoxe veu vostede contar aquí é unha política de paliativos, dicíao o señor Bará. E pode que ese tipo de política sirva para un ano, talvez para dous, pero levamos así xa os últimos oito anos e trinta dos trinta e seis da Autonomía. E Galicia non está xa para paliar carencias, está para que a impulsen e se recupere con forza.

Con respecto á política de vivenda, constatamos a falta de prioridade que este goberno lle outorga ao fomento da vivenda pública. A oferta de 104 vivendas como obxectivo en todo

este ano parece, cando menos, anecdótica e falta de ambición. Pola contra, a pesar do suposto fomento e maior apoio ás políticas de rehabilitación, detéctase unha execución insuficiente das partidas orzadas nos pasados anos pola baixa adxudicación das axudas, o que nos fai ser incrédulos sobre a viabilidade das medidas plantexadas e a xustificación, incluso, da existencia do IGVS por ineficaz.

Vostedes deixaron clara a súa aposta polo alugueiro, pola rehabilitación e por impulsar a creación dun parque de vivendas baleiras que se porán en réxime de alugueiro para todas as galegas e galegos. Pola parte que conleva de política social, calquera medida que tomen en pro do acceso á vivenda a nós parécenos ben, por suposto que si.

Outra cousa é que consideremos que non por facer moito plan estes chegan a máis xente. O que están a facer é disgregar en miniplans os diñeiros dos que dispón esta consellería. 104 vivendas é o precario obxectivo para 2017, repito, señora conselleira.

Existe unha baixada de demandantes de vivenda pública na comunidade, iso din. ¿Xustifica isto o mínimo investimento neste sentido por parte da súa consellería? Absolutamente, non. ¿Sabe por que? Porque segundo datos do 2012 a realidade é que as vivendas de protección oficial en cidades como Lugo, Ferrol, Pontevedra e Ourense tiñan prezos máis elevados que os do mercado libre. E isto acontecía en moitas outras vilas, como Vilagarcía, Narón, Carballo, Arteixo ou Redondela. ¿Cal foi a actitude desta consellería? Minimizar o impulso da vivenda nova.

Ao noso entender, a baixada de prezos da vivenda do mercado libre non indica máis que unha mala planificación da pública. É responsabilidade da Xunta favorecer que a oferta de vivenda pública sexa sempre máis competitiva, se non, efectivamente, algo está a fallar. Porque, ademais, non nos equivoquemos, o feito de que a vivenda libre baixara de prezos non significa que esas vivendas sexan accesibles para moitas galegas e galegos. Falan vostedes de 78 millóns de euros previstos para o período 2015-2020 para a creación de vivenda pública e protexida, pero este ano só vemos 3 millóns.

A realidade é que dubidamos que tendo en conta o nivel de execución das partidas de anos anteriores, cunha porcentaxe de cumprimento do 63 %, estas 104 vivendas sexan realidade. ¿Sabe cantas vivendas de protección oficial se construíron no 2015 segundo datos do IGE? Soamente 2, de 7.931 construídas en toda España, en Galicia foron 2, o 0,025 %. Con estas cifras Galicia gañou o triste privilexio de estar á cola de toda España.

No 2014 eran 15.523 as unidades familiares inscritas no rexistro como demandantes de vivenda protexida. Se dende ese ano só se construíron 44 —datos do IGE, que non mos invento eu, quede claro—, ¿que opción lles queda ás restantes 15.479 familias?

Estamos no 2017, pasaron xa dez anos do momento máis crítico da crise e da explosión da burbulla inmobiliaria, e aínda que poderíamos pensar que os prezos xa baixaron dende o 2007, a realidade é que mentres no ano 2000 as galegas e galegos destinaban o 36,2 % do seu salario á compra de vivenda, a día de hoxe supónlles o 50,3 %. Estas cifras falan da perda de poder adquisitivo das e dos galegos. ¿E vostedes que fan para reverter isto?

Falan de millóns de disposicións, pero falan do que falan, non hai vivendas dispoñibles para unha sociedade galega cada vez máis empobrecida. Porque non traten de cubrir a súa incapacidade para ofrecer solucións reais. No Plan RehaVita vostedes recoñecen a importancia do impacto económico que conlevan as actuacións públicas en materia de vivenda. E logo incluso falan —constatouno vostede mesma hai un intre— de que por cada millón de euros de investimento se xeran 56 postos de traballo directos e indirectos nos casos de obras de rehabilitación, fronte aos 35 postos se se trata de obra nova. Entendo que isto o recalcan co fin de xustificar a súa aposta pola vivenda de alugueiro. Pero vanme permitir que discrepe profundamente neste razoamento. Os 56 postos de traballo xustifícanos cun estudo do Ministerio de Fomento e os 35, sen embargo, falan dunha estimación. ¿Estimación de que? A xente pode entender ben que nunha rehabilitación poden participar uns oficios, talvez carpinteiros, albanéis, electricistas..., pero nunha obra nova entran, se non todos, moitos máis: encofradores, ferrallistas, calculistas, topógrafos, cristaleiros, a industria do moble, e así un logo etcétera.

Polo tanto, non enganen a xente sobre as súas motivacións políticas, fagan plans como o RehaVita, pero non o baseen en falsos conceptos. Sexan francos, sexan francos coas galegas e galegos.

Esta Xunta aposta pola rehabilitación e alugueiro, porque vostedes entenden que é un parche asumible para a situación actual. ¿E por que digo parche? Porque neste tempo xa amosaron non querer ou non ter capacidade para impulsar nova vivenda, nin para o seu uso en tenza nin para a súa posta en alugueiro. Porque os orzamentos e os resultados das súas execucións son seus e aí non se pode enganar a ninguén.

Pero dado que nesta Cámara a palabra «entendemento» está sempre na boca de todos, e nos reprochaban aínda onte nesta Cámara a nosa pouca disposición a tender a man, aí vai unha proposición de colaboración con vostedes nun tema que —entendemos— fala de mirar ao futuro e que está no horizonte próximo da política de vivenda. Entendemos que os modelos están a mudar, que o concepto de familia, a mobilidade xeográfica, require de novas tipoloxías de vivenda. Pero a realidade é que as normativas actuais dificultan a creación das mesmas. Vivendas de pequenas dimensións para apoiar a recuperación do rural, novas edificacións plurifamiliares que favorezan a cohabitación, o denominado *coliving* para persoas maiores que poidan atopar nestas novas fórmulas alternativas ás residencias de anciáns, unidades familiares diversas que atopen na convivencia un modo sostible de habitar.

Facemos, por tanto, un chamamento a traballar neste sentido e a que sexa a propia consellería quen favoreza a creación de vivendas públicas que promovan a cohabitación e que sexan exemplo para o sector privado.

No referente á política de infraestruturas, francamente, señora Vázquez, estamos cansos dos discursos, a cidadanía quere ver feitos. Son moitas as estradas que seguen agardando pola súa finalización, con tramos parciais executados só en parte e inútiles pola falta de continuidade do realizado. ¿Onde están os tramos que restan por facer da vía de alta capacidade de Tui á Guarda? ¿Ten sentido ter tramos que nacen e morren na estrada convencional? ¿Cre que é de recibo o illamento ao que está condenada a poboación desta área xeográfica? ¿Para

cando afrontarán a súa execución? ¿Para cando a autovía da Costa da Morte? ¿O Plan Paradai de Lugo? ¿A prolongación da vía de altas prestacións da costa norte? ¿A autovía de Celanova a Portugal? ¿A primeira fase da rolda leste de Lugo? ¿O desdoblamento da estrada de Pontevedra a Vilagarcía? ¿A conexión da Nacional 120 de Ourense á Pobra de Trives?

Estas son só algunhas das grandes infraestruturas inacabadas, vellos compromisos que ano tras ano volvemos traer a esta Cámara.

Ten vostede moitos deberes, señora conselleira, e esas son algunhas das infraestruturas que un día comezaron pero non remataron, pero polas que seguimos agardando, e tamén por toda a rede de variantes das circunvalacións das principais cidades de Galicia, todas sen executar. E estamos a falar da de Aradas en Santiago, a de Carballo, a de Valdoviño, a de Ponteareas, a de Alba en Pontevedra. De todas elas, efectivamente, temos promesas, moitas promesas, pero, por suposto, ata o momento todas incumpridas.

E fálanos tamén de programas como o Plan de reforzos de firmes, fíxoo hai uns intres, vostedes chámanlle así, pero para nós non é máis que a constatación de que o que é, é unha obriga, a de garantir a seguridade viaria, e para vostedes isto é un motivo de propaganda.

Este plan, señora conselleira, non é, polo tanto, para presumir, é para telo feito xa. Estamos a falar da seguridade de todos os usuarios das estradas, algo que debería ser consubstancial coas obrigas desta consellería.

A oposición levamos advertindo dende hai tempo do abandono dos viais. Hai estudos que manifestan que a calidade viaria está caendo preocupantemente, co conseguinte aumento da sinistralidade. Coa creatividade que amosan no seu afán de crear plans, temo francamente o anuncio desta consellería de plans do tipo «Fomento de teitos en vivendas», «Impulso de asfaltos nas autovías». Redundancias, señora conselleira, redundancias.

Señora conselleira, sexamos serios, resaltar este tipo de plans é minusvalorar a propia consellería. O que vostede nos presenta aquí non é máis que unha cuestión técnica que vai implícita ao mantemento das redes de carreteras. Afórrenos, de verdade, momentos como os vividos na pasada Comisión 2ª, onde o director xeral, señor Menéndez, explicando o Plan de sendas, nos falaba de cuestións técnicas, cuestións que falaban das tipoloxías dos camiños, das variedades das gravas, dos solos compactados, das variantes de anchos en función dos tramos... O dito, falou de detalle técnico, pero moi pouco de compromiso coa execución de proxectos.

Xa llo dixen antes: moita ferreña para tan pouca pandeireta. Aquí vense falar das liñas a seguir por esta consellería, e intervencións como a do señor Menéndez fannos perder o tempo a todos, e o que é máis importante, a todos os galegos e ás galegas.

Nada máis polo de agora, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Vostedes sempre saen aquí e nos fan bonitos discursos. Hoxe falan de seguranza viaria, de mobilidade sostible, de respecto ás persoas que máis padeceron a crise, orzamentos de carácter social, loita contra os desafiuzamentos, ofrecer solucións reais, dar resposta ás necesidades de vivenda, programas, plans, promesas...

Sen embargo, os seus feitos e os seus discursos, cando se trata de obter beneficios para as maiorías sociais, non soen ser coincidentes, e ao final as promesas de hoxe case sempre acaban sendo os incumprimentos de mañá.

Son feitos consumados, é a historia da súa acción política, é a socialización das perdas da banca que non ían supor custo ningún á cidadanía, son as armas de destrución masiva en Irak, son os hilillos de plastilina do *Prestige*, é a seguridade do *Yak-42*, é a viabilidade da fusión das caixas galegas e a necesidade dunha venda apresurada a prezo de saldo a oligarquías venezolanas, son os contratos de Pemex, será a AP-9 e será tamén o accidente do Alvia.

Supoño que serán vostedes comprensivas ante a nosa absoluta desconfianza en que cumbran o contido nos seus discursos e nos centremos nos feitos á hora de afrontar o debate parlamentario. Sabemos ben que as súas promesas non valen nada, están ben para vostedes, para que nos medios de comunicación apareza a súa propaganda, pero para nós comprenderá que non serven máis que para apuntar no futuro os incumprimentos dos seus discursos. Salvo certas excepcións que si cumpren, coas que soemos non estar de acordo por consideralas contrarias ao ben común, como é no eido das infraestruturas e a mobilidade a súa aposta polas vías de alta capacidade e o transporte privado a motor.

O seu compromiso con este plan de que cada galego ou galega teñan a menos de 15 minutos acceso a unha vía de alta capacidade é unha aposta polo transporte menos seguro, menos sostible, máis contaminante e máis dependente enerxeticamente; a peor das apostas para garantir o que conteñen os discursos: declaracións de intencións, que demostran a ausencia de plan de país, de plan de futuro. Vostedes traballan con plans de mirada curta.

O que si é esta estratexia é moi rendible para as empresas concesionarias amigas. No eido das infraestruturas e mobilidade deberían centrar a atención no tocante á sustentabilidade, á racionalidade, á seguranza viaria, á redución da dependencia enerxética e en proporcionar mellor servizo á cidadanía. E vostedes saben, tan ben coma nós, que non se consegue atravesando o territorio galego de vías de alta capacidade e apostando polo transporte particular a motor.

Para acadar eses obxectivos hai que facer o contrario do que veñen facendo vostedes, hai que apostar polo transporte público, optimizar internamente o ferrocarril, a intermodalidade ou as vías para peóns e ciclistas.

Precisamos unha Galicia conectada internamente e tamén co resto do mundo, optimizar a nosa rede de portos e aeroportos para termos unha política integral e de país, que permita

a nosa conexión co exterior, optimizar internamente o ferrocarril e que a AP-9 estea ao servizo do interese xeral e non ao servizo de intereses privados.

Galicia ten que afrontar a política de mobilidade tendo en conta dous retos de futuro: o cambio climático e a dependencia enerxética.

O modelo que vostedes defenden é o de desprazamento en vehículo particular e vía rápida, e no ferrocarril, o AVE e a conexión coa Meseta sen conseguir ofrecer unha solución á conexión co norte de Portugal, nin o tren de proximidade, nin o transporte de mercadorías nuns niveis moi por debaixo da maioría dos países europeos.

A redución da dependencia enerxética de Galicia nun contexto global de esgotamento de combustibles fósiles debería de ser un obxectivo fundamental. Terannos que explicar, despois de gobernar durante tantos anos este país, por que non contamos cun servizo de cercanías ou o porqué do desmantelamento do tren no rural e a ausencia dunha correcta vertebración do país a través de ferrocarril.

Terannos que explicar, tamén, por que as estacións intermodais son unha promesa que nunca chega. No 2009 asinaron o convenio da Coruña e Compostela para facer as intermodais, e seguimos agardando. As promesas de onte son os incumprimentos de hoxe. Vostedes saben que as Mareas de Compostela e A Coruña chegaron ao goberno no 2015: mala coartada responsabilizalas, como veñen facendo, da incapacidade deste goberno.

Terán que explicarnos, tamén, por que ou ben enganan os galegos e as galegas coa AP-9 ou ben vostedes non pintan nada. Porque vostedes saben, igual ca nós, que o informe do Goberno do Estado é un insulto a Galicia, saben que o cálculo do custo do rescate resultante de multiplicar a recadación de peaxes nun ano multiplicado polos anos de concesión é un insulto á intelixencia.

O argumento de que é unha infraestrutura de interese xeral porque chega á fronteira con Portugal é un agravio, cando é público e notorio que en idénticas circunstancias foron transferidas autoestradas en Cataluña e en Euskadi.

¿E que dicir do AVE?, as promesas de onte son os incumprimentos de hoxe. Vostedes tratan de xustificar o incumprimento da súa última promesa da chegada do AVE a Galicia no 2018 argumentando que non se puideron executar as obras durante o ano por estar o Goberno en funcións. Mala coartada en Galicia, non se pode executar unha obra que xa está aprobada, pero, sen embargo, si puideron regalar concesións a empresas nocivas en espazo de dominio público como Ence e Reganosa. Teñan vostedes algo de pudor e escollan mellor os argumentos cos que agochan as súas incapacidades.

Seguimos agardando tamén pola comisión de investigación do accidente do Alvia no Parlamento de Galicia para estudar as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois, así como determinar as condicións de seguridade na rede ferroviaria de velocidade alta en Galicia e determinar as responsabilidades políticas no que respecta ao accidente de Angrois.

E seguen a suspender, tamén, vostedes en seguranza viaria. Galicia é das comunidades do Estado con maior sinistralidade, con maiores mortes de peóns e ciclistas. Veremos como estamos no futuro, con estas novas propostas, agardamos que sirvan para mellorar esta dramática situación.

Con respecto á vivenda, a súa política é puramente cosmética e superficial, non ataca a estrutura dun modelo que focaliza a vivenda como negocio e non como un dereito. Non existe unha política de vivenda que garanta o dereito a unha vivenda digna para todos os galegos e as galegas, tanto a lexislación como os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a este drama que viven centos de familias ano tras ano.

Segundo datos oficiais, os desafiuzamentos seguen a ser un problema de primeira magnitude e representan unha cifra no noso país duns cinco desafiuzamentos diarios. Os resultados demostran a ineficiencia e a falta de vontade da Xunta de Galicia. O balance dos programas de prevención e de realoxo de persoas desafiuzadas é desolador, 250 realoxos en catro anos. E ante isto, preséntanse mínimos cambios para o próximo exercicio: nula avaliación crítica sobre os resultados das políticas aplicadas nos últimos anos e unha aposta orzamentaria moi tímida.

Incrementáanse os orzamentos do Programa de rehabilitación de vivendas mentres se estanca o esforzo para o Programa de acceso á vivenda. Os datos de execución destes programas e o descenso da actividade de rehabilitación nestes anos son moi evidentes e as actuacións de rehabilitación —incluso nas vivendas propiedade da Xunta de Galicia— brillan pola súa ausencia, xa que os datos oficiais do IGE mostran un brusco descenso dende o ano 2009.

A garantía no acceso á vivenda segue sendo unha materia pendente en Galicia, un fracaso que está a producir un gran sufrimento. As decisións tomadas non só non están encamiñadas a procurar unha vivenda digna a todos os cidadáns galegos, senón que dende a época da política de desenvolvemento se utiliza a construción residencial como motor económico e fronte de financiamento dos concellos, e irregularmente de partidas nos gobernos municipais, coas consecuencias xa coñecidas.

Sen embargo, a pesar de ter un dos parques de vivendas de maior tamaño de toda Europa, a garantía no acceso segue sen estar resolta.

O último informe da OCDE sinala que Galicia ten das vivendas máis caras de todos os países desenvolvidos en relación cos salarios existentes. Se quere atallar o grave problema da vivenda non promocióne a cultura da propiedade e promocióne a cultura do alugueiro, a través do alugueiro social ou dos mecanismos asociados á cesión en dereito de superficie, cuestión fundamental para acadar a satisfacción do dereito constitucional: a vivenda de amplas capas da sociedade.

Unha meta que se deba marcar a conselleira é chegar á cota do mercado do alugueiro social da Unión Europea que anda na contorna do 18 %, moi lonxe do 1 % co que contamos nestes momentos en Galicia.

Para dar cumprimento a este dereito e comezar a achegarse a esa porcentaxe, apuntámoslles algunhas das medidas que serían moi efectivas, que vendo os resultados obtidos durante todos estes anos do Goberno Popular lles pedimos que teñan en conta.

Debemos incrementar as partidas presupostarias destinadas á política de acceso á vivenda ata alcanzar no conxunto —e co horizonte de dúas lexislaturas— cotas similares ao esforzo medio dos principais países europeos, que está situado nun 2 % do PIB.

Debemos eliminar, de maneira progresiva, desgravacións e outras figuras fiscais ou financeiras que incentiven o investimento ou o acceso á vivenda a través de compra para novos demandantes; devolver un marco normativo que defina en que casos se considera que unha vivenda está baleira e a creación dun rexistro de vivendas baleiras en cada municipio; establecemento de gravames fiscais significativos para as vivendas baleiras, que haberán de ser progresivos en función do número de vivendas atesouradas por cada propietario, tempo de desocupación dos inmobles e superficie.

Incremento significativo da asignación de recursos na axencia tributaria destinados a acometer a fraude fiscal que incide no sector inmobiliario, coa eliminación de axudas directas a propietarios e promotores, e uso dos fondos noutras iniciativas que faciliten o acceso á vivenda e que garantan o seu desfrute por parte dos colectivos sociais máis necesitados, como poidan ser a expropiación temporal ou definitiva de vivendas en mans de entidades financeiras que realicen procesos de desafiuzamento e o aloxamento dos desafiuzados.

Continúo na seguinte intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Grazas, presidente.

Señorías, señora conselleira, boas tardes a todos.

En primeiro lugar, grazas, señora conselleira, por esta comparecencia a petición propia e, sobre todo, en hora boa. En hora boa por esas intencións do Goberno e por querer afrontar eses retos aos que temos que dar conta nos próximos anos.

Escoito a oposición falar de falta de novidades, fala a oposición de continuísmo, pois tamén, a verdade, grazas polo continuísmo, señora conselleira, porque despois de dúas lexislaturas de que estas políticas están demostrando os seus beneficios, e que acaban de ser referendadas de novo nunhas eleccións, pois nada máis que grazas por continuar con estas políticas. (*Aplausos.*)

E vou darlle —xa que vexo que lle gustan— as grazas tamén por outra cousa, señora conselleira, grazas por traer aquí un programa que cumpre o programa electoral do Partido Popular co que gañamos as eleccións, porque hai algúns desta oposición que deben crer que un gana para facer o programa dos que perden, que é o que pretenden, pero non o fan así onde gobernan, señor Cal, ¿sabe como se coñecen xa os gobernos das Mareas? Os que non

cumpren nin a primeira liña do programa, ¡nin a primeira! E collo as súas palabras. As promesas de onte da Marea son os incumprimentos de hoxe dos seus gobernos. *(Aplausos.)*

Polo menos, déixennos a nós cumprir o noso programa.

Sinto ter que discrepar tamén coa visión global que teñen, nada de paliativos, nada de pandeireta, señores do PSOE. Iso é como ven vostedes a política, nós non a vemos así; vemos políticas moi serias, e son políticas globais e políticas xerais as que poñemos en marcha, non políticas de pandeireta e paliativos, como din. Políticas para persoas, por moito que lles doia, e, ademais, políticas pensadas nos que máis o necesitan, e políticas sociais, especialmente na vivenda e no transporte público, e nunha nova mobilidade, porque é verdade que non só usou o transporte público, senón que nos falou, a señora conselleira, doutros modos de mobilidade.

E isto xa se empeza a reflectir nos orzamentos, un 5 % máis son expansivos, pero ademais nas políticas de maior incidencia social.

E señora Pierres, evidentemente, podemos facer unha lista inmensa de obras, todas as que vostede queira, é moi fácil chegar aquí, pero volven facer trampa, igual que fixeron nos orzamentos, fanse trampa ao solitario, meten unha lista enorme para poder dicir nas cidades e nas vilas que pediron non sei que ou que rexeitamos tal emenda, pero non din de onde sacan os cartos. Sacan vostedes os cartos da Axencia sen dicir de onde, ou dos compromisos que están firmados polo Bipartito coas concesións. Polo menos, déixenos pagar as concesións que vostedes firmaron cando gobernaban.

Como lle dicía, estas políticas, ademais, señora conselleira, gústannos especialmente porque cremos que van en liña coas políticas europeas. A min alucíname aquí escoitar a xente da oposición pedir que se constrúan novas vivendas, co parque de vivendas baleiras que temos, pero, en cambio, os seus concellos non se unen ao Programa de vivendas baleiras da consellería. Toda Europa traballando na liña da consellería, de rehabilitación e de traballar en vivendas baleiras, e vostedes propoñendo construción de novas vivendas. Esa é a política que propoñen, e por iso creo que tiveron o referendo que tiveron nas urnas.

En temas de vivenda, claro, vir aquí escoitar cousas de vivenda en concellos que non se unen ao Plan de vivendas baleiras cando encima pon todo a consellería... Pero, claro, cando un ve o que fixeron os gobernos que representan o Partido Socialista: o Concello de Vigo, o do maior problema de desafuzamentos de Galicia. Pontevedra, señor Bará, vostede é concelleiro, ¿en dezasete anos cantas vivendas públicas fixo o concello de Pontevedra? Cero, esa é a política de vivendas, señor Bará.

E xa falar dos da Marea, a min gustaríame que me dixeran unha soa medida, unha soa, ¡boa ou mala, éme igual!, unha, igual boa que mala. Na Coruña, en política de vivenda, vou dicirlle que nos alegamos de que aquí se aposte pola rehabilitación, pero por poñerlle un exemplo da Coruña, señor Cal, non só presupostan menos que o Goberno anterior do PP en rehabilitación, senón que o ano 2016 acaban de pechalo con 3 millóns de euros en rehabilitación sen executar, 3 millóns de euros, esa é a política e iso que non tiveron nin que sacar a orde, por-

que xa había expedientes en marcha e tramitados. Esa é a política que están defendendo.

Claro, rehabilitación, rehabilitación..., o único que se rehabilitou na Coruña foi a Comandancia de Obras para os okupas amigos con cartos públicos, para que estean máis a gusto; arreglarlle o chaleciño á xente dos okupas iso si que é unha privatización dun equipamento público, e non o que falaban esta mañá.

Pero, bueno, se hai algo que de verdade me gustaría subliñar da presentación é o tema da mobilidade e do transporte. É un obxectivo ambicioso, e por suposto que dunha sentenza hai que facer unha oportunidade para modernizar, para reorganizar e para volver estruturar o transporte público por estradas en Galicia, e así me alegro que o consideren; vexo que vostedes o viron, pero, claro, hai outros que prefiren ver as cousas desde o lado negro, desde o lado escuro. Non é o noso caso.

En calquera caso, cremos que esta reorganización e poñer eses servizos a demanda no rural será unha enorme acción de goberno que vai beneficiar enormemente as familias e os galegos. Pero o que de verdade me preocupou do que escoitei antes foi ver que a señora Pierres non se enterou de nada o outro día na comisión, porque se algo explicou ben o señor director xeral é como estaban cada unha das 55 vías que xa están en marcha da primeira fase do Plan de sendas . Dixo exactamente como estaba cada unha, pero non só iso, están da primeira fase 10,5 millóns este ano nos orzamentos e todas en marcha nalgunha outra fase, ou ben en licitación, ou ben en obra, ou ben en expropiacións, ou ben con proxecto redactado, todas as da primeira fase, e xa explicou as da segunda, que virán en anos sucesivos e que están facendo o proxecto.

Xa lle enviarei o *link* da participación, ou pídolle ao director xeral que lle envíe detallado como están esas 55 vías todas en marcha. Un gran plan, por certo, conselleira, non só de seguridade vial —un tema importantísimo e no que a consellería non esgota esforzos—, senón tamén polo que ten de mobilidade alternativa, o que ten de seguridade viaria, o que ten de políticas ambientais reducindo a produción de CO₂, porque aquí si que hai políticas transversais, como ben dicía a conselleira, e non só iso, tamén de saúde.

En calquera caso, poderían axudar un pouquiño no transporte tamén, porque claro, cando un ve que un plan de transporte é boicoteado directamente polo Concello de Vigo, pois di: ¡Que diferenza!, ¿por que teñen que ser distintos os cidadáns de Vigo dos das outras cidades? Pois non, porque o importante é seguir xerando oposición e utilizando a demagogia de que todo é contra Vigo, pero que os cidadáns de Vigo perdan oportunidades, e son verdadeiramente os que acaban sacrificándose por culpa destas políticas.

En calquera caso, o que de verdade tamén é simpático é escoitar falar de intermodalidade. Máis pedras non se poden poñer no camiño. Eu onte tiveren incluso vergoña cando chegou aquí o alcalde da Coruña e —para que non lle dixeran que en dezanove meses non fixo nada dos accesos do hidroplaneamento— presentou na prensa unha infografía do que quería facer, ¡unha infografía! Non queremos infografías, queremos documentos aprobados, e queremos o solo á disposición da consellería, e queremos os accesos na Coruña, en Santiago e en Vigo. (Aplausos.)

Infografías, isto é o único que fan, cartas, infografías e discursos, pero o que é traballar non se move un só plano.

Falabamos de estradas, tamén —teño pouco tempo e vou rematando xa—, e todas as obras de estradas van encamiñadas na seguridade. Falaba do plan de mantemento, plan de firmes, por suposto que hai que investir en firmes, somos unha das comunidades autónomas con maior número de quilómetros por habitante e por quilómetro cadrado. En calquera dos casos, somos das que máis vías temos pola nosa propia ordenación territorial.

¿Cal é o medo que temos tamén? Pois que pase o mesmo que está pasando noutras cousas. A min dáme medo cando escoito a conselleira, con boa intención, que quere facer a prolongación da vía Ártabra e se vai atopar co Concello de Cambre, que non fai máis que poñer dificultades.

O único que lle queda por inventar é o mesmo que ao seu colega da Coruña, e que para parar a vía Ártabra invente un paso de gas como fixeron en Alfonso Molina na Coruña. É o único que lle queda para parar a vía.

A ver se axudan un pouco e así podemos contar con esa vía, porque é moi doado pedir unha área metropolitana, pero cando hai que facer as vías para estruturala, todo é poñer pegas no camiño.

En calquera caso, cremos que estas políticas van na liña do que se espera dun goberno no século XXI...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ... que son políticas que van na liña de facer unha mellor calidade de vida para os cidadáns, de xerar emprego, de ser socialmente inclusivas e, ademais, de mellorar esa calidade de vida para todos os cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Réplica, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Bueno, señorías, señor Bará e resto de deputados, eu escoitei aquí todo plano, mirada curta, pandeireta. ¿A vostedes parécelles mirada curta, pandeireta, plano..., implantar o transporte á demanda en Galicia a decembro de 2019? ¿E resolver o problema de transporte no rural?

Para min, dende logo, é un auténtico reto, e o fácil, o fácil é non facer nada, iso é o fácil, que é o que se fixo durante o Bipartito, durante catro anos, (*Aplausos.*) pero nós apostamos por implantalo e estamos traballando por implantalo, por suposto que si.

¿Parécelle plano, parécelle de pandeireta, parécelle de mirada curta aproveitar as sinerxías do transporte escolar para resolver o transporte rural? ¿Aproveitar o taxi, aproveitar os diferentes modos de transporte para resolver o transporte rural?

Ímolo facer, temos empeño, temos ambición, temos ilusión e ímolo facer a decembro de 2019 (*Aplausos.*) Temos unha folla de ruta e imos resolver o transporte no rural. Levar o autobús onde faga falta e á hora que faga falta. Porque o fácil sería non facer nada, como fixeron vostedes durante catro anos no Bipartito.

En calquera caso, o 065 do Bipartito, por suposto que o teño que dicir, mentres falan aquí vostedes do tema das concesións. Señor Bará, sabe vostede que no Bipartito o contrato de concesión do 065, ¿a cuarta parte dos contratos a quen se lle adxudicou? A unha gran empresa. A cuarta parte dos contratos do Servizo do 065 na época de Quintana foi a unha gran empresa, a cuarta parte de todos os contratos. Polo tanto, dende logo, non acuse este goberno de cousas que non son.

Eu podo, tamén, admitir que me critiquen ausencias ou esquecementos, como fixo o señor Bará, polo tema das estacións de autobuses, as reparacións das estacións de autobuses, que continuaremos co Plan Renove, pero, dende logo, sería falta de concreción, porque en media hora un non pode explicar todo o que vai facer en catro anos. Dende logo, non son ausencias nin esquecementos, eu o que trasladei son as liñas xerais do que podemos facer en catro anos.

Señor Bará, tamén vostede criticou —e non sei se o señor Cal tamén, e a señora Pierres, pero en calquera caso o señor Bará si— sobre a medida da Lei de acompañamento e a renuncia das concesións. Mire, o ano pasado o que fixemos foi marcar esa folla de ruta cunha nova lei, para garantir o transporte público despois da sentenza do Tribunal Supremo que anulaba as prórrogas. Polo tanto, é unha nova lei para garantir o transporte público, e compartirá comigo que o transporte público hai que brindalo, e non que quede no limbo, e tamén na Lei de medidas puxemos as disposicións normativas para fixar con claridade as tramitacións e resolver o transporte á demanda, porque é o noso obxectivo levar o autobús onde faga falta, e á hora e ao lugar onde faga falta.

Polo tanto, é sentar as bases para coordinar e integrar os servizos diferentes de modo de transporte, aproveitar sinerxías, implantar a modalidade de transporte á demanda e, dende logo, clarificar o procedemento de adxudicación, porque en agosto do 2017 si que haberá transporte, señor Bará, por suposto, unhas novas liñas de transporte eficientes, sostibles e que resolvan o transporte no rural.

E sobre as renuncias da concesión, eu volvo dicir que durante catro anos o Bipartito non fixo nada, e en seis meses —porque neses catro anos tiña a obriga de adaptar o planeamento ao regulamento europeo— tivémolo que resolver cunha lei en 2009, en tempo récord, seis meses, para darlle estabilidade ao sector e garantir o transporte público.

Señor Bará, señor Cal, dende logo a min o que me guía no meu traballo, día a día na xestión pública, é o interese público. A xestión pública eu véxoa como unha xestión ao servizo do

cidadán, e a min o único que me guía é o interese público, dende logo, non o dubiden, e é no que estamos aquí a traballar: polo interese público.

Falaban tamén vostedes de cercanías. Galicia ten que planificar os seus servizos de transporte con responsabilidade e eficiencia. Non sei se a súa proposta é implantar todos os servizos en todas partes, levar o barco, levar o tren, levar o autobús a todas as partes de Galicia. Así non se resolve o transporte en Galicia, eu creo que niso espero e agardo que poidamos coincidir, hai que analizar a demanda e facer viables os transportes, que sexan —como dixen na miña primeira intervención— compatibles os diferentes modos de transporte.

Non hai que levar todos os medios de transporte a todos os sitios de Galicia, sobre todo tendo 30.000 núcleos de poboación como temos. Temos o Eixe Atlántico, que ofrece unhas necesidades que están cubertas, temos o Plan de transporte metropolitano, pero a min o que máis me sorprende é que o señor Cal me veña aquí falar do AVE, cando os seus compañeiros —os representantes políticos das Mareas de Podemos— son os que din que o AVE é un tren para ricos. E realmente o que me sorprende é que me veñan aquí falar de trens cando trasladan publicamente que o AVE é un tren para ricos. *(Aplausos.)*

Sobre a PLISAN, vexo empeño en negar as evidencias de que a PLISAN está avanzando. Moléstalles, en calquera caso vólvoos invitar, e por suposto que ao señor Bará tamén o invitarei, xunto co que teño xa comprometido con outro deputado, por suposto convidados a vir e, dende logo, non me esqueceré de invitalos.

Rexistro de demandantes, que traslada a señora Pierres, vivenda pública, baixa execución. A cuestión da baixa execución do Instituto Galego de Vivenda e Solo aquí explíqueillo moitísimas veces ao señor Bugallo, en reiteradas ocasións. O Instituto Galego de Vivenda e Solo o que tivo foron orzamentos do Plan de vivenda estatal da época de Zapatero, que realizou a transferencia de fondos inexecutables, única e exclusivamente para dicir que o Plan de vivenda estatal estaba executado.

Polo tanto, fondos inexecutables que non se podían, polo tanto, executar, iso si se sabía. En calquera caso, eu pido tranquilidade, porque, por fin, ese asunto xa está resolto.

Sobre vivenda pública. A pasada lexislatura entregamos 600 vivendas públicas, ademais das 150 vivendas en alugueiro, e estamos desenvolvendo solo para facer vivenda protexida, por suposto na Coruña e en Vigo. 1.600 en Vigo e 1.100 na Coruña só para vivenda protexida. Pero o que máis me sorprende é que a señora Pierres non aposte por mobilizar vivendas baleiras e non aposte por rehabilitar vivendas baleiras. É o que máis me sorprende, iso e tamén a autovía da Costa da Morte.

Da autovía da Costa da Morte, que me veña aquí trasladar a cuestión da autovía da Costa da Morte, permítanme lembrar as dúas ou tres primeiras pedras do Partido Socialista, e nós en plena crise económica, este goberno en plena crise económica executou 27 quilómetros dunha autovía de libre peaxe. Polo tanto, aproveitar para agradecer a todo o equipo de infraestruturas que tirou do carro e que axudou para que isto saíra adiante, pero, dende logo, quen implantou unha, ou dúas ou tres primeiras pedras foi un partido, e quen exe-

cutou 27 quilómetros de autovía libre de peaxe foi este goberno, e en plena crise económica. (Aplausos.)

Sobre a AP-9 trasladáronse aquí temas, dende logo non renunciámos para acadar a súa titularidade, seguiremos insistindo sobre a reclamación da transferencia, pero o que hai que recoñecer é que logramos algo que non se conseguira ata agora, que non se tiña acadado, que é participar nas decisións sobre esa infraestrutura fundamental que vertebra o 60 % do territorio onde residen o 60 % dos galegos; polo tanto, é unha comisión bilateral importantísima, sen precedentes, que se vai constituír e celebrar a primeira xuntanza neste mes de febreiro.

Polo tanto, compartir as decisións para algo moi importante, que é a primeira decisión que tomaremos, que é que esas bonificacións do Morrazo-A Barcala sexan asumidas integramente polo Goberno do Estado e non sexan asumidas polos galegos, tal e como reflicte ese convenio do Bipartito, que implicaba 180 millóns de euros dende o ano 2017 ata o ano 2048 a pagar polo peto dos galegos. Pois eses 180 millóns de euros pagaraos integramente o Goberno do Estado.

E señor Cal, falaba e daba datos de desafiuzamentos, crin entenderlle cinco desafiuzamentos ao día. Por máis repetir, repetir e repetir as estatísticas sen filtrar, non van ser verdade. Dende logo, para vostede ao mellor é o mesmo un desahucio ou un lanzamento dun garaxe, ou dunha nave industrial, ou dunha vivenda habitual, ou da vivenda de veraneo. Para nós non, a nós o que nos importa é a vivenda habitual e non o lanzamento dunha nave industrial.

Polo tanto, as estatísticas hai que filtralas, e, dende logo, a vivenda habitual non é equiparable —ao mellor para vostede si, pero para nós non— para outros tipos de lanzamentos.

Polo tanto, as estatísticas hai que filtralas e hai que explicalas ben, e por moito que o digan non vai ser o dato que digan vostedes.

Volvendo ás competencias da consellería, por suposto que nós traballamos para mellorar os servizos, para mellorar a calidade, para vertebrar o territorio —que vexo que non lles importa vertebrar o territorio para traballar pola igualdade de oportunidades, centradas nas persoas—, e, por suposto, polo rural, porque eu sempre o digo, que non entendo unha Galicia próspera sen un rural vivo, e o que queremos é traballar para levar beneficios ao rural, con mellores comunicacións, con melloras nos fogares e facilitando o acceso a un fogar no rural.

Por iso apostaremos por novos eixes de comunicación, por suposto que si, por melloras nas estradas, para ter unha Galicia máis vertebrada, e farémolo brindando os servizos públicos, os servizos básicos, a sanidade e a educación.

Sobre o Plan de sendas, señora Pierres, vén explicado o proxector de infraestruturas, 170 quilómetros que temos planificados para esta lexislatura. Pero o máis importante é que empezamos polo principio, temos os cartos; polo tanto, temos os deseños técnicos que di vostede, pero tamén temos os cartos. Polo tanto, temos todo para facer eses 170 quilómetros nesta lexislatura, as 11 primeiras comarcas definidas e 95 novas sendas para facilitar eses desprazamentos habituais a pé ou en bici. Polo tanto, unha mobilidade máis segura e tamén

unha mobilidade máis sustentable. A primeira fase moi avanzada, obras xa en plena execución e que seguiremos licitando. E a segunda fase cos proxectos construtivos, que estarán redactados este ano.

Pero unha liña clave para a calidade de vida nesta lexislatura, para esta consellería, dende logo que é o transporte, o transporte para que as persoas se acheguen aos diferentes centros de interese en horarios necesarios; en tempos competitivos, dende logo; e co menor custo posible.

Ese é o noso reto, é clave nesta lexislatura, para esta consellería, redefinir, dende logo, o sistema de transporte público. Para nós unha oportunidade, por suposto que si, o remate das concesións do transporte interurbano. E redefiniremos ese novo mapa das liñas de autobús para dar a máxima cobertura ao rural implantando o transporte á demanda, que para nós non é plano, nin é de pandeireta, nin é de mirada curta; dende logo, é o futuro para resolver o transporte. Un auténtico reto este modelo co que queremos cubrir as necesidades de Galicia de transporte, sobre todo no rural —incido outra vez no rural—. As persoas maiores que non conducen, que precisan cubrir as súas necesidades: ir ao médico, comprar medicinas, ir ao mercado..., por suposto que é o que queremos resolver.

Por iso é importante a planificación que estamos a facer, porque xa a estamos a facer. Poden falar cos alcaldes, convidamos a todos os alcaldes de toda Galicia e explicamos a folla de ruta, explicamos o modelo que queremos implantar. Un gran desafío, pero, dende logo, estamos implicados para facelo.

Nas estacións intermodais, señor Cal, claro que estamos traballando; tamén, como no Plan de sendas, empezamos polo principio, temos os cartos. E, dende logo, nós temos moito máis avanzado que algún concello. Pregúntelle ao Concello de Santiago se ten claros os accesos que ten que definir, porque nin o proxecto empezou, e nós xa estamos co proxecto básico, co construtivo e poñendo solucións enriba da mesa para resolver o problema urbanístico. Queremos accesos e queremos os terreos que nos poñan os concellos á disposición.

Aínda así agardamos —e con colaboración, porque estamos a falar dun esforzo colectivo, como dicía, cos concellos— dar un pulo importante e poder licitar Santiago, Ourense e Vigo este ano. Porque serán novas oportunidades para todos os cidadáns eses intercambios de modo de transporte áxil e seguro, que son as intermodais.

E tamén políticas en materia de vivenda, cun programa de impostos cero que ten a Consellería de Facenda e que nós complementamos coas nosas medidas e coa estratexia de rehabilitación. Non son miniplans, son axudas totalmente coordinadas dentro do Plan RehaVita, non estamos falando de miniplans. Dende logo, as áreas de rehabilitación, na miña opinión, non son miniplans, é unha figura pioneira e referente en toda España: 70 áreas de rehabilitación declaradas, a área do Camiño de Santiago e este ano 12 millóns de euros, polo tanto, 30 % máis que o ano anterior.

Tamén rehabilitar vivendas de promoción pública, infravivendas, medio millón de euros. Rehabilitación de edificios residenciais. E vexo tamén que non lle deron importancia nin

ao Programa rexurbe nin ao Fondo de Cooperación. Dende logo que o Programa rexurbe son intervencións directas da Xunta de Galicia para revivir os núcleos históricos e as nosas vilas e zonas históricas. Polo tanto, un programa pioneiro e un programa que é unha aposta clara pola rehabilitación, e tamén o Fondo de Cooperación, así como a Lei de cascos históricos —que vexo que non lles interesa ou non lles parece interesante—.

Queremos ofrecer solucións, polo tanto, en materia de vivenda, estamos a implantar medidas para ofrecer solucións e tamén vivenda en alugueiro, tamén para nós importante. Este ano destinaremos 11 millóns de euros para vivenda en alugueiro a través dos distintos programas que temos en materia de vivenda: o bono alugueiro social, as axudas do Plan de vivenda, o Programa de vivendas baleiras e as vivendas de promoción pública, que van beneficiar a preto de 6.500 familias. Este é o Programa de alugueiro da Xunta de Galicia para este ano; polo tanto, eu creo que podó afirmar que é unha completa política en materia de vivenda para este ano e para os catro anos desta lexislatura.

Pola miña parte nada máis. Espero á miña seguinte intervención. Dende logo, nós traballamos polo benestar dos cidadáns.

Pola miña parte nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións. *(Pausa.)*

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si.

Señor Fernández Prado, fixo vostede aquí unha exhibición de espírito crítico, unha auténtica exhibición de espírito crítico. Din vostedes que vostedes están aquí para gobernar, para aplicar o seu programa; isto parece máis aquilo do «ordenó e mando» de tempos pasados. Suponse que o goberno será tamén dialogar, acordar, negociar, consensuar, *(Aplausos.)* escoitar as propostas dos outros grupos... Non será só o «ordenó e mando». Iso era unha cousa máis ben do pasado, dun pasado que está tamén, bueno, na súa prehistoria.

E, claro, postos a falar de cumprir o programa, nós, si, pedímoslles que cumpran o programa. Cumpran o seu programa, por exemplo, a respecto da transferencia da AP-9, ¿por que non cumpren o programa para a transferencia da AP-9? ¿Por que vetan en Madrid a transferencia da AP-9? Pedímoslles que cumpran o programa tamén nese caso; ou que cumpran o seu propio programa, por exemplo, nos prazos das obras do tren de alta velocidade; ou no caso doutras transferencias que vostedes tamén puxeron no seu programa como promesas que despois incumpren sistematicamente. Polo tanto, fagan algo.

Tamén outra promesa repetida, que tamén nos veu contar aquí a conselleira, a da coordinación aeroportuaria. Porque vostedes bótanlles a culpa de novo aos concellos, aos alcaldes, pero non toman ningunha iniciativa para poñer algún tipo de solución ou

proposta enriba da mesa para, realmente, ter unha coordinación aeroportuaria en Galiza eficaz.

Ben, o señor Fernández Prado tamén nos falou aquí de Pontevedra. Bueno, se aplicamos o seu criterio, pois resulta que o BNG en Pontevedra gañou as eleccións, vostedes pasaron a 7. Entón, algo fariamos ben para gañar as eleccións e algo farían mal vostedes para pasar a 7, que foi o peor resultado que sacaron... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Si, señor Tellado?

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor BARÁ TORRES: Foi o peor resultado que sacaron nas cidades.

En todo caso, nós estamos aquí —xa llelo dixemos moitas veces— para facer oposición, para criticar, para denunciar aquilo que entendemos que fan mal; pero tamén para facer proposicións, para traer propostas. E ofrecémoslles tamén as nosas propostas, as nosas ideas, que ademais están contrastadas pola experiencia, e aí está outra vez Pontevedra. Señora conselleira, vostede agora ten aí unha especie de *feeling* ou idilio co señor alcalde de Pontevedra, que teñen así reunións, chegan a acordos, lévase mellor que con outros... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Bueno, retiro o de idilio, perdón. Idilio político, quero dicir, que teñen aí.

Entón, a min gustárame tamén que tome nota de propostas, de solucións, de alternativas que se están desenvolvendo en Pontevedra. Se non, pídalle información ao señor Moreira, que agora xa é deputado de novo, que seguro que coñece tamén moitas cousas ao respecto e que a pode informar desas solucións que se están aplicando en Pontevedra, que son premiadas en todo o mundo e que se poden trasladar ao resto do país, a moitas vilas, a moitas cidades, a zonas urbanas, a zonas periurbanas, a toda esa rede de estradas convencionais que ten o país; zonas onde vive moita xente que non ten por que vivir rodeada de perigos alí onde fai a súa vida. E se non temos tamén outro exemplo, que é o Plan Móvese, da Deputación de Pontevedra, que é tamén un exemplo de medidas eficaces en materia de seguranza viaria ou de calmado do tráfico, e que é unha referencia tamén e un camiño a seguir, a imitar por outras administracións.

Desde logo, xa lle dixen que o tema das sendas nos parece ben, pero parécenos unha alternativa, unha proposta incompleta e parcial. Creo que teñen que ser máis ambiciosos neste sentido e ter unha política máis integral, intentar un acordo de país, un auténtico pacto de país a respecto da seguranza viaria, da mobilidade alternativa, da mobilidade segura, da mobilidade saudábel e sustentábel. Un pacto onde se teñen que sentar na mesa as deputacións, os concellos do país e tamén a Administración do Estado, intentando —ou presionando— que haxa unha transferencia, tamén, de competencias nesta materia.

Nas grandes infraestruturas vostedes o que fan é hipotecar o orzamento dos próximos anos, porque realmente o gasto en pago de débedas nos próximos anos 2018 e 2019 vai impedir facer moitas cousas.

Falou vostede do tema do transporte público por estrada, e realmente o que veu evidenciar aquí é que estiveron durante as dúas pasadas lexislaturas nunha situación de parálise, de

inacción; non tomaron medidas e por iso todo agora está por facer. Vostede promete o transporte á demanda para o 2019, pero xa o podíamos ter agora, ¿que estiveron facendo estes oito anos? ¿Por que non se lles ocorreu esta solución antes, se realmente é un problema fundamental do país, sobre todo nas áreas rurais?

Vostede di que en 2017 imos ter concesións funcionando con liñas eficientes no rural despois do verán. Ben, emprázoa a falar deste tema despois do verán, a ver se é realmente así e se temos esas solucións.

Do tema do ferrocarril das cercanías non dixo absolutamente nada, pasan vostedes deste tema, de ter unha política realmente ambiciosa respecto das cercanías, e permiten ademais o desmantelamento das infraestruturas dos servizos. Ultimamente acábbase de anunciar a desaparición do servizo de atención ao público e de venda de billetes presencial en seis estacións galegas, e vostedes calan e outorgan; non din nada e permiten que se tomen estas decisións, e seguen sen completarse esas infraestruturas.

En fin, que lles pedimos —como dixen antes— unha política ambiciosa, unha política valente na AP-9, reclamando a transferencia, deixando esa posición de submisión e de dependencia, evitando este espolio e este agravio...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que é a situación actual da AP-9; que asuman as competencias que temos que ter como país en materia de estradas, de tráfico e de seguranza viaria; que defendan o tren de cercanías fronte ao desmantelamento; que fagan unha política de vivenda realmente tamén ambiciosa, pública, activa e non reactiva; que traballen por crear solo empresarial en zonas nas que é vital para o desenvolvemento económico e a activación do emprego.

Polo tanto, oposición, pero tamén proposición. Traemos aquí propostas, modelos alternativos, opcións de futuro para este país. Téñanas en conta e eu creo que irán as cousas mellor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Ben, antes de nada quero aclarar que cando dixen «moita ferreña para tan pouca pandeireta» falaba do ruído que fan e do ineficaces das súas medidas, *(Aplausos.)* por se non o entenderon ben. *(Aplausos.)*

Porque, señor Fernández Prado, si, recoñézoo, eu son de pandeireta, son cantareira e pandeireteira, e iso para min é un orgullo, non un motivo de vergoña, polo menos para min. *(Murmurios.)*

Estaba a falar antes de infraestruturas. É ben certo que tanto a AP-9 como o AVE non son competencias desta consellería, pero si que é a súa obriga defender ou reivindicar que a rede

viaria e ferroviaria de titularidade estatal estea nas mellores condicións para os usuarios galegos e galegas. Reclamamos a intervención da Xunta para solicitar do Goberno cuestións básicas e estratéxicas para esta comunidade.

As últimas novas con respecto da chegada do AVE non fan máis que demostrarnos a súa incapacidade para defender os nosos intereses. Seguen as demoras e segue o trato inxusto e discriminatorio da nosa comunidade por parte do Goberno central. Mesmo foron cómplices da supresión de frecuencias e paradas do tren tradicional, que tanto servizo prestaba a vilas e pobos de toda Galicia. Vostedes condenaron os usuarios desas poboacións a buscar unha alternativa de mobilidade cos seus propios medios.

E respecto da transferencia da AP-9, máis do mesmo: o que foi posible noutras comunidades, aquí tórnase inviolable.

E en relación co transporte, a intermodalidade é unha palabra máxica tantas veces utilizada pola conselleira como tantas veces traizoada. Din que as estacións intermodais son prioritarias, pero explíqueme como é o conto: 100.000 euros reservados este ano para a de Pontevedra, 209.000 para a da Coruña, 500.000 para a de Santiago, 76.000 para a de Ferrol, 350.000 para a de Vigo, 365.000 para a de Ourense e 75.000 para a de Lugo. Esas son as previsións para os investimentos nas estacións neste ano, que non é máis que para o posible arranque dos trámites. E agora acaba de trasladarnos que empezarán polas de Vigo, Ourense e Santiago. Logo, ¿desconfiamos tamén das cantidades adxudicadas para o resto de intermodais para este ano?

Pero a intermodalidade —e vostede sábeo ben— é un concepto que abrangue algo máis que un edificio, a intermodalidade supón o funcionamento coordinado de varios sistemas de transporte. E, claro, xa sabemos o que aconteceu co transporte regular en Galicia. Todo o que conta que se está a facer no transporte á demanda non é máis que unha mala resposta a unha situación do transporte regular por estradas, que se está realizando en precario como consecuencia dunha resolución da súa consellería anulada polo Tribunal europeo, por vulnerar o Regulamento da Unión Europea.

Polo tanto, non ten nada de que presumir, está facendo o que non ten máis remedio que facer, por decisión do seu propio Goberno e do presidente, do señor Feijóo.

E en agosto deste ano terá que cubrir todos os servizos aos que as concesionarias renunciaron. Por tanto, máis política paliativa, tamén, no transporte, froito da súa mala xestión. E deixen de pór o acento no que fan os alcaldes da oposición nos concellos e aplíquense o conto na área da Coruña: dous alcaldes do PP son os primeiros que non apoian o proxecto de área metropolitana.

Nin a entrada do AVE en Galicia nin o transporte regular estarán rematados ata a próxima lexislatura. Vostede sábeo ben, señora conselleira, e nós tamén.

E tamén é certo que no tema aéreo vostedes falaban moito da coordinación dos aeroportos, da idoneidade da súa especialización, ¿onde está logo esta coordinación?, ¿onde están os re-

sultados das súas xestións?

Resumindo, nin transporte público de viaxeiros, nin transporte regular por estrada, nin coordinación aeroportuaria, nin tren de proximidade, nin intermodalidade, nin tren de media distancia. Este é o resumo da súa política de transporte.

O mesmo se reflicte, igualmente, na práctica desaparición da política de solo industrial: dotacións claramente insuficientes, como xa se vén demostrando na práctica destes pasados anos. Dixo que a principios de 2017 estarían as empresas instalándose nos terreos da PLISAN. Señora conselleira, vaíamos alí cando vostede queira e ensínenolas

Nós seguimos reclamando actuacións en polígonos industriais tan importantes como son o da Guarda-O Rosal; o da Lomba, en Pontearreas; ou o polígono do Pousadoiro, en Vilagarcía de Arousa. Reclamacións xa feitas en anos pasados e que, xunto con outras, aínda non se viron atendidas por este goberno.

E xa para rematar, recordarlle, señora conselleira, que por parte do Partido Socialista agardamos que esta consellería asuma, dunha vez por todas, o papel fundamental que ten. Porque as galegas e os galegos non podemos seguir agardando polas estradas, polo acceso á vivenda, pola eficiencia do servizo dos trens, pola chegada do AVE que nos conecte co resto do país, pola titularidade da AP-9, pola rede de transporte regular, polas intermodais de Galicia. Son tantos os deberes que teñen que —repito— resulta ata ridículo escoitalos falar de sendas. Poñan o rumbo nos obxectivos prioritarios e sigan a axenda. Esta si, na responsabilidade que teñen enriba.

Agardar supón quedarnos atrás en competitividade, e ese é un prezo que nin merecen nin se poden permitir os galegos e as galegas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Bueno, con respecto ao tema da vivenda, a diferenza entre o seu modelo e o noso é que vostedes entenden a vivenda como un negocio. O seu modelo prima o negocio da vivenda como motor da economía, e, polo tanto, converte en boa nova a revalorización dos prezos da vivenda e en mala a súa depreciación. Sen embargo, tanto os de En Marea, como a Carta de dereitos humanos, como as directivas europeas ou a Constitución entendemos que a vivenda debe ser un dereito fundamental protexido polas institucións.

O dereito á vivenda e o recoñecemento desta como ben de primeira necesidade recóllese na Declaración universal dos dereitos humanos. E, sen embargo, o acceso á vivenda segue sendo un problema en Galicia, non sei se vostedes defenden ou non o cumprimento da Carta dos dereitos humanos, se é así aproveite a súa réplica para dicilo.

A Unión Europea, a pesar de que non ten competencias nesta materia, tamén lles indica aos estados membros a necesidade de proporcionar seguridade na tenza, promovendo o dereito a unha vivenda digna, proporcionar igualdade de oportunidades no acceso á propiedade do chan, promover a igualdade de oportunidades no acceso ao crédito e promover o acceso aos servizos básicos.

A Constitución di que os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando a utilización do chan, de acordo co interese xeral para impedir a especulación. Vese que durante estes anos non atenderon a este artigo da Constitución.

Se non se poñen os medios, o dereito desaparece na práctica. Potencien o alugueiro e a rehabilitación e faciliten a mobilización das 300.000 vivendas baleiras que hai en Galicia.

Con respecto ao transporte á demanda e a utilizar o transporte escolar para o transporte ordinario, parécenos ben que defendan esa liña, ¡faltaría máis que non trouxeran aquí algo! Saen aquí á defensiva dicindo que poñen iso enriba da mesa, ¡faltaría máis que non puxeran nada enriba da mesa!, pero non se trata tan só de defender o transporte á demanda e o transporte ordinario en transporte escolar, senón de como o levan a cabo. Nós tivemos unha xuntanza coa Federación dos Taxis e non lles gustaba nada este borrador de transporte, da lei de transporte que están a xerar. E tamén é certo que saen a cambiar esta lei a golpe de sentenza xudicial, non por interese propio.

Di tamén que fan políticas para as persoas, dende logo que fan políticas para as persoas, sobre todo para as persoas amigas como cando entregan vivendas sociais a fondos voitre. Aí fan políticas para persoas, pero para unhas pouquiñas persoas, moi pouquiñas persoas son as que se benefician desas políticas.

Con respecto ao AVE, que sempre que falamos do AVE nos veñen coa mesma historia, nós se gobernásenos, evidentemente, desenvolveríamos o plan ferroviario de maneira diferente, plantexariamos o AVE de maneira diferente. Nós o que dicimos é que agora que teñen en marcha o proxecto e que está iniciado, o que pedimos é que non haxa rebaixas e que rematen a obra que teñen prometida, e que a rematen, como digo, sen rebaixas e cos sistemas de seguridades necesarios para que non teñamos que vivir unha situación como a que vivimos co accidente do Alvia en Angrois.

Con respecto aos desafiuzamentos, fala de que nós falamos de cinco desafiuzamentos diarios e non atendemos os que teñen que ver con vivenda habitual. Estamos desexosos de que nos digan vostedes cantos deses desafiuzamentos teñen que ver con vivenda habitual; se tivéramos ese dato, poderíamos ir a ese dato concreto, así que lle pido —rogámosllo— que na súa réplica nos dea ese dato e así poderemos falar con mellor criterio desa cuestión.

Tamén me gustaría que aproveitase a súa réplica para explicar por que non soluciona o problema do servizo público na parroquia de Covas en Ferrol, onde a concesionaria se comprometeu a garantir e mellorar as frecuencias horarias para que sexan compatibles cos servizos escolares e cos servizos sanitarios; están sempre utilizando o seu transporte particular, e o

Concello de Ferrol comprométese a —bueno, se xa está solucionado, alegraríame moitísimo escoitalo— sufragar o gasto, a diferenza do gasto, e unicamente falta a aprobación da súa consellería. Polo tanto, encantaríanos que se está solucionado, que nos diga que está solucionado, e se non, que nos explique por que non está.

Outra cuestión que tamén me parece importante —e que botei moitísimo de menos na súa comparecencia— é que falase do servizo ferroviario. Sabemos perfectamente todos e todas os que estamos nesta Cámara que é o servizo máis seguro, máis sustentable posible, e botei moito de menos que non falase do transporte ferroviario, e voulle preguntar dúas cuestións nada máis, que me gustaría que respondese: ¿Que opina e que van facer con respecto ao recente peche do servizo de venda de billetes e atención ao viaxeiro presencial das estacións de Guillarei, O Carballiño, Sarria, O Barco, A Rúa e Ribadavia? E gustaríame tamén que nos dese a súa opinión con respecto ao tren de proximidade, se teñen pensado levar adiante algún plan.

E con respecto á seguranza viaria, parécenos ben que fagan algúns quilómetros de sendas verdes, gustaríanos que fagan moitos máis, parécenos unha boa iniciativa, insuficiente, pero unha boa iniciativa. Pero unha das principais causas polas que a comunidade galega é unha das comunidades autónomas con máis sinistralidade —a segunda con máis accidentes mortais de peóns e ciclistas— é porque a rede viaria...

O señor PRESIDENTE: Remate, remate.

O señor CAL OGANDO: ...pasa polo centro de moitos núcleos poboados e non contan con medidas de calmado de tráfico no casco urbano. Algúns exemplos desas estradas de competencia da Xunta son a PO-551, ao seu paso por Marín, Bueu, Cangas e Moaña, ou a PO-308, ao seu paso por Poio, Combarro e Sanxenxo.

Esta situación propicia un alto risco nas travesías urbanas, que é onde se concentran os atropelos a peóns e ciclistas. Aquí as medidas que precisamos pasan por unha dobre solución: por unha banda, débense acometer as medidas de calmado de tráfico, que contempla a...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

O señor CAL OGANDO: ... e, por outra banda, facer roldas. ¿Que medidas teñen previstas para este tipo de situacións?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Boas tardes, de novo.

Mire, señor Bará, claro que temos espírito crítico, e o que facemos é —unha vez analizado criticamente— novas propostas, incorporámolas nun programa electoral e presentámolas

aos cidadáns coas novas ideas, e cumprímolo, porque temos compromiso co programa. Nada de imposicións, senón responsabilidades cos nosos votantes, que vexo que iso, ao mellor, son algúns os que non o cumpren.

Resultados electorais, fale en Pontevedra, eu estou falándolle aquí dun compromiso cuns votantes e cun programa, e queremos cumprilo, e, ademais, felicitamos a conselleira por dar cumprida conta del.

Dicía que non hai temas novos. Eu vou falarlle dalgúns, á parte do observatorio de vivenda, que foi o único que nomeou. O Programa rehaVita, rehabilitación de vivendas con destino social, axudas á rehabilitación de cascos históricos, o Programa rexurbe, as axudas para a rehabilitación enerxética de vivendas, a lei de cascos históricos..., ten programas novos, o que pasa é que só queremos ver outras cousas.

Dicía o da AP-9, seguímola demandando todavía, si, nestes dous meses que levo aquí de deputado. Mantemos a demanda de transferencia da AP-9, pero non enganamos a xente cos temas das peaxes. Nós falamos con claridade e seguimos demandando esa transferencia. Cumprimos tamén o programa electoral.

Falaba a conselleira das intermodais, falaba do alcalde de Ferrol co tren para ricos, esqueceuse tamén das grandes declaracións —falamos da intermodal— do alcalde da Coruña, que dixo que a intermodal da Coruña non era estratéxica para a cidade. Outra gran declaración dos alcaldes das Mareas.

Señora Pierres, cando dicía o da pandeireta, enténdinlle perfectamente que falaba de ruído, pero por iso mesmo, os únicos que fan ruído aquí son vostedes, a Xunta o que trae son políticas serias e esas son as que queremos, non ruídos, senón falar de verdade (*Aplausos.*) de políticas serias.

Mire, intermodalidade, ¿non lles gustan as leis que traemos de urbanismo,? Pero se se van poder facer os accesos á intermodalidade de Vigo é grazas ás leis que trae este grupo parlamentario e que aproba con eses votos do grupo parlamentario. Así que creo que deberían ter algo máis de respecto por esa lexislación e non crítica-la tanto.

Investimentos, falaba dos investimentos das intermodais. Non debe ter ningunha experiencia de xestión, porque se non sabería que se hoxe puxera as obras non as executaría, porque hai uns prazos de licitación e de adxudicación que fan necesario, primeiro, acabar eses proxectos cando poidan darnos eses solos e, logo, licitar as obras, se non quedarían sen executar como quedan noutros concellos onde gobernan.

Mire, falaba da Área Metropolitana de Vigo, vou dicirlle unha cousa que ao mellor non sabe: a área metropolitana da Coruña non existe, puro fume, é unha cortina de fume que saca cada vez que se queda sen orzamentos, cada vez que perde unha elección ou cada vez que necesita distraer con algo.

O único que lle din os alcaldes da Coruña, do PP, do contorno da Coruña é: ¿díganos que é iso que fala da área metropolitana máis que unha etiqueta?, ¿díganos que servizos vai ter?,

¿díganos quen imos estar nesta área metropolitana?, ¿díganos como se vai xestionar?, etcétera, etcétera, etcétera. Non, só é cortina de fume.

Señor Cal, di que o modelo de vivenda do PP non é o modelo de vostedes. Di que vostedes entenden como un dereito o que o PP entende como un negocio. Iso que, ¿explicoullo Ramón Espinar? ¿Ese é o negocio que vostedes entenden? *(Aplausos.)*

Vou dicirlle outra cousa, que esta non a espera, esta non a espera, esa xa sabía que ía saír. Voulle dicir outra cousa, eu tiven como concelleiro a ocasión de coñecer a empresa de Izquierda Unida de Rivas Vaciamadrid, onde naceron a ex de Iglesias, o pai, o sogro, todos estes. *(Murmurios.)* E o día, o día que se saiban as cousas desa empresa dos de Podemos, o de Ramón Espinar é un conto de nenos. *(Aplausos.)*

Pero mire, mire se temos interese no tema e cremos que é un dereito que só este ano 11 millóns de euros en programas de alugueiro, 11 millóns de euros. Mentres tanto, na Coruña seguen sen adherirse ao Programa de vivendas baleiras.

Remato xa, señor presidente, volvendo dar as grazas á conselleira e dándolle a en hora boa por estas políticas. Teranos aquí sempre que o necesite, e ademais cremos que, sinceramente, estes programas mellorarán enormemente a calidade de vida dos galegos nos próximos anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Peche da comparecencia, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Bará, eu alégrome dese pacto pola seguridade viaria, dende logo nós xa hai tempo foi unha proposta que propuxemos trasladando o Plan de seguridade viaria para observacións, que non nos trasladaron ningunha, pero, en calquera caso, eu alégrome, por suposto, e acepto ese pacto pola seguridade viaria, ¡faltaría menos! Polo tanto, aposto por ese pacto pola seguridade viaria con vostede.

En canto ás intermodais, señora Pierres, eu explicara aquí as anualidades das intermodais, é unha cuestión xa didáctica. Que critiquen os orzamentos realistas a min, dende logo, sorpréndeme. Eu creo que todos sabemos que as obras se fan con anualidades, plurianuais. Eu creo que se puxera neste mesmo ano o importe total da intermodal de Santiago, estaría enganando. Dende logo, eu non engano, facemos orzamentos realistas, e o que dixen é que licitaremos este ano. Polo tanto, son orzamentos que permitirán licitar este ano e facer estas obras como están, dende logo, os orzamentos deseñados e aprobados.

E tamén minusvalorar o traballo de conseguir os fondos europeos, a min permítame que pense que ao mellor non se sabe que implica esa xestión. Dende logo, é un traballo de moita

xente durante moito tempo. Polo tanto, non podemos minusvalorar o traballo de moita xente durante moito tempo para conseguir fondos para as intermodais, para conseguir fondos para os plans de sendas e para conseguir fondos tamén para intentar o transporte á demanda. É un traballo de moita xente, durante moito tempo.

E no sistema aeroportuario eu deixei clara a aposta da Xunta de Galicia, investir en promoción turística, en todas as súas vertentes. Eu agardaba que compartiran comigo investir en promoción turística, e non investir —ou máis ben gastar— dándolles cartos ás compañías aéreas privadas. Esa é a nosa aposta, investir en promoción turística en todas as súas vertentes.

Señor Cal, o servizo de autobús a Covas, está pendente que o Concello de Ferrol nos solicite o que dixo que nos solicitaba. Nós, colaboración técnica, que nola solicite e autorizarémola rapidamente. O que me está a pedir, o que me está a propoñer, é que me solicite a min mesma. Eu creo que o Concello de Ferrol ben pode facer unha solicitude, e autorizarémola de forma áxil e segura. (*Aplausos.*)

En calquera caso, eu tratei na miña comparecencia de ofrecerlles as grandes liñas, os grandes trazos das liñas estratéxicas que temos para esta lexislatura, para que todo o equipo da consellería traballe con esforzo e dedicación. Unha acción cun prisma social, co foco centrado na vivenda, que ten un importante alcance social, e tamén levaremos ese alcance social ao resto das materias: á mobilidade; por suposto que ás infraestruturas; e tamén, incluso, ao solo industrial.

Porque, señorías, cando melloramos os servizos, cando apostamos por facilitarlles a vida aos cidadáns, cando incrementamos a calidade de vida, cando investimos en vertebración —que eu creo que non apostan vostedes por vertebración—, cando damos facilidades aos emprendedores para desenvolver os seus proxectos creando emprego e creando riqueza, estamos traballando para darlles máis oportunidades aos galegos e, polo tanto, estamos traballando para crear máis benestar en Galicia.

En canto á vivenda, continuaremos desenvolvendo as medidas propostas e recollidas no Plan RehaVita, con especial atención a impulsar e reforzar as 12 medidas de loita contra os desafiuzamentos que a propia valedora do pobo indicou que a Xunta de Galicia é a comunidade autónoma máis ambiciosa con programas e medidas para a loita contra os desafiuzamentos. Non debemos esquecer, ademais, de instar o concello de Ferrol e o Concello de Vigo para que se adhiran aos nosos programas.

Reforzar tamén o Programa de vivenda en alugueiro. A nosa proposta deste ano, o investimento deste ano, permitirá atender 6.500 familias. E tamén poñendo o acento na rehabilitación e na renovación urbana como clave de mellora das condicións de vida, unha oportunidade para recuperar o patrimonio construído, para racionalizar a ocupación do noso territorio para un estímulo ao emprego e un importante activo de dinamización xeográfica. A rehabilitación terá un lugar destacado nesta consellería este ano e os anos seguintes, este ano con 40 millóns de euros.

Continuando cos programas existentes, a rehabilitación no rural, os cascos históricos, a promoción pública, as ARI, as áreas de rehabilitación integral, pero con programas novos, o

Programa rexurbe, o Programa rehaluga, o Fondo de Cooperación, as axudas de eficiencia enerxética, préstamos a interese cero para a rehabilitación e, tamén, a recuperación de vivendas antigas dos mestres.

No ámbito da mobilidade e do transporte. Trasladei que o obxectivo é estender os beneficios do Plan de transporte metropolitano a máis concellos, a Ourense e Pontevedra, polo tanto que chegue ao 70 % dos galegos. A día de hoxe chega ao 60 % dos galegos, temos o obxectivo de chegar ao 70 % dos galegos e de implantar este transporte tamén no rural. O obxectivo prioritario, por suposto, é poder saldar, resolver os obstáculos e as trabas que nos está a poñer o Concello de Vigo, incumprindo coa palabra dada, incumprindo un convenio asinado, incumprindo un pacto acadado con 13 concellos.

Como sinalei no transporte, o noso obxectivo —e xa temos iniciado o traballo— é a redefinición dos mapas das liñas de autobús en seis ámbitos en Galicia, definir e determinar este novo mapa de transportes, implantalo en agosto deste ano e continuar avanzando para que en decembro de 2019 estea implantado na súa totalidade e poidamos aprobar o futuro plan de transporte baixo demanda, dando a máxima cobertura no rural. Como dicía, levar o autobús onde sexa preciso e á hora que sexa preciso.

E tamén, por suposto, que avanzar nas intermodalidades das grandes cidades, licitando este ano a primeira fase das estacións intermodais, o que é a terminal de autobús integrada na estación de ferrocarril Santiago, Vigo e Ourense.

Por suposto, tamén vixiar e estar atentos coa chegada do AVE. Para nós é irrenunciable a chegada do AVE, é un obxectivo de país, e tamén traballaremos para mellorar a rede de transportes integrados.

E, por suposto, máis solo industrial en condicións vantaxosas, estamos a falar da PLISAN, e, por suposto, tamén queremos avanzar —e así o faremos en Morás— ofrecendo vantaxes en solo empresarial con bonificacións de ata o 50 %.

E tamén especial atención á seguridade viaria, e, por suposto, alégrome do pacto pola seguridade viaria co Bloque Nacionalista Galego, e tamén apostaremos por un importante esforzo no Plan de reforzos de firme.

Plan de sendas. Por suposto, a nosa aposta pon atención aos usuarios máis vulnerables, e tamén porque, ademais, é unha liña de actuación que conxuga mobilidade sustentable con seguridade viaria.

Vou rematando, temos grandes retos por diante, catro anos para facilitar un fogar ás familias que atravesan máis dificultades, recuperar o valor do patrimonio construído, ampliar ao 70 % o plan de transporte metropolitano, reordenar o novo mapa de transporte por estrada, impulsar a intermodalidade, poñer a disposición de emprendedores solo industrial en condicións vantaxosas para xerar emprego e riqueza, estender a rede de vías de altas prestacións e velar pola seguridade viaria.

Vixiantes, tamén, sobre os cumprimentos dos compromisos do Estado. Polo tanto, unha nova política máis social en materia de infraestruturas, en materia de vivenda. Unha política orientada a promover infraestruturas sostibles para o progreso económico e a cohesión social, coa rehabilitación como centro da política de vivenda, co solo empresarial como incentivo para investir en Galicia, crear emprego e crear riqueza, apostando tamén, por suposto, polo transporte público; un transporte público útil, un transporte público moderno e un transporte público atractivo.

Esa é a nosa responsabilidade, son os nosos retos, o noso obxectivo é traballar para e por todos os galegos, e creo que é unha responsabilidade de todos os que estamos aquí.

Pola miña parte nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Antes de proseguir coas mocións, comunicar unhas alteracións na orde do día. En concreto, que mañá, ao remate da votación das proposicións non de lei, se substanciará a pregunta que figura en terceiro lugar, é unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista. E xa logo, pola tarde, as preguntas. Substanciarase a pregunta que figura no número 9, irá en segundo lugar. Xa está falado todo isto cos interesados.

E continuamos coas mocións.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quintero Araújo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector lácteo

O señor PRESIDENTE: A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señoras deputadas e señores deputados.

A realidade do sector hoxe en día é por todos e todas nós ben coñecida. A volatilidade dos custos de produción e dos prezos do leite crea unha grande inseguridade nas nosas granxas, e cando os primeiros superan aos segundos fan que a profesión gandeira sexa ruínosa, provocando perdas millonarias nas economías familiares que viven do leite.

Tal e como están as cousas hoxe en día, os prezos do leite veñen impostos pola industria, polo que no único que os gandeiros e as gandeiras poden exercer algo de control para mellorar hoxe as rendas é no capítulo dos gastos. A media destes gastos por granxa, segundo varios estudos, sitúase nun abano entre os 27 e os 35 céntimos por litro. Factor clave neste capítulo é o da alimentación do gando, que de media na Galiza supón o 60 % dos custos de produción no sector lácteo, e pode variar entre 5 e 7 euros por vaca en produción e día.

Fixémonos nun modelo de referencia no sector lácteo: Irlanda, totalmente baseado no pastoreo. No sector lácteo irlandés os custos de produción están en 21 céntimos por litro de leite, co 60 % ou o 70 % da superficie agraria útil das granxas ao redor da propia explotación.

Mentres que na Galiza os técnicos aconsellan alimentar o gando a base de silo e de concentrados, en Irlanda a pauta a seguir é basear a alimentación na herba verde e non superar os cen días de alimentación con silo ao ano. Non hai dúbida de que os modelos de pastoreo son altamente eficientes á hora de reducir os custos de produción dunha granxa, pero sería necesario adaptalos a cada caso.

O certo é que a estrutura territorial de Irlanda é diametralmente oposta á da Galiza. Mentres que no país gaélico o rural se estrutura con base na actividade gandeira e as granxas dispoñen de suficiente superficie territorial para facer pastoreo, na Galiza hai un caos total, con forestacións ilegais de terras agrarias que usurparon o 10 % da superficie agraria e dificultade de acceso a máis terras por parte das nosas granxas. Un dato que reflicte a nosa situación é que só no ano 2014 Galiza importou 190 millóns de euros en forraxes.

En canto ao consumo de concentrados, Galiza é unha das zonas de Europa onde máis se consumen, fronte aos 568 quilos por vaca e ano de Irlanda, a nosa terra ten unha media de 3.940 quilos. Isto fai que a gandería galega sexa moi dependente da importación de cereais e de concentrados e que, polo tanto, sexa altamente vulnerable diante da volatibilidade de prezos destes insumos ou no mercado mundial.

A herba verde, sempre que se teña dabondo, é suficiente para alimentar o gando, ademais é o cultivo máis barato e eficiente que temos no noso país. O problema é que para que o sector lácteo galego puidese facer unha transición con garantías a un sistema baseado no pastoreo, sería preciso recuperar unhas 220.000 hectáreas de terras para pastos.

O leite é o principal produto da agricultura galega tanto en termos económicos e sociais como dende o punto de vista territorial.

A subida dos prezos dos fertilizantes, dos pensos e do combustible dende 2007 non foi asociada a unha subida similar no prezo do produto, e este desequilibrio está a ocasionar fortes perdas, endebemento e un maior ritmo de peche nas nosas explotacións.

Así xa sabemos que no ano 2007 pecharon máis granxas que no ano 2016, tamén sabemos que os membros dos grupos da oposición somos anunciadores da apocalipse no medio rural, somos coñecedores que dende o 25 de setembro o Partido Popular gañou as eleccións e que moitas labregas e gandeiras tamén os votan a vostedes.

Pero créanme, penso que a todos os membros que hoxe estamos aquí nesta Cámara nos preocupa, e moito, cara onde vai o sector. E o sector vai pechar os currais, deixar os lameiros a monte, coller a maleta e emigrar.

Ao tempo que o ano pasado a multinacional Lactalis foi noticia polos prezos e condicións abusivas que lles impuxo ás produtoras e produtores galegos. A maioría das empresas filiais

presentaron grandes beneficios para o grupo en 2015. Leche de Galicia, subsidiaria galega do grupo, un beneficio de 2,5 millóns de euros. Lactalis Puleva, de 19,8 millóns, o dobre que no ano 2014. Puleva Food, 10,5 millóns. Lactalis Forlasa, 5,3 millóns, etc. Malia as ganancias históricas deste grupo, en agosto do ano 2016 arredor de 1.200 produtores e produtoras galegas viron de novo rebaixados os prezos do leite debido ao contrato abusivo que a empresa lles fixo asinar no mes de xuño, con fórmulas que dan como resultado un prezo inferior ao que se paga de media en Galiza, que xa é o máis baixo de todo o territorio español.

O último prezo medio —que na nosa terra non chega aos 27 céntimos—, coa fórmula da multinacional francesa daría un prezo inferior a 26 céntimos. Ademais, o contrato pretende incluír a posibilidade de adiar a dous meses o pagamento do leite, o cal é ilegal segundo a lei que regula os pagamentos de produtos perecedoiros, e tamén exige confidencialidade para garantir que todos eses abusos non saian á luz, e deste xeito poder seguir operando con total impunidad.

Os dividendos e ganancias de Lactalis están feitos coa suor e coas bágoas de labregas e labregos galegos, e coa perda de centos de postos de traballo que dependían directamente das 425 granxas de leite que se viron obrigadas a pechar no ano 2015 e das case 600 que se viron obrigadas a pechar no ano 2016.

Lactalis converteuse na empresa líder por facturación, destacando os 8,7 millóns de euros de dividendos repartidos por Puleva ou por Puleva Food, ao tempo que impón contratos con baixas de prezo continuadas.

¿Que falar do fracasado Acordo lácteo do ano 2015? A case dous anos do que se supuña que era aquel chamado acordo lácteo presentado polo Ministerio de Agricultura e pola Consellería do Medio Rural para acabar coa mobilización do sector, demóstrase que as industrias seguen impondo condicións abusivas con total impunidad e que ficaron en papel mollado os contratos sen prezo, con todas as condicións impostas unilateralmente polas industrias, os acordos voluntarios e o famoso acordo histórico para ter unha cadea de valor sostible, no que cada parte tivera garantida a súa marxe.

Dende a Consellería de Medio Rural e dende o Ministerio de Agricultura van ser cómplices destes abusos, posto que pese a ser coñecedores da situación non están a poñer as medidas axeitadas para que os prezos pagados ás persoas produtoras cubran os custos de produción e remuneren dignamente o traballo, para que os contratos deixen de ser unha ferramenta para extorsionar as persoas produtoras, e os prezos e condicións de venda responden a índices obxectivos e garantan a marxe suficiente para que as persoas produtoras poidan vivir dignamente do seu traballo. De feito, nada sabemos das múltiples denuncias que se levan feito destes abusos.

Pedímoslle ao presidente da Xunta e á Consellería do Medio Rural que deixen de votar balóns fóra e que asuman a responsabilidade que teñen de defender un sector estratéxico como é o sector lácteo, do que dependen miles de empregos nas diferentes comarcas e que está seriamente ameazado polas prácticas inxustificables dunhas empresas que cada día imponen condicións máis abusivas mentres aumentan as súas cotas de beneficio.

O Goberno galego e o español veñen demostrando a súa incapacidade ou complicidade para que os sectores agrarios —especialmente o gandeiro— se esborralen, sen poñer a maquinaria governamental a funcionar para tentar remedialo. No caso do sector lácteo, con prezos por debaixo da media do Estado e por debaixo dos custos de produción —mesmo inferiores a 20 céntimos— que están recibindo algunhas explotacións, e que non levan a outra cousa máis que ao seu peche. É un dato constatado que se acrecenta, e que neste momento acelera o ritmo de peche de explotacións no sector lácteo.

Desta realidade deben responder unhas administracións que presumen de eficientes. A promesa de axudas para a devolución dos créditos non serve como solución para atallar o problema de fondo. Se non se toma ningún tipo de medidas encamiñadas a que os prezos que perciban as granxas cubran os seus custos de produción e persisten no tempo, a desfeita do sector será irreversible.

Por esta situación, o Goberno galego, se non o fixo antes, ten que facelo agora. Urxe que convoque inmediatamente a todas as partes da cadea alimentaria dunha forma permanente, utilizando toda a maquinaria do Goberno para acadar acordos para unha solución que sexa sostible en prezos. Isto é necesario para o sector lácteo, pero éo en xeral para todos os sectores da actividade agropecuaria, que ven como cada vez o traballo rende menos e a viabilidade das explotacións é cada vez máis difícil.

Non é asumible que se predique que os produtores e produtoras deban conformarse coas esmolas que poidan chegar de fondos europeos, sen atacar, no exercicio de competencias e responsabilidades propias, os problemas estruturais que azoutan diversos sectores, e moi particularmente o sector leiteiro.

A Consellería de Medio Rural cuestiona case a deslocalización da produción co argumento de que aínda hai porcentaxe de incrementos superiores noutras zonas con respecto a Galicia; as cantidades totais, aquí sempre son menores. No ano 2015 pecharon 474 granxas na Galiza, 93 en Asturias e 10 en Andalucía. No ano 2016, na Galiza máis de 500. Segundo a consellería, a maioría das granxas desapareceron nos tramos de cota de ata 300.000 quilos, e incrementáronse algo máis nos que superaban os 700.000 quilos.

Con estes datos, a consellería pretende xustificar a desaparición de granxas, indicando que é máis por idade ou por seren pequenas que por...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...non ter calidade de vida ou porque houbo fusións e agora mesmo están noutras sociedades.

Polo tanto, insto a esta Cámara a que adoptemos as medidas necesarias para apoiar os produtores de leite e frear o ritmo de peche de granxas tan elevado, que está a incidir no despoboamento do rural ante a falta de perspectivas. Para isto cómpre poñer en marcha un plan estratéxico para o conxunto da cadea láctea, tal e como fixeron noutros países antes do desmantelamento do sistema de cotas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Neste mar de herba que é Galicia, calquera que inicie unha visita seria ao rural e teña ollada sensible poderá apreciar os restos dunha gran batalla, a librada aló polos anos oitenta e fins do século pasado: construcións de bloque, uralitas a medio caer, pozos de purín pequenos e para ir tirando, cortes modernas, etc., e un territorio —nunha ampla porcentaxe dunha riqueza potencial extraordinaria— que camiña agonicamente cara a un deserto de eucalipto.

Claro que tamén poderá apreciar a outra cara da épica tensión: tractores potentes e modernos, instalacións punteiras, vastas extensións de millo para ensilado, praderías dun verde vizoso, carros de comida, etc. Estes últimos son os resistentes a esa gran guerra que nos combates dos últimos dous anos deixaron máis aló do milleiro de vítimas; é dicir, milleiros de explotacións pechadas que abandonaron cansos e cansas de traballaren para o inglés ou para o francés ou para depende a quen lle desen o leite.

Sempre me preguntei por que na aldea os gandeiros non din a quen lle venden o leite, senón a quen llo dan. Unha vez máis, a nosa fala é exacta na formulación de conceptos.

No último gran cabreo do sector produtor, e de todo canto o acompaña en servizos, que é moito, a Consellería correspondente e o presidente do Goberno de Galicia estaban ausentes. Mesmo moitos alcaldes do PP estaban termando das pancartas, codo con codo, cos alcaldes rurais doutras formacións. Mesmo participaron nalgunha autoconvocatoria para defenderen unha vida digna no rural, ata que foron chamados a capítulo. O señor Feijóo non recibiu a ninguén nin tentou mediar tampouco, e a señora conselleira non dou nin pitazo nin para diante nin para atrás, ausentes. ¿Obedecendo a quen?

O documento a asinar en Madrid e os puntos furtados en horas anteriores á firma son a proba da traizón do Partido Popular e do seu aparello político: aquí H, en Madrid B, e a mandar. Pero non se equivoquen, a pouco que tense a corda, volveremos ter outra. ¡A xente ten un límite!

Como goberno, vostedes teñen a obriga de interviren. Por un lado, teñen o mandato político: úseno. Senten as partes a negociar, presionen, posiciónense ao lado dos produtores. Estes sonlle dos nosos, son galegos. E vostedes tamén, ¿ou non?

¿Recordan as mesas sectoriais, a Mesa do leite? Pois iso, recuperen dinámicas, que boa falta nos fan, ¡non teñan vergoña! Mobilicen terras agrarias a favor dos produtores. Déanlle aire ao Banco de Terras. Lémbrolles a burla dos míseros 89.000 euros que lle orzamentan este

ano. Freen a desertización de eucaliptos e déanlle vida ao rural. Tomen a iniciativa, ¡déixense de campañas de lavado de cara! «Galega cen por cen!» Non me estraña que non funcionase! En Galiza, o leite é galego. (*Aplausos.*) ¿Onde tiñan a cabeza cando deseñaron a campaña? Noutro idioma e noutro lugar, posiblemente; en Madrid, seguramente.

Teñen que apostar en firme por apoiar a industria de transformación galega, de capital galego, de vocación galega, claro que agora as caixas voaron, e o capital galego...

Saben que necesitamos que Galicia teña voz, alta e clara, na defensa dos intereses dos galegos e galegas. Aínda que desafinen algunha vez; aínda que no canto de cantar urren de vez en cando, para que se lles escoite. Ese papel que nunca exerceron, esa insumisión necesaria, correspóndelles a vostedes, que son goberno. ¿Ou non o son?

Desde o BNG hai anos que rezamos a mesma prez e cantamos a mesma canción. Esta que lles acabo de dicir, da transformación, e mais un plan de emerxencia para o rural, que deberá necesariamente ter os pés postos na terra, nesta terra.

Terá que ser integral; non abondará con plantar uns centos de castiñeiros para lavar de novo a cara. Terán que sentarse con todos os grupos desta Cámara, con todos os axentes económicos e sociais implicados no noso rural, tomar acordos, negociar, consensuar e actuar. Terán que facelo, porque esta situación de indefensión que vostedes consenten e alimentan non ten sentido. Porque, sen catastrofismos, a situación do rural é dramática. Eu veño de alí, vivo alí e sempre regreso alí.

Por iso votaremos a favor desta moción que presenta o grupo En Marea. Farémolo porque apunta no mesmo sentido que antes expoñía, e nesta solfa estaremos facendo forza con quen clame e se mova polo sector.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rivas.

Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Pérez Seco.

O señor PÉREZ SECO: Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, boa tarde.

O sector lácteo é un sector estratéxico, pois é dos poucos que non se pode desenvolver vivindo na capital da provincia. O traballo do día a día converte a gandería láctea nunha das actividades capaces de fixar poboación á contorna rural, no cal se atopan as explotacións, das que no ano 2016 perdéronse un total de 561 explotacións, pasando das 9.078 no mes de xaneiro ata quedar nas 8.517 no mes de decembro.

É preciso que se remunere adecuadamente o valor do leite e dos produtos lácteos. ¡Non ten sentido que valla máis un litro de auga que un litro de leite! Neste sentido, prezos xustos

para os produtores, que remuneren polo menos os custos de produción dos gandeiros e das gandeiras.

A pesar da subida media a 29,8 céntimos o litro de leite no mes de decembro, os gandeiros e as gandeiras galegas seguen a cobrar o litro de leite coa media máis baixa de toda España, sendo o leite galego, en características cualitativas como a graxa, cun 3,91 % de media, a porcentaxe máis alta de toda España; e a característica da proteína é de 3,32, que se corresponde coa media española.

Tamén nos atopamos coa existencia de operadores intermediarios; é dicir, primeiros compradores de leite, unhas figuras que funcionan como tratantes de leite. A existencia destes operadores, que actúan entre os gandeiros e as industrias transformadoras de lácteos comprándolles o leite aos primeiros e vendéndollelo ás segundas, carece das garantías suficientes para os produtores, xa que estes intermediarios non teñen que depositar ningún tipo de aval ou garantía para o produto que moven.

Este é un tema que se vén denunciando publicamente desde distintos ámbitos, e nos últimos meses acadou maior relevancia, dado o número de non-pagamentos aos gandeiros. As organizacións agrarias falan de arredor de 200 granxas que estarían afectadas por esta situación en toda Galicia.

E xa para rematar, é necesario que a industria se abasteza de leite producido por gandeiros e gandeiras de Galicia a uns prezos xustos, e que sexamos capaces de convencer ao consumidor da enorme calidade dos produtos lácteos galegos, polo que a concienciación do consumidor e a etiquetaxe de orixe xogarán un papel fundamental.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pérez Seco.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ: Boas tardes, señor presidente.

Señorías, debatemos hoxe unha moción que trae causa —a moción penso que é, señor Rodríguez, a 1.334— nunha interpelación que foi debatida no pasado pleno na Consellería de Medio Rural. Digo que penso que é a 1.334 porque ten tres puntos, e vostede non falou deses puntos na explicación que nos deu aquí.

Os dous primeiros puntos refírense ao tema do prezo do leite. No punto primeiro falan de tomar as medidas oportunas para intervir na cadea do leite. Intervir, é o que lle gusta. E que polo menos se fixe por parte do Goberno un prezo de 30 céntimos por litro que garantan cubrir os custos de produción.

No punto segundo, piden trasladar ao Goberno a proposta de fixar uns índices de referencia mínimos para o prezo do leite como fixeron outros países da Unión Europea; e citan aquí a Francia.

Bueno, a min —antes de empezar o debate da moción e falar destes puntos— gustaríame recordar aquí unhas palabras que dixó a conselleira na súa intervención na interpelación.

Falaba a conselleira e insistía naquel momento da necesidade de comezar a considerar as granxas como o que son: empresas. E a partir de aí, falar en termos empresariais: redución de custos, marxes de beneficios,,,, porque só deste xeito os propios gandeiros serán quen de consideralas como empresas. Si, empresas, empresas privadas que son as que crean emprego. Tamén os gandeiros son empresas.

Miren, o Grupo Parlamentario Popular defende un rural no que exista unha produción agrogandeira de calidade, con prezos —e dígollelo despacio para que o entendan— (*Murmurios.*) que permitan que o valor engadido chegue a todos (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É o que din vostedes. Entón, nós, estamos na defensa disto. Que chegue a todos os que forman parte da cadea de produción, polo tanto, tamén aos gandeiros.

O importante, señorías, non é o custo de produción, é o valor engadido, é a rendibilidade, e temos que afrontar a problemática da rendibilidade sen adoptar posicións intervencionistas, que non casan coa normativa europea.

¿Como nos poden pedir a nós que impoñamos un prezo mínimo para o leite? O Goberno ten que manter unha postura neutral, iso xa nolo advertiron as autoridades da competencia a nivel europeo.

¿Recordan o que pasou co sector bateeiro na época do Bipartito? Tivemos que pagar 3,9 millóns de multa, precisamente por culpa de impoñer prezos mínimos. Estamos a falar dun plantexamento básico e que non se discute a ningún nivel.

¿Que lle podemos pedir nós á Administración? O que lle podemos pedir é que vele para que se cumpran todos os extremos da normativa do paquete lácteo. Podémoslle pedir que vixie de forma activa o cumprimento da normativa láctea. Podémoslle pedir —e isto si que é importante— que os produtores teñan unhas estruturas asociativas amplas e operativas —organizacións de produtores de leite—, que sexan quen de desenvolver a súa función de que todo o leite producido polos seus socios sexa negociado nunha posición de forza. Temos que ter axentes no sector coa suficiente forza para poder negociar coa industria. Polo tanto, non podemos apoiar, desde logo, o primeiro punto da súa proposta.

No segundo punto parecen dar a entender que o Goberno francés si que fixo isto. Non foi así, o que sucede é que, cando finalizan as cotas lácteas no ano 2015, o ministro de Agricultura galo pídelle ao sector que se poña de acordo para incrementar os prezos. O que houbo foi unha negociación dentro do sector, e como no sector francés os axentes, os produtores, son máis fortes, foron quen de defender mellores prezos.

Falan no último punto da súa moción de que adoptemos as medidas necesarias para frear o ritmo de peche de granxas tan elevado, que haxa un plan estratéxico. Miren, o plan estratéxico ou de choque no sector lácteo non o temos que facer, porque xa todas as medidas que está a levar a Consellería de Medio Rural están pensadas tamén para o sector lácteo.

En canto ao peche de granxas, vostedes utilizan os datos segundo lle interesa. Viven de encontrar algunha cifra negativa, e a partir de aí, bótana encima de nós, sen máis análise. Se se pechan granxas, si, si, a culpa é do PP. Somos os que imos exterminar o medio rural, imos enchelo de eucaliptos, ¡eucaliptizar Galicia!

Se imos utilizar os datos segundo nos conveña, nós tamén o sabemos facer. Miren, explotacións pechadas no ano 2016, non foron cincocentas e pico, foron 615. ¿Pero saben cantas pecharon no 2008? 1.050. ¿Saben cantas pecharon na campaña 2007-2008? 1.637. ¡Ese si que é número de explotación pechadas, eh!

Temos que ser máis rigorosos coa análise, como fixo o outro día a conselleira. A realidade é que o sector está reaxustando a súa dimensión. Hai pasos de explotacións individuais a explotacións asociativas. Hai casos nos que os titulares cumpriron 65 anos ou máis, polo tanto, xubiláronse.

Remato xa a miña intervención, e dígolle que no apoio ao sector, a nós sempre nos van encontrar. Para o que non nos van encontrar é para que votemos mocións ou propostas que non favorezan os nosos gandeiros, que o único que buscan —como esta que traen hoxe aquí— é facer propaganda e propoñer medidas que saben que non se poden implantar, e, en definitiva, buscar os titulares fáciles, pero non axudar ao sector a resolver os seus problemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor González Vázquez.

Grupo autor da moción, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Bueno, ¡faltoulle non botarlles a culpa a todos os alcaldes, menos ao de Ourense, do que están facendo! Tamén deben ter eles a culpa do desmantelamento do sector lácteo.

As medidas que se desenvolveron ata o de agora pola consellería para afrontar a crise, ademais de ineficaces, empeoraron o problema. A baixada voluntaria de produción foi un absoluto fiasco, pois seguen a producirse excedentes noutras comunidades autónomas, ao tempo que aquí na Galiza as industrias ameazan con non recoller e impiden producir máis, ao tempo que asolagan o noso mercado con leite doutros países comunitarios.

Lembrar resultados técnicos e económicos do Magrama para Galicia: sitúa o custo de produción en 0,43 euros. Inlac publica tamén e sitúao entre 0,33 e 0,39. O prezo de compra fíxao a través da imposición unilateral de prezos pola industria, abusando da súa posición de dominio sobre as persoas produtoras.

A Administración debe garantir o cumprimento da legalidade vixente —ese é o senso no que actuamos con esta moción— e acabar con esas prácticas abusivas, garantindo unha marxe sostible para as persoas produtoras, coa aplicación obrigatoria de fórmulas e índices obxectivos que aseguren esta marxe e garantías de cumprimento.

Insistimos na necesidade de aplicar unha mediación pública nos contratos lácteos que vele pola garantía do dereito das persoas produtoras.

Non só necesitamos bos desexos e boas vontades por parte desta consellería, necesitamos feitos. Agora mesmo hai 119 explotacións na Galiza que están percibindo menos de 15 céntimos por litro; 63 que están cobrando entre 15 e 16 céntimos por litro; 73 entre 16 e 17; 114 menos de 20 céntimos. E entre 26 e 27 céntimos, 1.056 explotacións. Só hai 2.050 explotacións que cobran máis de 29, que tampouco lles asegura que cubran os custos de produción.

A realidade do sector, a día de hoxe, é por todos ben coñecida. Estamos a ver os gandeiros afogados, nunha situación na que a eles lles auguran un futuro moi malo. Penso que dende a súa consellería, só con que exista unha granxa que estea recibindo un prezo por debaixo dos custos de produción, vostedes non debían de estar tranquilos, e nós tampouco o estaremos.

Un dato constatado que se acrecenta, e que neste momento se acelera, é o ritmo de peche das explotacións no sector lácteo. E destas realidades deben responder unhas administracións que presumen de eficientes, como é a Xunta de Galicia e como é a Administración central.

Por esta situación, o Goberno —se non o fixo antes, ten que facelo agora— urxe que convoque inmediatamente a todas as partes da cadea alimentaria de forma permanente, utilizando toda a maquinaria do Goberno para acadar acordos para unha solución que sexa sostible en prezos. Isto é necesario para o sector lácteo, pero en xeral para todos os sectores da actividade agropecuaria.

Non é asumible que se predique que os produtores deban conformarse con esmolos, sen atacar —no exercicio das competencias e responsabilidades propias— os problemas estruturais que azoutan os diversos sectores, e moi particularmente o sector lácteo.

Moitas grazas, e nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Moción do G. P. de en Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a prevención da violencia de xénero nas escolas

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Propónse unha nova redacción para o punto 3 da parte resolutiva da iniciativa, que terá o seguinte contido:

«3º) Diseñar o modelo de participación dos especialistas en igualdade, coa formación axeitada que se determine por parte de especialistas, que poidan traballar xunto cos departamentos de orientación dos centros neste ámbito.»

Emenda de modificación.

O contido do punto 5 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte:

«5º) Fomentar, en todas as etapas educativas, a inclusión de contidos relacionados coa igualdade de xénero, co tratamento específico de educación afectivo-sexual.»

Emenda de adición.

Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 8, que terá o seguinte contido:

«8º) Que o Goberno da Xunta de Galicia dea conta no Parlamento de Galicia do efectivo seguimento do establecido no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020, así como das conclusións do mesmo, mediante a remisión do correspondente informe anual.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción, ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Quixera comezar a miña intervención lembrando que, lamentablemente, iniciamos o ano exactamente igual que o rematamos: houbo mulleres asasinadas en decembro, mulleres asasinadas en xaneiro, están sendo asasinadas mulleres en febreiro, e hoxe mesmo unha muller súmase á triste e penosa lista de mulleres asasinadas, esta vez en Barcelona.

Dicimos isto porque, dende o Grupo Parlamentario de En Marea, queremos facer unha chamada de atención á resposta que dende as institucións estamos dando a estes feminicidios. Que dediquemos polo menos un minuto a pensar se as respostas que estamos dando son suficientes, porque parece claro que estamos fracasando.

Comezar o debate desde este punto de partida autocrítico, igual nos axudaba a non enzarzarnos no acostumbrado debate circular de oposición da oposición na que nos vemos envoltos.

Centrarse en debater propostas concretas, pensamos que sería o xeito de ser máis útiles á sociedade que está fóra.

Por iso quixera recoñecer que somos conscientes de que as medidas que propoñemos dende o Grupo Parlamentario de En Marea non van acabar co problema, pero poden ser solucións. De feito estívémolas discutindo con especialistas na materia, e pensamos que poden axudar a avanzar nesa sociedade libre de violencias machistas que, de seguro, queremos todas e todos.

Dicía o señor Román o outro día, cando contestaba á miña interpelación, que a loita contra as violencias machistas non entende de cor política, que aquí imos todas a unha. O certo é que nós quixeramos crer que isto é certo, de feito non fomos nós quen nesta Cámara negou a certas persoas do hemicycle a capacidade para falar de violencias machistas. E non está tampouco a señora Paula Prado. ¡Curiosa a súa forma de chamar ao diálogo!

Sen embargo, a praxe política fai que ese compromiso común contras as violencias machistas non quede tan claro como debería. É como en todo, as declaracións van por unha banda e as actuacións políticas pola beirarrúa de enfronte. Cunha man a bandeira da igualdade, e coa outra as tesoiras para as políticas de igualdade.

Así, son os señores e as señoras do Partido Popular os que financian centros educativos con prácticas machistas que segregan o alumnado. Son os que reducen os recursos para loitar contra as violencias machistas; os que suprimiron o organismo autónomo do Servizo Galego de Promoción da Igualdade; os que deixaron de convocar o Foro educativo pola igualdade dende 2013, ou as Xornadas de país e nais en igualdade dende 2015. Ou os que votaron en contra de retirar o lixo homofóbico das aulas.

E, por suposto, son vostedes os que levan anos servíndose da escusa da crise económica para ir desmantelando o Estado do benestar e menoscabando as políticas de igualdade. Os recortes nin son inevitables nin moito menos son inocentes. Responden a un modelo ideolóxico concreto, por moito que traten de disimulalo. Porque recortar en dependencia, recortar en comedores escolares, en escolas infantís, en garderías, implica —e sábeno perfectamente— unha maior dedicación das mulleres á invisibilizada economía reprodutiva e de coidados; implica, polo tanto, máis desigualdade.

Tamén foron vostedes os que no seu momento presentaron un recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de igualdade do Goberno Zapatero. E tamén vostedes os que eliminaron a asignatura de *Educación para a cidadanía*.

Pero, en fin, hoxe estamos aquí para falar de futuro, e hoxe gustaríanos pedir que empece-mos a soñar un plan para construír un mundo mellor, un mundo máis xusto, e esta é a maneira de comezar. Debemos educar as nosas fillas de maneira diferente, e tamén temos que educar os nosos fillos de xeito diferente. As palabras non son nosas, senón dunha novelista nixeriana chamada Chimamanda Ngozi, pero subscribímolos totalmente.

Como xa dixemos na sesión anterior, a importancia da moción que hoxe presentamos radica na concepción de que a escola é espazo principal de transformación social. É certo que a escola non pode ser a única trincheira contra a desigualdade, pero non é menos certo que é unha das imprescindibles. E nese senso gustaríanos puntualizar que esta proposta non é un punto de chegada, todo o contrario, senón un punto de partida para comezar a traballar.

¿Cal é a proposta do Grupo Parlamentario de En Marea? En primeiro lugar, instar o Goberno a desenvolver unha memoria económica que comprometa unha partida orzamentaria para acompañar o seu plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos. É sinxelo: recursos, recursos e recursos. Para facer políticas de igualdade fan falla recursos; para loitar

contra as violencias machistas fan falla recursos; para de verdade ter un plan de actuacións de igualdade nas escolas fan falla recursos, porque sen eles todo queda no de sempre, nun mero brinde ao sol. De feito, un exemplo claro da necesidade de blindar recursos orzamentarios concretos témolo no segundo punto da nosa proposta.

Dende En Marea pensamos que as limitacións orzamentarias non poden ser unha escusa para que os centros que desexen ter programas contra a violencia machista queden á marxe. Por iso propoñemos eliminar esa limitación de dez centros que poidan acollerse aos plans Proxecta de igualdade, e que non sexa a propia Administración a que limite a capacidade dos centros. O obxectivo non pode estar en dez, non podemos estar moi contentos porque hai dez. O obxectivo terá que ser que todos os centros educativos de Galicia teñan plans deste tipo.

En terceiro lugar, queremos falar da creación de prazas de axentes de igualdade nos centros educativos que nos permitan avanzar cara a equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica nesta materia e en prevención das violencias machistas. Non se trata de ningunha proposta extraordinaria, senón que falamos dunha figura que —como saben— xa existe noutras comunidades e que está dando moi bos resultados.

Entre as funcións destes axentes estarían, por exemplo, a prevención das violencias machistas; a educación afectivo-sexual e de autoestima dende a igualdade; a aplicación da linguaxe non sexista nos centros; o seguimento dos contidos transversais nesta materia.

¿Por que reivindicamos unha figura específica? É sinxelo, porque dende as propias escolas tanto o profesorado como os orientadores din estar desbordados e ser incapaces de atender esta cuestión. Dunha banda, hai problemas de tempo; a carga docente fai imposible que os docentes lle dediquen o tempo necesario a impartir os contidos de igualdade. Pero, doutra banda, está a formación, que eles mesmos din que é claramente insuficiente. Por iso na nosa proposta especificamos que, para ser considerados como tales, os axentes de igualdade teñen que ter, cando menos, 300 horas de formación específica.

Na mesma liña, propoñemos a elaboración dun plan de formación en igualdade para todo o corpo docente. Actualmente, a formación que se ofrece nesta liña é claramente insuficiente; ou igual para vostedes non é insuficiente, ¡oxalá mo respondan na súa quenda! Porque, segundo a información que ofrece a propia consellería, no presente curso académico só se están ofertando tres cursos en materia de igualdade para os docentes. Falamos de tres cursos que se ofertan a 50 docentes cada un deles, de 30 horas de duración en rede; alén de 31 horas na formación inicial para o profesorado en prácticas. É máis, no Plan anual de formación do profesorado 2016-2017 non hai unha soa liña adicada á igualdade, ¡nin unha soa liña! Por iso estamos propoñendo un plan integral que se inicie xa na primeira fase de formación universitaria.

¿Saben cantas horas reciben de formación específica de igualdade os que hoxe son alumnos e que mañá serán docentes? Ningunha. Cero. ¡Non existe! Non hai nin unha soa materia de xénero.

Así, na nosa proposta falamos dunha formación inicial e obrigatoria en igualdade, prevención das violencias machistas e coeducación para todos os niveis, tanto na carreira de Ma-xisterio como nos mestrados de educación secundaria necesarios para impartir clase.

Pero tamén queremos unha oferta máis ampla de formación continua, porque —como dixemos— tres cursos para 50 docentes cada un non nos parece un compromiso suficiente na formación en igualdade. ¡Menos cursos illados e máis programación integral!

En quinto lugar, falamos da necesidade de estender a materia de igualdade de xénero a todos os centros educativos, adaptando os contidos a cada etapa e incluíndo entre os mesmos bloques específicos de educación afectivo-sexual.

Na sesión anterior, xa explicamos que para nós unha materia optativa nun curso é unha medida insuficiente. Vaia por diante que nós consideramos que unha materia específica non é a solución ideal, e avogamos polo desenvolvemento de contidos específicos en todas as materias para que de verdade a igualdade sexa unha materia transversal; pero, de verdade, non como é agora, que transversal é sinónimo perfecto de que non se ocupa ninguén.

Por suposto que se pode e se debe aprender igualdade en Matemáticas e en Física, ou en Ciencias Sociais. Si, pódese e débese, como nos dixo o conselleiro na sesión anterior, pero non se fai. Os datos son claros. Despois de analizar os libros da ESO, Ana López Navajas conclúe que a presenza das mulleres nos libros de texto só chega ao 12,8 %; e nas materias de ciencias, esa porcentaxe cae ao 8 %. Entón, de transversal pouco.

Por iso, alén de reforzar os contidos transversais, avaliando a súa inclusión nas materias e materiais educativos, pensamos que ter un espazo específico no que se ensine igualdade é unha medida positiva e necesaria en todos os niveis educativos, tanto no que atinxe á loita contra o sexismo como nunha educación afectivo-sexual en igualdade.

O punto número seis propón establecer un recoñecemento anual de boas prácticas escolares en igualdade. Que se recolla nun catálogo público, de xeito que sirva, dunha banda, como recoñecemento daqueles centros que fan un mellor labor neste eido; e, por outra, que sirva ás direccións e docentes dos centros de Galicia para buscar iniciativas que funcionen.

Por último, propoñemos desenvolver, conxuntamente coas persoas profesionais e expertas, un protocolo de detección das violencias machistas nos institutos de secundaria, bacharelato e formación profesional; unha proposta que, se ben recolle o seu Plan de igualdade para os centros educativos, aínda non foi elaborada, e dende o Grupo Parlamentario de En Marea consideramos que é de máxima urxencia.

Máis nada de momento. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Señora Chao, agradézolle moitísimo a velocidade da súa intervención, posto que estaba a piques de non entender o que se me estaba dicindo. (*Aplausos.*) Mire, xa sei que estamos noutra proposición non de lei, pero, como dixó o meu compañeiro, o señor Losada, esa superioridade intelectual aínda hai que demostrala. E, desde logo, a mellor forma de demostrala non é minusvalorar a ninguén co que se está debatendo. Porque iso, ademais de evidenciar psicolxicamente certo tipo de complexos que non é obxecto de debate neste momento, (*Murmurios.*) supón, cando menos, unha falta de educación elemental. (*Aplausos.*)

Dito o cal, vanme permitir —claro que mo van permitir porque vou falar da PNL, da nosa posición—... Estamos absolutamente de acordo co fondo da proposición non de lei. E ademais estamos de acordo porque hai algo que desgraciadamente é necesario recoñecer e que —con todo respecto, señora Chao— non citou vostede na súa intervención. E é que, desgraciadamente, hoxe a transmisión de valores elementais —entre os que está, ¡como non!, o respecto en igualdade ao xénero feminino— non se pode garantir, desgraciadamente, nin nas familias nin na sociedade. E hai un transvasamento de competencias desde a sociedade, ás familias e aos centros educativos que se pode paliar cando introducimos de forma continua en todas as etapas educativas —adecuándoa, evidentemente, ao nivel dos alumnos— determinados contidos; entre os cales debora formar parte de forma prioritaria este, ao que a súa proposición non de lei fai referencia.

Polo tanto, no fondo, absolutamente de acordo. Pero, como vostede sabe, si que presentamos unha serie de emendas á súa proposición non de lei, máis que nada por cuestións técnicas e cuestións que requirirían unha definición maior con respecto á redacción que vostedes propoñen.

No punto número 3, falan vostedes de crear prazas cun determinado perfil. Evidentemente, a creación de determinados perfís no ámbito docente é unha competencia estatal, e, polo tanto, entendo que a Xunta de Galicia non podería *per se* crear determinado tipo de prazas. E moito menos xa definir desde este Parlamento cal sería a formación mínima en horas que debería ter ese persoal. Deáse conta vostede de que para ser orientador nun centro educativo, tanto de primaria como de secundaria, é necesario estar en posesión de licenciado ou de grao, polo tanto, 300 horas de formación parécennos insuficientes xa a priori. Polo tanto, emendamos —como vostedes coñecen— ese punto número 3 da súa proposición non de lei.

No punto número 5, cando falan vostedes de estender a materia de igualdade de xénero, entendo que o fan por analoxía coa materia de libre configuración autonómica de educación secundaria, polo tanto, é necesario delimitar como se introducen novas materias en etapas que en principio non teñen previsto na súa distribución curricular materias alleas ás que están xa nos reais decretos correspondentes e no decreto correspondente da comunidade autónoma. Polo tanto, a redacción que nós propoñemos é fomentar en todas as etapas educativas a inclusión de contidos relacionados coa igualdade de xénero e co tratamento específico da educación afectivo-sexual. Por suposto que si, estendela e buscar a forma de introducir eses contidos de forma permanente.

Por último, propoñemos que se engada na súa proposición non de lei un punto número 8, no que o Goberno da Xunta de Galicia —a través da Consellería de Educación— dea conta anualmente a este Parlamento das actuacións que se levan desenvolto ou que se desenvolvan dentro do primeiro Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos, dentro dese plan 2016-2020; e que remita a este Parlamento, mediante un informe anual, as conclusións dese plan e a súa implementación nos centros, así como cantos ítems se consideren necesarios para avaliar a efectividade dese plan.

Como vostede ben dixo, se utilizamos como indicador unicamente o número de accións formativas que hai neste momento en marcha con respecto á formación en igualdade, o resultado non é que sexa pobre, é que é practicamente irrelevante dentro do Plan xeral de formación do profesorado. Polo tanto, entendemos que é de suma importancia que ese informe chegue a este Parlamento para ter un contraste da efectividade dese plan.

Nada máis, pola miña banda. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Boa tarde.

Alén de subscribir o dito polo señor Álvarez —por Luis— a respecto do debate anterior, eu tampouco quería perder a oportunidade de facer unha apreciación. Eu creo que ás veces se nota demasiado cando hai unha persoa ou un grupo de persoas que non veñen dunha casa onde se vira vender o leite ou a carne de coello —foi o meu caso— por baixo do que custa produci-lo. E se se vira algunha vez, ou se se vivira algunha vez a experiencia na propia persoa, eu asegúrolles que estarían moi de acordo en que se fixase un prezo mínimo. Igual que todos e todas nós defendemos...

O señor PRESIDENTE: Señora Rodil, iso xa foi debatido anteriormente. Á cuestión.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...o salario mínimo interprofesional. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

(Aplausos.)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Debo de ser a primeira persoa á que a chamen á cuestión, creo. *(Murmurios.)* Tamén é mérito, ¿non? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Pero foi debatido anteriormente, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, tranquilos. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Si, si.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Veñan aquí. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non, eu sei o que digo. Estou dicindo que se debateu anteriormente, e non creo que dixera eu nada ofensivo.

E existe un artigo no Regulamento que di: Á cuestión. E a cuestión neste caso é outra. (*Murmurios.*) ¡Non pasa nada!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Bueno, bueno, tranquilos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Non pasa nada. Tranquilidade absoluta, ¡por favor! (*Murmurios.*)

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Podemos continuar, ¿ou?

O señor PRESIDENTE: Señora Rodil, cando queira.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas.

Ben, avanzamos (*Murmurios.*) —dámoslle un pouco de chicha tamén ao debate agora pola tarde— o apoio do Grupo do Bloque Nacionalista Galego á moción que presenta En Marea porque introduce elementos concretos e tanxíbeis na loita contra a violencia machista desde a escola, con accións focalizadas especificamente na mocidade; a única maneira, desde o noso punto de vista, de confrontar de maneira efectiva este grave problema político e social que atinxe á metade da humanidade.

Non é un colectivo, non é un segmento da poboación, estamos a falar dunha forma de terrorismo que asasinou máis mulleres en dez anos que ETA en toda a súa historia de actividade armada. E todas sabemos que iso é única e exclusivamente a punta do iceberg.

Facía referencia Luca, na súa intervención, á muller asasinada en Barcelona, a oitava no que levamos de ano no conxunto do Estado español; unha delas, Virginia, no Carballiño, no noso país recentemente.

Malia esta realidade, esa punta do iceberg, ou incluso toda esa violencia que está aínda invisibilizada, existe unha escasa conciencia social ao respecto. Segundo os datos do CIS, que ademais hoxe mesmo publicou o seu último barómetro: apenas o 0,1 % da poboación sitúa a violencia machista como o principal problema que existe a día de hoxe. Sitúase por diante deste —para que nos fagamos unha imaxe tamén colectiva— o temor á independencia de Cataluña, antes incluso que a violencia que se exerce contra as mulleres polo simple feito de sermos mulleres. E neste sentido entendemos que algo estamos a facer mal.

Se a este feito lle engadimos —como se publicou no ano 2015 por parte da Secretaría de Estado para a Igualdade— que 1 de cada 3 persoas de entre 15 e 19 anos coidan aceptábel a violencia de control, e mesmo inevitábel que a parella lles impida ver a familia ou as amizades, pon en evidencia que até o momento non fomos quen de trasladar a idea de que a violencia

machista vai alén dunha labazada e que comeza con actitudes e comportamentos normalizados e naturalizados.

Hai unha iniciativa —non me vai dar tempo— moi interesante a este respecto, da Compañía Chévere, hai uns anos xa na vila de Monforte. Ademais, avanzaba aquela enquisa, elaborada man a man polo CIS e a Secretaría de Estado para a Igualdade, en relación coas mulleres en situación de violencia, que o 39 % dos homes —entre esa franxa de idade que dicía antes— e o 35 % das mulleres —de entre 15 e 29 anos— consideraban que unha muller que se atopaba en situación de violencia machista era porque o consentía. Neste senso, o ensino público é unha peza chave para transformar a sociedade e para rachar cos prexuízos e cos estereotipos, para deconstruír o que se supón ser unha muller ou ser un home, para rachar concepcións de amor tóxicas vencelladas ao mito do amor romántico, ou para proporcionar ferramentas que nos permitan detectar situacións de violencia machista e responder a elas. Mais para iso concordamos coa moción en que é preciso formar o profesorado, incorporar a perspectiva de xénero a todas as materias, non única e exclusivamente a unha materia de libre elección.

Alén diso, desde o BNG cremos que cómpre comezar a falar, ademais, doutros axentes de socialización de enorme importancia a día de hoxe. Vivimos na sociedade da información e da comunicación, dos medios nun sentido amplo; é dicir, o cinema, a publicidade, a televisión, as redes sociais, e ata a industria do porno inflúen na construción dos modelos que fixan o que é ser un home ou ser unha muller, pois en boa medida —dicía recentemente un estudo realizado polas psicólogas Vanesa Rodríguez e Marta Lezcano— son eses elementos, eses medios de comunicación, o espello da sociedade a través dos cales os adultos transmitimos mensaxes de como queremos que os menores entendan o mundo e a propia sociedade na que viven.

Neste sentido, nós apoiaremos todas as iniciativas —como esta moción— que, veñan de onde veñan, sempre traballen ou contribúan a erradicar a violencia machista, incidindo na raíz do problema, incidindo na liña de flotación do patriarcado e do machismo. Dicía estes días a actriz e directora —e xa remato— cinematográfica Leticia Dolera: «Todo cambio político e social ten que estar apoiado por un cambio cultural para que calle a para que perdure».

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

A verdade é que escoitando os anteriores voceiros eu teño que dicir unha cousa, e é que coincidimos en moitas das apreciacións que se fixeron. O feito de que coincidimos en moitas desas apreciacións respecto do que todos debemos entender que é un tema fulcral na nosa

realidade actual e que ten que ser un tema fulcral nas políticas de calquera Administración pública, é precisamente o acordo consensuado que se acadou o pasado pleno do día 25 de xaneiro. Hai un acordo consensuado por todas as forzas políticas precisamente no tema que estamos a tratar agora mesmo, nunha moción que daquela traía o BNG sobre a política do Goberno galego en relación coa violencia de xénero en persoas menores de idade. Eu non entendo por que agora queremos fuxir deses espazos de consenso.

A verdade é que, cando todos temos claro que é un tema no que precisamente temos que dar exemplo á sociedade e camiñar xuntos e traballar man con man; acadamos acordos, e quince días despois xa queremos camiñar en liñas diferentes ás deses acordos, o único que iso nos pode amosar é un apetito insaciable de confrontación por parte de determinados grupos. E nós, dende logo, nesa trampa non imos caer.

Dicía isto porque na iniciativa que acordamos e que consensuamos no pleno pasado falábase de promover un pacto galego contra a violencia de xénero. Falábase de desenvolver durante o 2017 as medidas de coeducación previstas no I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia. Falábase de poñer en marcha campañas de información e sensibilización dirixidas á poboación en xeral, e específicas para a mocidade, en centros escolares, culturais, deportivos, etcétera. Falábase da formación en prevención e tratamento integral da violencia de xénero para a totalidade dos profesionais da Administración pública; evidentemente, tamén dos profesionais docentes. Todo iso acordamos no pleno pasado. Non entendo por que agora temos que saírnos dese gran acordo que conseguimos hai quince días

Vostedes agora propoñen fuxir dese consenso, para continuar convertendo en motivo de confrontación política aquilo que nos une, e aquilo no que, precisamente, deberíamos dar exemplo á sociedade para dicirlles que, traballando xuntos, podemos eliminar a violencia de xénero.

Neste sentido, pretenden agora poñer o foco na educación, como se a educación fose a única vía para solucionar este problema, cando vostedes saben —eu creo que se deduce das súas intervencións— que estamos a falar dun problema de amplo espectro, dun problema integral da sociedade, e no que toda a sociedade ten que estar implicada; evidentemente tamén o ámbito educativo, como non pode ser doutro xeito.

Sería un erro afrontar este asunto tanto dende a idea de que a educación é a solución máxica e exclusiva, como dende a idea de renunciar a educar dende as aulas na igualdade de valores. Sería tamén un erro.

Sabemos da importancia do ámbito educativo, e tamén da importancia de dar un enfoque integral para loitar contra esta lacra. Por iso a Consellería de Educación, en colaboración coa Vicepresidencia e en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade —de aí a transversalidade que nós entendemos que está presente no tratamento deste problema—, elaboraron o I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020; un plan que consta de 28 obxectivos, 87 medidas concretas e que se rexe por catro principios fundamentais, que —repito— creo que é aquilo que nos une, e así o temos demostrado en moitas ocasións.

Introducir a igualdade de xénero como un elemento transversal e sempre presente na actividade educativa. Construír unha sociedade igualitaria empregando a educación como medio. Buscar o obxectivo de violencia cero nas aulas e na sociedade. Educar na integración plena de todas as persoas, por riba da súa opción afectiva ou sexual.

Pero, ademais de incluír a igualdade nos currículos de todas as etapas educativas de xeito transversal, este curso 2016-2017 —mencionárono— impártese por primeira vez en primeiro e segundo da ESO unha nova materia de libre configuración autonómica: igualdade de xénero. Agora pídennos estendela a todas as etapas educativas.

O 13 de decembro a señora Acuña, cando defendía unha proposta de En Marea, unha proposición non de lei, ríase e ridiculizaba a asignatura de Igualdade de xénero. Aclárense, porque é unha ferramenta que podemos ridiculizar e da cal nos rimos, e agora pedimos que se estenda a todas as etapas educativas.

Xa lle comentou o señor Álvarez que, evidentemente, está moi ben dicir que sexa obrigatoria en todas as etapas educativas, pero deberían dicir tamén que asignaturas retiran entón do currículo ou a cales lles quitan horas para poder introducir a asignatura de Igualdade de xénero.

Evidentemente, nós entendemos que é un avance, pero que vén acompañado doutro tipo de medidas que fan que hoxe, dalgún xeito, se estea avanzando na loita contra a violencia de xénero dende o ámbito educativo.

Gustaríame poñer en valor, por exemplo, a Estratexia de convivencia —e vou rematando xa— escolar 2015-2020, que inclúe ferramentas concretas como os plans Proxecta e Innovación educativa ou Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero. Ademais, a futura implantación que xa anunciou o conselleiro tamén na súa interpelación e falou dela, para incluír a perspectiva de xénero nun ciclo formativo de grao superior na formación profesional. E, por suposto, o que está presente nos proxectos de formación do profesorado.

En definitiva, como dicía antes, eu creo que xa está ben de intentar confrontar cun tema que nos debe unir a todos. Temos acordos, temos capacidade de acordo e así o demostramos. Procuremos non saírnos daquilo que nos une e traballemos man con man para algo que todos estamos de acordo que hai que mudar.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da moción, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Por suposto, agradecer o apoio expresado polo Grupo Socialista, así como a súa emenda, que aceptaremos porque entendemos que mellora a nosa proposta. E agradecer tamén o apoio do Bloque Nacionalista Galego.

Cuestionar, porque falou aquí hai cinco minutos o señor Fernández Gil, pero non sabemos en que punto nós reabrimos o consenso. Se vostedes entenden que reabrir o consenso é falar dos temas que consideramos importantes, entón igual rompemos o consenso.

Si, nós consideramos que a educación é un tema principal, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) entón, seguiremos vindo aquí a falar de educación.

Porque agora resulta que non só vostedes o fan de marabilla; non só vostedes teñen todas as medidas que se poden nas escolas para loitar contra a violencia machista; son os únicos que saben de técnica orzamentaria, son os únicos que saben de técnica lexislativa e, por suposto, queren ser ata os únicos que marcan a orde do día. Lamentablemente, a orde do día marcámola entre todos, e si, nós consideramos que hai que traer medidas concretas para falar do ensino.

Non nos explicou por que está en contra das medidas concretas que nós propoñiamos, e diso ía o debate, non de se temos consenso ou non temos consenso.

Se temos un consenso maioritario para loitar contra a violencia machista, díganos en que punto concreto da nosa proposta está vostede en desacordo. ¿En que teñan máis formación os docentes? ¿En que haxa máis horas adicadas a esta materia? ¡É que non o dixol!

Logo vostedes din que tratamos de redescubrir o Mediterráneo. Doutra cousa non, pero de sabedoría popular aquí aprendemos moitísimo. Pois nós pensamos que non, que non está todo inventado, e que neste mar que é o sistema educativo hai que navegar con humildade, sen arrogancia e, sobre todo, sen perder a curiosidade; non vaia ser que, por ser tan arrogantes, se estean perdendo ideas que teñen outros grupos parlamentarios, que digo eu que así, de casualidade, igual algún día traemos unha que mereza a pena. Despois de todo, fíxese que Ulises estivo ata dez anos tratando de descubrir o Mediterráneo, así que aínda nos falta moito tempo para falar desta materia.

Xa sabemos que as ideas de todos os demais son tonterías, pero sen embargo non nos resignamos a defendelas, porque diso trata o labor de oposición. Xa temos falado nesta Cámara dos datos alarmantes das violencias machistas: da baixada da idade media dos agresores e das vítimas; do aumento da violencia machista entre os menores; da normalización do control e os ciumes na relación de parella. E din: a escola non é o único sitio onde loitar contra a violencias machistas. Non, por suposto que non. Pero, ¿pode facer algo a escola para evitalo? A resposta é que si. A resposta é que hai estudos científicos que avalan que si, que se pode facer moito. Estudos que demostraron como os nenos e nenas que recibiron formación específica na escola en prevención da violencia machista tiveron menores taxas, tanto de agresores como de vítimas, respecto dos nenos e nenas que non a recibiran. Por iso consideramos que é tan importante.

Pero non só iso. Hai un estudo moi recente, de hai apenas dúas semanas, publicado en *Science*, que di que os estereotipos de xénero empezan a consolidarse á idade de seis anos. A resposta alértanos. Só seis anos dura na cabeza das máis novas a concepción de ser igualmente válidas que os seus compañeiros, por iso cremos que a escola é tan importante.

Neste estudo dise que as nenas de seis anos teñen menos tendencia a pesar que poden ser brillantes que os seus compañeiros. Así están asumindo, con só seis anos, que as actividades para persoas moi, moi listas non son para elas. Isto pasa na escola, non pasa noutro sitio; é na escola.

Deste xeito, a asunción dos estereotipos vai modelando as expectativas, desexos e, finalmente, a toma de decisións das nenas de hoxe, que serán as mulleres de mañá. Por iso pensamos que é un tema tan transcendental. Non podemos dar por normal que na escola, con seis anos, as nenas se sintan menos listas que os seus compañeiros, porque isto non é algo natural, senón produto da sociedade machistas na que vivimos, e a escola pode facer moitísimo para cambiar esa sociedade. Nós queremos que as nenas galegas queiran ser médicas, avogadas, enxeñeiras, profesoras, alcaldesas e presidentas da Xunta tamén, se é o que desexan. E, por suposto, mulleres libres e independentes, e iso pódese e débese aprender na escola. Para iso hai que loitar contra o machismo, que pretende definir que é para elas e que non.

Por suposto, temos que dicirlles ás nosas fillas que as diferenzas que encontran na sociedade non responden á capacidade, nin responden ao azar, responden a unha cuestión moi concreta que se chama machismo, e o machismo pódese combater. Porque mentres este se apoia na ignorancia, tamén se pode curar con educación e formación.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Chao.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Proponse engadir dous novos puntos, que serían o quinto e o sexto, co seguinte texto:

<<5. Que o presidente da Xunta de Galiza pida desculpas públicas polos sucesivos enganos, adiamentos e demoras na execución das obras do AVE.

6. Que se impulse o remate da liña do eixo atlántico incluíndo a modernización do treito Coruña-Ferrol e a mellora da conexión de Vigo con Porto, coa construción da saída sur na cidade de Vigo.>>)

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Este humilde deputado vai intentar estar ao nivel intelectual do Grupo Popular para que se sintan cómodos na cuestión. (*Aplausos.*) E vou empezar, iso si, citando a Igrexa da Ciencioloxía. Eu sei que non ten moito que ver co AVE, pero a frase que aparece no seu frontispicio si que ten moito que ver coa reconstrución política dos feitos que aconteceron en torno ao AVE nos anos do goberno do señor Rajoy. E esa frase é: «se para ti é verdade, entón é verdade»

Ten moito que ver cos feitos alternativos dos que falaba o Gabinete de prensa do señor Trump, e ten moito que ver con toda esa fabricación dunha realidade alternativa que, lamentablemente, non ten nada que ver coa realidade que os veciños de Laza, de Campobecerrros, de Baños de Molgas, ou de Vilar de Barrio, ven ao lado das súas casas en relación coas obras da alta velocidade ferroviaria cando entra a Galicia entre Lubián e Taboadela. E digo entre Lubián e Taboadela, porque dende Taboadela temos un baleiro cósmico que aínda non sabemos moi ben como se vai resolver; parece que hai opción a e opción b.

A verdade é que eu recordo perfectamente a frase da actual ministra de Defensa do despido en diferido. Era en relación con Bárcenas, ese señor que algún deputado do Partido Popular non coñecía. Ben, pois polo menos de oídas, máis ou menos... Logo tamén recordo a frase do ministro de Educación dicindo que se falaba... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, señor Bárcenas, el de la caja B, Suíza, 43 millóns de euros, eses pequenos detalles (*Aplausos.*) Ben, ben, ben, eu comprendo que lles moleste, pero canto máis lles moleste a vostedes, máis vou falar eu. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Polo tanto, é moito mellor que lles moleste pouco. En fin, en todo caso, non sei se o seu caso era do 3 % ou do 3,5 % ou do 2,5 % —dependería da cotización bursátil—.

Ben, á parte do despido en diferido, estaba a mobilidade exterior. ¿Tamén a recordan? Era cando os universitarios e os doutores en ciencia e en tecnoloxía emigraban deste país, que tamén sei que lles molesta pero é verdade. Era mobilidade exterior. Era o momento en que ese mesmo ministro dicía que sobraban universitarios, pero nunca eran os seus fillos. (*Murmurios.*)

Señor presidente, agradecería un pouco...

(*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*)

Pero no te veo con mucha motivación.

O señor PRESIDENTE: Estou un pouco cansado. Estou un pouco cansado, (*Risos.*) de verdade... Pero ti tranquilo, podes expoñer tranquilamente, que procurarei que garde silencio todo o mundo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pasamos ao terceiro marco metodolóxico, sobre a posverdade. E foi o deslizamento da finalización do AVE. Pasamos a unha teoría de placas tectónicas, onde, se recordan vostedes, hai exactamente cinco meses, no programa electoral do Partido Popular se dicía que era irrenunciable o 2018, e nestes cinco meses deslizouse doce. Entón, é disto do que eu quero falar. Estou moi tranquilo, porque a conselleira, antes, na súa com-

parecencia, dixo que estaban moi atentos no Goberno galego. *(Aplausos.)* Entón eu quedei absolutamente tranquilo da extremada atención da conselleira Éthel Vázquez e do presidente da Xunta.

Miren, o deslizamento da data da finalización o único que agocha en realidade é unha utilización política escandalosa, unha mentira sistemática —se queren, mentira política sistemática—... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, falsidade política.

Señor presidente, eu recordo nunha comisión na que se falou da *omertá* facendo referencia a un goberno do Partido Socialista e parece que ao Partido Popular non lle molestou absolutamente nada. E a comparecente do Partido Socialista tivo que aguantalo alí. Entón, exixiría a mesma sensibilidade no Pleno que nas comisións. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Perfecto. Vale. Dígoo por ter as mesmas normas de xogo e para evitar discriminacións de xénero. *(Murmurios.)*

Hai algúns problemas en termos con este deslizamento da data. O primeiro é que a paralización no ano 2016 é falsa. É falsa porque a licitación de obra pública do Ministerio de Fomento en Galicia foi maior no 2016 que no 2015 incluso. No 2016, 512,6 millóns de euros —é certo que non o teño desglosado, pero case todo é o AVE, como vostedes ben saben—; e no 2015 foron 446 millóns de euros. Primeira mentira.

Esa paralización leva dende o ano 2013, no que había un goberno do señor Rajoy con maioría absoluta, e foi unha estratexia da señora Pastor para retrasar as obras, cambiando minimamente os proxectos. E por iso exixía modificacións puntuais dos impactos medioambientais e dos proxectos, e, polo tanto, retrasábanse as obras e non era necesario gastar o que estaba orzado. E iso era o que lles permitía despois —a nivel de Galicia ao señor Feijóo e a nivel de España ao señor Rajoy— sacar peito co déficit.

Entón, eu non sei se lles gusta ou non, pero é así. Entón conviría sabelo. Miren, é tan así que a Comisión Nacional de Mercados e da Competencia, pouco sospeitosa de esquerdismo —porque todos os seus membros están nomeados polo PP directa, indirectamente ou vía Red Eléctrica—, pois a verdade é que esa mesma comisión... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si, claro, é que eu teño accións de Red Eléctrica e a verdade é que me molesta un pouco que no consello de administración haxa xente con tan alta cualificación. Preocúpame polos dividendos que cobro cada ano. *(Risos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Pero no quero vender. O que quero é poder ir á xunta de accionistas a pedir o currículo dun novo conselleiro, iso é o que quero facer. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vale, ben. Eu agradezo a asesoría financeira, señor Tellado, sei que está vostede altamente cualificado para facer asesoría financeira. Agradézollo profundamente.

Pois a propia Comisión Nacional do Mercado e da Competencia díxolle ao Ministerio de Fomento, textualmente, que non enganara na súa páxina web, que dicía que había tramos que se ían abrir no ano 2016, e estamos no 2017 e calcúlase que se abrirán no 2018. Insisto, na páxina web do propio Ministerio. Se menten no que é público, ¿que non mentirán —politicamente, claro, señor presidente— no que é privado? Como dicía o título da película, *Vicios privados, públicas virtudes*, que todos sabemos que suele funcionar.

Pasamos ao proxecto Taboadela-Ourense, 17 quilómetros: en la nada. Os que somos de Ourense e sabemos como é aquilo vemos dúas alternativas. Unha é arranxar a vía actual. Arranxar a vía actual significa un tren de alta velocidade por unha pendente media do 2 %. De novo, saltamos os técnicos. Todos os técnicos din que o límite está no 1,5 %. Quen coñeza o túnel de San Francisco sabe que, efectivamente, está construído para que pasen dous trens, ou sexa, para que haxa dúas vías, no ano 1956 —creo recordar—. Pero hai un pequeno detalle, que eu estou seguro de que a atención da conselleira se despistou lixeiramente: que non está concibido para trens eléctricos. E entón imos ter un problema, como coas obras da PLISAN: que a catenaria vai ter que ser subterránea, porque non colle. *(Aplausos.)*

E exactamente o mesmo pasa co viaduto ferroviario do río Miño, que estaban feitas as probas de resistencia, efectivamente, para dúas vías de trens diésel, pero resulta que os trens eléctricos teñen catenaria. E aquí xa non ten que ser subterránea, senón que ten que pasar por debaixo do río Miño —imaxino— para que a ponte suxeite esa vía. Polo tanto, outro engano máis.

E a min o que me molesta non é que me enganen a min, porque non me enganan, a min non me enganan, eu supoño que non me enganan. Pero o presidente do Goberno galego, cando sae e fala do deslizamento de datas e fala de todas esas milongas, di algo absolutamente surrealista, di que o ministro vai vir cada tres meses a verificar. ¿E quen verifica o que verifica o ministro? *(Aplausos.)* Claro, ¿sabemos cales son os obxectivos marcados cada tres meses? ¿Sabemos cales son os obxectivos marcados cada tres meses? ¿Ou o que imos ter que aturar é, cada tres meses, unha rolda de prensa en Rajoy na que o señor Íñigo de la Serna diga que todo va de puta madre? Perdón, que todo vai estupendamente... *(Risos.)* —claro, é que é verdade, é que estou farto de posverdades—, que todo vai estupendamente pero que as obras en Campobecerros están paradas, que o túnel de San Francisco é o que é, e que o viaduto do río Miño é o que é. Entón, diso é do que estamos falando nesta iniciativa. E diso, efectivamente, é do que eu presento...

Bueno, logo hai outro enfoque que tamén é extremadamente interesante, porque a verdade é que os enfoques metodolóxicos do Partido Popular sempre aportan algún nivel de coñecemento. O alcalde de Ourense dixo que estaba satisfeito porque o ministro tiña presente a variante Taboadela-Ourense. Ese enfoque teolóxico xa me parece o colmo. Eu non quero que a teña presente, porque non é o Espírito Santo, eu quero que a faga, eu quero que a faga. E para facela hai que licitala e hai que facer o proxecto. E temos que saber algo de por onde vai. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Temos que saber algo de por onde vai.

E os galegos estamos fartos de posverdades, de cienciaficción e de milongas, porque o certo é que no ano 2019 non vai estar. E, se non, verémolo.

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Por certo, todos os expertos galegos, que algúns hai... Porque hai enxeñeiros fóra do Partido Popular, ¡eh!, hai enxeñeiros...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...fóra do Partido Popular. Hai un mundo de enxeñeiros, de economistas, de neurocirurxiáns fóra do Partido Popular. Sabemos que a maior parte da sabedoría occidental se deposita aí. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pero fóra de aí, tamén hai sabedoría.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Polo tanto, agradeceríalles algo moi sinxelo e é o que presento... *(Murmurios.)*

Se me deixan...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor!

Remate xa. Xa pasou de tempo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É o que presento nesta moción.

Nesta moción só pido que constrúan un relato verdadeiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Si, está visto que non lles gusta, señores do Partido Popular, que lles digan as verdades, que lles canten as verdades. Pero é así, a historia é así. *(Murmurios.)*

Ben, pois, claro, é unha historia interminábel esta do AVE, unha historia interminábel de incumprimentos, de adiamentos e de enganos, e agora, na terminoloxía Feijóo, «de deslizamento de datas», que é o invento terminolóxico que creou o presidente para falar deses enganos e deses adiamentos.

Pois ben, nesa historia, nesa longa historia de enganos e de adiamentos, houbo tamén os seus momentos estelares. Un deles foi o do Pacto do Obradoiro, porque a verdade é que aquí hai responsabilidades compartidas. Ese abrazo, tamén ese idilio político entre o señor Blanco e o señor Feijóo, que prometeron e acordaron nada máis e nada menos nese pacto que se ían adxudicar obras por valor de 4.700 millóns e que se ían rematar as obras no 2015. Despois, no 2010, xa eses 4.700 millóns se converteron en 6.000 millóns, cun sistema de financiamento público-privado para garantir precisamente a execución nese prazo. E o señor Feijóo dixo «amén», encantáballe esa proposta, ese proxecto. Pero ben, despois as cousas non foron, parece ser, como el prevía. Entón no ano 2011 o señor Feijóo anuncia solemne-

mente que o próximo goberno do Partido Popular ía blindar as obras do AVE para que se puidesen executar no prazo comprometido do 2015. Xa vemos cales son as blindaxes, os compromisos, do señor Feijóo e que resultado dan. Pois a realidade é que seguimos con incumprimentos. Ese prazo de 2015 quedou no papel con gobernos do Partido Popular, no 2011, no 2012, no 2013, no 2014, no 2015, gobernando en Madrid e gobernando en Galiza. E non lle boten a culpa, como están facendo, a ese suposto bloqueo político do 2016, porque en todos eses anos anteriores estivo gobernando o Partido Popular e houbo incumprimentos e atrasos, enganos e mentiras. A realidade é así. Non cumpriron o prazo do 2015 nin o do 2018. Polo tanto, a responsabilidade é clara. E vostedes, si, moita belixerancia nalgúns casos, pero noutros esa belixerancia convértese en docilidade, en submisión, para aceptar todo o que deciden en Madrid e botarlles a culpa sempre a outros.

Agora estamos nun novo anuncio de adiamentos, de atrasos, de incumprimentos, unha nova data, un ano de retraso, que xa veremos a onde chega. E, polo tanto, hai treitos nos que está gravemente comprometida a súa finalización, e xa non digamos o caso deses 17 quilómetros do acceso a Ourense, que nin sequera están licitados. Polo tanto, iso é responsabilidade única e exclusivamente, neste caso, dos gobernos do Partido Popular, dos que gobernan en Madrid e dos que aquí din que si, dos que din amén a todo o que se fai en Madrid.

Polo tanto, apoiamos, por suposto, esta iniciativa do Grupo Socialista. O que pasa é que tamén a queremos complementar cunha visión máis ampla. Porque aquí faise fincapé e, desde logo, comprendemos que se queira poñer o foco nesa conexión con Madrid, nesa visión máis mesetaria, concretamente nos problemas que ten esa liña no caso da provincia de Ourense e en Zamora —sobre todo, no caso do acceso a Ourense—. Pero nós queremos enriquecer esa visión tamén cunha proposta para completar a rede do eixo atlántico —con características do século XXI, por suposto—, tanto no que ten que ver coa conexión entre A Coruña e Ferrol como coa conexión de Vigo con Porto, cuns tempos de percorrido, desde logo, que sexan tamén do século XXI. Porque nós non nos conformamos con esa redución da duración da viaxe entre Vigo e Porto de tres horas a dúas horas e cuarto; que, xa me dirán, suprimiron 11 paradas e con iso non creo que esteamos conformes ninguén. Polo tanto, pedimos tamén esa conexión con Porto nuns tempos razoables e asumindo un compromiso para facer a saída sur de Vigo, que é a que vai garantir o cumprimento dese obxectivo.

E tamén —porque pensamos que é de xustiza e de recibo— incluímos un punto para que pidan desculpas. Porque teñen que pedir desculpas polos incumprimentos, polos atrasos, polos enganos e tamén polos deslizamentos nas datas. Polo tanto, agardamos que por parte do Grupo Socialista se atendan estas propostas e poidamos complementar así a súa proposta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Boa tarde, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Crónica dun retraso anunciado —quince anos, seis meses e uns días—. No 2001 —21 de xullo—, Fraga, Aznar, Cascos e Cuíña, en vésperas de eleccións, colocan a primeira pedra, a primeira pedra da liña A Coruña-Vigo, xermolo do AVE galego. No 2009, data solemne e mítica, data na que ían chegar as conexións con Madrid. Chega o ministro de Fomento, José Blanco, e asina con Feijóo, efectivamente o Pacto do Obradoiro. Melloran, en principio, as características técnicas previstas. O 10 de xaneiro dese mesmo 2009, nun mitin en Lugo, o señor Feijóo dixo: «A Xunta asumirá a execución do tramo de alta velocidade Vigo-Pontevedra-Ourense e o tramo Ourense-Lugo. Despois xa lle pasaremos a factura a Fomento, pero a Xunta fará o AVE entre Lugo e Ourense» —o auditorio Gustavo Freire desfaisa en aplausos—. «Esta infraestrutura é básica para Lugo provincia e ademais sóbranme ganas de facelo». Escéptica galega —este é un personaxe de ficción—: «¿Verdadeiro ou falso?» En abril de 2009 hai eleccións autonómicas, ¿non si? Moi ben. José Manuel Barreiro: «O AVE chegará a Lugo con fondos autonómicos». Escéptica galega: «Cinco anos despois, o proxecto esmorece nos orzamentos estatais e non aparece nos orzamentos do Goberno galego».

En 2010: compromiso soterrado cando as urnas lles deron maioría absoluta. Tamén en 2010 Ana Pastor di: «Eu mantereirese impulso das obras». En 2011, na fin do mandato Zapatero, lastrado pola primeira vaga de recortes: «Dinamítase a avinza Feijóo-Blanco de finalización das obras para o 2015. O PP inicia unha férrea marcaxe dos prazos». Núñez Feijóo di: «O PSOE conta contos da leiteira». Ana Pastor di: «O PSOE gasta máis no despacho e o no coche de Touriño que no AVE». Rueda di —2011, isto é moi interesante—: «Hoxe é día 21, a José Blanco quédanlle dez días para incluír a partida do AVE no BOE. As licitacións pendentes rematan este mesmo mes de marzo de 2011. Se os traballos se retoman fóra desa marxe, o Goberno de España regresará á senda do maltrato ao que o Goberno socialista vén sometendo a Galicia». Pepe Blanco di: «Non pasa nada, en lugar de contratar o 31 de marzo faise o 15 de abril».

Moi ben, 2012, mes e medio antes das eleccións galegas, o Adif autoriza a desconexión do ERTMS. No 2013 —provisionalidade—, co sistema de seguridade apagado, antes da primeira curva da entrada en Santiago, a de Angrois, pola que vimos todos os días quen vimos de Ourense, o tren descarrila, como todas sabemos. Morren 80 persoas. En 2015, o grao de execución das partidas non supera o 40 %; 2016, o grao de execución da partidas non supera o 16 %, segundo os datos oficiais da Intervención Xeral do Estado.

A 30 de decembro de 2016, hai só dous meses, un titular maravilloso de De la Serna, ministro: «¿600 millóns de euros para cuatro minutos? ¿Por cuatro minutos merece la pena hacer esta inversión? —preguntase—. O 20 de decembro cunde a alerta en Ourense de todos os grupos, hai alerta, e pregúntaselle ao ministro, temos que preguntarlle todas e todos os ourensáns, todas e todos os galegos e galegas, e esta pregunta deberían facerlla vostedes tamén ao seu ministro: ¿É vostede quen de equiparar a maior infraestrutura, a maior oportunidade de desenvolvemento urbano de Ourense á que terá que facer fronte o Concello —concello do PP, por certo— no vindeiro século co aforro de catro minutos? Parece un insulto, un insulto á intelixencia, un insulto á cidadanía.

Nós denunciámos este baile de datas que comeza, primeiro, no 2009, 2010, 2012, 2015, 2018, 2019, un ano de probas provisional...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: E a causa, di o señor Feijóo, é do goberno en funcións. Un goberno en funcións non pode legislar pero si pode executar as partidas consignadas. Había partidas consignadas. O 27 de xaneiro, hai once días, a Comisión di o que se dixo. Alerta e advirte: «A información sobre a rede ten que ser [...]»

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: O ministro reconece enormes dificultades e en Marea dicimos que o seu cometido non é vir cada tres meses, o seu cometido é que se executen os orzamentos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...que non se produza retraso, que se cumpran os prazos.

E entón nós apoiamos, por suposto, a proposta do Partido Socialista e cremos que deben ter en consideración a suxestión do Bloque.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Boas tardes de novo.

A verdade, señor Losada, é que o vin subir aquí un pouco exaltado. Deséxolle que se tranquilice, pero permítame que lle diga un par de cousas con outro ton. Porque o meu non é o que vostede utiliza cando sobe aquí.

Falaba do vacío cósmico do AVE. O vacío cósmico do AVE foi o que crearon os seus amigos Caballero e Touriño cando eran ministro e secretario de Estado, que o AVE acababa en Valladolid, ¡en Valladolid! (*Aplausos.*)

Pero mire unha cousa, señor Losada, xa que falamos de Vigo e dos seus amigos, se quere falar de imputacións, mire para Vigo, que ten catro alí imputados, ¡catro! Ou se quere, mellor, falamos dos ERE en Andalucía, que é a maior fraude da historia da democracia en España. Miren para a súa casa antes de vir aquí a dar leccións.

Segundo, fala de deslizamentos, de deslizamentos de datas. O señor Blanco é o rei dos deslizamentos, ou a outra ministra, aquela, Maleni, a do Plan Galicia de «m...». ¿Acórdase? ¿Acórdase? (*Aplausos.*) Así é como tratan os socialistas aos galegos, ¡así!

Di que están fartos de mentiras. Claro que estamos fartos de mentiras, de mentiras dos socialistas. Porque estamos todos bastante fartos.

Dicían a outro día: «O compromiso do ministro non é vir aquí». Pois hai que agradecerlle que queira dar conta cada tres meses de como están as obras. E non só diso, senón do compromiso de ter as obras rematadas o máis rápido posible, que foi o compromiso que acadou o outro día.

Como vostede di, atrásase tres trimestres, non un ano, porque evidentemente se poden executar as obras, señora da Marea, as obras adxudicadas, pero non se poden modificar contratos, asuntos contractuais, cando teñen problemas técnicos esas obras. Polo tanto, é evidente que, se había un bloqueo político en España, as obras ían notalo. En calquera caso, xa está trasladado o desbloqueo de catro deses cinco tramos, e esperamos que sigan así evolucionando.

Tamén o ministro confirmou os seus compromisos coa mellora ferroviaria de Lugo, tamén con Ferrol, e a seguir estudando e traballando neste tema. Tamén coa variante de Taboadela, coa variante de Cerdedo e, ¡como non!, coa intermodalidade das estacións.

É verdade, e compártoo con vostedes, que estamos cansos dos continuos retrasos. Os galegos estamos cansados deses retrasos, ¡como non!, son moitos anos e todos estamos cansos. Pero tamén temos que dicir que o AVE galego vai mellor que outros en construción. Aínda a semana pasada o señor Erkoreka dicía literalmente: «Oxalá o AVE vasco fora tan ben coma o galego». E dicía: «Pola preferencia persoal do señor Rajoy». Como ve, hai outros que miran para o AVE galego e como evoluciona. O mesmo dixeron a semana pasada uns alcaldes de León e Asturias, que oxalá o seu túnel fora cos mesmos compromisos e a mesma velocidade que o AVE galego. Como ve, todo é como se mire.

Pero entendo que teñan a mesma preocupación que nós por que se acabe canto antes esta obra. Mire, hoxe en día só temos —máis alá de cousas técnicas que poidan xurdir— unha incerteza, e é ter orzamentos do Estado aprobados para poder facer as obras. A ver se son tan comprometidos en Madrid cos orzamentos e votan a favor dos orzamentos. *(Aplausos.)* E poden estar seguros dunha cousa: os orzamentos terán as partidas necesarias para o AVE galego. Xa veremos se están os votos dos grupos da oposición desta Cámara.

Falando dos puntos, se nos pide o voto para unha data que é 2018, eu pediríalle que cambiase a data do punto 1 ao 2019, para que poidamos votar. Pide unha comisión anual. Cando acabamos de dicir que hai un compromiso de creala trimestral, é ir para atrás. Este punto segundo, evidentemente, non o imos apoiar. O terceiro punto di que activemos nós unha páxina web do Ministerio. ¡Home!, eu pediríalle que, polo menos, a cambiase por instar o Ministerio a que active a páxina web, para que o poidamos votar. E no cuarto fala de facer licitación conxunta de proxecto e obra duns tramos. Mire, eses proxectos xa están en redacción, parte deses proxectos que quere facer en proxecto e obra; polo tanto, atrasaríamos, xa están licitados, están adxudicados e están en redacción parte deses proxectos. E, ademais, ben sabe vostede que, máis alá da demagogia, a Lei de contratos actual pon moi difícil licitar proxecto e obra, e máis en infraestruturas. Polo tanto, cremos que é un canto á demagogia e á galería.

En calquera caso, esperamos que poida cambiar eses puntos para que poidamos mostrar a nosa firmeza na demanda deste AVE. E non sei se vai aceptar as emendas do Bloque, pero, evidentemente, que pida desculpas o presidente da Xunta consideramos que é un chiste.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Prado.

Polo grupo autor da moción, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Un par de cuestións metodolóxicas, señor voceiro do Partido Popular. A ministra do Goberno de España chamábase Magdalena Álvarez, non «Maleni», porque isto non é ningún bar de carretera. (*Aplausos.*) E, por certo, era inspectora de Facenda e ninguén lle pagaba os cumpreanos dos nenos e sabía os coches que tiña no seu garaxe. Esa era a ministra do Goberno de España. Dígoo por se teñen algún problema. (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Xa saben que estou absolutamente blindado, e, polo tanto —insisto—, a señora Magdalena Álvarez, que era ministra do Goberno de España e non se chamaba «Maleni», sabía qué coche tiña no garaxe e ninguén lle pagaba os cumpreanos dos seus fillos. Un detalle sen importancia, ¿verdade? (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, presidente.

En relación cos orzamentos, se non fixo falta para que o ministro De la Serna se comprometera tan solemnemente que os orzamentos estiveran aprobados, non fará falta. Se non fixo falta para a publicidade e propaganda nin para o *power point*, non fará falta agora. A ver se vai resultar que o deslizamento de datas vai ser culpa do Partido Socialista, que xa era o último que esperaba.

Eu volvo ás catro cuestións das que falei, das que, por certo, o voceiro do Partido Popular non me dixo nada: restricións orzamentarias, unha execución baixa, en torno ao 40 %, un cambio na redución dos proxectos para ralentizar as obras e, polo tanto, non estar obrigados a investir as cantidades que estaban orzadas, e unha teórica paralización coas empresas. Pero vostede sabe que en todo isto alguén engana. É verdade que o presidente Feijóo xa dixo que dende o ano 2010 o enganaban. A verdade é que, se o enganaban dende o ano 2010, ¡que pouca vergonza saír nas eleccións do ano 15, autonómicas, dicindo que no 2018 ía estar o AVE! Porque eu... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡A ver, por favor!, tranquilícense, de verdade, que teñen un problema de ansiedade, eu creo. (*Risos.*)

Miren, programa do Partido Popular —setembro do 2016—: «A alta velocidade e o AVE a Galicia, a súa chegada no ano 2018, é irrenunciable para o PPdeG». Aquí o señor Feijóo ¿aínda non estaba enganado ou xa estaba enganado? ¿Ou estaba enganando aos cidadáns? (*Murmurios.*)

Entón aquí a mala desta película era a señora Ana Pastor, porque entendo que ela xa sabería o que logo enganou ao presidente.

Miren, por favor, non se rían, non do Grupo Socialista ou dos grupos da oposición, non se rían dos cidadáns, non se rían dos cidadáns. Díciállelo a voceira de En Marea: cando saían aquí o señor Rueda, o ex voceiro de infraestruturas do Partido Popular, a señora Ana Pastor e o señor Núñez Feijóo dicindo que se gastaba máis nos despachos e nos coches de Touriño, que é unha mesquindade absoluta, porque os coches, como tamén saben vostedes, aínda que lles moleste, os comprara o ex ministro franquista Fraga Iribarne, un pequeno detalle sen importancia, (*Protestas.*) pero é certo, ¡jeu sei que lles molesta! (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Sobre a emenda, sobre a emenda...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Sobre as emendas, tamén...

O señor PRESIDENTE: Non, pero é que rematou o seu tempo, xa estamos fóra de tempo.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Eu sei que lles molesta, pero como foi así... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Fáleme da emenda. ¿Acepta a emenda do Bloque?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Antes da emenda, falo doutro engano. (*Murmurios.*) Antonte en *Cinco Días*: «Fomento pacta el desbloqueo de las obras del AVE»

O señor PRESIDENTE: Imos á emenda, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Ou sexa, estaban bloqueadas. ¿Que pasa? ¿A señora Pastor non llo contou ao señor De la Serna? En fin, non enganen a ninguén.

Imos aceptar o primeiro punto da emenda do Bloque Nacionalista Galego. Logo, o segundo, non; non é porque non o compartamos, senón porque queremos focalizalo fundamentalmente nese tramo Lubián-Taboadela e nese baleiro sideral Taboadela-Ourense, no que parece que só o voceiro do Partido Popular sabe exactamente por onde vai ir. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Votamos a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo galego de financiamento autonómico previsto para o ano 2017.

Hai unha transacción e pídesse unha votación por puntos, separando o primeiro punto do resto dos puntos, nos que está incluída a transacción á que chegaron.

Votamos, polo tanto, en primeiro lugar o punto primeiro.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo galego de financiamento autonómico previsto para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 58.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

(Murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Se non, non sabemos o que votamos, e é importante, é a función máis importante dun deputado, saber o que vota.

Votamos o resto dos puntos, no que inclúe a transacción á que chegaron co acordo.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, agás o punto 1, por iniciativa de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, sobre a posición que debe defender o Goberno galego en relación coa reforma do modelo galego de financiamento autonómico previsto para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 53; votos en contra, 19.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado da moción agás o punto 1.

Votación da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. David Rodríguez Estévez e D^a Paula Quinteiro Araújo, sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación co sector lácteo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao. Xa dixo que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario do Partido Socialista.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a prevención da violencia de xénero nas escolas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos, por último, a moción do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa do señor Abel Losada. Xa manifestou que aceptaba o primeiro punto da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Señor Losada, ¿acepta a votación por puntos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
(Murmurios.)

Non a acepta. Non hai acordo, polo tanto.

Votamos, entón, a moción coa aceptación do primeiro punto da emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, é que votamos como está, coa emenda do Bloque Nacionalista Galego aceptada no primeiro punto.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D Abel Fermín Losada Álvarez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que deben levar a cabo en relación coa execución da liña de alta velocidade ferroviaria en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

O señor PRESIDENTE: Agora pasamos ao punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre o impulso polo Goberno galego dun plan inicial de reversión do copagamento farmacéutico, así como o establecemento dun calendario de medidas para a súa eliminación de xeito progresivo para os doentes do Sergas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición presentáronse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Propónse a substitución da parte resolutiva polo seguinte texto:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

—Non aplicar en Galiza o Real Decreto-lei 16/2012.

—Que se dirixa ao Goberno español esixindo a derogación do Real Decreto Lei 16/2012 de 20 de abril, para garantir a sostibilidade do SNS e mellorar a calidade das súas prestacións.”)

(O G. P. de En Marea, a través da súa deputada, Eva Solla Fernández, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda nº 1 de substitución:

Substituirase no punto 1:

<<...para as e os xubilados con pensións menores de 800€/mes.>>

por

<<...para as rendas inferiores ao valor do salario mínimo interprofesional.>>

Emenda nº 2 de adición:

Engadirase un novo punto:

<<3.>>”)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Boas tardes, case noites. Imos intentar contribuír a facer un pouco de debate.

Traemos hoxe unha iniciativa sobre a cuestión do copago, un copago que preocupa a moitísima parte da sociedade galega. E que particularmente preocupa a unha serie de colectivos que atenden e se interesan polo ben da sanidade pública en Galicia, a colectivos sanitarios, partidos, sindicatos, colectivos de pacientes e ONG —algunhas delas representadas hoxe aquí na tribuna—. E fronte ao cal observamos un certo xogo un tanto irresponsable; por exemplo, coas declaracións da ministra Dolores de Montserrat, plantexando aumentalo, logo dando a volta, dicindo que si, logo que non. Por certo, a ministra Dolores de Montserrat, non «Maleni», nin «Loli», nin «Lola», a ministra Dolores de Montserrat. (*Aplausos.*) (*Prónúncianse palabras que nn se perciben.*)

Dolors de Montserrat, si, si, Dolors de Montserrat. Dolores dá moitos; polo que leva, dá unha cantidade de dolores. (*Murmurios.*) Dolors de Montserrat, moi catalana, Dolors de Montserrat, ademais, que está moi ben, está moi ben. Non lle digan nada porque sexa catalá, que non... Xa sei que vostedes non teñen así moito aquel..., pero... (*Cáelle da tribuna un obxecto ao señor Torrado Quintela.*) Fálolles dos cataláns e ata me caen a min os bolígrafos, ¡eh! Xa se poñen nerviosos vostedes. (*Murmurios.*)

Pois esta ministra, que non se chama Maleni, probablemente como cortina de fume para que non se fale dalgunhas outras cousas —ou se cadra por unha novatada—, fixo esta historia de ameazar cun copago, porque o copago ameaza. A orixe deste copago farmacéutico está no Real decreto 16/2012, que nós, coma outros partidos políticos e como moitísimas asociacións que teñen que ver coa sanidade, que defenden a sanidade pública, pedimos derrogar absolutamente —o Decreto 16/2012—. Porque é o que introduce a exclusión da sanidade de moitos colectivos e tamén inicia a instalación do copago.

Quería plantexar a nosa análise do copago, por que non, cal é a nosa proposta e como levala a cabo.

¿Por que non ao copago? Nós consideramos que o copago é un elemento inxusto, ineficaz e ineficiente. ¿Por que é inxusto? É inxusto porque estamos gravando un dereito. O tratamento é un dereito, igual que o é a asistencia sanitaria. Ninguén se plantexa —por agora, alomenos— que gravemos algún outro tratamento, como pode ser que nalgúns casos exista o repouso. E non lles quero dar ideas para que graven o repouso e que vostedes poidan descansar tres días, pero, se descansa o cuarto, ten que vir por aquí a pagar. Non lles quero dar ideas sobre isto. Pero é o exemplo de que o tratamento en si mesmo é parte da asistencia sanitaria. Se consideramos a asistencia sanitaria como unha necesidade gratuíta —gratuíta entre aspas, porque a pagamos en realidade—, se non pagamos directamente por unha asistencia sanitaria, non debemos pagar polo tratamento. Porque, se non, a asistencia está a medias. O tratamento como tal é ese dereito, e, polo tanto, nós asumimos que debe ser parte da garantía do sistema sanitario. Polo tanto, non debemos pagar unha extra por el, como si se está a facer.

A progresividade, a mal vendida progresividade que vostedes fan respecto do copago, é un engano, é unha falla do concepto; como din sobre os libros de texto dos colexios. Non se trata de que pague máis quen máis ten por un dereito. Os dereitos garántense absolutamente para toda a poboación. O que si pedimos é que quen máis teña pague máis impostos. Iso si, que non fagan amnistías fiscais e esas cousas. Pero o que si necesitamos é que os dereitos se garantan para toda a poboación, porque é o que nos iguala. Polo tanto, nós consideramos que é inxusto nese sentido.

E é ineficaz. Di o real decreto que é de mellora da calidade e da seguridade da prestación. E vostedes argumentaron constantemente que o sistema estaba volvéndose insustentable polos vellos, acumuladores de medicinas nas casas. Eu penso naquelas persoas que están acumulando botiquíns nas casas para ver se o venden no mercado negro, alí, metendo medicamentos.

Vaiamos aos datos, porque, se cadra, é moi importante que, en vez de utilizar argumentos falaces, vaiamos aos datos. O número de receitas no 2006 en Galicia: 54,5 millóns. Número

de receitas en 2012: case 61 millóns —60,8—. Número de receitas en 2016: 61,8. Dende a introdución desta medida, aumentou o número de receitas. ¿Será que estamos asistindo a unha serie de vellos acumuladores de pastillas na súa casa ou é que estamos prescribindo de máis? Porque non é culpa do paciente que lle prescriban de máis. Non o digo eu, dío o presidente da Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria, que di literalmente: «Quen fale de abuso do sistema está absolutamente fóra da realidade».

Se estamos prescribindo de máis, se o sistema permite prescrición de máis, a culpa non é do paciente. O que pasa —e isto é unha realidade, e xa lles adianto que non é culpa do PP— é que a poboación en Galicia se avellenta, a xente faise maior. E cando se fai maior —e nós temos moita poboación maior—, consome moitos medicamentos. Non é un problema de que acumulen máis. Agora ben, vostedes, que o saben, utilizan esa argumentación para dicir que hai moita xente moi mala acumulando medicamentos na súa casa e que hai que cobrarllos para que así non acumulen tanto. ¡Pobriños eles!

A cuestión está, polo tanto, en que estamos montando un imposto por ser vello, que son os que fundamentalmente pagan máis o copago. Vostede crece en idade, é maior, enferma máis, normalmente é crónico, está polimedicado e entón cobrámoslle un imposto. Porque non é máis que cobrarlle un imposto á xente por ter o problema de envellecer. A algúns envellecer vénlles ben, outros preferiamos quedar canto máis novos mellor. Pero estamos cobrando un imposto por ser vellos, un imposto pola enfermidade. Polo tanto, é absolutamente ineficaz. Se o obxectivo era que esas persoas acumuladoras de medicamentos cortaran de raíz, pois non o estamos cumprindo. Hoxe receiptase máis que cando se instaurou este decreto. Polo tanto, non estamos cumprindo e é ineficaz.

Ademais, é ineficiente, porque é absolutamente insensible. E sobre a calidade do tratamento e o efecto sobre o paciente, do que fala o decreto, o barómetro sanitario do Ministerio, do Ministerio de hoxe en día —que non é sospeitoso de ser filocomunista ou nacido das bases do proletariado, non vai diso—, di que un 5,25 % dos galegos —que traducido a datos absolutos son aproximadamente 140.000 persoas— deixaron de tomar algún medicamento por ser moi caro, ¡140.000 persoas en Galicia que deixaron de tomar algún medicamento por ser moi caro! É dicir, que a instauración do copago deixou a 140.000 persoas sen tomar o tratamento adecuado. E non o digo eu, dío o Ministerio de Sanidade —fonte no INE e no CIS, o barómetro sanitario—.

Galicia, ademais, ten as pensións máis baixas de España, cunha media por debaixo de 700 euros ao mes, aproximadamente, xunto con Estremadura. Ourense e Lugo son as dúas provincias con menores pensións de España, por debaixo dos 700 euros ao mes. As pensións nestes últimos anos, dende o decreto, subiron 15 euros de media. O que pagan os xubilados son 96 euros ao ano por estes medicamentos —os que pagan menos, que os hai que pagan máis—. Polo tanto, estamos implementando un imposto ás persoas por ser vellas e por estar enfermas para que sosteñan algo que dicíamos que era culpa deles pero que non o é, e co que estamos, basicamente, financiando de maneira extra o sistema sanitario. Collendo un pouquiño dun, un pouquiño doutro e un pouquiño doutro o que facemos é incrementar o noso gasto farmacéutico; pero moito del a custa dos usuarios. Que isto é como dicía Lola Flores cando entrou no cárcere: «*Si cada español me da una peseta, ya pago yo mi fianza*».

Bueno, pois isto é máis ou menos o mesmo, (*Aplausos.*) se todas as persoas maiores pagan este copago o que estamos facendo é tirar dos seus aforros —96 euros ao ano para alguén ao que en catro anos lle subiron a pensión 15—. E 96 euros ao ano, que para algún non é moito e para nós, os que somos privilexiados deste sistema agora mesmo, non é moito, si o é para moita xente; polo tanto, creo que é absolutamente ineficiente. Vostedes viven de costas á realidade. Quen elaborou este decreto era un contable sen alma, e é necesario pisar a realidade da xente que necesita eses cartos e que fai esas contas.

Polo tanto, nós traemos aquí unha proposta, que é derrogar o Decreto 16/2012. Si, pero suprimir o efecto do copago en Galicia. ¿Como? Pois nós propoñemos inicialo pola parte que é posible, porque é posible suprimir o copago para os xubilados que cobren menos de 800 euros ao mes. En España dous terzos das pensións están por debaixo dese límite —en Galicia, polo avellentamento da poboación, son algunhas máis—, e soportan moito peso da crise.

Xa sei que me van dicir que as pensións é cousa de España. Vostedes cando hai que botar a culpa fóra vólvense un partido un tanto nacionalista nese sentido. Sempre felicito o BNG por ter conseguido converter o PP nun partido nacionalista, porque cando hai que botar a culpa a outros son unicamente galegos. Pero si que plantexo, por exemplo —xa que nos gusta ir a outras comunidades—, que na comunidade valenciana hai unha medida semellante: aos xubilados por debaixo de 1.000 euros ao mes a comunidade autónoma lles evita ese pago. Ese custo son aproximadamente 47 millóns de euros ao ano, máis ou menos. O mesmo que aforraba Bárcenas en Suíza, por certo. Con Bárcenas regulado perfectamente e sen caixa B tiñamos solventado o problema do copago en Galicia por un ano.

Nós plantexamos que é posible. ¿De onde podemos tirar os aproximadamente 40 millóns que custa? Pois, xa que tivemos unha negociación para aumentar unha décima o déficit das comunidades autónomas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—vou terminando—, do 0,5 ao 0,6, o que vai supoñer que Galicia teña uns ingresos a maiores de en torno a 60 millóns de euros, 40 millóns —non todo— servirían para tapar ese espazo e estaríamos aliviando un dereito que faría que as persoas maiores non tiveran que gastar tantos cartos, que para eles son moitos. Polo tanto, nós facemos unha valoración do copago como inxusto, ineficaz e ineficiente, porque é insensible.

E nós traemos unha proposta razoada, razoable e calculada.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Polo tanto, nós plantexamos que de verdade abramos este debate e sexamos quen de saber se é mellor para a nosa poboación que poidamos cubrir esas necesidades doutra maneira e así non ter que facer á xente pagar o copago farmacéutico.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi boa noite.

Pois nun martes ás oito e media da tarde estamos neste Parlamento falando outra vez dos copagos sanitarios. E volvemos estar falando case cinco anos despois da aprobación por parte do Partido Popular do Real decreto lei 16/2012, que, efectivamente, baixo esa epígrafe de medidas urxentes para garantir a sustentabilidade do Sistema Nacional de Saúde e mellorar a calidade e a seguridade das súas prestacións, o que agachou foi un auténtico imposto á enfermidade. E case cinco anos despois da súa aprobación seguimos a falar deste infame decreto, porque, ademais, efectivamente, a ministra do ramo, a señora Montserrat, despois de botar un globo sonda a ver que pasaba co tema, pois agora o único que di é que non está na axenda modificar a taxa farmacéutica. É dicir, non está na axenda, que non significa que non teñan a intención, pero non para eliminar este decreto senón para ver a quen poden sangrar máis.

E o BNG defende un sistema sanitario público, universal, gratuíto e financiado a través dos orzamentos públicos; baseados estes orzamentos nun sistema no que aporte máis quen máis ten, progresivo, e que garanta a redistribución da riqueza. É dicir, non como a situación actual, onde o 1 % da poboación acumula bastante máis que practicamente o outro 99 %.

Desde o primeiro momento o BNG rexeitou este real decreto. E posicionámonos totalmente en contra porque cambiou radicalmente o modelo sanitario, acabou coa universalidade da atención da saúde e puxo barreiras para acceder á asistencia a unha parte moi importante da poboación, especialmente para aqueles que teñen máis problemas económicos. Porque o Partido Popular practica aquilo de que hai que ser moi débil cos poderosos e moi poderoso cos débiles. Practica moito o de poñer en marcha medidas que aperten e poñan en máis dificultades os de abaixo, cando logo, para os de arriba, ningunha medida ou medidas para favorecerlles a vida.

Desde logo, no BNG non aceptamos que se fundamente a asistencia sanitaria na cotización laboral. Isto significa a exclusión de moitas persoas, fundamentalmente inmigrantes en situación administrativa irregular, pero tamén mozos e mozas que nunca accederon ao traballo, parados de longa duración, inmigrantes, persoas que teñen que ir fóra e logo á volta se atopan con dificultades. Significou a fragmentación da carteira de servizos, introduciu copagos e significou a modificación da prestación farmacéutica para ampliar o copago e estendelo, entre outros, aos pensionistas.

Estas medidas de repago —porque pagamos cos nosos impostos, co cal significa volver pagar, non é que haxa que copagar senón volver pagar os medicamentos, produtos dietéticos...— sacaron da prestación farmacéutica arredor de 500 medicamentos dos que lles chaman «de pouco valor terapéutico» pero que son imprescindibles para moitas patoloxías, fundamentalmente de crónicos. En moitos deses medicamentos pasouse a pagar o cen por cento dos mesmos independentemente dos ingresos dos doentes.

Estes repagos son un auténtico imposto á enfermidade, xa que non paga máis quen máis ten, senón que pasa a pagar máis quen máis enfermo ou enferma estea. Isto é un gran logro do Partido Popular: que, en vez de pagar máis quen máis ten, resulta que pasa a pagar máis quen máis enfermo está. Si, señor Núñez Centeno, quen máis enfermo está, é un auténtico imposto á enfermidade. E logo podemos ir a aquilo de que vostedes consideran que hai persoas que están enfermas por encima das súas posibilidades. Co cal inventaron aquilo da disuasión económica, cando os datos están aí, que non se disuadiu senón que o que fixeron foi que moitas persoas pasaran de recoller eses fármacos, ese elemento disuasorio non funcionou. O que había que preguntarse é se, cinco anos despois desta aprobación, están facendo seguimento, se hai persoas que non collen os medicamentos, se hai maior adherencia... Todas esas cuestións que o Partido Popular, a pesar de pedirllas neste Parlamento, nunca presentaron.

Por iso no BNG presentamos unha emenda a esta iniciativa pedindo a derogación deste real decreto e que non se aplique en Galiza. Pedimos que o Goberno galego exerza de Goberno galego, que non se pregue sistematicamente ao que lle din desde Madrid e que o que faga é non aplicalo en Galiza e exixir a súa derogación. Porque consideramos que unha medida que foi aprobada de golpe, sen piedade, sen importarlle as consecuencias, sobre todo naquelas persoas máis vulnerables...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...ten que ser resolto de golpe. É dicir, derogando este decreto e poñéndose a implementar medidas no ámbito sanitario que protexan fundamentalmente os que menos teñen. E, dende logo, este decreto e a súa aprobación o que fixo foi totalmente o contrario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois un dos problemas sanitarios e económicos relevantes da maioría dos países é a dependencia da industria farmacéutica —sobre todo, da macroindustria—, o mantemento dos elevados custos das patentes e mesmo o control de cantos, como e que se subministra, en relación cos medicamentos necesarios. E estas circunstancias pesan relativamente de maneira bastante importante sobre a cantidade final dos orzamentos sanitarios públicos e poñen, polo tanto, en mans alleas parte do dereito á protección da saúde.

Por iso eran tan relevantes tamén as emendas que En Marea presentou nestes orzamentos que se aprobaron onte dedicadas á investigación dos laboratorios públicos. O Goberno central, en plena crise-estafa, efectivamente, decidiu desprazar parte dese gasto público que se fai no pago dos medicamentos a gasto privado, aprobando precisamente ese Real decreto 16/2012 cun copago nos medicamentos, e nun ataque directo á clase traballadora; non só á

clase traballadora en activo senón tamén aos xubilados e xubiladas que pertencen tamén a esa clase traballadora. Estableceu, ademais, con ese real decreto un *apartheid* sanitario para milleiros de seres humanos aos que se lles retirou a cobertura sanitaria. Regresamos ao franquismo, onde a asistencia sanitaria depende precisamente da cotización e do aseguramento, deixando só a atención urxente.

A pasada semana, unha vez máis, precisamente os grupos da oposición reunímonos coa Plataforma en Defensa da Sanidade Pública e cos colectivos que traballan coas persoas en situación de exclusión, denunciando esta situación, a permanencia desta situación —como dicía a señora Prado, xa van practicamente cinco anos—. E asumimos a proposta que nos trasladaban, que tiña dous puntos: primeiro, que non se aplicase en Galicia ese Real decreto 16/2012; e, segundo, que se solicitase a súa derogación ao Goberno central.

A proposta que fai hoxe o Partido Socialista é unha proposta parcial, é dicir, sobre a parte do real decreto que ten que ver cos medicamentos e sobre como non aplicar ese repago. Porque entendemos, loxicamente, que para non aplicalo habería que tomar algún tipo de medida, por exemplo, como os decretos ou as normas que se aprobaron xa noutras comunidades autónomas. Nós, en todo caso, se a proposta é comezar por un grupo de persoas para ir retirando ese repago, entendemos que o criterio non debería ser tanto se son pensionistas ou non, senón realmente que se comece polas persoas que teñen menos recursos, para ir avanzando a outras categorías, a outros rangos de recursos económicos; entendendo que non só as persoas xubiladas sofren desgraciadamente este repago senón tamén as traballadoras e os traballadores.

Non nos enganemos. Que unha comunidade autónoma palíe esta situación está ben, pero é certo tamén que é difícil chegar a todo o mundo. E sería un bo comezo comezar polas persoas que teñen máis dificultade. Porque o que fixo o Partido Popular é vendernos que excluía as persoas que tiñan menos recursos, pero realmente soamente están excluídas aquelas persoas que cobran unha renda de integración social ou aquelas que deixaron de percibir unha prestación de desemprego. Hai moitas outras persoas que non se encadran dentro destas marxes, segundo o propio informe da Defensora do Pobo do ano 2015, no que trasladaba que o groso das persoas afectadas —esas que pagan un 40 %— son tamén persoas en situación laboral precaria. E, polo tanto, se hai que escoller e empezar por algún sitio, debería ser obviamente polas persoas que teñen menos recursos. Porque temos medio millón de persoas pobres en Galicia e só 14.000 delas cobran a Risga, e só 40.000 teñen unha pensión non contributiva.

E, con todo, plantexamos o segundo punto, que é o que acordamos ademais todos os grupos coa propia Plataforma da Sanidade. Porque é certo que esta é unha medida necesaria, que xa aprobaron outras comunidades autónomas, para que non se aplique en Galicia ese Real decreto 16/2012. Pero a responsabilidade última é de quen xerou este problema, é dicir, do Goberno central; e, polo tanto, hai que exixirlle a derogación do Real decreto 16/2012 para rematar co *apartheid* sanitario, para rematar tamén con eses repagos. Pero tamén para rematar con algo importante que viña no Real decreto, e que é esa distribución, esa parcialización da fragmentación —ou como queiran chamarlle— da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, porque abre a porta a unha posterior privatización ou á introdución doutros repagos dependendo da prestación da que esteamos falando. Polo tanto, é imprescindible solicitar —remato xa— esa derogación do real decreto, porque nós com-

prendemos que a sanidade ten que financiarse vía impostos e non, dende logo, vía *apartheid* sanitario ou vía implantación de repagos farmacéuticos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, ou boa noite, señorías.

Para empezar, señor Torrado —non sei se estou un pouco empanado do tempo que levamos aquí—, pareceume que na súa intervención viña a dicir, ou que viña a pedir, que a medicación sexa gratis para toda a poboación. Porque, se realmente a medicación vai incluída no proceso de asistencia, non sei que motivo hai para discernir ou distinguir entre pensionistas ou non pensionistas.

Desde logo, non son os maiores os que máis copagan, son, ou somos, os xóvenes. Un xoven cunha enfermidade crónica copaga bastante máis que o maior. Eu espero que vostede presente unha iniciativa pedindo a gratuidade total dos medicamentos para todos os colectivos.

Antes de que me olvide, a emenda do BNG pide incumprir a lei. Eu supoño que o Grupo Socialista non votará un punto se o que se pide é o incumprimento dunha lei. Pero, bueno, todo o podemos ver.

Desde logo, a razón pola que o Goberno do Partido Popular tivo que aprobar este decreto lei foi clara, foi o calamitoso estado do noso Sistema Nacional de Saúde ao remate do ano 2011, que tiña 16.000 millóns de euros de débeda, que tiña 200.000 persoas sen dereito á asistencia, que tiña 1.000 millóns de euros que se gastaban en turismo sanitario e que incrementara o gasto de 38.000 millóns, do ano 2002, a 68.000 millóns, no ano 2011. Esa foi a razón da aprobación do decreto, a única maneira de preservar e manter o magnífico sistema sanitario e de saúde que temos en España, que realmente o Partido Socialista levaba á quebra.

Esas medidas acadaron un aforro en todos os campos, reducindo débedas, é dicir, pagando os pufos que nos deixaran. Ese decreto contemplaba un amplo abano de medidas, das que se destaca hoxe, na iniciativa, o copago farmacéutico dos pensionistas da Seguridade Social.

Con esas medidas ¿que se fixo? Pois foi posible reducir en máis dun 14 % o gasto en facturación de receitas en oficinas de farmacia, baixar o gasto medio da receita e aumentar exponencialmente o uso de medicamentos xenéricos, sen que as persoas perderan o acceso aos medicamentos necesarios para o seu tratamento. Ademais, reduciuse o amoreamento de medicamentos que se producían nos fogares. Eu vou dar cifras. Chegou a alcanzar os 45 millóns de envases, así como 3.700 toneladas por ano recicladas dos puntos SIGRE das farmacias. Esta acumulación custaba 1.200 millóns de euros. E xa non lle falo dos que se quei-

maban nas lareiras das aldeas. Eu son médico dun pueblo e teño constancia, teño coñecemento, deste tipo de cousas.

A vostedes, que son tan reivindicativos, eu nunca lles escoitei reclamar os dereitos dos funcionarios xubilados das distintas mutualidades, e fundamentalmente das viúvas, con pensións moi pequenas e que sempre pagaron o 30 %. O Partido Socialista gobernou España máis anos ca ningún outro partido e nunca fixo nada por este colectivo. Tampouco se preocuparon dos parados sen prestación ou dos perceptores da Risga, que co goberno progresista do señor Zapatero pagaban o 40 % dos medicamentos e que con este decreto deixaron de pagar. Repito, señorías, as persoas en desemprego sen subsidio e os seus beneficiarios, as persoas con discapacidade, os afectados pola síndrome tóxica, as persoas que reciben a renda de integración social, os perceptores de pensións non contributivas, todos estes colectivos, tiñan que pagar o 40 % dos medicamentos e co real decreto aprobado polo Partido Popular deixaron de pagalo.

Falouse aquí dos medicamentos excluídos do financiamento público. Eu teño aquí a resolución, que di: «*Motivos de la exclusión*» —e citaos—. «*Conforme con lo establecido en el artículo 85 de la Ley 29/2006, de 26 de julio, de garantías y uso racional de los medicamentos y productos sanitarios, la exclusión viene motivada por...*». É dicir, que o Partido Socialista no ano 2006 aprobou unha lei que despois, por suposto, non cumpría.

En España, desde logo, non hai copago asistencial, que si hai na maioría dos países de Europa, como Alemaña, Bélxica, Finlandia, Noruega ou Suecia. España, Dinamarca, Gran Bretaña, ou Reino Unido, teñen —ou temos— o copago farmacéutico máis pequeno. Toda Europa, Canadá, Australia ou Nova Zelandia pagan moito máis polos medicamentos do que se paga aquí. Desde logo, temos unha sanidade pública que é a envexa de todos os países do mundo. Somos o terceiro país en eficiencia sanitaria, nun estudo que fixo a Axencia Bloomberg.

O señor Torrado afirma, na súa exposición de motivos, que Galiza se sinalou como referente na aplicación de medidas regresivas a través da implantación do copago farmacéutico. Non sei por que o di, porque aquí en Galicia, por exemplo, desde o primeiro minuto os pensionistas pagaron a parte de copago e non tiñan que adiantar os cartos, como pasaba noutras comunidades autónomas. E desde Galicia exportouse ao resto das comunidades autónomas o catálogo de medicamentos —o «cataloguiño», que lle chamaba o Partido Socialista—, que representou un importantísimo aforro para as arcas públicas con base na utilización de xenéricos e prezos de referencia. Que, desde logo, foi recorrido polo Goberno de Zapatero, cunha ledicia importantísima por parte das grandes multinacionais farmacéuticas, que aplaudían coas orellas.

Tamén o Goberno popular de Galicia vén de aprobar medidas para, a través dos servizos sociais dos concellos, axudar as familias que o precisen no pago de medicamentos. Ademais, en relación co decreto, tamén se fixo o Programa galego de protección social da saúde pública, sendo a primeira comunidade, en setembro de 2012, en desenvolver un programa para a asistencia sanitaria de poboación inmigrante que non tivera regularizada a súa situación.

En cifras, señorías, a media da achega dos pensionistas en Galicia está por debaixo dos 4 euros cada mes. Só o 25 % dos pensionistas alcanzan o tope mensual de 8,23 euros. A porcentaxe da achega destas persoas sobre o total do seu gasto non chega ao 5,75 %. Faise difícil crer que esta achega...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor NÚÑEZ CENTENO: ...represente realmente unha barreira de acceso á prestación farmacéutica. Por todo iso, non imos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Ten a palabra, polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, presidente.

¡Como non!, Bipartito e ZP. Era unha pastilla evidente, esta.

Os maiores son os que menos teñen e os xubilados son os que máis enferman, por iso son os que máis hai que atender. Non é un capricho de ninguén, senón unha evidencia. De feito, vostede e mais eu, señor Núñez Centeno, coñecemos que a inmensa maior parte do copago dáse nas persoas maiores. Vostede, ademais, é médico de familia e sábeo perfectamente. Así que creo que é un dato que entendo que comparte. E, se non, están os datos oficiais do Ministerio, que insisto en que están aí.

A sanidade estaba moi mal en 2011. Lémbrolle que a maior parte da asistencia sanitaria é autonómica. Pero estaba moi mal por culpa de Zapatero, ¡fatal! Se estaba moi mal en 2011, vostedes levaban aquí gobernando xa un par de anos. Dígoo por calquera dúbida.

Pregunto: ¿pero hai máis receitas agora ou había antes? Claro, porque vostede fixo aquí unha disertación. ¿Hai máis receitas agora ou había antes? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Que ten que ver? Pois ten que ver co seguinte: se hai máis receitas —como di o Ministerio— quere dicir que o copago non é eficiente na redución de medicamentos, que é o que se promove para dicir que hai que reducir o consumo de medicamentos porque hai xente que os acolle na casa e aí quedan. (*Aplausos.*) É así de fácil. O dato é sinxelo.

Segunda pregunta: ¿aforrouse ou non se aforrou? —porque é fácil, e imos poñernos de acordo—. ¿Aforrouse ou non se aforrou grazas a este decreto? Aforrouse. Claro, se se está aforrando agora, estamos recoñecendo que o aforro é a custa dos que pagan. Entón é verdade, poñémoslle un imposto ao enfermo para que pague e non teña que pagar a sanidade pública, que é o sistema. (*Aplausos.*) ¡Se é moi fácil! ¿Aforrouse? Si. Pois entón é que é certo: os enfermos están pagando o diñeiro que está aforrando a Administración. E nós cremos que a Administración debe pagar algunha parte do sistema do benestar, neste caso unha totalidade dos seus medicamentos. ¿Por que? Porque se nós cremos niso, o que non podemos

é dicir: Non, isto non fixo ningún efecto. Aforrouse porque agora esta parte págana eles, pero non é ningún efecto. Si, si, é un efecto: aforramos dende o sistema público, dende a Administración, e págano os que menos teñen.

Pero iso non é o que compartimos nós. Nós cremos que a xente que ten dereito a ese tratamento non pode estar suplindo o aforro da Consellería de Sanidade. Neste caso, non. Podemos debater outros casos, pero neste caso, non. ¿Por que? Porque se o aforrou, é unha evidencia. Eu só lle preguntei. Vostede deume unha resposta, e agora eu doulle unha conclusión que é bastante lóxica. Xa sei que é culpa de ZP, non se preocupe.

Gustoume o exemplo do estranxeiro. Pero se vostede di que temos unha gran sanidade, que a temos —non, non, non me vai meter vostede na trampa de dicir que non temos unha sanidade, temos unha grandísima sanidade, pero enorme, fantástica—, entón ¿por que queren parecerse aos demais? ¿Por que me pon de exemplo os outros países europeos? ¿É que queren parecerse aos países europeos onde está funcionando peor? Di que teñen o copago pero nós temos unha gran sanidade. Pois entón non copiemos as cousas que están mal.

Claro, teñen o copago en Alemaña. ¿Saben o que inclúen en Alemaña no copago? Medicina preventiva como tratamentos antiestrés en balnearios. Copagan por iso. Pois a min paréceme ben, salvo nos casos nos que sexa estritamente necesario. E en Italia o médico decide se a urxencia non é especialmente urxente, porque están saturados os servizos, e hai que pagar 25 euros se a urxencia non era certa. Claro, son cousas que hai que repensar.

Por certo, en Portugal —que tamén se copaga— hai un millón e medio de portugueses que non teñen médico de familia. E é que, se temos unha boa sanidade, ¿para que copiar as cousas que non están ben?

E, por certo, a sanidade construíuse neste país grazas a un ministro —tamén catalán, Ernest Lluch— que tiña un concepto de sanidade distinto ao da señora Dolors Montserrat —queda o xogo entre cataláns—. Por certo, a renda per cápita era bastante menor que agora...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, e posiciónese sobre as emendas.

O señor TORRADO QUINTELA: Vou acabando.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, remate, xa está fóra do tempo.

O señor TORRADO QUINTELA: Si, si, remato xa.

Claro que agora se dan máis servizos, pero claro que no momento naceu con moita menos renda per cápita.

En canto ás aportacións das emendas á derogación do decreto, é evidente que nós apoiamos e compartimos as emendas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aproveitando que temos que votar mañá, podemos falar de axustar a cuestión da emenda que propón En Marea sobre cambiar o punto de regulación, porque é certo que o SMI é menor que o límite que nós

poñemos dos pensionistas, pero podemos axustalo. Creo que o que axustaremos ben, porque compartimos a mesma liña de traballo.

Polo tanto, ineficaz e ineficiente. E non o digo eu, dino os seus propios datos. O que pasa é que non se pode deixar un dato...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado, moitas grazas pola súa intervención.

(Aplausos.)

Rematada esta proposición non de lei, suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e corenta e cinco minutos da noite.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25